

CONCELLO DE PONTECESO



PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL




TOMO VIII

INFORME DE PARTICIPACIÓN PÚBLICA - RESPONSA ÁS ALEGACIÓNS RECIBIDAS DURANTE O PERIODO DE CONSULTAS E PARTICIPACIÓN PÚBLICA




DOCUMENTO DE APROBACIÓN PROVISIONAL

XANEIRO 2.015



**INFORME DE PARTICIPACIÓN PÚBLICA
RESPOSTA ÁS ALEGACIÓNS RECIBIDAS DURANTE O PERIODO DE
CONSULTAS E PARTICIPACIÓN PÚBLICA**



ÍNDICE:

1. INTRODUCCIÓN	2
1.1. TRAMITACIÓN DO PXOM.....	2
2. ALEGACIÓNS RECIBIDAS	3
2.1. ANÁLISE PREVIA DAS ALEGACIÓNS RECIBIDAS.....	3
2.2. CONTESTACIÓN ÁS ALEGACIÓNS RECIBIDAS.....	5



1. INTRODUCCIÓN

1.1. TRAMITACIÓN DO PXOM

A tramitación do PXOM seguiu os seguintes pasos:

O proceso de elaboración do Plan Xeral de Ponteceso iniciouse no ano 2009, ao abeiro dos procedementos marcados pola Lei 9/2002. Sen embargo, a Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002 deixou sen efecto os trámites efectuados ata o momento de aprobación da devandita lei, por non teren superado a Aprobación Inicial, tal e como se indica na disposición transitoria primeira da Lei 2/2010.

Con data de Decembro de 2010, remítese á Consellería de Medio Ambiente o Documento de Inicio do Plan Xeral de Ponteceso, expoñéndose online ao público durante o prazo regulamentario.

Rematados os traballos de elaboración do Plan Xeral, redáctase un documento no que o contido e documentación é o previsto na sección 3ª do Título II da Lei 9/2002, e que previamente á súa aprobación inicial deberá ser sometido ao informe do Conselleiro competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio, así como daquelas administracións sectoriais cuxo informe se considera preceptivo e vinculante.


En xuño de 2012 foi aprobado en pleno o documento de Aprobación Inicial, dando paso ao regulamentario prazo de exposición ao público.

Durante estas fases de tramitación do PXOM, recibíronse unha serie de alegacións, as cales se analizan a continuación.

2.1. ANÁLISE PREVIA DAS ALEGACIÓNS RECIBIDAS

Trala aprobación inicial do PXOM, abriuse o período de exposición pública, durante a cal se recibiron un total de 616 alegacións.


Do total das alegacións recibidas, preto da metade solicitaban a inclusión en solo de núcleo rural.




3

2. ALEGACIÓNS RECIBIDAS


Das alegacións relacionadas coa solicitude de inclusión en núcleo rural, aproximadamente a metade puideron ser aceptadas, e incorporadas á ordenación do PXOM.




Do total das alegacións, aproximadamente un terzo puideron ser aceptadas, a maiores das cales case unha quinta parte foi tamén parcialmente aceptada.




2. ALEGACIÓNS RECIBIDAS



A distribución por parroquias do número de alegacións presentadas evidencia a relación existente entre as solicitudes, o número de habitantes, e a existencia ou non de tecido urbano.






2.2. CONTESTACIÓN ÁS ALEGACIÓNS RECIBIDAS



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000002607
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIONES AO PXOM-2012 PARA AMPLIAR A ZONA URBANA AO NÚCLEO DE CONLAZOS POR SER A ÚLTIMA CONSTRUCCIÓN E ESTAR A 200 M. DO CAMPO DO CAIRO E A 100 M. DA NOVA AMPLIACIÓN URBANA.
CONTESTACIÓN	<p>A parcela en cuestión, segundo a licenza de obras que se achega, contén unha pequena edificación destinada a gardar animais domésticos.</p> <p>Independentemente deste uso que no seu día foi autorizado, e que ten maior relación coa natureza rústica do solo que coa súa clasificación de urbano ou de núcleo rural, a parcela obxecto da alegación atópase illada, desligada das tramas de núcleos rurais máis próximas.</p> <p>O feito de que se atope a unha distancia superior a 50m das edificacións tradicionais que conteñen os núcleos máis próximos (O Cairo, As Regadiñas e Candelago) incumpre o disposto na Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, no seu artigo 13, punto 3.a), que textualmente di:</p> <p>Artigo 13º</p> <p>3.a) Núcleo rural histórico-tradicional, caracterizado como tal en función das súas características morfolóxicas, da tipoloxía tradicional das edificacións, da vinculación coa explotación racional dos recursos naturais ou de circunstancias doutra índole que manifesten a imbricación tradicional do núcleo co medio físico no que se sitúa.</p> <p>A súa delimitación realizarase en atención á proximidade das edificacións, aos lazos de relación e coherencia entre lugares dun mesmo asentamento con topónimo diferenciado e á morfoloxía e ás tipoloxías propias dos devanditos asentamentos e da área xeográfica na que se atopan (casal, lugar, aldea, rueiro ou outro), de modo que o ámbito delimitado presente unha consolidación pola edificación de, polo menos, o 50%, de acordo coa ordenación proposta e trazando unha liña perimetral que encerre as edificacións tradicionais do asentamento seguindo o parcelario e as pegadas físicas existentes (camiños, ríos, regatos, cómaros e outros) e, como máximo, a 50 metros das devanditas edificacións tradicionais.</p> <p>Así pois resulta imposible incorporala a ditos núcleos, non podendo atender á solicitude.</p>
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000002659
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIONES, CON CINCO MÁIS, AO PXOM-2012, PARA AMPLIAR A LIÑA DE EDIFICACIONES NAS CANAVEIRAS.
CONTESTACIÓN	<p>Acéptase a alegación, ampliando a delimitación de núcleo rural común ate recoller as parcelas sinaladas graficamente na alegación. Dita modificación realízase logo de comprobar que se cumpren as condicións legalmente esixidas para a delimitación de núcleos rurais na lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, así como os criterios de ordenación expostos na memoria do PXOM aprobado inicialmente en 2.012.</p> <p>A ampliación do núcleo sobre a estrada autonómica apóiase na existencia dunha vía de servizo existente, que recolle tódolos accesos a edificacións desta franxa de viario.</p> <p>A solicitude foi aceptada.</p>
NOTAS	Alegación aceptada
Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000002709
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIONES AO PXOM-2012 PARA A APLICACIÓN DA ORDENANZA DE VIVENDA PLURIFAMILIAR EN B+3, EN LUGAR DA SU4 ASIGNADA DE VIVENDA UNIFAMILIAR
CONTESTACIÓN	<p>Conforme aos criterios de ordenación e condicións de edificabilidade desenvolvidos polo equipo redactor do PXOM, considérase que a zona suxerida polo alegante non reúne as condicións que lle permitan desenrolarse como edificio de vivenda plurifamiliar de catro alturas (B+3), tal e como solicita.</p> <p>O entorno edificado responde a tipoloxías de vivenda unifamiliar de xeito case unánime, por isto preténdense ordenar os espazos baleiros de xeito integrador, na procura dun entorno equilibrado e de calidade.</p> <p>Por esta razón non é posible aceptar a alegación.</p>
NOTAS	Alegación denegada




Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000002711
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012 RELATIVO ÁS PARCELAS NUM. 744 E 745 DO POLÍGONO199 EN CORME PORTO.
CONTESTACIÓN	<p>Infórmase de que a ordenanza SNRC foi modificada no correspondente á esixencia de parcela mínima edificable, indicando que esta condición será empregada só efectos de novas parcelacións, é dicir, que as parcelas existentes con anterioridade á aprobación do PXOM serán admitidas como edificables, pese a contar cunha superficie menor, sempre e cando se cumpra o mínimo esixida na lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (300m2).</p> <p>Por isto, considérase atendida a solicitude, xa que esta corrección da ordenanza evita o fora de ordenación da parcela en cuestión, sen necesidade de agrupar outras parcelas anexas nin ampliar a delimitación do núcleo.</p>
NOTAS	Alegación aceptada parcialmente

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000002712
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012 RELATIVO Á PARCELAS NUM. 741 DO POLÍGONO199 EN CORME PORTO
CONTESTACIÓN	<p>Infórmase de que a ordenanza SNRC foi modificada no correspondente á esixencia de parcela mínima edificable, indicando que esta condición será empregada só efectos de novas parcelacións, é dicir, que as parcelas existentes con anterioridade á aprobación do PXOM serán admitidas como edificables, pese a contar cunha superficie menor, sempre e cando se cumpra o mínimo esixida na lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (300m2).</p> <p>Por isto, considérase atendida a solicitude, xa que esta corrección da ordenanza evita o fora de ordenación da parcela en cuestión, sen necesidade de agrupar outras parcelas anexas nin ampliar a delimitación do núcleo.</p>
NOTAS	Alegación aceptada parcialmente

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000002713
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, CORRESPONDENTE Á PARCELA NÚM. 720 DO POLÍGONO 199
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación, incluíndo a totalidade da parcela, entendendo que foi excluída erroneamente.
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000002733
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012 DE DÚAS FINCAS SITUADAS EN NEMEÑO
CONTESTACIÓN	<p>A alegante fai referencia a dúas parcelas que se atopan colindantes co núcleo rural de O Castro, mais que foron clasificadas como solo rústico de especial protección agropecuaria no Plan aprobado inicialmente en 2.012.</p> <p>Tras revisar a ordenación proposta, decidiuse ampliar a delimitación do núcleo rural, incorporando as parcelas obxecto de alegación, en tanto que se cumpren as condicións legalmente establecidas ao caso na lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e que dita ampliación non fai mais que recoñecer unha estrutura nuclear xa existente, e por tanto é coherente co modelo de asentamento.</p> <p>Non é posible sen embargo incorporar a totalidade das parcelas, pois a súa xeometría posúe un fondo excesivo, non acorde coa morfoloxía do asentamento existente.</p> <p>Sen embargo, a solicitude que ten que ver coa consideración de ambas fincas como unha única propiedade non compete ao Plan Xeral, senón que corresponde coa Dirección General de Catastro.</p> <p>Considérase así pois que a alegación foi aceptada parcialmente.</p>
NOTAS	Alegación aceptada parcialmente



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000002757
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012 DAPARCELA DENOMINADA A CHABOLA COAREFª CATASTRAL NÚM.:15069A025006470000PE
CONTESTACIÓN	Logo de revisar a información gráfica dispoñible decidiuse eliminar a traza do rego en cuestión, tras comprobar que non aparece recollido en ningunha cartografía oficial. No referente ao tipo de solo rústico, non se introducen cambios na ordenación, entendendo que é acorde aos usos e natureza do terreo obxecto de alegación. Considérase pois que a alegación foi aceptada parcialmente.
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000002758
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIONES AO PXOM-2012 DASPARCELAS NUM. 29, 31 E 73 DO POLÍGONO96 SITUADAS EN NIÑÓNS.
CONTESTACIÓN	A alegación presentada estruturase en dous puntos: 1-Solicitud de cambio da clasificación de tres parcelas de solo rústico a solo de núcleo rural común como expansión do solo de núcleo rural histórico de Niñóns. 2-Adaptación das servidumes e solo rústico da estrada DP-6801 ao novo trazado da mesma. Con respecto ao primeiro punto, segundo a definición de Núcleo Rural de tipo Común contida na Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, (artigo 13), non se pode entender este como área de expansión dun núcleo histórico, senón que deberá contar con características propias como núcleo rural, e nunca se poderá delimitar sobre terreo baleiro senón recollendo as edificacións existentes que conformen dito núcleo e aquelas parcelas non edificadas que formen parte do seu tecido. Porén, este punto da alegación non pode ser aceptada literalmente. Sen embargo, atendendo á morfoloxía do núcleo histórico de Niñóns, decidiuse ampliar esta delimitación recollendo unha das parcelas obxecto da alegación, resultando porén edificable e regulada pola ordenanza NRH1. Só se incorpora unha das parcelas solicitadas sendo a única que cumpre coas condicións dispostas na Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, artigo 13, punto 3.a)., que textualmente di: Artigo 13º 3.a) Núcleo rural histórico-tradicional, caracterizado como tal en función das súas características morfolóxicas, da tipoloxía tradicional das edificacións, da vinculación coa explotación racional dos recursos naturais ou de circunstancias doutra índole que manifesten a imbricación tradicional do núcleo co medio físico no que se sitúa. A súa delimitación realizarase en atención á proximidade das edificacións, aos lazos de relación e coherencia entre lugares dun mesmo asentamento con topónimo diferenciado e á morfoloxía e ás tipoloxías propias dos devanditos asentamentos e da área xeográfica na que se atopan (casal, lugar, aldea, rueiro ou outro), de modo que o ámbito delimitado presente unha consolidación pola edificación de, polo menos, o 50%, de acordo coa ordenación proposta e trazando unha liña perimetral que encerre as edificacións tradicionais do asentamento seguindo o parcelario e as pegadas físicas existentes (camiños, ríos, regatos, cómaros e outros) e, como máximo, a 50 metros das devanditas edificacións tradicionais. No que respecta ao punto dous da alegación, os tramos rectificadas das estradas seguen a estar afectados polas servidumes e afeccións que dicta a lei de estradas mentres non sexan desafectados polo organismo titular da estrada. Porén, non é competencia do PXOM a corrección de ditas servidumes adaptándoas ao novo trazado,



do imposible a aceptación deste punto da alegación.

Considérase pois aceptada parcialmente a alegación, ao incluír unha das parcelas solicitadas na delimitación de solo de núcleo rural.

NOTAS Alegación aceptada parcialmente.


Nº REXISTRO DE ENTRADA **20120000002821**

CONTIDO DA ALEGACIÓN PRESENTA ALEGACIONES AO PXOM-2012 POLA SÚA FINCA SITUADA EN BRANTUAS DEARRIBA, NÚM. 28 B BAJ.

CONTESTACIÓN Os terreos obxecto de alegación atópanse situados a una distancia superior a 50 metros medidos dende as edificacións de orixe tradicional o antiga. Por este motivo non foron incluídos dentro da delimitación de núcleo rural, establecida na Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección del medio rural de Galicia, que ao respecto di no seu artigo 13, punto 3.a), que textualmente di: Artigo 13º
3.a) Núcleo rural histórico-tradicional, caracterizado como tal en función das súas características morfolóxicas, da tipoloxía tradicional das edificacións, da vinculación coa explotación racional dos recursos naturais ou de circunstancias doutra índole que manifesten a imbricación tradicional do núcleo co medio físico no que se sitúa.
A súa delimitación realizarase en atención á proximidade das edificacións, aos lazos de relación e coherencia entre lugares dun mesmo asentamento con topónimo diferenciado e á morfoloxía e ás tipoloxías propias dos devanditos asentamentos e da área xeográfica na que se atopan (casal, lugar, aldea, rueiro ou outro), de modo que o ámbito delimitado presente unha consolidación pola edificación de, polo menos, o 50%, de acordo coa ordenación proposta e trazando unha liña perimetral que encerre as edificacións tradicionais do asentamento seguindo o parcelario e as pegadas físicas existentes (camiños, ríos, regatos, cómaros e outros) e, como máximo, a 50 metros das devanditas edificacións tradicionais.

Non existe, polo tanto, argumento legal que xustifique o cambio de clasificación, e non foi posible aceptar a alegación.

NOTAS Alegación denegada



Nº REXISTRO DE ENTRADA **20120000002823**

CONTIDO DA ALEGACIÓN PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012 DAPARCELA REFª CATASTRAL NÚM.15069A199007190000LP

CONTESTACIÓN A alegante fai referencia a unha parcela que no PXOM aprobado en 2.012 foi clasificada como SNRC.
Solicita que se cambie esta clasificación a SNRH, entendendo que as condicións que esta ordenanza esixe son máis favorables que as da ordenanza asignada.
O cambio de clasificación de solo de núcleo rural de tipo común a solo de núcleo rural de tipo histórico ou tradicional, non debe obedecer a parámetros de edificabilidade ou de ocupación, senón que a súa identificación segue as condicións legalmente establecidas ao caso, na lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, artigo 13.
Por este motivo a solicitude inicial da alegante non pode ser aceptada, e mantense a clasificación como SNRC para a parcela obxecto de alegación. Sen embargo, infórmase de que as condicións esixidas nesta ordenanza foron corrixidas, do seguinte modo:
-A parcela mínima só se aplicará a efectos de novas parcelacións, entendendo que as parcelas existentes con anterioridade á aprobación do PXOM en trámite serán edificables aínda que contén cunha superficie menor (en tanto superen os 300m2 de superficie mínima establecida na lei 9/2002).
-A porcentaxe de ocupación en planta auméntase lixeiramente, aínda que incluíndo unha superficie mínima que poderá ser ocupada en calquera parcela baixo a ordenanza SNRC existente con anterioridade á aprobación do PXOM actualmente en trámite. Dita superficie considerada suficiente para tipoloxías residenciais similares ás existentes no entorno.
-O índice de edificabilidade mantense sen modificacións, mais garantindo un mínimo de superficie edificable ao que poderán chegar as parcelas existentes con anterioridade á aprobación do PXOM en trámite. Dita superficie mínima corresponde á dunha vivenda de características similares ás do entorno.
-Con respecto aos recuamentos mínimos a lindeiros, estes foron corrixidos, diminuíndose ata 3m.


Dado que estes puntos resultaban os máis conflictivos para a parcela en cuestión segundo o exposto pola alegante, considérase que a alegación foi aceptada parcialmente.

NOTAS Alegación parcialmente aceptada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000002824
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012 DA PARCELA REFª CATASTRAL NÚM. 15069A199007190000LP
CONTESTACIÓN	<p>O alegante fai referencia a unha parcela que no PXOM aprobado en 2.012 foi clasificada como SNRC.</p> <p>Solicita que se cambie esta clasificación a SNRH, entendendo que as condicións que esta ordenanza esixe son máis favorables que as da ordenanza asignada.</p> <p>O cambio de clasificación de solo de núcleo rural de tipo común a solo de núcleo rural de tipo histórico ou tradicional, non debe obedecer a parámetros de edificabilidade ou de ocupación, senón que a súa identificación segue as condicións legalmente establecidas ao caso, na lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, artigo 13.</p> <p>Por este motivo a solicitude inicial do alegante non pode ser aceptada, e mantense a clasificación como SNRC para a parcela obxecto de alegación. Sen embargo, infórmase de que as condicións esixidas nesta ordenanza foron corrixidas, do seguinte modo:</p> <ul style="list-style-type: none"> -A parcela mínima só se aplicará a efectos de novas parcelacións, entendendo que as parcelas existentes con anterioridade á aprobación do PXOM en trámite serán edificables aínda que contengan unha superficie menor (en tanto superen os 300m2 de superficie mínima establecida na lei 9/2002). -A porcentaxe de ocupación en planta auméntase lixeiramente, aínda que incluíndo unha superficie mínima que poderá ser ocupada en calquera parcela baixo a ordenanza SNRC existente con anterioridade á aprobación do PXOM actualmente en trámite. Dita superficie considerada suficiente para tipoloxías residenciais similares ás existentes no entorno. -O índice de edificabilidade mantense sen modificacións, mais garantindo un mínimo de superficie edificable ao que poderán chegar as parcelas existentes con anterioridade á aprobación do PXOM en trámite. Dita superficie mínima corresponde á dunha vivenda de características similares ás do entorno. -Con respecto aos recuamentos mínimos a lindeiros, estes foron corrixidos, diminuíndose ata 3m. <p>Dado que estes puntos resultaban os máis conflictivos segundo o exposto polo alegante, para a parcela en cuestión, considérase que a alegación foi aceptada parcialmente.</p>
NOTAS	Alegación aceptada parcialmente

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000002825
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012 DUNHA PARCELA SITUADA EN CORME COA REFª. CATASTRAL NUM.:15069A100003700000LH
CONTESTACIÓN	<p>Os terreos en cuestión foron clasificados como solo rústico no Plan aprobado en 2.002, atendendo ás súas características naturais, salvo unha pequena porción de terreo sen acceso viario, de aproximadamente . A inclusión en solo urbano desa pequena superficie podería atribuírse a un erro cartográfico, pois resultaría inedificable mesmo no Plan aprobado en 2.002.</p> <p>Na revisión do PXOM que se está a levar a cabo tampouco se prevé expansión do núcleo na dirección na que se atopa a parcela en cuestión, entendendo que se trata de solos de forte pendente, alta exposición visual, e natureza rústica que non o diferencian dos do seu entorno.</p> <p>Por esta razón non foron considerados como edificables, senón como solo rústico, atendendo a os seus valores naturais.</p>
NOTAS	Alegación denegada
Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000002843
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012 DA PARCELA NUM. 739 DO POLÍGONO 199 DENOMINADA O AGRÍÑO DA PAXARIÑA DE CORME PORTO.
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación incorporando a corrección sobre o camiño de titularidade privada.
NOTAS	Alegación aceptada




Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000002863
CONTIDO DA ALEGACIÓN	RESENTA ALEGACIONES AO PXOM-2012 DA PARCELA COA REFERENCIA CATASTRAL NÚMERO: 15069B501022
CONTESTACIÓN	<p>A parcela obxecto de alegación atópase desvinculada do tecido de núcleo rural existente. Suporía o plantexamento de ampliación no desenrolo sobre solo rústico, o cal, de acordo ás condicións legalmente fixadas pola lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, así como os criterios de ordenación de compacidade expostos na memoria do PXOM aprobado inicialmente en 2.012, impiden a clasificación da parcela en cuestión como solo de núcleo rural.</p> <p>Por outro lado, cómpre informar aos alegantes, que no Plan aprobado en 2.002 esta parcela atópase clasificada como solo Rústico, apto para urbanizar. Os cambios no marco legislativo fixeron desaparecer este tipo de solo rústico, o cal en tanto non se teña desenrolado un plan de sectorización debe entenderse como solo rústico de protección ordinaria. Así pois, cando se solicita que se manteña a clase de solo na que se atopa no plan vixente, estase a solicitar que se manteña como solo rústico.</p> <p>Posto que non se introducen modificacións na clasificación do solo, enténdese que a solicitude non foi aceptada.</p>
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000002864
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIONES AO PXOM-2012 DA PARCELA COA REFERENCIA CATASTRAL NÚMERO: 15069B50200296
CONTESTACIÓN	<p>Logo de estudar as condicións legalmente fixadas pola lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, así como os criterios de ordenación de compacidade expostos na memoria do PXOM aprobado inicialmente en 2.012, decidiuse ampliar a delimitación de solo de núcleo rural, a fin de que dita edificación residencial quede incorporada ao asentamento.</p> <p>Por outro lado, cómpre informar aos alegantes, que no Plan aprobado en 2.002 esta parcela atópase clasificada como solo Rústico, apto para urbanizar. Os cambios no marco legislativo fixeron desaparecer este tipo de solo rústico, o cal en tanto non se teña desenrolado un plan de sectorización debe entenderse como solo rústico de protección ordinaria. Así pois, cando se solicita que se manteña a clase de solo na que se atopa no plan vixente, estase a solicitar que se manteña como solo rústico.</p> <p>A solicitude foi aceptada</p>
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000002867
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓN AO PXOM-2012 DA PARCELA SITUADA NA CALLE - TELLA COA REFª CATASTRAL NÚM.: 9587303NH0898N0001KB
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000002878
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓN AO PXOM-2012, CORRESPONDENTE Á PARCELA COA REFª CATASTRAL NÚM.: 15069A021000900001AA
CONTESTACIÓN	<p>A parcela obxecto da alegación atópase nas inmediacións do Núcleo Rural Histórico de Rebordáns, mais non reúne as condicións esixidas para solo de núcleo rural, de acordo á Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, no seu artigo 13, punto 3.a), que textualmente di:</p> <p>Artigo 13º</p> <p>3.a) Núcleo rural histórico-tradicional, caracterizado como tal en función das súas características morfolóxicas, da tipoloxía tradicional das edificacións, da vinculación coa explotación racional dos recursos naturais ou de circunstancias doutra índole que manifesten a imbricación tradicional do núcleo co medio físico no que se sitúa.</p> <p>A súa delimitación realizarase en atención á proximidade das edificacións, aos lazos de relación e coherencia entre lugares dun mesmo asentamento con topónimo diferenciado e á morfoloxía e ás tipoloxías propias dos devanditos asentamentos e da área xeográfica na que se atopan (casal, lugar, aldea, rueiro ou outro), de modo que o ámbito delimitado presente unha consolidación pola edificación de, polo menos, o 50%, de acordo coa ordenación proposta e trazando unha liña perimetral que encerre as edificacións tradicionais do asentamento seguindo o parcelario e as pegadas físicas existentes (camiños, ríos, regatos, cómaros e outros) e, como máximo, a 50 metros das devanditas edificacións tradicionais.</p> <p>Por outro lado, o viario sobre o que se apoia é de titularidade provincial, porén conleva unha serie de servidumes, afeccións e limitacións ao uso ditadas pola lei de estradas. Resulta convinte que este tipo de viarios queden libres de desenrols edificatorios, a fin de preservar a súa correcta funcionalidade, tal e como se expón nas determinacións das Directrices de Ordenación do Territorio.</p> <p>Así pois resulta imposible atender á solicitude do alegante.</p>
NOTAS	Alegación denegada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000002879
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓN AO PXOM-2012, CORRESPONDENTE Á PARCELA COA REFª CATASTRAL NÚM.: 3098703NH1839N
CONTESTACIÓN	<p>A parcela en cuestión ten unha xeometría complexa, que fai que pese a estar en contacto co núcleo rural histórico no seu marxe sur, o seu fronte a viario diste máis de 70 metros medidos dende a última edificación tradicional.</p> <p>Por esta razón non pode ser incluída na delimitación de solo de núcleo rural histórico, pois incumpriría as condicións fixadas no artigo 13, parágrafo 3, liña a) da lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, que se transcribe a continuación:</p> <p>"a) Núcleo rural histórico-tradicional, caracterizado como tal en función das súas características morfolóxicas, da tipoloxía tradicional das edificacións, da vinculación coa explotación racional dos recursos naturais ou de circunstancias doutra índole que manifesten a imbricación tradicional do núcleo co medio físico no que se sitúa.</p> <p>A súa delimitación realizarase en atención á proximidade das edificacións, aos lazos de relación e coherencia entre lugares dun mesmo asentamento con topónimo diferenciado e á morfoloxía e ás tipoloxías propias dos devanditos asentamentos e da área xeográfica na que se atopan (casal, lugar, aldea, rueiro ou outro), de modo que o ámbito delimitado presente unha consolidación pola edificación de, polo menos, o 50%, de acordo coa ordenación proposta e trazando unha liña perimetral que encerre as edificacións tradicionais do asentamento seguindo o parcelario e as pegadas físicas existentes (camiños, ríos, regatos, cómaros e outros) e, como máximo, a 50 metros das devanditas edificacións tradicionais. "</p> <p>Non existindo marco legal que ampare a solicitude, non é posible aceptala.</p>
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000002880
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓN AO PXOM-2012, CORRESPONDENTE Á PARCELA COA REFª CATASTRAL NÚM.: 15069A02100044
CONTESTACIÓN	<p>A parcela obxecto da alegación atópase nas inmediacións do Núcleo Rural Histórico de Rebordáns, mais non reúne as condicións esixidas para solo de núcleo rural, de acordo á Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, no seu artigo 13, punto 3.a)., que textualmente di:</p> <p>Artigo 13º</p> <p>3.a) Núcleo rural histórico-tradicional, caracterizado como tal en función das súas características morfolóxicas, da tipoloxía tradicional das edificacións, da vinculación coa explotación racional dos recursos naturais ou de circunstancias doutra índole que manifesten a imbricación tradicional do núcleo co medio físico no que se sitúa.</p> <p>A súa delimitación realizarase en atención á proximidade das edificacións, aos lazos de relación e coherencia entre lugares dun mesmo asentamento con topónimo diferenciado e á morfoloxía e ás tipoloxías propias dos devanditos asentamentos e da área xeográfica na que se atopan (casal, lugar, aldea, rueiro ou outro), de modo que o ámbito delimitado presente unha consolidación pola edificación de, polo menos, o 50%, de acordo coa ordenación proposta e trazando unha liña perimetral que encerre as edificacións tradicionais do asentamento seguindo o parcelario e as pegadas físicas existentes (camiños, ríos, regatos, cómaros e outros) e, como máximo, a 50 metros das devanditas edificacións tradicionais.</p> <p>Así pois resulta imposible atender á solicitude do alegante.</p>
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000002881
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓN AO PXOM-2012, CORRESPONDENTE Á PARCELA COA REFª CATASTRAL NÚM.: 2997202NH1839N
CONTESTACIÓN	<p>A parcela en cuestión xa se atopa parcialmente incluída en solo de núcleo rural de tipo histórico.</p> <p>Acéptase a ampliación solicitada, na medida en que se cumpran as condicións legalmente esixidas na lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia no seu artigo 13, parágrafo 3. A este respecto, a distancia máxima de 50m medidos dende as últimas edificacións tradicionais é a que realmente limita e impide a incorporación total da parcela.</p> <p>Considérase que a alegación foi parcialmente aceptada</p>
NOTAS	Alegación parcialmente aceptada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	20120000002882
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓN AO PXOM-2012, CORRESPONDENTE Á PARCELA DENOMINADA CHOUSA DE SOMONTE,SITUADA EN CORME - ALDEA
CONTESTACIÓN	
NOTAS	NON ATOPADA

Nº REXISTRO DE ENTRADA	20120000002907
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓN AO PXOM-2012 DUNHA PARCELA SITUADA NA PAXARIÑA EN CORME PORTO QUE NO PXOM EN VIGOR ERA URBANIZABLE E QUE NO FUTURA PXOM NON SERÁ EDIFICABLE.
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación, recoñecendo a parcela obxecto de alegación integrada na malla urbana.
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	20120000002908
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓN AO PXOM-2012 DUNHA PARCELA SITUADA NO PETÓN TELLA COAS REFª CATASTRAIS NUM.:0190201NH1809S0001EZ, 0190202NH1809S0000AB- PARCELA 1
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación, incluíndo parte da parcela obxecto de alegación en Solo de Núcleo Rural Histórico.
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	20120000002909
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓN AO PXOM-2012 DUNHA PARCELA SITUADA NO PETÓN TELLA COAS REFª CATASTRAIS NUM.: 0190201NH1809S0001EZ, 0190202NH1809S0000AB- PARCELA 2
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	20120000002910
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓN AO PXOM-2012 DUNHA PARCELA COA REF. CATASTRAL NUM.:15069A080003810000PI
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación, corrixindo a aliñación da parcela en cuestión.
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	20120000002922
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓN AO PXOM-2012 DA PARCELA SITUADA NOS ÁNXELES BRANTUAS COA REFª CATASTRAL NÚM.:15069A087006040000PH
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación, unha vez comprobado o cumprimento das condicións legalmente establecidas na lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia para a delimitación de solos de núcleo rural.
NOTAS	Alegación aceptada


Nº REXISTRO DE ENTRADA	20120000002925
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓN AO PXOM-2012 DAS PARCELAS COA SEGUINTE REFª CATASTRAL: 8381705NH0888S0001WQ, 8381704NH0887N0001HX, SITUADA EN AVDA.EDUARDO PONDAL NÚM. 11 E 13
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación, recollendo a edificación existente en planta baixa.
NOTAS	Alegación aceptada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000002926
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012 DAS FINCAS COA REFERENCIA CATASTRAL NÚM.: 9182202NH0898S0001ST, 15069A008000830000PU
CONTESTACIÓN	<p>Na alegación faise referencia a dúas parcelas que no PXOM aprobado inicialmente en 2.012 foron incluídas no ámbito de solo urbanizable delimitado terciario T1.</p> <p>A clasificación destas parcelas no planeamento vixente é de solo urbano no caso da situada máis ao sur, e de solo de núcleo rural a do norte.</p> <p>Logo de revisar a ordenación proposta, e unha vez comprobado que se reúnen as condicións legalmente esixidas, decidiuse aceptar a solicitude do alegante en canto á parcela sur, excluíndoa do sector urbanizable, e pasando a formar parte do solo urbano de Ponteceso, baixo a ordenanza SU-4 de vivenda unifamiliar.</p> <p>Sen embargo non foi posible introducir o mesmo cambio para a parcela situada ao norte, pois a pesares de que no planeamento vixente figure como solo de núcleo rural, as condicións que este tipo de solo debe cumprir mudaron cos cambios introducidos na LOUGA no ano 2.010, e tamén a súa relación cos viarios e cos tecidos próximos, como se expresa nas Directrices de Ordenación do Territorio. Considérase así mesmo, que é preciso reservar un espazo de contacto entre as tramas de solo urbano e núcleo rural, que permita a conexión co novo sector urbanizable.</p> <p>Infórmase de todos modos ao alegante, de que as previsións en canto ao sector do solo urbanizable mudaron, definíndoo cun uso global residencial cunha porcentaxe de uso terciario. Porén, invértese a proporción de uso terciario e residencial exposta no documento do PXOM aprobado inicialmente en 2.012.</p> <p>Considérase porén que a solicitude do alegante foi tan só parcialmente aceptada.</p>
NOTAS	Alegación aceptada parcialmente

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000002927
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012 DAS FINCAS COA REFERENCIA CATASTRAL NÚM.:15069A007005370001AP
CONTESTACIÓN	<p>O alegante presenta dúas solicitudes:</p> <p>Dunha banda, solicita unha modificación na delimitación do solo urbano, ampliando o fondo da parcela en cuestión. Dita proposta foi aceptada, entendendo que se regulariza o fondo co entorno edificado.</p> <p>Por outro lado, demándase que a clasificación dos terreos lindantes en dirección leste pase de solo rústico de protección forestal a calquera outro tipo de solo rústico. A este respecto, os criterios de clasificación de solo rústico aplicados non son arbitrarios, senón que seguen as definicións contidas na Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Neste caso, a clasificación de tipo forestal ven xustificada e condicionada pola presenza de masas arbóreas, porén non pode ser aceptada esta solicitude.</p> <p>Considerase pois aceptada parcialmente a alegación.</p>
NOTAS	Alegación aceptada parcialmente

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000002928
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012 DAS FINCAS COA REFERENCIA CATASTRAL NÚM.:15069A008000930000PQ
CONTESTACIÓN	<p>Acéptase a alegación.</p> <p>A ordenanza SNRC foi modificada, entre outros, nos puntos sobre os que incide o alegante.</p> <p>Así pois, a parcela mínima edificable só será esixida en termos de novas parcelacións, aceptando parcelas de menor superficie en caso de que fosen preexistentes á aprobación do PXOM que se atopa en trámite. En ningún caso se aceptarán parcelas inferiores a 300m², segundo o disposto na lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.</p> <p>En canto aos recuamentos mínimos a lindeiros, esixiranse 3m en lugar de 5m.</p>
NOTAS	Alegación aceptada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000002930
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012 DA FINCA COA REF. CATASTRAL NÚM.: 15069A032003090000PQ, 5069A032000020000PK
CONTESTACIÓN	Esta decisión non compete ao equipo redactor do PXOM, senón á Dirección General del Catastro, do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas. En calquera caso, no documento do PXOM non se especifica se este viario é público ou privado, en tanto que foi clasificado como solo rústico de protección agropecuaria e porén non se fixaron nel aliñacións.
NOTAS	Alegación non aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000002931
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012 DA FINCA SITUADA NO LUGAR DE ARDABÓN, XORNES
CONTESTACIÓN	O alegante presenta dúas solicitudes: Dunha banda, que se consideren privados os camiños que afectan ao lugar de Ardabón, da súa propiedade. Esta decisión non compete ao equipo redactor do PXOM, senón á Dirección General del Catastro, do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas. En calquera caso, no documento do PXOM non se especifica se este viario é público ou privado, en tanto que foi clasificado como solo rústico de protección agropecuaria e porén non se fixaron nel aliñacións. En segundo lugar, solicítase a corrección da descrición do pazo incluída no catálogo de patrimonio, cuestión que será atendida. Considérase porén aceptada a alegación
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000002932
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012 DE VARIAS PARCELAS URBANAS SITUADAS NO NÚCLEO DE PAZOS
CONTESTACIÓN	A alegación estruturase en catro puntos. No primeiro, expónse a problemática que supón a imposibilidade de acadar a parcela mínima fixada para solo de núcleo rural común. A este respecto a ordenanza foi modificada incorporando a excepción do cumprimento desta esixencia en caso de parcelas existentes con anterioridade á entrada en vigor do presente PXOM. En segundo lugar, solicítase a redución da distancia de recuamento de 5m a lindeiros fixada na ordenanza de solo de núcleo rural, levándoa a 3m, tal e como figuraba no anterior planeamento. Esta cuestión foi aceptada e corrixida. En terceiro lugar apúntase unha corrección na normativa referente á medición da superficie útil en función da altura. Este aspecto, que supón un erro de desactualización con respecto á lexislación vixente, foi corrixido na normativa do PXOM. En cuarto lugar, pídesse que se adopten uns criterios obxectivos á hora de establecer a ventilación de sotos e semisotos. A medición destes parámetros queda suficientemente regulada pola lexislación vixente en materia de edificación, e porén non se considera oportuno redundar nesta cuestión. Considérase pois que a alegación foi aceptada.
NOTAS	Alegación aceptada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000002945
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012 DAS FINCAS COA REFª CATASTRAL NUMERO: 15069A097000080000PK, 15069A097000070000PO
CONTESTACIÓN	<p>A alegante fai referencia a dúas parcelas que no PXOM aprobado inicialmente en 2.012 foron clasificadas como solo rústico de especial protección agropecuaria. Solicita para estas parcelas que sexan incluídas no solo de núcleo rural histórico, e que se permita ademais a máxima edificabilidade posible.</p> <p>Unha vez revisada a ordenación proposta, advírtese que a solicitude da alegante non pode ser aceptada, en tanto que non cumpre as condicións legalmente esixidas na lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, as cales se expoñen no artigo 13, parágrafo 3 da citada lei.</p> <p>En concreto, excédese a distancia máxima de 50 metros, medidos dende as últimas edificacións tradicionais, o cal non permite establecer o camiño oeste ao que fai referencia a alegante como límite do núcleo rural de tipo histórico.</p> <p>Dado que o resto de solicitudes teñen que ver coas condicións esixidas a SNRH, e a clasificación mantense como solo rústico de especial protección agropecuaria, considérase que a alegación non foi aceptada.</p>
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000002946
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012 DA FINCA COA REFª CATASTRAL NUMERO: 3098702NH1839N
CONTESTACIÓN	<p>A parcela en cuestión ten unha xeometría complexa, que fai que pese a estar en contacto co núcleo rural histórico no seu marxe sur, o seu fronte a viario diste máis de 70 metros medidos dende a última edificación tradicional.</p> <p>Por esta razón non pode ser incluída na delimitación de solo de núcleo rural histórico, pois incumpriría as condicións fixadas no artigo 13, parágrafo 3, liña a) da lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, que se transcribe a continuación:</p> <p>"a) Núcleo rural histórico-tradicional, caracterizado como tal en función das súas características morfolóxicas, da tipoloxía tradicional das edificacións, da vinculación coa explotación racional dos recursos naturais ou de circunstancias doutra índole que manifesten a imbricación tradicional do núcleo co medio físico no que se sitúa.</p> <p>A súa delimitación realizarase en atención á proximidade das edificacións, aos lazos de relación e coherencia entre lugares dun mesmo asentamento con topónimo diferenciado e á morfoloxía e ás tipoloxías propias dos devanditos asentamentos e da área xeográfica na que se atopan (casal, lugar, aldea, rueiro ou outro), de modo que o ámbito delimitado presente unha consolidación pola edificación de, polo menos, o 50%, de acordo coa ordenación proposta e trazando unha liña perimetral que encerre as edificacións tradicionais do asentamento seguindo o parcelario e as pegadas físicas existentes (camiños, ríos, regatos, cómaros e outros) e, como máximo, a 50 metros das devanditas edificacións tradicionais. "</p> <p>Non existindo marco legal que ampare a solicitude, non é posible aceptala.</p>
NOTAS	Alegación denegada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000002947
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012 DA FINCA COA REFª CATASTRAL NUMERO: 3098702NH1839N
CONTESTACIÓN	Os terreos obxecto de alegación non reúnen os requisitos legalmente establecidos para seren considerados como solo de núcleo rural. Sobre o concepto de núcleo rural e a súa zona de expansión, o artigo 13 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, establece textualmente: Artigo 13º.-Solo de núcleo rural. 1.Constitúen o solo de núcleo rural as áreas do territorio que serven de soporte a un asentamento tradicional de poboación singularizado, identificable e diferenciado administrativamente nos censos e padróns oficiais, que o plan xeral defina e delimite como tales tendo en conta, polo menos, a súa inclusión como tal ou na da súa área de influencia en plans anteriores, o número de edificacións, a densidade de vivendas, o seu grao de consolidación pola edificación e, de ser o caso, a tipoloxía histórico-tradicional da súa armazón e das edificacións existentes nel. 2.Os plans xerais, en congruencia co modelo de asentamento poboacional que incorporen no estudo do medio rural, delimitarán o ámbito dos núcleos rurais do seu termo municipal en atención aos parámetros anteriores; significadamente, os antecedentes existentes de delimitacións anteriores, as súas peculiaridades urbanísticas e morfolóxicas e a súa capacidade de acollida da demanda previsible do uso residencial no medio rural. A definición do seu perímetro realizarase en función das condicións topográficas e da estrutura da propiedade e do seu nivel de integración nas dotacións e servizos existentes nel nos termos previstos nos artigos 24º e 172º.1 desta lei, e axustaranse ás infraestruturas e pegadas físicas dos elementos naturais existentes, sendo necesario, se é o caso, prever a total urbanización e suficiencia das redes de dotacións, comunicacións e servizos. 3.A delimitación dos núcleos rurais que o plan xeral estableza virá referida a algún ou algúns dos seguintes tipos básicos:
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000002948
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012 DA FINCA COA REFª CATASTRAL NUMERO: 3098704NH1839N
CONTESTACIÓN	A parcela en cuestión xa se atopa parcialmente incluída en solo de núcleo rural de tipo histórico. Acéptase a ampliación solicitada, na medida en que se cumpran as condicións legalmente esixidas na lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia no seu artigo 13, parágrafo 3. A este respecto, a distancia máxima de 50m medidos dende as últimas edificacións tradicionais é a que realmente limita e impide a incorporación total da parcela. Considérase que a alegación foi parcialmente aceptada
NOTAS	Alegación parcialmente aceptada
Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000002949
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012 DA FINCA COA REFª CATASTRAL NUMERO: 2903223NH0920S0001HU DENOMINADA HUERTA DEL CARAMANCHON
CONTESTACIÓN	A parcela obxecto de alegación non reúne as características que a lei 9/2002 define como condicións para seren considerada solar urbano. O único viario ao que da fronte, no seu marxe sur, é claramente deficiente, non admite o tráfico rodado, nin ten posibilidade de facelo sen depender doutras propiedades. Tampouco consta que este preparado con servizos de abastecemento de auga nin rede de saneamento, a pesares de que así o apunta o alegante. A trama urbana circundante exclúe ademais esta parcela, pois queda relegada a unha segunda liña, á que só se abren fachadas traseiras dos edificios existentes, sen que haxa posibilidade de integración ou consolidación da trama urbana. Resulta pois imposible aceptar a solicitude.
NOTAS	Alegación denegada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000002950
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012 DA FINCA COA REFª CATASTRAL NUMERO: 2903202NH920S0001LU, 2903203NH920S0001TU, 2903204NH920S0001FU, 2903205NH920S0001MU
CONTESTACIÓN	<p>O alegante fai referencia a catro parcelas contiguas, das que unha foi clasificada como solo urbano, e as outras tres como solo de núcleo rural común. Solicita para todas elas a clasificación de solo urbano.</p> <p>A diferenza entre a parcela clasificada como solo urbano e as que se recoñeceron como solo de núcleo rural común atende á relación coa trama e a tipoloxía edificatoria dunha banda, e doutra á existencia de servizos urbanos nos viarios sobre os que se apoian (que non son completos no caso do núcleo rural, pese ao que apunta o alegante).</p> <p>Non acadando a consideración como solar, e atopándose próximas a tecidos de orixe rural cos que garda maior relación que coa trama urbana do entorno, decídese incorporar as tres parcelas situadas a occidente á clasificación de solo de núcleo rural de tipo común.</p> <p>Non se acepta porén a solicitude.</p>
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000002953
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012 CORRESPONDENTE Á PARCELA NÚM. 2093 DO POLÍGONO 83
CONTESTACIÓN	<p>Os terreos obxecto de alegación atópanse situados a una distancia superior a 50 metros medidos dende as edificacións de orixe tradicional o antiga, condición establecida na Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección del medio rural de Galicia. Por este motivo non foron incluídos dentro da delimitación de núcleo rural histórico de A Brixería.</p> <p>Non existe, polo tanto, argumento legal que xustifique o cambio de clasificación.</p> <p>Por todo isto non é posible aceptar a alegación.</p>
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000002954
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIONES AO PXOM-2012 PARA QUE SEXA RECOÑECIDO COMO SNRC A ZONA MARCADA EN COR AZUL NA ATALAIA-CORME PORTO
CONTESTACIÓN	<p>O ámbito delimitado no plano adxunto á alegación é moi extenso, e recolle parcelas que se atopan en distintas situacións con respecto ao PXOM aprobado inicialmente en 2.012.</p> <p>O termo "fora de ordenación" expónse na Normativa Urbanística, e deberá ser estudado en cada caso concreto.</p> <p>Por outra banda, non se sinala ningunha parcela individualmente, polo que non foi posible estudar a alegación presentada.</p>
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000002958
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012 POR UNHA PARCELA SITUADA NOS ANXELES, BRANTUAS
CONTESTACIÓN	<p>O alegante fai referencia a unha parcela da súa propiedade, que indica graficamente sobre un plano do Plan aprobado en 2.002, no que se aprecia que neste documento lle corresponde a clasificación de solo rústico.</p> <p>A área sinalada corresponde con alo menos tres parcelas catastrais, as cales foron clasificadas como solo rústico de especial protección forestal no Plan aprobado inicialmente en 2.012. Dita clasificación ven motivada pola situación actual destes terreos, que soportan masas forestais (lei 9/2002, artigo 32, parágrafo 2, liña b), e polo incumprimento das condicións legalmente establecidas para a delimitación de solo de núcleo rural de tipo histórico e tradicional, en concreto por atoparse a unha distancia superior a 50m. Medidos dende as últimas edificacións tradicionais, tal e como se fixa na lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, no seu artigo 13, parágrafo 3, liña a.</p> <p>Resulta porén imposible aceptar a solicitude do alegante, non habendo marco legal que a ampare.</p>
NOTAS	Alegación denegada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000002959
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012 POR UNHA PARCELA SITUADA NA RÚA SANTANDER DE CORME PORTO
CONTESTACIÓN	O alegante afirma que no asentamento de Bugalleira se trazaron aliñacións entendendo que un viario era de titularidade municipal, cando en realidade lle pertence. Acéptase a alegación, reconsideranco o viario como privado.
NOTAS	Alegación aceptada.



Nº REXISTRO DE ENTRADA	20120000003113
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A050000620000PQ, SITUADA NO LUGAR DAS CANAVEIRAS, PARROQUIA DE PAZOS
CONTESTACIÓN	Conforme ós criterios de delimitación de solo de núcleo rural, que se expoñen na Memoria Xustificativa, o núcleo rural esténdese seguindo o tramado viario que serve de soporte e acceso ás futuras edificacións. É por isto que non se encontra sentido á ampliación das delimitacións outorgando máis fondo de parcela, xa que non se apoia en viario algún e non reverte ningún beneficio para o titular. Por este motivo, as parcelas con un fondo excesivo, medido sempre perpendicular ao viario ó que da fronte, poden ser cortadas pola liña delimitadora do núcleo.
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	20120000003114
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA NO LUGAR DO PERILLÁN, O LADO DO CEIP AS FORCADAS DE CORME
CONTESTACIÓN	A parcela en cuestión resulta xa edificable, en tanto que ten a clasificación de solo de núcleo rural, sen embargo, a edificación deberá apoiarse no fronte norte, e non no fronte sur que corresponde coa estrada de titularidade autonómica, e que dada a súa categoría, implica servidumes, afeccións e limitacións ao uso que afectarían aos terreos de dito marxe. Por esta razón non se encontra sentido á ampliación da delimitación, outorgando máis fondo de parcela.
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	20120000003115
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A088011080000PY NA CAMPARA
CONTESTACIÓN	A parcela obxecto de alegación foi clasificada no PXOM aprobado en 2.012 como solo rústico de especial protección agropecuaria, e de especial protección das infraestruturas debido ao paso dunha liña de alta tensión na súa metade suroeste. No planeamento aprobado en 2.002 esta parcela xa figuraba como solo rústico, como se advirte na documentación que se achega ao escrito de alegación. A delimitación presentada como SNRC recolle a realidade construída do entorno, entendendo que o asentamento non debe prolongarse máis en dirección ao solo rústico nin nas inmediacións da liña eléctrica, non sendo porén valorado como posible ampliación. Baixo estes preceptos non foi posible aceptar a solicitude do
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	20120000003116
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15690069185 NA CAMPARA
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación, incorporando a parcela en cuestión á delimitación de solo de núcleo rural de tipo común. Non se admite sen embargo a solicitude de aumento da edificabilidade, a cal se estima adecuada á tipoloxía predominante do asentamento. Infórmase sen embargo, que a condición de parcela mínima será aplicable só a efectos de novas parcelacións, podendo ser consideradas edificables parcelas preexistentes á aprobación do PXOM, en tanto superen o mínimo fixado na lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (300m ²). Establécense así mesmo un valores mínimos de edificabilidade e de ocupación de parcela que poderán ser alcanzados por toda parcela edificable, a pesares de que superen os valores que corresponderían da aplicación dos índices e porcentaxes fixados ao respecto na ordenanza. Ditos valores mínimos responden á tipoloxía de vivenda unifamiliar de carácter illado. Do exposto, considérase que a alegación foi aceptada parcialmente.
NOTAS	Alegación aceptada parcialmente



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003117
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHAS FINCAS SITUADAS EN CERDEIRA DE ARRIBA, CERDEIRA DE ABAIXO NO COUTO E EN LESTIMOÑO DE RIBA
CONTESTACIÓN	<p>O alegante solicita que unha serie de parcelas indicadas graficamente sexan recollidas dentro de ordenación, afirmando ser o seu propietario.</p> <p>As situacións de fora de ordenación quedan explicadas na normativa do PXOM, facendo referencia á compatibilidade dos usos e edificacións existentes cos permitidos segundo a clase de solo da que se trate.</p> <p>Unha vez revisada a ordenación proposta, conclúese o seguinte para cada unha das parcelas sinaladas:</p> <p>A parcela identificada co número 623, situada máis ao noroeste, posúe unha xeometría complexa, de frontes estreitos e cunha gran diferenza de cota entre si, que a fai pouco apropiada para a estrutura de asentamento en pendente, ao que responde a morfoloxía do asentamento de Cerezo de Arriba. Por esta razón, e considerando asemade que non se cumpren as condicións legalmente establecidas na lei 9/2002, artigo 13, parágrafo 3, liña a., ao respecto da delimitación de núcleos rurais, mantense a ordenación proposta no documento aprobado inicialmente en 2.012, de solo rústico de especial protección agropecuaria.</p> <p>A parcela identificada co número 770, atópase no documento aprobado en 2.012 clasificada como solo de núcleo rural histórico, estando xa edificada. Enténdese que dita clasificación é a axeitada, e mantense.</p> <p>A parcela identificada co número 2.168, cumpre coas condicións legalmente esixidas para a delimitación de solo de núcleo rural de tipo histórico, segundo a lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Así pois, rectifícase a súa clasificación de solo rústico, incluíndoa no SNRH de Cerezo de Abaixo.</p> <p>A parcela identificada co número 679 posúe fronte sobre unha estrada de titularidade municipal que foi considerada sistema xeral viario. Este feito, acompañado do escaso fondo que posúe faríaa inedificable a pesares de que fose incluída no solo de núcleo rural. Por este motivo mantense a ordenación proposta no documento aprobado inicialmente en 2.012, de solo rústico. Cómpre advertir que esta é a clasificación que xa posuía no anterior plan, o aprobado en 2.002.</p> <p>Do exposto conclúese que as solicitudes do alegante foron aceptadas só parcialmente</p>
NOTAS	Alegación aceptada parcialmente

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003118
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA
CONTESTACIÓN	<p>Segundo a Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o planeamento deberá distinguir entre as seguintes categorías dentro de solo rústico: O solo rústico de protección ordinaria, e o solo rústico especialmente protexido. Os terreos obxecto de alegación presentan valores e aptitudes que segundo o artigo 32 da mesma Lei deben ser protexidos, por tanto non é posible atender á solicitude.</p>
NOTAS	Alegación denegada.



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003119
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓN A O PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHAS FINCAS SITUADAS EN TALLO
CONTESTACIÓN	<p>As situacións de fora de ordenación quedan explicadas na normativa do PXOM, facendo referencia á compatibilidade dos usos e edificacións existentes cos permitidos segundo a clase de solo da que se trate.</p> <p>A maior parte dos terreos obxecto de alegación non reúnen os requisitos legalmente establecidos para seren considerados como solo de núcleo rural.</p> <p>Sobre o concepto de núcleo rural e a súa zona de expansión, o artigo 13 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, establece textualmente:</p> <p>Artigo 13º.-Solo de núcleo rural.</p> <p>1.Constitúen o solo de núcleo rural as áreas do territorio que serven de soporte a un asentamento tradicional de poboación singularizado, identificable e diferenciado administrativamente nos censos e padróns oficiais, que o plan xeral defina e delimite como tales tendo en conta, polo menos, a súa inclusión como tal ou na da súa área de influencia en plans anteriores, o número de edificacións, a densidade de vivendas, o seu grao de consolidación pola edificación e, de ser o caso, a tipoloxía histórico-tradicional da súa armazón e das edificacións existentes nel.</p> <p>2.Os plans xerais, en congruencia co modelo de asentamento poboacional que incorporen no estudo do medio rural, delimitarán o ámbito dos núcleos rurais do seu termo municipal en atención aos parámetros anteriores; significadamente, os antecedentes existentes de delimitacións anteriores, as súas peculiaridades urbanísticas e morfolóxicas e a súa capacidade de acollida da demanda previsible do uso residencial no medio rural. A definición do seu perímetro realizarase en función das condicións topográficas e da estrutura da propiedade e do seu nivel de integración nas dotacións e servizos existentes nel nos termos previstos nos artigos 24º e 172º.1 desta lei, e axustaranse ás infraestruturas e pegadas físicas dos elementos naturais existentes, sendo necesario, se é o caso, prever a total urbanización e suficiencia das redes de dotacións, comunicacións e servizos.</p> <p>3.A delimitación dos núcleos rurais que o plan xeral estableza virá referida a algún ou algúns dos seguintes tipos básicos:</p> <p>a) Núcleo rural histórico-tradicional, caracterizado como tal en función das súas características morfolóxicas, da tipoloxía tradicional das edificacións, da vinculación coa explotación racional dos recursos naturais ou de circunstancias doutra índole que manifesten a imbricación tradicional do núcleo co medio físico no que se sitúa.</p> <p>A súa delimitación realizarase en atención á proximidade das edificacións, aos lazos de relación e coherencia entre lugares dun mesmo asentamento con topónimo diferenciado e á morfoloxía e ás tipoloxías propias dos devanditos asentamentos e da área xeográfica na que se atopan (casal, lugar, aldea, rueiro ou outro), de modo que o ámbito delimitado presente unha consolidación pola</p>

edificación de, polo menos, o 50%, de acordo coa ordenación proposta e trazando unha liña perimetral que encerre as edificacións tradicionais do asentamento seguindo o parcelario e as pegadas físicas existentes (camiños, ríos, regatos, cómaros e outros) e, como máximo, a 50 metros das devanditas edificacións tradicionais.

B) Núcleo rural común, incluíranse neste tipo aqueles asentamentos de poboación recoñecibles como solo de núcleo rural pero que non presentan as características necesarias para a súa inclusión no tipo básico anterior. A súa delimitación deberá de facerse en función das previsións de crecemento que o plan xeral estableza para o núcleo e tendo en conta que o ámbito delimitado deberá presentar un grao de consolidación pola edificación, de acordo coa ordenación urbanística que para el se prevexa no plan, igual ou superior a un terzo da súa superficie.

C) Núcleo rural complexo, incluíranse neste tipo aqueles asentamentos de poboación caracterizados por ser resultado da concorrencia e compatibilidade no seo dun mesmo asentamento rural dos dous tipos básicos precedentes; nese caso será obrigatorio diferenciar o correspondente ao tipo a) mediante a súa correspondente delimitación efectuada segundo as previsións contidas na alínea 3.a) deste artigo.

En primeiro lugar, solicítase unha importante ampliación do solo de núcleo rural de tipo común de As Casas Novas. Dita ampliación desenrolaríase sobre parcelas non edificadas. Conforme ós criterios de delimitación de solo de núcleo rural, que se expoñen na Memoria Xustificativa, e conforme ás últimas modificacións introducidas na Lei 9/2002, os núcleos rurais deben acadar un grao de consolidación mínimo para ser clasificados como tales. No caso dos Solos de Núcleo Rurais Comúns, o grao de consolidación será como mínimo do 33%.

O aumento sistemático da superficie dun núcleo rural conleva a unha redución do grao de consolidación.

É por isto que nesta caso particular non se pode aumentar a superficie do núcleo rural tal e como se solicita, xa que non se acadaría o grao de consolidación mínimo esixido pola Lei 9/2002. Por esta razón só se admitiu ampliación sobre unha parte dos terreos sinalados, polo que se considera parcialmente aceptada a solicitude.

En segundo lugar, solicítase a ampliación da delimitación de núcleo común na Bugalleira. A este respecto, a parcela sinalada atópase en segunda liña, tras unhas parcelas xa edificadas, e non conta con fronte a viario, porén foi excluída da delimitación de núcleo.

En terceiro lugar, solicítase a ampliación en dirección norte do asentamento de núcleo rural de tipo histórico de Tallo, feito que incumpriría coa distancia máxima de 50 metros dende as últimas edificacións tradicionais que se establece no artigo 13, punto 3.a) da citada Lei 9/2002. A delimitación de núcleo xa está a esgotar estas distancias máximas, porén é imposible atender á solicitude.

NOTAS Alegación aceptada parcialmente



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003120
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación. A parcela obxecto de alegación foi reconsiderada como solo urbano consolidado, excluíndoa do ámbito remitido a PERI que se definía sobre ela no documento de Plan aprobado inicialmente en 2,012.
NOTAS	Alegación aceptada


Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003139
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UN INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL: 8677245NH0887N0001ZX, SITUADO NA ESTRADA BUÑO- LAXE
CONTESTACIÓN	A alegación alude a unha referencia catastral diferente á da ficha catastral que se anexa. Enténdese que é correcta a incluída no texto e non a da ficha, en tanto que a esta última alega outro propietario. A finca con referencia catastral 8677245NH0887N0001ZX segundo a descrición de catastro non contén ningunha edificación residencial, sen embargo púidose observar a existencia dunha edificación en planta baixa cuio uso non é o de vivenda, como indica o alegante. Dita parcela atópase en segunda liña con respecto á Avenida de Eduardo Pondal, apoiada nun viario de sección insuficiente para albergar a edificación de tres plantas que propuña o Plan aprobado en 2.002. Con respecto a ese Plan de 2.002, os cambios normativos e as proteccións de espazos naturais que se foron sucedendo dende o mesmo, fixeron inviable o desenrolo de solo urbanizable que chegaba cunha nova rúa ao fronte sur da parcela en cuestión. Por esta razón pensouse nun primeiro momento en delimitar un área de planeamento remitido que fose quen de reordenar os espazos traseiros do cuarteirón en cuestión, dándolles a posibilidade de incorporarse ao espazo público desfrutando de aparcamento e espazo libre. Quedarían pois integrados no percorrido peonil da fachada marítima de Ponteceso, que mira cara o estuario do Río Anllóns. Á vista das dificultades de xestión que parecen xurdir de cara ao desenrolo de dita área de planeamento remitido (PERI), desbotouse esta proposta, sendo substituída por solo urbano consolidado, con ordenanza de vivenda agrupada entre medianeiras con fronte á Avenida de Eduardo Pondal. Sen embargo, a parcela obxecto de alegación ao non ter fronte a dita Avenida, queda excluída de tal consideración, sen posibilidades de edificar nin de participar en reparto algún.
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003140
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UN INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL: 8677206NH0887N0002OM, SITUADO NA ESTRADA BUÑO- LAXE, 56 ES.1 PI:01 PT.A
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación, recollendo a parcela como solo urbano consolidado, baixo a ordenanza de vivenda plurifamiliar en rueiro compacto, coa altura máxima de catro plantas (B+3).
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003141
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL: 7285501NH0878N0001LS, SITUADA NO COUTO
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación, incorporando a parcela a solo de núcleo rural, de tipo común.
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003142
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UN INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL: 8677206NH0887N0003PQ, SITUADA NA AVDA. EDUARDO PONDAL, 56 BAIXO- A TRABE
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación, recollendo a parcela como solo urbano consolidado, baixo a ordenanza de vivenda plurifamiliar en rueiro compacto, coa altura máxima de catro plantas (B+3).
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003143
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA SITUADA NO LUGAR DA CALLE EN TELLA
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación.
NOTAS	Alegación aceptada




Nº REXISTRO DE ENTRADA	20120000003144
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA CASA UNIFAMILIAR SITUADA NUNHA FINCA QUE COMPRENDE VARIOS TERRENOS, SITUADA NA RUA JOSÉ TECELÁN, 30 CORME PORTO
CONTESTACIÓN	Acéptase parcialmente a alegación, ampliando a delimitación de núcleo no seu marxe leste, conferindo a posibilidade de obter parcelas con maior fondo.
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	20120000003145
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN UNHA PARCELA SITUADA NA CAMPARA
CONTESTACIÓN	<p>Conforme ós criterios de delimitación de solo de núcleo rural, que se expoñen na Memoria Xustificativa, o núcleo rural esténdese seguindo o tramado viario que serve de soporte e acceso ás futuras edificacións.</p> <p>No caso da zona A sinalada polo alegante, non existe acceso ningún ao viario que organiza o asentamento de Campara, polo que se entende desligado do mesmo. Non procede a súa clasificación como solo de núcleo rural.</p> <p>No caso da zona B, esta apoiase sobre unha estrada de titularidade provincial, que forma parte do sistema xeral viario. Á marxe de que os desenvolvementos sobre este tipo de viarios prexudican ao correcto funcionamento dos mesmos, non existe relación con ningún tecido de núcleo rural histórico nin común, polo que resulta imposible aplicarlle a clasificación de solo de núcleo, cuxa delimitación ven regulada polo artigo 13 da Lei 9/2002.</p> <p>Non existe pois argumento legal que permita atender ás solicitudes do alegante.</p>
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	20120000003146
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN UNHAS FINCAS CON REFERENCIAS CATASTRAIS: 15069A099008060000PH, 15069A099008070000PW, 15069A099008080000PA, 15069A099008090000PB E 15069A099008100000PW
CONTESTACIÓN	<p>As parcelas obxecto de alegación apóianse nun viario de titularidade autonómica, o cal segundo a lei sectorial en materia de estradas implica servidumes, afeccións e limitacións ao uso. A administración encargada da supervisión da coherencia entre este tipo de estradas de titularidade autonómica e as propostas de modificación do planeamento, é a Axencia Galega de Infraestruturas, a cal emitiu un informe desfavorable para o caso concreto de novos desenrols apoiados na estrada principal. Esta postura, que defende a seguridade da vía, e a súa correcta funcionalidade, vese respaldada polo disposto nas Directrices de Ordenación do Territorio, punto 3.1.5. "evitaranse os crecementos ao longo das vías de comunicación".</p> <p>Por outro lado, este fronte atópase maioritariamente a unha distancia inferior a 200 metros, medidos dende a liña de ribeira do mar, porén, correspóndelle segundo a Lei 9/2002 artigo 32, a clasificación de solo rústico de protección de costas.</p> <p>Non se entende o argumento do alegante cando di que estas parcelas sempre foron urbanas, posto que no PXOM de 2.002 teñen a clasificación de SRAU (solo rústico apto para urbanizar). Dita clase de solo, que pertence a un marco legislativo hoxe extinto, equivale na actualidade a solo rústico. Sen embargo, a superficie que no outro marxe da estrada obtén a clasificación de solo urbano, xa a posuía no PXOM 2.002, por iso non se entende que se produza un agravio comparativo como indica o alegante, posto que a situación de partida é diferente, e porén as posibilidades urbanísticas legais son outras.</p>
NOTAS	Alegación denegada.

Nº REXISTRO DE ENTRADA	20120000003147
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN UNHA FINCA SITUADA EN CORME PORTO
CONTESTACIÓN	<p>A parcela en cuestión resulta xa edificable, en tanto que ten a clasificación de solo de núcleo rural, sen embargo, a edificación deberá apoiarse no fronte norte, e non no fronte sur que corresponde coa estrada de titularidade autonómica, e que dada a súa categoría, implica servidumes, afeccións e limitacións ao uso que afectarían aos terreos de dito marxe.</p> <p>Por esta razón non se encontra sentido á ampliación da delimitación, outorgando máis fondo de parcela.</p>
NOTAS	Alegación denegada




Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003149
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN UNHAS FINCAS SITUADAS EN TALLO
CONTESTACIÓN	<p>A alegación estrutúrase en dúas solicitudes:</p> <p>Dunha banda, solicítase unha ampliación de fondo nunha franxa edificable no núcleo histórico de Pardiñas. Acéptase a alegación, ampliando o fondo da delimitación do núcleo, mais non de xeito literal a como se solicita.</p> <p>Sen embargo, dado que dita ampliación incumpriría a distancia máxima de 50m. medidos dende as últimas edificacións tradicionais, segundo o disposto no artigo 13, parágrafo3, liña a. da lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, decidiuse cambiar a clasificación de núcleo rural histórico a núcleo rural de tipo común, en tanto que este cambio non implica modificacións en espazos consolidados de construcións tradicionais, senón que responde a o límite de transición entre o asentamento orixinario e o seu desenvolvemento posterior.</p> <p>Por outro lado, solicítase a clasificación de solo de núcleo rural común a unha parcela que se atopa en segunda liña, tralo asentamento de Pardiñas novo. Acéptase neste sentido a alegación, considerando que non vai en contra da natureza morfolóxica do núcleo.</p>
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003151
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A014002850000PO SITUADA NO LUGAR DE PARDIÑAS, TALLO
CONTESTACIÓN	<p>Os terreos obxecto de alegación atópanse situados a una distancia superior a 50 metros medidos dende as edificacións de orixe tradicional o antiga. Por este motivo non foron incluídos dentro da delimitación de núcleo rural histórico, xa que se incumpren as condicións fixadas na Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (artigo 13, parágrafo 3)</p> <p>Non existe, polo tanto, argumento legal que xustifique o cambio de clasificación.</p> <p>Por todo isto non é posible aceptar a alegación.</p>
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003152
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A014002860000PK SITUADA NO LUGAR DE O REGUEIRO, TALLO
CONTESTACIÓN	<p>Os terreos obxecto de alegación atópanse situados a una distancia superior a 50 metros medidos dende as edificacións de orixe tradicional o antiga recollidas no núcleo rural de tipo histórico máis próximo. Por este motivo non foron incluídos dentro da delimitación de núcleo rural, establecida na Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.</p> <p>Non existe, polo tanto, argumento legal que xustifique o cambio de clasificación.</p> <p>Por todo isto non é posible aceptar a alegación.</p>
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003153
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A009000450000PK SITUADA EN TALLO
CONTESTACIÓN	<p>Os terreos obxecto de alegación atópanse situados a una distancia superior a 50 metros medidos dende as edificacións de orixe tradicional o antiga recollidas no núcleo rural de tipo histórico máis próximo. Por este motivo non foron incluídos dentro da delimitación de núcleo rural, establecida na Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.</p> <p>Non existe, polo tanto, argumento legal que xustifique o cambio de clasificación.</p> <p>Por todo isto non é posible aceptar a alegación.</p>
NOTAS	Alegación denegada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003155
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 8280701NH0888S0001GQ SITUADA EN PONTECESO
CONTESTACIÓN	<p>A alegante presenta a súa desconformidade coa ordenación detallada proposta no que respecta a unha parcela situada no entorno urbano de Ponteceso.</p> <p>A parcela en cuestión está ocupada na actualidade por unha vivenda unifamiliar de tipoloxía illada, mais o cuarteirón ao que pertence responde a tipoloxía de vivenda colectiva en cuarteirón compacto. Esta ordenanza é a asignada para todo o cuarteirón, incluída a parcela obxecto de alegación. Debido a que se prevé un cambio tipolóxico, débese corrixir a aliñación, para que no momento en que esta transformación se produza vaian en consonancia a sección da vía e o volume edificado.</p> <p>Estas previsións atópanse reflectidas tamén no planeamento aprobado en 2.002.</p> <p>Por todo isto denégase a alegación.</p>
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003156
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 9563209NH0896S0001QJ SITUADA EN ANLLONS GRANDE
CONTESTACIÓN	<p>Acéptase a alegación, na que se advirte da omisión dunha edificación tradicional no entorno do núcleo de A Garga. A edificación en cuestión foi recoñecida como tal na foto do voo americano de 1956, e incorporada á base cartográfica.</p> <p>En base a esta corrección, replanteouse a delimitación de núcleo rural histórico, recollendo parte da parcela obxecto de alegación. Considérase así pois, aceptada só parcialmente a solicitude, en tanto que non foi posible incorporar a totalidade da parcela, pois debido á súa grande extensión derivaría no incumprimento do grado mínimo de consolidación que fixa a lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, como dispón no seu artigo 13, parágrafo 3, liña a.</p>
NOTAS	Alegación aceptada parcialmente.

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003157
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A069000640001AU SITUADA NA CAMPARA, CORES
CONTESTACIÓN	<p>Acéptase a alegación, logo de comprobar que se cumpren as condicións legalmente establecidas na lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, ao respecto da delimitación de núcleos rurais.</p> <p>A parcela obxecto de alegación quedará incorporada ao solo de núcleo rural común co que lindaba no seu marxe norte, no documento do PXOM aprobado inicialmente en 2.012.</p>
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003158
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN UNHA FINCA SITUADA EN CEREZO DE ABAIXO
CONTESTACIÓN	Acéptase a solicitude, incorporando como solo de núcleo rural histórico, a área que o alegante sinala graficamente no seu escrito de alegación.
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003159
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN UNHAS FINCAS SITUADAS NA TRABE
CONTESTACIÓN	Acéptase a solución, modificando os parámetros aplicables ao rueiro ao que pertencen as parcelas obxecto de alegación, autorizándose unha altura máxima de IV plantas (B+3)
NOTAS	Alegación aceptada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003160
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN UNHAS FINCAS CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A043000030000PO E 15069A036000380000PX SITUADAS NO LUGAR DE PIAIA, XORNES
CONTESTACIÓN	<p>A alegación céntrase en dúas parcelas, ambas entorno á estrada de titularidade autonómica AC421.</p> <p>A administración encargada da supervisión da coherencia entre este tipo de estradas e as propostas de modificación do planeamento, é a Axencia Galega de Infraestruturas, a cal emitiu un informe desfavorable para o caso concreto que solicita a alegante, a fin de evitar novos desenrols apoiados na estrada principal. Esta postura, que defende a seguridade da vía, e a súa correcta funcionalidade, vese respaldada polo disposto nas Directrices de Ordenación do Territorio, punto 3.1.5. "evitaranse os crecementos ao longo das vías de comunicación".</p> <p>Por esta razón descartáronse as ampliacións de núcleo sobre parcelas cuxo único acceso depende da estrada autonómica (como é o caso da parcela 15069A036000380000PX), e si se mantiveron aquelas que contan cun acceso alternativo (15069A043000030000PO).</p> <p>As parcelas ao marxe oeste da 15069A036000380000PX, contan cun viario alternativo, por esta razón puideron ser incluídas na delimitación de núcleo, sen que exista ningunha razón para que a alegante se sinta discriminada, pois a situación con respecto á estrada AC421, é diferente, e determinante.</p> <p>Por todo isto non é posible aceptar a alegación.</p>
NOTAS	Alegación denegada


Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003161
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN UNHA CASA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069C502010350000BH, E UNS ANEXOS CON EDIFICACIÓNS CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069C502004630000BF E 15069C502004620000BT SITUADAS NO LUGAR DOS MELCOS, LANGUEIRÓN
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación, incorporando a parcela en cuestión ao solo de núcleo rural de tipo histórico.
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003163
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A033000420000PO, SITUADA EN SERGUDE, XORNES
CONTESTACIÓN	<p>O alegante presenta a solicitude de que unha parcela da súa propiedade que no PXOM aprobado inicialmente en 2.012 foi clasificada en parte como solo de núcleo rural común, e en parte como solo rústico de especial protección agropecuaria e de protección de infraestruturas, sexa clasificada na súa totalidade como solo de núcleo rural común.</p> <p>Dita parcela atópase situada con fronte á unha estrada de titularidade autonómica e a un viario público de carácter local. Logo de analizar a ordenación proposta detectouse que non habería inconveniente en ampliar a clasificación de solo de núcleo rural, mentres isto non implique novos accesos dende a estrada de sistema xeral, en tanto que isto entraría en conflito co correcto funcionamento da mesma.</p> <p>A administración encargada da supervisión da coherencia entre este tipo de estradas de titularidade autonómica e as propostas de modificación do planeamento, é a Axencia Galega de Infraestruturas, a cal emitiu un informe desfavorable para o caso concreto de novos desenrols apoiados na estrada principal. Esta postura, que defende a seguridade da vía, e a súa correcta funcionalidade, vese respaldada polo disposto nas Directrices de Ordenación do Territorio, punto 3.1.5. "evitaranse os crecementos ao longo das vías de comunicación".</p> <p>Sen embargo, advírtese a posibilidade de que a parcela teña acceso dende o viario local, para o cal non é preciso ampliar a delimitación do asentamento.</p> <p>Doutra banda, a ordenanza SNRC foi corrixida, indicando que o parámetro de parcela mínima edificable só se aplicará en caso de novas parcelación, podendo considerar como edificables aquelas parcelas que existan con anterioridade á aprobación do PXOM, e que superen o mínimo legal esixido na lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (300m2).</p> <p>Con todo, a solicitude considérase que non foi aceptada.</p>
NOTAS	Alegación denegada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003164
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A032000230000PG, SITUADA EN SERGUDE, XORNES
CONTESTACIÓN	A estrada sobre a que se apoian os terreos obxecto da alegación é de titularidade autonómica, pertencente á rede secundaria e ao sistema xeral viario definido no PXOM. Non resulta pois un viario axeitado para o desenrolo do asentamento, pois afectaría negativamente á seguridade e funcionalidade da vía. Este criterio, compartido coa Axencia Galega de Infraestruturas (encargada entre outras da supervisión das propostas de planeamento no relativo a infraestruturas), anula a posibilidade de satisfacer a solicitude do alegante, que fai referencia a unha franxa de máis de 100 metros libre de edificación.
NOTAS	Alegación denegada.
Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003165
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A032001320000PR E A TOTALIDADE DA FINCA: 15069A032003180000PO, SITUADAS NO LUGAR DE FROXÁN, XORNES
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación, incorporando as parcelas en cuestión ao de solo de núcleo rural de tipo común.
NOTAS	Alegación aceptada
Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003166
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 8677221NH0887N0001BX, SITUADA NA AVDA. ANLLÓNS- A TRABE
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación. A parcela obxecto de alegación será reconsiderada como solo urbano consolidado, excluíndoa do ámbito remitido a PERI que se definía sobre ela no documento de Plan aprobado inicialmente en 2,012.
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003167
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A174014080000LF, SITUADA NO PETÓN, TELLA
CONTESTACIÓN	Acéptase a solicitude, incluíndo a parcela en cuestión na delimitación de solo de núcleo rural de tipo histórico.
NOTAS	Alegación aceptada
Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003171
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012 DAS PARCELAS COA REF. CATASTRAL NUM.: 15069A005000930000PW QUE QUEDAN FÓRA DE ORDENACIÓN
CONTESTACIÓN	A alegación fai referencia a unha parcela en contacto con solo de núcleo rural de tipo común, que foi clasificada no plan aprobado inicialmente en 2.012 como solo rústico de especial protección agropecuaria, en atención ás súas características e usos actuais. O alegante solicita que sexa incorporada a solo de núcleo rural de tipo común. A parcela en cuestión ten fronte a un viario local sobre o que non existe ningunha edificación, e que queda desligado da trama de desenvolvemento do asentamento, en contra do disposto na lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (artigo 13). Esta parcela non se diferencia doutras ao seu redor, que tamén foron clasificadas como solo rústico, polo que de ampliar a delimitación de núcleo deberían abranguerse tamén outras propiedades, poñendo en perigo o cumprimento da consolidación mínima legalmente esixida (lei 9/2002, artigo 13, parágrafo 3). Por este motivo non foi posible aceptar a solicitude do alegante.
NOTAS	Alegación denegada




Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003172
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012 DAS PARCELAS COA REF. CATASTRAL NUM.: 15069A005003250001AY QUE QUEDAN FÓRA DE ORDENACIÓN
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación incluíndo parte da parcela en cuestión no ámbito de solo de núcleo rural histórico, unha vez comprobado o cumprimento das condicións legalmente esixidas na lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003173
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012 DAS PARCELAS COA REF. CATASTRAL NUM.:15069A005003070000PS QUE QUEDAN FÓRA DE ORDENACIÓN
CONTESTACIÓN	A alegación fai referencia a unha parcela que no plan aprobado inicialmente en 2.012 foi clasificada como solo rústico de especial protección agropecuaria. A parcela en cuestión ten fronte a un viario non apto para tráfico rodado, que ten características rústicas, e que non foi considerado apto para o desenvolvemento do núcleo. En base a isto, decidiuse clasificar a parcela como solo rústico, en tanto que non obedece ao tecido morfolóxico do asentamento, non encaixando na definición de núcleo rural contida na lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (artigo 13). A solicitude non foi porén, aceptada.
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003174
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012 DAS PARCELAS COA REF. CATASTRAL NUM.:15069A020000090000PG QUE QUEDAN FÓRA DE ORDENACIÓN
CONTESTACIÓN	Solicítase que non queden fóra de ordenación. A este respecto, as situacións de fora de ordenación quedan explicadas na normativa do PXOM, facendo referencia á compatibilidade dos usos e edificacións existentes cos permitidos, segundo a clase de solo da que se trate. De todos modos a ordenación proposta foi revisada, advertindo a posibilidade de incorporar unha nova delimitación de núcleo que recolla a parcela obxecto de alegación. Cúmprense as condicións legalmente establecidas na lei 9/2002 para a delimitación de núcleos rurais, e mantéñense os criterios de ordenación do PXOM. Así pois considérase aceptada a alegación, quedando a parcela en cuestión incorporada a solo de núcleo rural.
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003176
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012 DAS PARCELAS COA REF. CATASTRAL NUM.:15069A02100045 QUE QUEDAN FÓRA DE ORDENACIÓN
CONTESTACIÓN	Solicítase que non queden fóra de ordenación. A este respecto, as situacións de fora de ordenación quedan explicadas na normativa do PXOM, facendo referencia á compatibilidade dos usos e edificacións existentes cos permitidos, segundo a clase de solo da que se trate. De todos modos a ordenación proposta foi revisada, advertindo a posibilidade de incorporar unha nova delimitación de núcleo que recolla a parcela obxecto de alegación. Cúmprense as condicións legalmente establecidas na lei 9/2002 para a delimitación de núcleos rurais, e mantéñense os criterios de ordenación do PXOM. Así pois considérase aceptada a alegación, quedando a parcela en cuestión incorporada a solo de núcleo rural.
NOTAS	Alegación aceptada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003177
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012 DAS PARCELAS COA REF. CATASTRAL NÚM.: 8677201NH0887N0001OX
CONTESTACIÓN	A parcela obxecto de alegación atópase en solo urbano, lindando directamente co Río de Ponteceso próximo á súa desembocadura no esteiro do Río Anllóns. Posúe un fronte de aproximadamente 6,40 metros sobre a Avenida de Eduardo Pondal. Segundo o T.R. da Ley de Aguas, todo canle está suxeito a unha servidume de anchura 5 metros, para uso público. Esta situación faina inedificable, quedando practicamente toda a súa superficie dentro de dita franxa de servidume, porén se considerou apropiado nun primeiro momento a súa inclusión nun ámbito remitido a un PERI, onde se ordenasen as cesións precisas mediante un reparto de cargas e beneficios. Á vista das dificultades de xestión que presenta dito plan especial, segundo manifestan os propietarios implicados, incluído o titular da alegación que se está a responder, desbotouse esta proposta, reconsiderando o ámbito como solo urbano consolidado, con tipoloxía de edificación agrupada entre medianeiras, con fronte á Avenida de Eduardo Pondal. Neste sentido, acéptase a solicitude do alegante, que pedía a súa exclusión da área de reparto. Con respecto á parcela en cuestión, na actualidade alberga unha edificación de uso industrial, e non unha vivenda, como afirma o texto de alegación, Non se pode considerar pois que a edificación se atope consolidada, debendo restituír a franxa de servidume de tránsito regulamentaria. Por todo isto, non é posible incluír a parcela en ningunha das ordenanzas de solo urbano.
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003178
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012 DAS PARCELAS COA REF. CATASTRAL NÚM.: 8677205NH0887N0001XX
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación, recollendo a parcela como solo urbano consolidado, baixo a ordenanza de vivenda agrupada entre medianeiras, coa altura máxima de catro plantas (B+3).
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003179
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012 DAS PARCELAS COA REF. CATASTRAL NÚM.: 3806518NH0930N0001ME 3806519NH0930N0001OE, DENOMINADAS CHOUSA DO MIÑO, SITUADAS EN CORME PORTO
CONTESTACIÓN	Incorporarase unha liña de excepción na ordenanza SU-4 de vivenda unifamiliar en solo urbano, que exima do cumprimento da esixencia de parcela mínima para segregacións aprobadas con anterioridade ao PXOM. Deste xeito quedará solventada a problemática exposta polo alegante. De tódolos xeitos, cómpre apuntar que no texto desta ordenanza inclúese a posibilidade de reducir a parcela ate 300 metros cadrados no caso en que se opte por construír en tipoloxía pareada. Enténdese pois aceptada parcialmente a alegación.
NOTAS	Alegación aceptada parcialmente.

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003180
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012 DAS PARCELAS COA REF. CATASTRAL NÚM.: 15069A069000870000PZ, SITUADA NA CAMPARA - CORES
CONTESTACIÓN	Acéptase a solicitude, corrixindo a ordenación proposta. Ampliarase o límite de solo de núcleo rural histórico, abrangendo entre outras, a parcela obxecto de alegación.
NOTAS	Alegación aceptada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	20120000003181
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012 DAS PARCELAS SITUADAS EN TELLA
CONTESTACIÓN	<p>A alegación fai referencia a tres parcelas situadas no entorno de A Gándara, as cales foron clasificadas como solo rústico de especial protección agropecuaria no plan aprobado inicialmente en 2.012. En dirección oeste atópase un ámbito de núcleo rural histórico, e en dirección leste, núcleo rural de tipo común. O alegante solicita que sexan incorporadas a solo de núcleo rural de tipo histórico.</p> <p>A solicitude do alegante non respecta as condicións legalmente esixidas na lei 9/2002 ao respecto da delimitación de núcleos rurais (lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, artigo 13, parágrafo 3, liña a.), en concreto, non cumpriría coa distancia máxima de 50m. Medidos dende as últimas edificacións tradicionais. Por este motivo non é posible aceptar a súa solicitude.</p> <p>Sen embargo si foi posible incluílas no solo de núcleo rural común, considerándose deste xeito que a alegación foi aceptada.</p>
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	20120000003186
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012 POR UNHA PARCELA SITUADA NA OURADA, CORES PARA PODER DESENVOLVER UNHA EXPLOTACIÓN GANDEIRA
CONTESTACIÓN	Os terreos aos que fai referencia a alegación foron clasificados como solo rústico no PXOM aprobado inicialmente en 2.012, como tamén o estaban no Plan aprobado en 2.002. As especiais proteccións agropecuarias e forestais derivan dun cambio legislativo posterior ao Plan aprobado en 2.002, mais resultan acordes á natureza dos solos en cuestión, e ao seu uso actual. Considérase porén que a solicitude foi aceptada.
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	20120000003187
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012 POR UNHA PARCELA SITUADA NA CAMPARA, CORES E QUE QUEDA FÓRA DE ORDENACIÓN
CONTESTACIÓN	<p>A alegante solicita que unha parcela, da súa propiedade, situada no entorno Campara quede recollida dentro de ordenación. Dita parcela ten unha gran extensión, presentando fronte a un camiño público nun dos seus frontes. Dito marxe foi xa clasificado no documento aprobado inicialmente en 2.012 como solo de núcleo rural histórico, deixando o seu fondo clasificado como solo rústico de especial protección agropecuaria.</p> <p>De acordo ás condicións legalmente establecidas en canto á delimitación de núcleos rurais, na lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, artigo 13, parágrafo 3, liña a., resulta imposible incluír toda a superficie de dita parcela dentro da delimitación de núcleo, en tanto que se incumprirían as condicións de distancia máxima dende as últimas edificacións tradicionais, e de consolidación mínima do asentamento. Así pois, a clasificación de solo rústico de especial protección agropecuaria considérase que é a axeitada tendo isto en conta, e a natureza da parcela, así como o seu uso actual.</p> <p>De todos modos, as situacións de fora de ordenación quedan explicadas na normativa do PXOM, facendo referencia á compatibilidade dos usos e edificacións existentes cos permitidos segundo a clase de solo da que se trate. Na análise da ordenación proposta non se atoparon motivos que fagan pensar que dita parcela quedará en situación de fora de ordenación, pese a isto, e dado que non se introducen cambios con respecto ao documento aprobado inicialmente en 2.012, a solicitude da alegante considérase que non foi aceptada.</p>
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	20120000003188
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012 POR UNHA PARCELA DENOMINADA OSMO DE ABAIXO OU OSMO GRANDE DE ABAIXO SITUADA EN CORME PORTO
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación, incorporando os terreos en cuestión á clasificación de solo urbano, sen prexuízo do obrigado cumprimento das limitacións ao uso derivadas das proteccións da costa. Mantense así pois o límite de solo urbano do Plan aprobado en 2.002 neste ámbito.
NOTAS	Alegación aceptada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003189
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012 POR DÚAS PARCELAS QUE QUEDAN FÓRA DE ORDENACIÓN SITUADAS EN PAZOS COA REF. CATASTRAL NÚMERO: 15069A501105210000OZ 15069A047001950000PF
CONTESTACIÓN	Conforme ós criterios de delimitación de solo de núcleo rural, que se expoñen na Memoria Xustificativa, e conforme ás últimas modificacións introducidas na Lei 9/2002, os núcleos rurais deben acadar un grao de consideración mínimo para ser clasificados como tales. A este respecto, no caso dos Solos de Núcleo Rurais Comúns, o grao de consolidación será como mínimo do 33%. O aumento sistemático da superficie dun núcleo rural conleva a unha redución do grao de consolidación. É por isto que nesta caso particular non se pode aumentar a superficie do núcleo rural, xa que non se acadaría o grao de consolidación mínimo esixido pola Lei 9/2002. Por todo isto, non é posible estimar a alegación.
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003203
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHAS FINCAS SITUADAS EN CEREZO DE ARRIBA
CONTESTACIÓN	Achéganse ao escrito de alegación dous planos, nos que se indican unha serie de áreas, das que a alegante maniféstase como titular. Destes terreos dise que no Plan aprobado en 2.002 formaban parte de núcleo, e que no PXOM aprobado inicialmente en 2.012 foron clasificadas como solo rústico. En primeiro lugar, sinálase sobre o plano de ordenación detallada de núcleos do PXOM aprobado inicialmente en 2.012 un ámbito de máis de 7.000 m2 de superficie entre Cerezo de Arriba e Cerezo de Abaixo (ambos clasificados como SNRH). Logo de revisar as posibilidades destes terreos, decidiuse ampliar a delimitación de solo de núcleo rural de tipo histórico de Cerezo de Abaixo, incluíndo parte da superficie indicada pola alegante. Non é posible incluír totalmente os terreos solicitados, en tanto que se incumprirían as condicións fixadas pola lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (artigo 13, parágrafo 3, liña a), no que respecta á distancia máxima medida dende as últimas edificacións tradicionais, e ao grado mínimo de consolidación. En segundo lugar, sobre o Plan aprobado en 2.002 sinálanse varias áreas: ao sur de Carballido, ao suroeste de Cerezo de Arriba, e ao surdeste de Cerezo de Abaixo. Ningunha destas áreas tiña a clasificación de núcleo rural no Plan de 2.002, e no Pxom de 2.012 mantéñense como solo rústico de acordo ás condicións fixadas ao respecto pola lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Considérase porén, que a solicitude foi aceptada só parcialmente.
NOTAS	Alegación aceptada parcialmente



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003205
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA SITUADA NO PASEO MARÍTIMO DE CORME
CONTESTACIÓN	<p>Acéptase a alegación replanteando a ordenación proposta, que certamente englobaba nun mesmo ámbito de planeamento remitido casos que parten de situacións moi diversas.</p> <p>Así pois, decidiuse crear un novo ámbito de planeamento remitido, en solo urbano non consolidado, que recolle unicamente a parcela obxecto de alegación. Deste xeito o desenrolo da mesma non atenderá ao reparto de cargas e beneficios con outros propietarios, resolvendo aínda así o problema tipolóxico e de remate da trama existente.</p> <p>Dito PERI deberá ordenar o volume resultante, con uso residencial en tipoloxía de vivenda plurifamiliar similar á existente no seu marxe oeste, e ceder unha pequena parte de espazo libre de sistema local cara o marxe leste da parcela, a cal entendemos que non debe ser edificada na súa totalidade.</p> <p>Pese ás propostas do PXOM o desenvolvemento quedará supeditado ao informe favorable da Demarcación de Costas, para o cal se deberá elaborar un estudo de consolidación do tramo de fachada marítima en cuestión. Isto débese a que se atopa afectado na meirande parte da súa superficie pola servidume de protección de costas.</p> <p>Enténdese pois que a alegación foi aceptada parcialmente, en canto a que se independiza da xestión con outros propietarios, e se posibilita o uso residencial no ámbito obxecto de alegación, sempre que así o autorice a Demarcación de Costas.</p>
NOTAS	Alegación parcialmente aceptada


Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003206
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA SITUADA NA ZONA ESCOLAR
CONTESTACIÓN	<p>A alegación estrutúrase en dúas solicitudes:</p> <p>1) En primeiro lugar, faise referencia a unha parcela ubicada no lugar de A Pesqueira, en contacto co solo urbano de Ponteceso, e que na proposta do PXOM foi clasificada como solo rústico de especial protección forestal.</p> <p>O alegante solicita para esta parcela a consideración de solo urbano consolidado.</p> <p>Nos antecedentes de planeamento pode comprobarse que o Plan aprobado en 2.002 clasificaba dita parcela como solo urbano, mais remitíndoa á redacción dun PERI, e previndo para ela un uso dotacional.</p> <p>As circunstancias desta área en canto á súa urbanización non mudaron dende entón, pois segue a apoiarse nun viario de características rústicas, carente de servizos urbanos.</p> <p>Por outra banda, a elevada pendente do terreo impediría a continuación dos viarios propostos no Plan de 2.002, e mesmo a execución do equipamento.</p> <p>Así pois, a inviabilidade da continuación da trama, a falla de servizos, e a renuncia ao equipamento, fixeron que se reconsiderase a ordenación proposta polo Plan 2.002, entendendo que as características do solo non o fan apto. No seu lugar propónse un uso residencial en tipoloxías unifamiliares, mais igualmente remitida ao desenrolo dun PERI en solo urbano non consolidado.</p> <p>2) En segundo lugar, alégase en contra das aliñacións planteadas nunha parcela de solo urbano con fronte á Avenida de Eduardo Pondal.</p> <p>Neste sentido, aceptouse a corrección da aliñación do viario perpendicular á avenida (fronte leste da parcela), definindo a cesión de xeito equilibrado nos dous frontes do mesmo.</p> <p>Para o seu trazado asumíuse a sección de dez metros de anchura que fixaba o Plan aprobado en 2.002, equidistando 5 metros dende o eixo a ambos lados. Sen embargo, non se respectan os volumes edificados na actualidade, posto que se trata de vivendas unifamiliares en ambos marxes, mentres que a ordenanza asignada é a de vivenda plurifamiliar cunha altura máxima de catro plantas (B+3). Así pois, no momento en que se decida adaptar a edificación ao permitido na ordenanza deberán respectarse as aliñacións fixadas.</p> <p>Considérase que a alegación foi aceptada parcialmente.</p>
NOTAS	Alegación aceptada parcialmente



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003208
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA VIVENDA SITUADA NA NO CAMPO DA FEIRA, A TRABE
CONTESTACIÓN	É criterio adoptado polo Plan Xeral incluír no Catálogo de Patrimonio aqueles elementos de interese artístico, arquitectónico ou etnográfico que foron recoñecidos e inventariados segundo un rigoroso estudo dos mesmos. A relación de elementos catalogados foi informada favorablemente pola Consellería de Cultura no seu Informe ao Documento de Aprobación Inicial do Plan.
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003211
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069B502003080000EX SITUADA NA BUGALLEIRA
CONTESTACIÓN	Conforme ós criterios de delimitación de solo de núcleo rural, que se expoñen na Memoria Xustificativa, e conforme ás últimas modificacións introducidas na Lei 9/2002, os núcleos rurais deben acadar un grao de consideración mínimo para ser clasificados como tales. A este respecto, no caso dos Solos de Núcleo Rurais Comúns, o grao de consolidación será como mínimo do 33%. O aumento sistemático da superficie dun núcleo rural conleva a unha redución do grao de consolidación. É por isto que nesta caso particular non se pode aumentar a superficie do núcleo rural, xa que non se acadaría o grao de consolidación mínimo esixido pola Lei 9/2002. Por todo isto, non é posible estimar a alegación.
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003213
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHAS FINCAS SITUADAS NA GRAÑA E EN LESTIMOÑO DE ARRIBA
CONTESTACIÓN	Os terreos aos que fai referencia a alegación foron clasificados no PXOM aprobado inicialmente en 2.012 como solo rústico de especial protección das augas, de infraestruturas, e agropecuaria. Non é posible mudar esta clasificación a solo de núcleo rural, en tanto que non se cumpriría o disposto na Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, no seu artigo 13, punto 3.a)., que textualmente di: Artigo 13º 3.a) Núcleo rural histórico-tradicional, caracterizado como tal en función das súas características morfolóxicas, da tipoloxía tradicional das edificacións, da vinculación coa explotación racional dos recursos naturais ou de circunstancias doutra índole que manifesten a imbricación tradicional do núcleo co medio físico no que se sitúa. A súa delimitación realizarase en atención á proximidade das edificacións, aos lazos de relación e coherencia entre lugares dun mesmo asentamento con topónimo diferenciado e á morfoloxía e ás tipoloxías propias dos devanditos asentamentos e da área xeográfica na que se atopan (casal, lugar, aldea, rueiro ou outro), de modo que o ámbito delimitado presente unha consolidación pola edificación de, polo menos, o 50%, de acordo coa ordenación proposta e trazando unha liña perimetral que encerre as edificacións tradicionais do asentamento seguindo o parcelario e as pegadas físicas existentes (camiños, ríos, regatos, cómaros e outros) e, como máximo, a 50 metros das devanditas edificacións tradicionais. Aceptouse pois a alegación nos casos en que se cumprían as distancias máximas de 50 metros, medidos dende as edificacións tradicionais recollidas no núcleo rural histórico. Sen embargo, decidiuse corrixir a ordenación proposta, eliminando a clasificación de solo rústico de especial protección das augas, entendendo que dita redución é acorde á natureza e morfoloxía do terreo. De todos modos, as situacións de fora de ordenación quedan explicadas na normativa do PXOM, facendo referencia á compatibilidade dos usos e edificacións existentes cos permitidos segundo a clase de solo da que se trate. Por todo isto foi imposible satisfacer a solicitude, e considérase que a alegación foi desestimada.
NOTAS	Alegación denegada




Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003214
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA SITUADA EN CORME PORTO
CONTESTACIÓN	<p>O alegante presenta unha alegación acompañada dun plano no que graficamente se sinalan dúas áreas dentro dunha mesma propiedade, como parcelas obxecto de alegación. A solicitude fai alusión á reconsideración das aliñacións propostas, de xeito que ambas resulten edificables.</p> <p>O Plan aprobado inicialmente en 2.012 sinalaba dita propiedade como "área libre de edificación", o cal impedía todo tipo de construción.</p> <p>O Plan Aprobado en 2.002 propuña o trazado dunha nova rúa, mais sorprendentemente este trazado prevíase sobre solo urbano consolidado, sen plantexar ningún tipo de reparto de cargas e beneficios, polo que non queda claro quen debería facerse cargo da súa urbanización.</p> <p>O Viario proposto no Plan aprobado en 2.002 non só afecta á parcela obxecto da alegación, senón que precisa da colaboración doutros propietarios, malia a isto, plantéanse aliñacións sobre del sen que exista un proxecto conxunto. Este planteamento non responde ás solucións que aportan os instrumentos legais de xestión do solo, e non respalda a consideración de solo urbano consolidado, ou de "solar", en tanto que se está a recoñecer a necesidade dun novo viario, porén requírese completar a urbanización.</p> <p>En base a estes antecedentes urbanísticos, decidiuse rectificar a ordenación proposta no plan aprobado inicialmente en 2.012, recollendo a parcela obxecto de alegación como solo urbano non consolidado quedando remitido á formulación dun PERI.</p> <p>Deste xeito, a parcela en cuestión si terá a posibilidade de edificar, mais só poderá facelo logo de aprobar o correspondente plan especial de reforma interior (PERI).</p> <p>Enténdese que a alegación non foi aceptada, posto que aínda que deste xeito a parcela resulta edificable, realmente non se poderá executar a edificación ata a aprobación do correspondente PERI.</p>
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003215
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 04314408520100MM01, SITUADA EN SAN ANTONIO, XORNES
CONTESTACIÓN	<p>O alegante presenta a solicitude de que a ordenación contida no Plan aprobado inicialmente en 2.012 sexa corrixida, de xeito que unha parcela da súa propiedade que dentro de ordenación.</p> <p>As situacións de fora de ordenación quedan explicadas na normativa do PXOM, facendo referencia á compatibilidade dos usos e edificacións existentes cos permitidos segundo a clase de solo da que se trate.</p> <p>A parcela en cuestión foi clasificada como solo rústico de especial protección agropecuaria, o cal responde ao seu uso actual e ás súas características naturais. Non se coñece a existencia de ningún tipo de edificación nin uso que puidera entrar en conflito cos permitidos nesta clase de solo rústico, polo que non hai motivos que induzan a pensar que debido á ordenación proposta foi a incorrer nunha situación de fóra de ordenación.</p> <p>Por outro lado, confirmouse que no anterior plan, o aprobado en 2.002, esta parcela xa figuraba clasificada como solo rústico.</p> <p>Posto que non se modifica a ordenación con respecto ao documento aprobado inicialmente no que respecta á parcela obxecto de alegación, enténdese que a solicitude non foi aceptada.</p>
NOTAS	Alegación denegada
Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003216
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA SITUADA EN CORME PORTO
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación, admitindo a corrección na liña de fondo da edificación, de acordo á realidade existente.
NOTAS	Alegación aceptada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003217
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA SITUADA EN TELLA
CONTESTACIÓN	<p>As situacións de fora de ordenación quedan explicadas na normativa do PXOM, facendo referencia á compatibilidade dos usos e edificacións existentes cos permitidos segundo a clase de solo da que se trate.</p> <p>A alegación fai referencia a catro parcelas, dúas das cales xa figuran clasificadas como solo de núcleo rural no documento do PXOM na súa fase de Aprobación Inicial, estando ambas edificadas. As condicións esixidas pola ordenanza en cuestión serán as que conclúan se están ou non fora de ordenación. Nesta fase do documento inclúense excepcións de cumprimento destas condicións da ordenanza, para parcelas xa edificadas. En calquera caso, se as edificacións quedase fora de ordenación total ou parcialmente, non é posible a personalización destas ordenanzas a casos concretos, posto que son de aplicación en tódolos solos así cualificados no concello.</p> <p>As outras dúas atópanse en solo rústico de protección agropecuaria, en contacto co límite de solo de núcleo rural común, mais non se consideraron aptas para a ampliación do asentamento, no caso da situada máis ao oeste por non posuír fronte ao viario que estrutura o asentamento, e no caso da parcela leste por non reunir as condicións esixidas para edificar segundo a ordenanza correspondente, e por considerar que de prever unha maior expansión do asentamento esta debera dirixirse cara os asentamentos existentes ao norte e leste, e non na dirección proposta. Doutra banda, a ampliación sistemática do solo de núcleo rural común sobre parcelas non edificadas produce unha diminución do grao de consolidación esixida no artigo 13 da Lei 9/2002.</p>
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003218
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA SITUADA EN CEREZO DE ARRIBA
CONTESTACIÓN	<p>As situacións de fora de ordenación quedan explicadas na normativa do PXOM, facendo referencia á compatibilidade dos usos e edificacións existentes cos permitidos segundo a clase de solo da que se trate.</p> <p>Sen embargo, tras revisar a ordenación proposta, decidiuse ampliar a delimitación de solo de núcleo rural histórico, incluíndo a parcela obxecto de alegación, en tanto que se comprobou que cumpre as condicións legalmente establecidas ao caso para a delimitacións de núcleos na lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.</p> <p>Considérase porén a alegación aceptada.</p>
NOTAS	Alegación aceptada
Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003219
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A089000550001AW SITUADA EN CORES
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación, incluíndo parte da parcela en solo de núcleo rural común.
NOTAS	Alegación aceptada
Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003220
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A068000480001AJ SITUADA EN CORES
CONTESTACIÓN	<p>Acéptase a solicitude, incluíndo a parcela en cuestión como solo de núcleo rural de tipo histórico, mais de acordo ás limitacións que ao efecto dispón a lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, no seu artigo 13, parágrafo 3, liña a. Ditas condicións non permiten recoller como SNRH a totalidade da superficie da parcela, pois excederíanse os 50 metros medidos dende as últimas edificacións tradicionais.</p> <p>Porén, a solicitude considérase aceptada parcialmente.</p>
NOTAS	Alegación aceptada parcialmente



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003221
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A06800006000PX SITUADA EN CORES
CONTESTACIÓN	<p>A alegación solicita que unha parcela que foi clasificada como solo rústico de especial protección agropecuaria pase a formar parte do solo de núcleo rural común de Cores. Dita parcela, non se apoia nos viarios que aportan a estrutura do asentamento, e segundo as súas aptitudes e uso actual, o equipo redactor entende que debe ser clasificada como solo rústico de especial protección agropecuaria, de acordo aos criterios xerais de clasificación expostos no volume de memoria xustificativa do Plan.</p> <p>Entre os argumentos expostos polo alegante indícase que forma parte da parcela ocupada por unha vivenda, mais este motivo non é suficiente para a súa inclusión no núcleo, pois en tal caso trataríase dun fondo excesivo e quedaría igualmente excluída da clasificación de solo de núcleo rural.</p> <p>Por estes motivos non é posible aceptar a alegación.</p>
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003222
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 8677261NH0887N0001LX SITUADA EN PONTEVEDRA
CONTESTACIÓN	<p>Acéptase a alegación. A parcela obxecto de alegación será reconsiderada como solo urbano consolidado, excluíndoa do ámbito remitido a PERI que se definía sobre ela no documento de Plan aprobado inicialmente en 2,012.</p>
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003223
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A007005550000PW SITUADA EN PONTEVEDRA
CONTESTACIÓN	<p>A solicitude da alegante é a de clasificación como solo de núcleo rural común dunha finca que foi considerada solo rústico, lindante co solo urbano, e que non está edificada.</p> <p>No planeamento vixente que se está a revisar dita finca xa figuraba como solo rústico.</p> <p>Non se dan as condicións necesarias que establece a lei 9/2002 no seu artigo 13 para a delimitación de núcleos rurais de tipo común, sendo totalmente inviable a clasificación como tal dunha única parcela.</p> <p>Posto que o solo edificable lindante coa parcela ten a consideración de solo urbano, puidérase sobreentender que é esta a clasificación que solicita a alegante, mais a clasificación directa de solo rústico a urbano, queda explicitamente prohibida no artigo 95, punto 1 da Lei 9/2002.</p> <p>Por estes motivos resulta imposible aceptar a alegación.</p>
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003224
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A070003160001AF SITUADA EN CORES
CONTESTACIÓN	<p>Acéptase a alegación na medida en que se cumpren as condicións legalmente establecidas para a delimitación de núcleos rurais no artigo 13, parágrafo 3 da lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.</p> <p>Non é posible, sen embargo clasificar a totalidade da parcela como solo de núcleo rural histórico debido a que se exceden os 50 metros de distancia máxima medidos dende as últimas construcións de carácter tradicional, condición incluída no artigo antes referido.</p>
NOTAS	Alegación aceptada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003225
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A085007730000PI SITUADA NA GRAÑA
CONTESTACIÓN	<p>Acéptase a alegación incluíndo parte da parcela como solo de núcleo rural de tipo histórico, mais non é posible incluír nesta clase de solo a totalidade da parcela, pois incumpriría a condición de distancia máxima de 50 metros medidos dende as últimas edificacións tradicionais, tal e como se fixa na liña a), parágrafo 3 do artigo 13 da lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.</p> <p>A solicitude considérase que foi aceptada, en tanto que a parcela resulta edificable.</p>
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003226
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A087002690000PO SITUADA EN BRANTUAS DE ARRIBA
CONTESTACIÓN	<p>Acéptase a alegación, incorporando parte da parcela en cuestión ao solo de núcleo rural de tipo histórico.</p> <p>Non é posible sen embargo, recoller nesta clasificación SNRH a totalidade da parcela, en tanto que se incumpriría a distancia máxima de 50 metros medidos dende as últimas edificacións tradicionais, segundo se dispón na lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, no seu artigo 13, parágrafo 3.</p> <p>Non se admite a redución da parcela mínima edificable, como solicita a alegante, entendendo que non atendería á morfoloxía do asentamento. Sen embargo, infórmase de que foron introducidos cambios na ordenanza SNRH, indicando que o parámetro de parcela mínima edificable será só aplicable a efectos de novas parcelacións, podendo considerar como edificables parcelas preexistentes á aprobación do PXOM, en tanto superen a superficie mínima esixida na lei 9/2002, de 300m².</p>
NOTAS	Alegación aceptada parcialmente.

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003227
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A088006830000PB SITUADA EN BRANTUAS
CONTESTACIÓN	<p>Os terreos obxecto de alegación atópanse situados a unha distancia superior a 50 metros medidos dende as edificacións de orixe tradicional o antiga. Por este motivo non foron incluídos dentro da delimitación de núcleo rural, establecida na Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección del medio rural de Galicia. Transcríbese a continuación o artigo 13, parágrafo 3, liña a), que fixa as condicións para a delimitacións de SNRH:</p> <p>"3.A delimitación dos núcleos rurais que o plan xeral estableza virá referida a algún ou algúns dos seguintes tipos básicos:</p> <p>a) Núcleo rural histórico-tradicional, caracterizado como tal en función das súas características morfolóxicas, da tipoloxía tradicional das edificacións, da vinculación coa explotación racional dos recursos naturais ou de circunstancias doutra índole que manifesten a imbricación tradicional do núcleo co medio físico no que se sitúa.</p> <p>A súa delimitación realizarase en atención á proximidade das edificacións, aos lazos de relación e coherencia entre lugares dun mesmo asentamento con topónimo diferenciado e á morfoloxía e ás tipoloxías propias dos devanditos asentamentos e da área xeográfica na que se atopan (casal, lugar, aldea, rueiro ou outro), de modo que o ámbito delimitado presente unha consolidación pola edificación de, polo menos, o 50%, de acordo coa ordenación proposta e trazando unha liña perimetral que encerre as edificacións tradicionais do asentamento seguindo o parcelario e as pegadas físicas existentes (camiños, ríos, regatos, cómaros e outros) e, como máximo, a 50 metros das devanditas edificacións tradicionais."</p> <p>Non existe, polo tanto, argumento legal que xustifique o cambio de clasificación.</p> <p>Por todo isto non é posible aceptar a alegación.</p>
NOTAS	Alegación denegada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003228
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A094000200000PR SITUADA EN BRANTUAS
CONTESTACIÓN	Os terreos obxecto de alegación atópanse situados a una distancia superior a 50 metros medidos dende as edificacións de orixe tradicional o antiga. Por este motivo non foron incluídos dentro da delimitación de núcleo rural histórico, xa que se incumpren as condicións fixadas na Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (artigo 13, parágrafo 3) Non existe, porén, argumento legal que xustifique o cambio de clasificación e non é posible aceptar a alegación.
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003229
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A090000100001AB SITUADA EN CORES
CONTESTACIÓN	Os terreos obxecto de alegación atópanse situados a una distancia superior a 50 metros medidos dende as edificacións de orixe tradicional o antiga. Por este motivo non foron incluídos dentro da delimitación de núcleo rural histórico, xa que se incumpren as condicións fixadas na Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (artigo 13, parágrafo 3) Non existe, porén, argumento legal que xustifique o cambio de clasificación e non é posible aceptar a alegación.
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003230
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A089001480000PG SITUADA EN CORES
CONTESTACIÓN	<p>A parcela obxecto de alegación non se considera integrada no tecido do núcleo rural de tipo común, posto que non segue a tipoloxía lineal existente. Apóiase sobre un viario que non soporta ningunha edificación, e suporía unha ampliación do núcleo sobre terreos vacantes.</p> <p>A continuación expónse o contido do artigo 13 da lei 9/2002 que fai referencia ás condicións de delimitación de núcleos rurais. Artigo 13º.-Solo de núcleo rural.</p> <p>1.Constitúen o solo de núcleo rural as áreas do territorio que serven de soporte a un asentamento tradicional de poboación singularizado, identificable e diferenciado administrativamente nos censos e padróns oficiais, que o plan xeral defina e delimite como tales tendo en conta, polo menos, a súa inclusión como tal ou na da súa área de influencia en plans anteriores, o número de edificacións, a densidade de vivendas, o seu grao de consolidación pola edificación e, de ser o caso, a tipoloxía histórico-tradicional da súa armazón e das edificacións existentes nel.</p> <p>2. Os plans xerais, en congruencia co modelo de asentamento poboacional que incorporen no estudo do medio rural, delimitarán o ámbito dos núcleos rurais do seu termo municipal en atención aos parámetros anteriores; significadamente, os antecedentes existentes de delimitacións anteriores, as súas peculiaridades urbanísticas e morfolóxicas e a súa capacidade de acollida da demanda previsible do uso residencial no medio rural. A definición do seu perímetro realizarase en función das condicións topográficas e da estrutura da propiedade e do seu nivel de integración nas dotacións e servizos existentes nel nos termos previstos nos artigos 24º e 172º.1 desta lei, e axustaranse ás infraestruturas e pegadas físicas dos elementos naturais existentes, sendo necesario, se é o caso, prever a total urbanización e suficiencia das redes de dotacións, comunicacións e servizos.</p> <p>3.A delimitación dos núcleos rurais que o plan xeral estableza virá referida a algún ou algúns dos seguintes tipos básicos:</p> <p>a) Núcleo rural histórico-tradicional, caracterizado como tal en función das súas características morfolóxicas, da tipoloxía tradicional das edificacións, da vinculación coa explotación racional dos recursos naturais ou de circunstancias doutra índole que manifesten a imbricación tradicional do núcleo co medio físico no que se sitúa.</p> <p>A súa delimitación realizarase en atención á proximidade das edificacións, aos lazos de relación e coherencia entre lugares dun mesmo asentamento con topónimo diferenciado e á morfoloxía e ás tipoloxías propias dos devanditos asentamentos e da área xeográfica na que se atopan (casal, lugar, aldea, rueiro ou outro), de modo que o ámbito delimitado presente unha consolidación pola edificación de, polo menos, o 50%, de acordo coa ordenación proposta e trazando unha liña perimetral que encerre as</p>



edificaci3ns tradicionais do asentamento seguindo o parcelario e as pegadas f3sicas existentes (cami3os, r3os, regatos, c3maros e outros) e, como m3ximo, a 50 metros das devanditas edificaci3ns tradicionais.

B) N3cleo rural com3n, incluíranse neste tipo aqueles asentamentos de poboaci3n recoñecibles como solo de n3cleo rural pero que non presentan as características necesarias para a s3a inclusi3n no tipo b3sico anterior. A s3a delimitaci3n deber3 de facerse en funci3n das previsi3ns de crecemento que o plan xeral establece para o n3cleo e tendo en conta que o 3mbito delimitado deber3 presentar un grao de consolidaci3n pola edificaci3n, de acordo coa ordenaci3n urbanística que para el se prevexa no plan, igual ou superior a un terzo da s3a superficie.

C) N3cleo rural complexo, incluíranse neste tipo aqueles asentamentos de poboaci3n caracterizados por ser resultado da concorrencia e compatibilidade no seo dun mesmo asentamento rural dos dous tipos b3sicos precedentes; nese caso ser3 obrigatorio diferenciar o correspondente ao tipo a) mediante a s3a correspondente delimitaci3n efectuada segundo as previsi3ns contidas na al3nea 3.a) deste artigo.

Non 3 posible aceptar a alegaci3n

NOTAS Alegaci3n denegada

N3 REXISTRO DE ENTRADA **20120000003231**

CONTIDO DA ALEGACI3N PRESENTA ALEGACI3NS AO PXOM-2012, EN RELACI3N A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A007006950000PT, SITUADA EN PONTECESO

CONTESTACI3N A solicitude do alegante 3 a de clasificaci3n como solo de n3cleo rural com3n dunha finca que foi considerada solo r3stico. No planeamento vixente que se est3 a revisar dita finca xa figuraba como solo r3stico. Non se dan as condici3ns necesarias que establece a lei 9/2002 no seu artigo13 para a delimitaci3n de n3cleos rurais de tipo com3n, sendo totalmente inviable a clasificaci3n como tal. Posto que o solo edificable m3is pr3ximo 3 parcela ten a consideraci3n de solo urbano, puid3rase sobreentender que 3 esta a clasificaci3n que solicita o alegante, mais o cambio de clasificaci3n directo de de solo r3stico a urbano, queda explicitamente prohibida no artigo 95, punto 1 da Lei 9/2002.

Por estes motivos resulta imposible aceptar a alegaci3n.

NOTAS Alegaci3n denegada

N3 REXISTRO DE ENTRADA **201200000003232**

CONTIDO DA ALEGACI3N PRESENTA ALEGACI3NS AO PXOM-2012, EN RELACI3N A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A007005530000PU, SITUADA EN PONTECESO

CONTESTACI3N A solicitude do alegante 3 a de clasificaci3n como solo de n3cleo rural com3n dunha finca que foi considerada solo r3stico. No planeamento vixente que se est3 a revisar dita finca xa figuraba como solo r3stico. Non se dan as condici3ns necesarias que establece a lei 9/2002 no seu artigo13 para a delimitaci3n de n3cleos rurais de tipo com3n, sendo totalmente inviable a clasificaci3n como tal. Posto que o solo edificable m3is pr3ximo 3 parcela ten a consideraci3n de solo urbano, puid3rase sobreentender que 3 esta a clasificaci3n que solicita o alegante, mais o cambio de clasificaci3n directo de de solo r3stico a urbano, queda explicitamente prohibida no artigo 95, punto 1 da Lei 9/2002.

Por estes motivos resulta imposible aceptar a alegaci3n.

NOTAS Alegaci3n denegada

N3 REXISTRO DE ENTRADA **201200000003233**

CONTIDO DA ALEGACI3N PRESENTA ALEGACI3NS AO PXOM-2012, EN RELACI3N A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A5030021300000T, SITUADA EN ANLLONS GRANDE

CONTESTACI3N Os planos que se axuntan 3 alegaci3n non se corresponden coa referencia catastral indicada. Dado que nos planos aportados non se sinala ningunha parcela, considerarase que a solicitude corresponde 3 referencia catastral. A parcela correspondente 3 referencia catastral que figura no recibo de IBI axuntado ten a clasificaci3n de solo r3stico no Planeamento Vixente de 2.002, e non de n3cleo rural como se di na alegaci3n. Independentemente disto, at3pase situada a una distancia superior a 50 metros medidos dende as edificaci3ns de orixe tradicional o antiga. Por este motivo non foron incluídos dentro da delimitaci3n de n3cleo rural hist3rico, xa que se incumpren as condici3ns fixadas na Lei 9/2002 de ordenaci3n urbanística e protecci3n do medio rural de Galicia (artigo 13, par3grafo 3) Non existe, polo tanto, argumento legal que xustifique o cambio de clasificaci3n. Por todo isto non 3 posible aceptar a alegaci3n.

NOTAS Alegaci3n denegada.




Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003234
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 8381738NH0888S0001AQ, SITUADA NO LUGAR DO XUNCAL, ANLLONS GRANDE
CONTESTACIÓN	Os planos que se axuntan á alegación non se corresponden coa referencia catastral indicada. Dado que nos planos aportados non se sinala ningunha parcela, considerarase que a solicitude corresponde á referencia catastral. A parcela en cuestión atópase afectada pola Rede Natura, sendo considerada Zona de Especial Valor Natural, e Zona de Especial Protección das Aves na ampliación da Rede Natura 2000, dentro do Lugar de Interese Comunitario ES1110005. Ademais, o Plan do Litoral de Galicia inclúea na protección de Corredor Ecolóxico. Todas estas proteccións, que exceden o alcance do PXOM, obrigan , segundo o disposto no artigo 32.2.f) da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, á súa clasificación como solo rústico de especial protección dos valores naturais. Así mesmo, a proximidade ao canle, implica a súa especial protección de solo rústico das augas. De tódolos xeitos, a parcela non reúne as condicións esixidas na citada lei, artigo 11 para a súa clasificación de solo urbano, por non estar integrada na malla urbana. Por todo isto é imposible aceptar a alegación.
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003235
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 1569008891, SITUADA NA CAMPARA
CONTESTACIÓN	Acéptase parcialmente a alegación, ampliando a delimitación de solo de núcleo rural de tipo común. Deste xeito apórtase regularidade ao asentamento, e certo marxe ao alegante para a construción dos elementos auxiliares que menciona na alegación. Sen embargo, non se admite a solicitude de inclusión da totalidade da parcela en solo de núcleo rural, pois posúe un fondo excesivo sen soporte viario. Noutro orden de cousas, infórmase ao alegante de que nas ordenanzas de núcleo rural foron introducidos cambios, en particular respecto ás construcións auxiliares ou anexas, onde se aumenta a porcentaxe máxima de ocupación en planta permitido.
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003236
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15690088427, SITUADA NA CAMPARA
CONTESTACIÓN	A alegante solicita a incorporación dunha parcela que foi clasificada como solo rústico de especial protección agropecuaria, ao solo de núcleo rural histórico ou común. A parcela en cuestión atópase xa edificada, feito que non se reflectía na cartografía empregada para elaborar o PXOM, e que por tanto non foi tido en conta. Logo de comprobar que a parcela obxecto de alegación cumpre coas condicións legalmente establecidas pola lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, con respecto á delimitación de núcleos rurais de tipo histórico, (artigo 13, parágrafo 3, liña a.), a ordenación proposta foi corrixida, incorporándoa á clasificación de solo de núcleo rural de tipo histórico. Advírtese sen embargo, que non toda a superficie da parcela cumpre coa distancia máxima de 50 metros medidos dende as últimas edificacións tradicionais fixada no citado artigo da lei 9/2002, polo que non poderá ser clasificada como núcleo rural na súa totalidade. A solicitude do alegante considérase pois, aceptada.
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003237
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA, SITUADA EN PAZOS DE ABAIXO
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación, recollendo as edificacións existentes ao sur do núcleo rural histórico de Pazos como núcleo rural de tipo común, apoiándose no cumprimento das condicións establecidas ao caso no artigo 13 da lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Amplíanse asemade os parámetros máximos de ocupación en planta e de edificabilidade para actividades non residenciais, dentro da ordenanza de solo de núcleo rural de tipo común.
NOTAS	Alegación aceptada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003238
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A007009840001AG, SITUADA EN PONTECESO
CONTESTACIÓN	A referencia catastral achegada é un código catastral erróneo, segundo a Dirección General de Catastro. Pola descrición achegada, interprétase que a referencia correcta sería 15069A007009840001SG. Acéptase a alegación, recollendo parte da parcela en cuestión como solo urbano consolidado, e asignándolle a ordenanza SU-4, de vivenda unifamiliar.
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003239
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA
CONTESTACIÓN	O alegante sinala graficamente unha franxa ao sur do núcleo de Pazos, a cal quedou excluída da delimitación do asentamento. Solicita que se modifique a ordenación, de xeito que resulte dentro de ordenación. Unha vez revisada a proposta do PXOM aprobado inicialmente en 2.012, concluíuse que existe un erro de parcelario na cartografía, e que a franxa en cuestión debería ser incorporada ao límite de núcleo rural, así pois engádese baixo a ordenanza de solo de núcleo rural de tipo común. A solicitude considérase aceptada.
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003240
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA
CONTESTACIÓN	A parcela en cuestión atópase xa incluída parcialmente en núcleo rural de tipo común, tal e como solicita o alegante na documentación gráfica que acompaña ao escrito de alegación. Non se contempla a ampliación do mesmo sobre unha superficie maior da parcela obxecto de alegación, por non responder á morfoloxía do asentamento. Considérase que a solicitude do alegante queda satisfeita sen introducir cambios na ordenación proposta.
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003241
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA SITUADA EN TALLO
CONTESTACIÓN	A maioría dos terreos para os que se solicita a ampliación de núcleo rural de tipo histórico de O Petón atópanse a unha distancia superior a 50 metros medidos dende as últimas edificacións tradicionais. Por esta razón incumpren as condicións establecidas ao caso no artigo 13 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, con respecto aos núcleos de tipo tradicional. Acceptouse a alegación no caso dos terreos situados ao norte, entendendo que seguen a estrutura do asentamento e que cumpren todas as condicións para seren considerados parte do núcleo rural.
NOTAS	Alegación aceptada parcialmente

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003242
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL 15069A088010680000PS, SITUADA EN NEMEÑO
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación, incorporando a parcela en cuestión a solo de núcleo rural de tipo histórico.
NOTAS	Alegación aceptada




Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003243
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL 15069A085000060000PE, SITUADA EN NEMEÑO
CONTESTACIÓN	A parcela en cuestión xa posúe a clasificación de solo de núcleo rural, e mantense sen modificacións.
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003244
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL 15069A007004020000PQ SITUADA NO LUGAR DA VEREDA, EN TELLA
CONTESTACIÓN	Acéptase a solicitude achegada , incorporando parte da parcela obxecto de alegación á delimitación de solo de núcleo rural de tipo histórico, dentro das posibilidades que permiten as condicións fixadas ao caso no artigo 13, parágrafo 3, liña a), da Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia 9/2002, e as súas posteriores modificacións.
NOTAS	Alegación aceptada


Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003245
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHAS FINCAS CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A032001320000PR, 15069A043000210000PW, 15069A043000190000PA
CONTESTACIÓN	A alegación céntrase na solicitude de clasificación de núcleo rural común en dúas franxas de terreo, unha delas apoiada sobre a estrada AC421, e a outra sobre un viario local. Ambas próximas ao núcleo de A Piaia - Froxán Novo. Con respecto á franxa apoiada na estrada AC421, a administración encargada da supervisión da coherencia entre este tipo de estradas e as propostas de modificación do planeamento, é a Axencia Galega de Infraestruturas, a cal emitiu un informe desfavorable para o caso concreto de novos desenrols apoiados na estrada principal. Esta postura, que defende a seguridade da vía, e a súa correcta funcionalidade, vese respaldada polo disposto nas Directrices de Ordenación do Territorio, punto 3.1.5. "evitaranse os crecementos ao longo das vías de comunicación". Por esta razón descartouse a ampliacións de núcleo solicitada sobre a estrada AC421. As parcelas ao marxe norte, apoiadas sobre un viario local, estudáronse como núcleo rural de tipo común, en continuidade ao xa delimitado de A Piaia - Froxán Novo, co que linda parcialmente. Entendendo que estes terreos cumpren coas condicións establecidas ao caso para a delimitación de núcleos de tipo común no artigo 13 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, decidiuse aceptar a alegación incluíndo o fronte solicitado. Enténdese porén que a alegación foi aceptada parcialmente.
NOTAS	Alegación aceptada parcialmente.

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003246
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 4799604NH1849N0001EY EN PAZOS DE ABAIXO
CONTESTACIÓN	Non foi posible aceptar a alegación, posto que o camiño en cuestión non figura como tal en ningunha das cartografías oficiais existentes, e na actualidade tampouco in situ foi posible recoñecelo.
NOTAS	Alegación denegada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003247
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 47995NH1849N0001EY, SITUADA EN PAZOS
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación, recollendo as edificacións existentes ao sur do núcleo rural histórico de Pazos como núcleo rural de tipo común, apoiándose no cumprimento das condicións establecidas ao caso no artigo 13 da lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003248
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A087006120000PG, SITUADA NO LUGAR DOS ÁNXELES, BRANTUAS
CONTESTACIÓN	<p>A alegación achegada é un tanto confusa en canto ás fases do PXOM, e mesmo en relación á propia solicitude.</p> <p>No que respecta á tramitación do PXOM, a última fase aprobada foi a de Aprobación Inicial, polo que non é posible que existan as discrepancias argumentadas entre esta e a Aprobación Provisional, xa que a Aprobación Provisional aínda non se produciu (é un documento máis avanzado).</p> <p>Máis adiante fálase na alegación da Aprobación Final do PXOM, cando posto que o plan está en redacción, é evidente que non puido ser aínda aprobado finalmente.</p> <p>Ao marxe desta confusión en canto ás fases de aprobación do PXOM, con respecto á parcela obxecto de alegación, apúntase: Que na aprobación final do PXOM foi clasificada como non urbanizable.</p> <p>Que no documento de aprobación inicial estaba clasificada como solo urbano.</p> <p>Solicítase que se manteña a clasificación da aprobación inicial (é dicir, que se apoia a clasificación outorgada, posto que a fase actual do PXOM é precisamente a de Aprobación Inicial)</p> <p>Independentemente de todo isto, a clasificación da parcela foi revisada, e procédese á súa xustificación:</p> <p>A parcela clasifícase como solo de núcleo rural de tipo histórico, sendo pois edificable, mais só no seu marxe sur, que é o que cumpre coas condicións de delimitación de núcleo establecidas no artigo 13 da Lei 9/2002 de ordenación do solo e protección do medio rural de Galicia.</p> <p>O marxe norte da parcela clasifícase como solo rústico de protección agropecuaria, pois segundo os criterios de clasificación do PXOM ten aptitudes e propiedades dignas de protección cara a este uso. Ademais non se considera que o viario norte forme parte da estrutura morfolóxica do núcleo, e aínda que así fose, non cumpre as condicións esixidas pola citada lei 9/2002, no citado artigo 13, en canto a que se superaría a distancia máxima de 50 metros medidos dende as últimas edificacións tradicionais.</p> <p>Por todo isto, considérase aceptada a alegación, en tanto que non solicita cambios con respecto á clasificación asignada no documento de Aprobación Inicial do PXOM.</p>
NOTAS	Alegación aceptada




Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003249
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA VIVENDA UNIFAMILIAR, CON REFERENCIA CATASTRAL: 4897502NH1849N0001OY, SITUADA EN PAZOS
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación, recollendo as edificacións existentes ao sur do núcleo rural histórico de Pazos como núcleo rural de tipo común, apoiándose no cumprimento das condicións establecidas ao caso no artigo 13 da lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003250
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA, CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A032001710001AK, SITUADA EN FROXAN, XORNES
CONTESTACIÓN	A alegación céntrase na solicitude de clasificación de núcleo rural común de unha parcela apoiada sobre a estrada AC421, próxima ao núcleo de Outelo Novo. A administración encargada da supervisión da coherencia entre este tipo de estradas de titularidade autonómica e as propostas de modificación do planeamento, é a Axencia Galega de Infraestruturas, a cal emitiu un informe desfavorable para o caso concreto de novos desenrols apoiados na estrada principal. Esta postura, que defende a seguridade da vía, e a súa correcta funcionalidade, vese respaldada polo disposto nas Directrices de Ordenación do Territorio, punto 3.1.5. "evitaranse os crecementos ao longo das vías de comunicación". Por este motivo non se incluíu o fronte oeste da estrada AC421, á altura de Outelo Novo, pois dito marxe non se atopa consolidado pola edificación. Non foi posible aceptar a alegación.
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003251
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA, CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A007004700000PP, SITUADA NA GANDARA, TELLA
CONTESTACIÓN	A parcela obxecto de alegación ten no documento de Aprobación Inicial do PXOM a clasificación de solo de núcleo rural histórico no seu marxe nordeste, e clasificación de solo rústico de protección agropecuaria na superficie restante. Revisouse a delimitación de núcleo, observando que nada impide ampliar a delimitación de núcleo rural histórico dentro da distancia máxima de 50 metros medidos dende as últimas edificacións tradicionais. Sen embargo non é posible (en función das condicións establecidas no artigo 13 da lei 9/2002), incluír a parcela enteira, e tampouco delimitar un novo núcleo rural de tipo común, como solicita o alegante. Considérase deste xeito aceptada en parte a alegación, ampliando a superficie de parcela clasificada como solo de núcleo rural de tipo histórico.
NOTAS	Alegación aceptada parcialmente

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003252
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA, CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A007004700000PP, SITUADA NA GANDARA, TELLA
CONTESTACIÓN	A parcela obxecto de alegación ten no documento de Aprobación Inicial do PXOM a clasificación de solo de núcleo rural histórico no seu marxe nordeste, e clasificación de solo rústico de protección agropecuaria na superficie restante. Revisouse a delimitación de núcleo, observando que nada impide ampliar a delimitación de núcleo rural histórico dentro da distancia máxima de 50 metros medidos dende as últimas edificacións tradicionais. Sen embargo non é posible (en función das condicións establecidas no artigo 13 da lei 9/2002), incluír a parcela enteira, e tampouco delimitar un novo núcleo rural de tipo común, como solicita o alegante. Considérase deste xeito aceptada en parte a alegación, ampliando a superficie de parcela clasificada como solo de núcleo rural de tipo histórico.
NOTAS	Alegación parcialmente aceptada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003253
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA, CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A089002880000PK, SITUADA NA CAMPARA
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación mediante unha nova delimitación de solo de núcleo rural común, apoiada nas edificacións existentes, e segundo as condicións que para o caso se establecen no artigo 13 da lei 9/2002.
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003254
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA, CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A007004720000PT, SITUADA NA GÁNDARA, TELLA
CONTESTACIÓN	Os terreos obxecto de alegación atópanse situados a una distancia superior a 50 metros medidos dende as edificacións de orixe tradicional o antiga. Por este motivo non foron incluídos dentro da delimitación de núcleo rural histórico, xa que se incumpren as condicións fixadas na Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (artigo 13, parágrafo 3) Non existe, porén, argumento legal que xustifique o cambio de clasificación e non é posible aceptar a alegación.
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003255
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA, CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A074001850000PF, SITUADA LESTIMOÑO, A GRAÑA
CONTESTACIÓN	A parcela obxecto de alegación non foi considerada como apta para o crecemento do asentamento, pois non constitúe consolidación, senón expansión sobre solo rústico. Conforme ós criterios de delimitación de solo de núcleo rural, que se expoñen na Memoria Xustificativa, e conforme ás últimas modificacións introducidas na Lei 9/2002, os núcleos rurais deben acadar un grao de consolidación mínimo para ser clasificados como tales. A este respecto, no caso dos Solos de Núcleo Rural Común, o grao de consolidación será como mínimo do 33%. O aumento sistemático da superficie dun núcleo rural conleva a unha redución do grao de consolidación. É por isto que neste caso particular non se pode aumentar a superficie do núcleo rural, xa que de facelo non se incorporaría só a parcela obxecto de alegación, o cal suporía un trato particular, senón que teríamos que ampliar a delimitación de núcleo ao longo do viario sobre o que ten fronte. De modificarse dese xeito non se acadaría o grao de consolidación mínimo esixido pola Lei 9/2002. Por todo isto, non é posible estimar a alegación.
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003256
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHAS FINCAS, CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A501050300000OX E 15069A501002980000OK, SITUADA EN FIGUEIROA
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación. Na ordenación proposta no PXOM aprobado inicialmente en 2012, non se recoñecía o asentamento de Rueiro, parroquia de Pazos, como núcleo rural. As súas características son claramente de orixe tradicional, posúe un topónimo diferenciado e recolle tres edificacións residenciais, xunto coas súas correspondentes construcións adxectivas. Así pois, é posible que Rueiro cumpra as condicións legalmente esixidas pola lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Tamén se respectan os criterios de ordenación expostos na memoria do PXOM. Finalmente decidiuse incorporar dito asentamento como núcleo rural histórico, no cal se inclúe a parcela obxecto de alegación. Considérase pois que a solicitude da alegante foi aceptada.
NOTAS	Alegación aceptada




Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003257
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA, CON REFERENCIA CATASTRAL: 5809NH089N0001OB, SITUADA NOS CUÑARROS, TELLA
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación, ampliando a liña delimitadora de solo de núcleo rural, que foi conducida equivocadamente por unha confusión de cartografía do parcelario.
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003258
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHAS FINCAS DE PROPIEDAD DESTOS 6 PROPIETARIOS, SITUADAS NA TRABE, TELLA
CONTESTACIÓN	A alegación fai referencia a un conxunto de parcelas situadas ao leste do núcleo rural de Canaestevos que no PXOM aprobado inicialmente en 2.012 foron clasificadas como solo rústico de especial protección agropecuaria, das augas e das infraestruturas. O soporte viario deste ámbito é unha estrada de titularidade autonómica, sobre o que posúe unha fronte duns 130m, libre de edificacións ou peches. De acordo ás determinacións das Directrices de Ordenación do Territorio, nas que se prohiben os desenrols de núcleos apoiados directamente sobre viarios estruturantes, que porían en perigo a funcionalidade e a seguridade da vía ao multiplicar as conexións de acceso, o ámbito sinalado non debería delimitarse como solo de núcleo rural. Sen embargo, si se decidiu revisar a ordenación proposta, en busca dun uso ou aproveitamento acorde á súa posición con respecto ao solo urbano e á trama rural. Por esta razón delimitase un sector de solo urbanizable de uso terciario que abrangue todas as parcelas referidas na alegación. O seu desenrolo conxunto permitirá unificar o acceso e prever unha conexión apropiada á estrada municipal. Pese a que se modifica a ordenación proposta, considérase que a alegación non foi aceptada, en tanto que non se lle outorgou expresamente a clase de solo solicitada polos alegantes.
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003259
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL 15069A084006450000PW SITUADA EN LESTIMOÑO, A GRAÑA
CONTESTACIÓN	Alegación aceptada en base ás posibilidades de delimitación de solo de núcleo rural histórico ou tradicional segundo o disposto na Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, no seu artigo 13, punto 3.a)., que textualmente di: Artigo 13º 3.a) Núcleo rural histórico-tradicional, caracterizado como tal en función das súas características morfolóxicas, da tipoloxía tradicional das edificacións, da vinculación coa explotación racional dos recursos naturais ou de circunstancias doutra índole que manifesten a imbricación tradicional do núcleo co medio físico no que se sitúa. A súa delimitación realizarase en atención á proximidade das edificacións, aos lazos de relación e coherencia entre lugares dun mesmo asentamento con topónimo diferenciado e á morfoloxía e ás tipoloxías propias dos devanditos asentamentos e da área xeográfica na que se atopan (casal, lugar, aldea, rueiro ou outro), de modo que o ámbito delimitado presente unha consolidación pola edificación de, polo menos, o 50%, de acordo coa ordenación proposta e trazando unha liña perimetral que encerre as edificacións tradicionais do asentamento seguindo o parcelario e as pegadas físicas existentes (camiños, ríos, regatos, cómaros e outros) e, como máximo, a 50 metros das devanditas edificacións tradicionais.
NOTAS	Alegación aceptada parcialmente

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003260
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL 2903222NH0920S0001UU SITUADA EN NA RÚA DO CARRAL, CORME PORTO
CONTESTACIÓN	A parcela en cuestión non conta con acceso a viario, condición indispensable para que poida ser considerada solar urbano, segundo o marco legal e normativo vixente. O seu illamento, en condición de segunda liña con respecto á trama de núcleo rural tamén a descarta, por non formar parte da trama existente. A este respecto fai referencia tanto a lei 9/2002 de ordenación urbana e protección do medio rural de Galicia, como os criterios de ordenación do propio PXOM. Por esta razón non pode ser aceptada a solicitude.
NOTAS	Alegación denegada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003261
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA SITUADA EN CANASTEVEES, TELLA
CONTESTACIÓN	Alegación non localizada en plano
NOTAS	NON ATOPADA


Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003262
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTAN ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 3608704NH093N0001RE SITUADA EN RÚA RÍO DE ARRIBA, CORME PORTO
CONTESTACIÓN	A ordenación do PXOM propuña a expropiación da parcela en cuestión para o seu uso como aparcamento público, ao servizo do cemiterio, co que linda no seu marxe norte. Sen embargo, atendendo á integración na trama, ás tipoloxías adxacentes, aos servizos urbanos, e á necesidade manifesta de obter unha superficie de aparcamento e de respecto de cara ó equipamento funerario, decidiuse incorporar a parcela en cuestión como solo urbano non consolidado, a fin de que se complete o tecido existente, e se poida obter a mellora do equipamento antedito. Configúrase así pois unha área de reparto cuxo resultado será o reparto da parcela en cuestión en superficie edificable con tipoloxía de vivenda unifamiliar, e cesión de sistema local de aparcadoiro. Considérase así pois aceptada parcialmente a alegación
NOTAS	Alegación parcialmente aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003263
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTAN ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHAS FINCA SITUADA EN CORME PORTO
CONTESTACIÓN	Os alegantes indican ser propietarios de varias parcelas clasificadas como urbanizable delimitado e como solo rústico adscrito ao sector R1 de As Regadiñas. Incorporan varias propostas alternativas a dito sector: -Que se divida en dous ou tres polígonos. -Que sexa clasificado como solo de núcleo rural común. De acordo ás condicións legalmente establecidas ao respecto na lei 9/2002 de ordenación e protección do medio rural de Galicia, e mesmo dende os criterios de ordenación do PXOM, non resulta coherente clasificar unha superficie tan extensa, baleira totalmente de edificación, e con deficiencias viarias, e de regulación parcelaria, como solo de núcleo rural. Non se cumpriría tampouco o grado mínimo de consolidación esixido no artigo 13 da citada lei 9/2.002. Unha vez revisada a ordenación proposta, decidiuse facer un novo planteamento, no que o sector de solo urbanizable quedaría no seu marxe sur en parte recollido dentro da delimitación de solo urbano (así estaba en parte no Plan de 2.002), quedando remitido á redacción dun PERI pois sería considerado como urbano non consolidado. A zona norte do antigo sector R1, en contacto co núcleo rural de tipo histórico de As Regadiñas proponse como solo de núcleo rural de tipo común. O solo rústico que se propuña como adscrito ao sector R1, sen embargo xa non ten obxecto, pois ao reducir o ámbito da área de reparto resultaría inviable que fose xestionado polo ámbito de solo urbano non consolidado remitido a PERI. Así pois, decídese prescindir del como sistema xeral de espazos libres, e simplemente mantense a súa clasificación como solo rústico sen que apareza ligado a ningún desenvolvemento. Segundo o disposto, enténdese que as correccións aplicadas ao PXOM atenden en parte as solicitudes dos alegantes.
NOTAS	Alegación aceptada parcialmente.



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003264
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓN AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A174013790000LM, SITUADA NA LANDEIRA, TELLA
CONTESTACIÓN	<p>Acéptase a alegación, incluíndo parte da parcela á que fai referencia a alegante como solo de núcleo rural de tipo histórico.</p> <p>A inclusión da súa totalidade non é posible, en tanto que se incumprirían as condicións legalmente esixidas ao respecto na lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (artigo 13, parágrafo 3, liña a.)</p> <p>Valorouse positivamente o feito de que dita parcela ten acceso dende un viario local, non dependendo exclusivamente da estrada autonómica. De non ser así a solicitude non podería ser aceptada, en tanto que a administración encargada da supervisión da coherencia entre este tipo de estradas de titularidade autonómica e as propostas de modificación do planeamento, é a Axencia Galega de Infraestruturas, a cal emitiu un informe desfavorable para o caso concreto de novos desenrols apoiados na estrada principal. Esta postura, que defende a seguridade da vía, e a súa correcta funcionalidade, vese respaldada polo disposto nas Directrices de Ordenación do Territorio, punto 3.1.5. "evitaranse os crecementos ao longo das vías de comunicación".</p> <p>Así pois, acéptase a solicitude da alegante.</p>
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003269
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓN AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A083009090000PD
CONTESTACIÓN	<p>O alegante solicita que se manteña a clasificación de solo rústico apto para urbanizar que figuraba no PXOM aprobado en 2.002. Dita clase de solo, que pertence a un marco legislativo hoxe extinto, equivale na actualidade a solo rústico, por tanto, non urbanizable. A clasificación que se propón para as propiedades en cuestión é tamén a de solo rústico, axustando a categoría de protección aos valores detectados nos terreos en cuestión, homoxéneos ao seu entorno.</p> <p>Esta decisión, tomada en base aos criterios de clasificación expresados na Memoria Xustificativa do PXOM, ben respaldada así mesmo polas proteccións que o Plan de Ordenación do Litoral estableceu nos terreos obxecto da alegación, e que é de "mellora ambiental e paisaxística", que textualmente di no seu artigo 12: "Constitúe, na maior parte dos casos, as áreas sometidas durante as últimas décadas á maior presión antrópica, nas que se fai necesario conservar e, no seu caso, recuperar a súa calidade ambiental e paisaxística, preservándoa de inadecuados procesos de ocupación edificatoria, especialmente aqueles dispersos, difusos e incoherentes co modelo territorial proposto."</p> <p>Por todo isto non é posible aceptar a alegación.</p>
NOTAS	Alegación denegada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003270
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A083023300000PG
CONTESTACIÓN	<p>O alegante solicita que se manteña a clasificación de solo rústico apto para urbanizar que figuraba no PXOM aprobado en 2.002. Dita clase de solo, que pertence a un marco legislativo hoxe extinto, equivale na actualidade a solo rústico, por tanto, non urbanizable. A clasificación que se propón para as propiedades en cuestión é tamén a de solo rústico, axustando a categoría de protección aos valores detectados nos terreos en cuestión, homoxéneos ao seu entorno.</p> <p>Esta decisión, tomada en base aos criterios de clasificación expresados na Memoria Xustificativa do PXOM, ben respaldada así mesmo polas proteccións que o Plan de Ordenación do Litoral estableceu nos terreos obxecto da alegación, e que é de "mellora ambiental e paisaxística", que textualmente di no seu artigo 12: "Constitúe, na maior parte dos casos, as áreas sometidas durante as últimas décadas á maior presión antrópica, nas que se fai necesario conservar e, no seu caso, recuperar a súa calidade ambiental e paisaxística, preservándoa de inadecuados procesos de ocupación edificatoria, especialmente aqueles dispersos, difusos e incoherentes co modelo territorial proposto."</p> <p>Por todo isto non é posible aceptar a alegación.</p>
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003274
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012 POLA PARCELA COA REF. CATASTRAL NUM: 8774708NH087N0001MX, DENOMINADA CHOUSA DA TRABE
CONTESTACIÓN	<p>O alegante fai referencia a unha parcela en contacto co solo urbano, no límite sur leste do núcleo de Ponteceso. Solicítase que sexa considerada solo urbano consolidado, cando no planeamento anterior figura como solo rústico. Cómpre informar que este cambio prohíbese expresamente na liña 1 do artigo 95 da lei 9/2002 de ordenación do solo e protección do medio rural de Galicia.</p> <p>Para maior impedimento, o solo en cuestión atópase incluído no perímetro de espazos naturais da rede natura 2000, e das normas subsidiarias de planeamento. Esta condición, implica segundo o artigo 32 da antedita lei 9/2002, a súa clasificación como solo rústico de especial protección dos espazos naturais.</p> <p>Resulta porén imposible aceptar a solicitude.</p>
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003275
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012 RELATIVA Á CALIFICACIÓN DO SOLO EN QUE QUEDA O SEU COMPLEXO TURÍSTICO DENOMINADO LUGAR DO BRIALLO
CONTESTACIÓN	<p>A alegación fai referencia a un complexo de turismo rural xestionado pola mercantil Lugar de Briallo S.L., emprazado en O Couto.</p> <p>Os terreos que ocupa dito complexo foron clasificados polo PXOM aprobado inicialmente en 2.012 en parte como solo de núcleo rural de tipo histórico, e en parte como solo rústico de especial protección de infraestruturas e de especial protección agropecuaria. Atópase afectado ademais pola servidume de protección de vistas, e no Plan de Ordenación do Litoral asignóuselle a protección de mellora ambiental ou paisaxística.</p> <p>No Plan de 2.002, ditos terreos clasificábanse tamén en parte como solo de núcleo rural, e como solo rústico.</p> <p>A ordenanza de SNRH do PXOM aprobado inicialmente en 2.012 permite unha edificabilidade inferior á que se permite no Plan de 2.002.</p> <p>O alegante, solicita que se amplíe a superficie de parcela clasificada como núcleo rural, que se aumente a edificabilidade na ordenanza correspondente, que subsidiariamente se permita a construción dunha carpa no solo rústico de especial protección agropecuaria, e que se elimine a servidume de protección de vistas que lle afecta. Non se acepta a solicitude de ampliación do límite de solo de núcleo rural de tipo histórico sobre a parcela en cuestión, debido a que se incumpriría a distancia máxima de 50 metros medidos dende as últimas edificacións tradicionais, a cal limita segundo o disposto no artigo 13, parágrafo 3 da lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a delimitación deste tipo de núcleos.</p> <p>Por outro lado, dita liña delimitadora é aproximadamente a mesma que figura no Plan de 2.002, mesmo parece ser un pouco máis ampla.</p> <p>Non se acepta a solicitude de aumento do índice de edificabilidade a 0,50m²/m², en tanto que se considera excesivo para a tipoloxía predominante en solo de núcleo rural, que é de vivenda unifamiliar illada.</p> <p>No que respecta ós usos permitidos en solo rústico, a normativa do PXOM segue o disposto na lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, segundo o cal as construcións e rehabilitacións destinadas a turismo rural requiren de autorización autonómica.</p> <p>A servidume de protección de vistas impón restricións por debaixo da rasante a fin de evitar a distorsión da paisaxe mediante pantallas horizontais. Os edificios existentes no se ven afectados por dita protección, e no caso de querer introducir novos elementos estarase ao disposto na normativa con respecto a dita servidume. Reducirase sen embargo o tramo afectado, a fin de que as edificacións existentes teñan un maior marxe de manobra.</p>



considerase pois que as solicitudes non puideron ser atendidas.

NOTAS Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA **20120000003276**

CONTIDO DA ALEGACIÓN PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012 RELATIVA Á PARCELA SITUADA NA CARRETERA DE CURRÁS

CONTESTACIÓN O alegante solicita que se modifique a ordenación proposta no plan aprobado inicialmente en 2.012, pasando unha parcela da súa propiedade de solo de núcleo rural común a histórico, aludindo ás servidumes derivadas da estrada autonómica á que da fronte. A este respecto cómpre apuntar que as afeccións que xera a estrada son independentes de que o núcleo rural sexa de tipo histórico ou común. Doutra banda, non se contemplan novas cesións de solo destinadas a viario público na parcela en cuestión, senón que só se reflexa a liña límite de edificación. Esta liña límite de edificación non implica cambio de titularidade do terreo (cesións), senón que sinala unha distancia á estrada na que non se poderán erguer novas edificacións. Así pois só condiciona a posición das edificacións, sen afectar á edificabilidade da parcela. Por outra banda, infórmase ao alegante de que os parámetros de parcela mínima, edificabilidade e ocupación en planta foron modificados no PXOM para as ordenanzas de núcleo rural. Non se acepta a solicitude do alegante.


NOTAS Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA **20120000003277**

CONTIDO DA ALEGACIÓN PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012 RELATIVA Á PARCELA SITUADA NO COUTO CALIFICADA PARCIALMENTE COMO NRH1 COM SLESC-06-02PV PARA INCLUILA COMO NRH1

CONTESTACIÓN Acéptase a alegación ampliando a delimitación de núcleo rural histórico sobre toda a parcela.

NOTAS Alegación aceptada



Nº REXISTRO DE ENTRADA **20120000003278**

CONTIDO DA ALEGACIÓN PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL 15069A008001420000PE, SITUADA EN TELLA

CONTESTACIÓN Acéptase a alegación

NOTAS Alegación aceptada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003279
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A APR- D1.5 PERI ÁREA DE PLANEAMENTO DE REPARTO DE CORME PORTO (NOSA SEÑORA DOS REMEDIOS)
CONTESTACIÓN	<p>A alegación fai referencia a cinco parcelas que se atopan parcial ou totalmente dentro dun ámbito de planeamento remitido, en solo urbano non consolidado.</p> <p>No anterior planeamento figuraban como solo urbano consolidado, coa posibilidade de edificar en planta baixa.</p> <p>Ao respecto inclúense unha serie de propostas:</p> <p>1) Que se elimine o PERI proposto.</p> <p>Isto implicaría a consideración de ditos terreos como solo urbano consolidado, o cal resulta imposible nalgúns casos.</p> <p>Así pois, excluíronse as dúas parcelas situadas no extremo oeste, e a vivenda no marxe suroeste, con fronte ao paseo marítimo.</p> <p>O espazo restante, segue a ser considerado como solo urbano non consolidado, remitido a PERI, mais dividido e dous ámbitos independentes: Dunha banda o espazo comprendido entre as edificacións con fronte a paseo marítimo, e a rúa norte (onde se atopan todas as parcelas obxecto de alegación), e por outro lado, o extremo leste, con fronte ao paseo marítimo.</p> <p>O PERI que abrangue as parcelas obxecto de alegación presenta serias deficiencias en canto ao espazo público de viario, reparto de cargas e beneficios, e cambio tipolóxico, razóns que impiden a súa consideración como solar.</p> <p>Considérase pois aceptada parcialmente a alegación, en tanto que se simplifica a xestión reducindo o número de propietarios implicados.</p> <p>2) Deixar a situación igual que no planeamento anterior do 2002 agás no tema de edificabilidade.</p> <p>O ámbito remitido a PERI que engloba as parcelas obxecto de alegación ordenábase no Plan aprobado en 2.002 en planta baixa. A proposta actual do PXOM permite a edificación con altura máxima de catro plantas (B+3), mais redúcese a superficie en planta ocupada, debendo ceder unha parte como espazo libre de sistema local.</p> <p>Dita cesión xustifícase pola necesidade de mellorar a rúa existente ao norte, e aumentar a separación entre os volumes edificados e os que se poidan edificar, posto que agora se permitirá unha altura maior.</p> <p>Neste sentido considérase tamén a solicitude parcialmente aceptada.</p>
NOTAS	Alegación parcialmente aceptada.


Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003280
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A073002320000PY, SITUADA NA ROCHA, CORES
CONTESTACIÓN	<p>Os terreos aos que fai referencia a alegación atópanse inmersos nun entorno claramente forestal, soportando masas arbóreas. En atención aos criterios de clasificación expostos na Memoria Xustificativa do Plan, e ao artigo 32.2. letra b) da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia correspóndelles a clasificación de solo rústico de especial protección forestal.</p> <p>En calquera caso, os argumentos de actividade agrícola que o alegante expón derivarían nun solo rústico de especial protección agropecuaria, e non de protección ordinaria, como se solicita.</p> <p>Por todo isto resulta imposible aceptar a alegación.</p>
NOTAS	Alegación denegada
Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003281
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A070003230000PE, SITUADA NO LUGAR DE CASTRO DE CORES, A ROCHA
CONTESTACIÓN	<p>A parcela obxecto de alegación atópase dividida por unha estrada de titularidade supramunicipal, á cal lle corresponde, segundo a lei de estradas unha franxa de protección que implica limitacións ao uso.</p> <p>Por outro lado, nas Directrices de Ordenación do Territorio, establécese como determinación que non se debe fomentar o crecemento dos asentamentos entorno a vías de sistema xeral en tanto non contén xa con tecidos consolidados, como é o caso, da estrada provincial.</p> <p>Por estes dous motivos, non se propón a ampliación do núcleo rural sobre a estrada provincial na dirección da parcela da alegante, pois suporía unha ampliación sobre baleiro en dirección a solo rústico.</p> <p>Resulta porén imposible aceptar a solicitude.</p>
NOTAS	Alegación denegada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003282
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A174001280000LI, SITUADA EN TELLA
CONTESTACIÓN	A alegante solicita a incorporación en solo de núcleo rural dunha parcela con fronte á estrada autonómica, mais isto resulta imposible por formar parte dun fronte sen consolidar, con dita estrada como viario único. A administración encargada da supervisión da coherencia entre este tipo de estradas de titularidade autonómica e as propostas de modificación do planeamento, é a Axencia Galega de Infraestruturas, a cal emitiu un informe desfavorable para o caso concreto de novos desenros apoiados na estrada principal. Esta postura, que defende a seguridade da vía, e a súa correcta funcionalidade, vese respaldada polo disposto nas Directrices de Ordenación do Territorio, punto 3.1.5. "evitaranse os crecementos ao longo das vías de comunicación". Porén a solicitude non foi aceptada
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003283
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA, SITUADA NA CALLE, TELLA
CONTESTACIÓN	O alegante solicita a incorporación en solo de núcleo rural dunhas parcelas con fronte á estrada autonómica, mais isto resulta imposible por formar parte dun fronte sen consolidar, con dita estrada como viario único. A administración encargada da supervisión da coherencia entre este tipo de estradas de titularidade autonómica e as propostas de modificación do planeamento, é a Axencia Galega de Infraestruturas, a cal emitiu un informe desfavorable para o caso concreto de novos desenros apoiados na estrada principal. Esta postura, que defende a seguridade da vía, e a súa correcta funcionalidade, vese respaldada polo disposto nas Directrices de Ordenación do Territorio, punto 3.1.5. "evitaranse os crecementos ao longo das vías de comunicación". Porén a solicitude non foi aceptada
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003284
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA SITUADA DANDO FRETE O PASEO MARÍTIMO JOSÉ MARÍA ROMERO MANSO EN CORME PORTO
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación, mantendo a parcela en cuestión como solo urbano consolidado, cunha ordenanza similar á das parcelas anexas.
NOTAS	Alegación aceptada




Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003285
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNAS PARCELAS CON REFERENCIAS CATASTRAIS: 8879326NH0888S0001JQ, 8879301NH0888S0001UQ E 8879327NH0888S0001EQ, SITUADAS NA TRABE
CONTESTACIÓN	A alegación fai referencia á totalidade das parcelas que conforman o ámbito de planeamento remitido en solo urbano non consolidado APR-D3,8,, segundo o Plan aprobado inicialmente en 2.012, as cales son propiedade da alegante. Ditas parcelas posúen fronte na Avenida de Bergantiños, lindando ao norte con outro viario de menor entidade. Dúas de estas parcelas albergan edificacións de orixe tradicional que comparten medianera cunha altura de B+1. No anterior planeamento, o aprobado en 2.002, estas parcelas tiñan a consideración de solo urbano consolidado, mais non se entende que isto fose así cando ao mesmo tempo o propio plan lle esixía cesións de viario e de espazo libre, as cales non corresponderían a esta clasificación de solo urbano consolidado. Tampouco se entende cómo o edificio permitido polo Plan de 2.002 se cingue ao límite suroeste da parcela, reducindo o patio de cuarteirón á propiedade colindante. Estes detalles, que pasan desapercibidos en tanto non se materialice a edificabilidade, motivarían unha difícil execución. Por estas razóns conclúese que a área en cuestión debe planificarse de modo unitario, o cal nos leva a remitila á redacción dun PERI, para obter de acordo ás prescricións legais, un resultado semellante ao planteado no planeamento de 2.002, que doutro modo sería inalcanzable. En relación aos aproveitamentos urbanísticos, asignóuselle a edificabilidade máxima establecida por lei para ámbitos de solo urbano non consolidado para concellos de poboación inferior a 20.000 habitantes (0,85 m2/m2). O número máximo de plantas vai en consonancia cunha decisión homoxénea no ámbito urbano, que salvo edificacións xa consolidadas como tal, se limita a B+3. Con respecto á comparación que a alegante fai entre a súa propiedade, e o cuarteirón situado ao norte, cómpre apuntar que as carencias da urbanización de viario aludidas non comprometen a consolidación deste cuarteirón, en tanto que o fronte edificable corresponde á Avenida de Bergantiños, e non ao viario oeste, o cal se sinala como "L", área libre de edificación. A tipoloxía deste cuarteirón muda con respecto á proposta no Plan de 2.002, mais responde á realidade construída, na cal é posible integrar as dúas edificacións existentes. Enténdese porén que a alegación non foi aceptada.
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003286
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL 15069A008001260000PT, SITUADA EN TELLA
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación, incorporando a parcela obxecto de alegación ao solo de núcleo rural de tipo común.
NOTAS	Alegación aceptada
Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003287
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL: 8677224NH0887N0001QX, SITUADA NA AVDA. ANLLÓNS, A TRABE
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación. A parcela obxecto de alegación será reconsiderada como solo urbano consolidado, excluíndoa do ámbito remitido a PERI que se definía sobre ela no documento de Plan aprobado inicialmente en 2,012.
NOTAS	Alegación aceptada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003288
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL: 8479508NH0887N0001KX, SITUADA NA AVDA.EDUARDO PONDAL
CONTESTACIÓN	<p>A parcela obxecto de alegación atópase no marxe norte da Avenida de Pondal, un terreo de natureza aluvial, composto por depósitos detríticos da idade cuaternaria, segundo a información oficial dispoñible, e que foi plasmada no plano Litolóxico da colección de Información do Medio.</p> <p>Esta natureza húmida do solo está relacionada coa desembocadura das Brañas formadas polos Río das Bouzas e o Río de Ponteceso, ao esteiro do Río Anllóns; Brañas que foron sinaladas como ampliación da Rede Natura 2000, como Zona de especial Valor da Natureza e Zona de Especial Protección das Aves, dentro do Lugar de Interese Comunitario ES1110005. Este recoñecemento da súa febleza, e tamén do seu valor ecolóxico e medioambiental, foi respaldado pola súa consideración como Corredor Ecolóxico no Plan de Ordenación do Litoral.</p> <p>Se ben é certo que a parcela en cuestión foi, e segue a estar clasificada como solo urbano consolidado, dende o PXOM enténdese que a edificabilidade proposta polo PXOM de 2.002 é excesiva, e non é coherente coa capacidade de acollida do terreo, nin respectuosa coas múltiples proteccións naturais do seu entorno. Logo da análise da situación conxunta da situación na Avenida de Eduardo Pondal, e en xeral, nos marxes urbanos das citadas Brañas, decidíronse dende o PXOM unha serie de actuacións encamiñadas á rexeneración de dito marxe. En coherencia, estableceuse para a parcela obxecto de alegación, e para as súas colindantes, unha ordenanza de vivenda plurifamiliar entre medianeiras, cun fondo máximo que é o grafado nos planos de ordenación. Esta ordenanza define a ubicación da edificación en paralelo ao viario, debendo deixar libre o fondo da parcela, aínda que este segue a ter un carácter privado. Dende o equipo redactor do PXOM considérase que esta ordenanza é ademais reflexo da realidade construída, consistente en vivendas plurifamiliares entre medianeiras, con fronte a viario.</p> <p>Con respecto á restrición imposta para a construción de sotos e semisotos, remitímonos ao anteriormente exposto en relación á natureza húmida do terreo, e ás experiencias vividas no propio entorno, con graves problemas de estabilidade, e inundacións que aconsellan evitar os grandes movementos de terra, e que se recollen como risco no informe de sostibilidade ambiental que inclúe o PXOM.</p> <p>Estas decisións foron tomadas pensando no conxunto urbano, na seguridade individual e colectiva, fundadas no coñecemento das características físicas, da realidade construída e das posibilidades de desenvolvemento, consolidación e mellora da trama urbana e do seu entorno.</p>



Por todo isto non é posible aceptar a alegación.
NOTAS Alegación denegada **MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.**

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003289
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL: 8879310NH0887N0001GX, NO CAMPO DA FEIRA, A TRABE
CONTESTACIÓN	<p>A parcela obxecto de alegación foi clasificada como solo urbano consolidado, coa ordenanza de vivenda plurifamiliar en cuarteirón compacto, e altura de 4 plantas (B+3), tal e como solicita o alegante. A liña de fondo da edificación grafada nos planos de ordenación responde á necesidade de establecer unha transición entre esta ordenanza, de edificio en altura, e a tipoloxía de vivenda unifamiliar prevista para as mazás contiguas en dirección leste. Non ten pois que ver co perímetro de respecto fixado para o elemento incluído no catálogo de patrimonio baixo o código 5.34.</p> <p>Non se acepta a alegación.</p>
NOTAS	Alegación denegada
Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003290
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA REFERENCIA CATASTRAL: 8381736NH0888S0001HQ, SITUADA NA RÚA ADUANA
CONTESTACIÓN	<p>A parcela en cuestión atópase afectada pola Rede Natura, sendo considerada Zona de Especial Valor Natural, e Zona de Especial Protección das Aves na ampliación da Rede Natura 2000, dentro do Lugar de Interese Comunitario ES1110005. Ademais, o Plan do Litoral de Galicia inclúe na protección de Corredor Ecolóxico. Todas estas proteccións, que exceden o alcance do PXOM, obrigan, segundo o disposto no artigo 32.2.f) da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, á súa clasificación como solo rústico de especial protección dos valores naturais.</p> <p>Así mesmo, a proximidade ao canle, implica a súa especial protección de solo rústico das augas.</p> <p>De tódolos xeitos, a parcela en cuestión non reúne as condicións esixidas na citada lei, artigo 11 para a súa clasificación de solo urbano, por non estar integrada na malla urbana.</p> <p>Por todo isto é imposible aceptar a alegación.</p>
NOTAS	Alegación denegada.



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003291
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL: 8677207NH0887N0001JX, SITUADA NA ESTRADA BUÑO- LAXE
CONTESTACIÓN	<p>A parcela obxecto de alegación atópase no marxe sur da Avenida de Pondal, un terreo de natureza aluvial, no límite entre os depósitos detríticos da idade cuaternaria, e rochas metamórficas de tipo gneis, segundo a información oficial dispoñible, e que foi plasmada no plano Litolóxico da colección de Información do Medio. Se ben é certo que a parcela en cuestión foi, e segue a estar clasificada como solo urbano consolidado, dende o PXOM enténdese que a edificabilidade proposta polo PXOM de 2.002 é excesiva, e non é coherente coa capacidade de acollida do terreo, nin respectuosa coas múltiples proteccións naturais do seu entorno. Logo da análise da situación conxunta da situación na Avenida de Eduardo Pondal, e na súa fronte con respecto ao estuario do Río Anllóns, decidíronse dende o PXOM unha serie de actuacións encamiñadas á rexeneración de dito marxe. En coherencia, estableceuse para a parcela obxecto de alegación, e para as súas colindantes, unha ordenanza de vivenda plurifamiliar entre medianeiras, cun fondo máximo que é o grafado nos planos de ordenación. Esta ordenanza define a ubicación da edificación en paralelo ao viario, debendo deixar libre o fondo da parcela, aínda que este pode seguir tendo un carácter privado. Dende o equipo redactor do PXOM considérase que esta ordenanza é ademais reflexo da realidade construída, consistente en vivendas plurifamiliares entre medianeiras, con fronte a viario. Con respecto á restrición imposta para a construción de sotos e semisotos, remitímonos ao anteriormente exposto en relación á natureza húmida do terreo, e ás experiencias vividas no propio entorno, con graves problemas de estabilidade, e inundacións que aconsellan evitar os grandes movementos de terra, e que se recollen como risco no informe de sostibilidade ambiental que inclúe o PXOM. Estas decisións foron tomadas pensando no conxunto urbano, na seguridade individual e colectiva, fundadas no coñecemento das características físicas, da realidade construída e das posibilidades de desenvolvemento, consolidación e mellora da trama urbana e do seu entorno.</p> <p>Por todo isto non é posible aceptar a alegación.</p>
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003292
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A CINCO AS PARCELAS, SITUADAS NA AVDA. BERGANTIÑOS
CONTESTACIÓN	<p>A parcela obxecto de alegación atópase no marxe norte do encontro entre a Avenida de Pondal e a de Bergantiños, un terreo de natureza aluvial, no límite entre os depósitos detríticos da idade cuaternaria, e as rochas metamórficas de tipo gneis e xistos, segundo a información oficial dispoñible, e que foi plasmada no plano Litolóxico da colección de Información do Medio. Se ben é certo que a parcela en cuestión foi, e segue a estar clasificada como solo urbano consolidado, dende o PXOM enténdese que a edificabilidade proposta polo PXOM de 2.002 é excesiva, e non é coherente coa capacidade de acollida do terreo, nin respectuosa coas múltiples proteccións naturais do seu entorno. Logo da análise da situación conxunta da situación na Avenida de Eduardo Pondal e de Bergantiños, na súa fronte con respecto á Braña das Bouzas, decidíronse dende o PXOM unha serie de actuacións encamiñadas á rexeneración de dito marxe. En coherencia, estableceuse para as parcelas obxecto de alegación, e para as súas colindantes, unha ordenanza de vivenda plurifamiliar en rueiro compacto, cun fondo máximo que é o grafado nos planos de ordenación.</p> <p>No rueiro onde se atopan incluídas as parcelas sobre as que se alega, existen na actualidade catro edificios de tipoloxía plurifamiliar que encaixarían na ordenanza asignada, e dos cales tres son de catro plantas (B+3), que é a altura asignada ao rueiro polo PXOM. Á vista disto, o equipo redactor considera que a ordenanza e altura asignadas son reflexo da realidade construída, e que contribúen á consolidación da homoxeneidade urbana.</p> <p>Con respecto á restrición imposta para a construción de sotos e semisotos, esta foi eliminada na Avenida de Bergantiños. Estas decisións foron tomadas pensando no conxunto urbano, na seguridade individual e colectiva, fundadas no coñecemento das características físicas, da realidade construída e das posibilidades de desenvolvemento, consolidación e mellora da trama urbana e do seu entorno.</p> <p>Por todo isto non é posible aceptar a alegación.</p>
NOTAS	Alegación denegada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003293
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓN A O PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHAS PARCELAS, SITUADAS NO CASCO URBANO DE PONTECESO
CONTESTACIÓN	<p>A alegación, referida a varias parcelas situadas ao norte e sur da Avenida de Eduardo Pondal, estrutúrase en catro puntos:</p> <p>PRIMEIRO. Proponse unha solución de construción de novos malecóns tanto ao norte como ao sur de dita avenida, que terían como fin a mellora na seguridade fronte a inundacións e acadar un maior aproveitamento dos terreos que quedasen confinados entre eles.</p> <p>A este respecto, a proposta invade solos de dominio público, e con protección de tipo ZPVN, ZEPA e mesmo LIC, dentro da Rede Natura 2.000. Así mesmo, o Plan de Ordenación do Litoral asígnalles total ou parcialmente, proteccións de corredor ecolóxico, costeira, e de espazos de interese. Neste escenario, complexo que excede o alcance do PXOM, resulta imposible atender á proposta sinalada na alegación. Mais aínda que non fose así, a postura do PXOM en relación aos frontes do Esteiro do Río Anllóns e da Braña das Bouzas, é de intento de recuperación e participación dos mesmos na trama urbana, sen aumentar a presión edificatoria sobre os mesmos, como así se expresa nas diferentes actuacións definidas no entorno.</p> <p>Por todo isto non é posible aceptar a proposta do primeiro punto da alegación.</p> <p>SEGUNDO. Con respecto á documentación do PXOM, as delimitación das áreas de protección integral e de respecto dos elementos incluídos no catálogo de patrimonio inclúense na colección de Ordenación Detallada "Zonificación", na de Estrutura Xeral, e no propio catálogo, na ficha que corresponda. Sen embargo, no plano de "Xestión" ao que alude o alegante non se fai referencia algunha ao elementos de patrimonio nin ás súas proteccións, quedando relegadas aos anteditos</p> <p>A delimitación destes contornos faise en función das características propias de cada elemento, e no caso en cuestión enténdese que as dimensións propias da finca amurallada son suficientes como para conservar os seus valores de conxunto patrimonial. A este respecto, o PXOM foi informado pola Consellería de Cultura, a cal avala as decisións tomadas ao respecto.</p> <p>TERCEIRO. A postura do PXOM en relación ás das edificacións ou zonas edificables con respecto aos canles non pode ser a mesma independentemente de que se este a falar dunha área xa consolidada pola edificación ou non. Así pois, nos puntos en que a edificación existente responde á tipoloxía definida no contorno e fose así recollida nas ordenanzas asignadas, enténdese que rematou o proceso de consolidación, e o plan non pode senón recoñecer e asumir a realidade construída. Sen embargo, nos espazos libres de edificación defínense solucións que rematan os frontes existentes (completan os rúas xa iniciados), deixando a maior distancia posible aos marxes costeiros ou fluviais, como así se expón na memoria xustificativa e nas diferentes actuacións que se propoñen no apartado de Estratexia de Actuacións, sempre en coherencia</p>

coas posibilidades que ofrezca o entorno, dende un principio de recuperación de espazos degradados, e homoxeneización do conxunto da trama urbana.

Por esta razón, non se admite a alegación que insinúa tal falta de criterio.

CUARTA. Advírtese dun erro en relación á servidume de protección de costas, á altura do mojón número 182, no marxe do esteiro do Anllóns. Tras comprobar a coincidencia da servidume representada no PXOM coa da información en soporte dixital facilitada pola Demarcación de Costas, modifícase de acordo á súa definición legal, mais advírtese ao alegante que o PXOM non pode senón plasmar a información oficial, e en calquera caso prevalecería sobre el a documentación da Demarcación de Costas.

NOTAS Alegación denegada.



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003294
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 8478504NH0887N0001MX
CONTESTACIÓN	<p>A alegación preséntase estruturada en cinco puntos:</p> <p>PRIMEIRO. Reclámase a consideración da parcela en cuestión como solo urbano consolidado, baseándose no contexto legal e nos antecedentes de planeamento (PXOU 2.002), tamén se demanda que a obtención dos espazos libres propostos polo Plan na área obxecto de alegación se acade mediante expropiación forzosa e non por cesión.</p> <p>Ante isto, o equipo redactor defende o seu criterio en base a:</p> <p>A delimitación da área de solo urbano non consolidado que propón o PXOM parte da análise urbana, a realidade construída, a malla existente, e os servizos existentes, ao fío do disposto na lei 9/2002 no artigo 12 "Categorías de solo urbano", e no artigo 16 "Soares". O ámbito en cuestión constitúe o remate sur dun rueiro que no seu fronte norte se atopa practicamente consolidado ao 100%. Este fronte sur carece de:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Acceso a vía pavimentada -Servizos urbanos de auga potable e evacuación de augas residuais. <p>En base a isto, e pese a que nos seus extremos norte e oeste exista un pequeno fronte en contacto con tramas consolidadas maioritariamente é deficitario, porén enténdese que non existe marco legal que sustente a súa consideración de solo urbano consolidado, como solicita o alegante.</p> <p>Asemade, a realidade física encaixa no descrito no artigo 12 da lei 9/2002, liña b, cando alude a "necesarios procesos de urbanización, reforma interior, renovación urbana ou obtención de dotacións urbanísticas con distribución equitativa de beneficios e cargas".</p> <p>SEGUNDO. Alúdese á ordenación contida no PXOU 2.002, reclamando que se conserve cos mesmos parámetros na ordenación proposta.</p> <p>Con respecto a isto, o PXOU de 2.002 xa recollía practicamente a totalidade da parcela sobre a que se centra a alegación como solo urbano non consolidado (dentro do PERI 1.1.) Posto que non se executaron novas obras de urbanización non hai motivo para a súa reconsideración.</p> <p>Doutra banda, o equipo redactor do PXOM non entende o criterio do anterior planeamento, que define como solo urbano consolidado unha parte da parcela a pesares de que o seu fronte quede incorporado no citado P.E.R.I. 1.1..</p> <p>En relación ao aproveitamento urbanístico asignado, débese sinalar que á área en cuestión correspóndelle segundo o PXOM 1,30 m²/m², superior aos 0,85 m²/m² que a lei 9/2002 fixa no seu artigo 46, apartado 2, liña c. Isto supón un aumento de máis do 35% respecto aos máximos legais, aumento que o PXOM xustifica nas necesidades de remate do rueiro, e que compensa no conxunto do distrito 3.</p> <p>TERCEIRO e CUARTO. Faise referencia a un proxecto de recuperación do río Cruceiro na desembocadura do río Anllóns e solicítase a incorporación do sistema local de espazos libres indicado na área APR3.4. ao sistema xeral de espazos libres,</p>

mediante expropiación, entendendo que se trata de solo u consolidado.

Respecto a este punto da alegación, cabe sinalar que o sistema xeral de espazo libre sinalado entorno á desembocadura do Río Cruceiro (na documentación do PXOM chamado Río de Ponteceso) no Río Anllóns, corresponde a solo de Dominio Público Marítimo Terrestre. A execución deste sistema xeral, xa finalizada, é allea ao PXOM, que doutra banda por estar en DPMT excede das competencias do Plan. En relación á franxa definida como SLEL na área APR-D.3.4., esta é a resultante de reservar un espazo suficiente para a edificación que permita o remate do rueiro, respectando os criterios de ordenación marcados polo Plan de Ordenación do Litoral, que asigna un grao de compatibilidade 2 ao PERI 1.1.:

- ☑ Obtención na ocupación do solo
- ☑ Naturalización no tratamento da urbanización
- ☑ Momento da conectividade e da permeabilidade
- ☑ Adecuación dos espazos libres
- ☑ Adecuación morfolóxica
- ☑ Tratamento de fachada marítima.

Posto que o ámbito en cuestión foi clasificado como solo urbano non consolidado non procede a expropiación, senón que o sistema de obtención é o de cesión.

QUINTO. Solicítase a eliminación da prohibición de sotos e semisotos na área.

A parcela obxecto de alegación ten natureza de terreo aluvial, pertencente aos depósitos detríticos da idade cuaternaria, segundo a información oficial dispoñible, e que foi plasmada no plano Litolóxico da colección de Información do Medio.

Con respecto á restrición imposta para a construción de sotos e semisotos, remitímonos ao exposto en relación á natureza húmida do terreo, e ás experiencias vividas no propio entorno, con graves problemas de estabilidade, e inundacións que aconsellan evitar os grandes movementos de terra, e que se recollen como risco no informe de sostibilidade ambiental que inclúe o PXOM.

Por todo isto non é posible aceptar a alegación.

NOTAS Alegación denegada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003295
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 8478308NH0887N0001TX
CONTESTACIÓN	<p>A alegación estrutúrase en catro puntos:</p> <p>PRIMEIRO. Reclámase a consideración da parcela en cuestión como solo urbano consolidado, baseándose no contexto legal e nos antecedentes de planeamento (PXOU 2.002), tamén se demanda que a obtención dos espazos libres propostos polo Plan na área obxecto de alegación se acade mediante expropiación forzosa e non por cesión.</p> <p>Ante isto, o equipo redactor defende o seu criterio en base a:</p> <p>A delimitación da área de solo urbano non consolidado que propón o PXOM parte da análise urbana, a realidade construída, a malla existente, e os servizos existentes, ao fío do disposto na lei 9/2002 no artigo 12 "Categorías de solo urbano", e no artigo 16 "Soares". O ámbito en cuestión constitúe o remate sur dun rueiro que no seu fronte norte se atopa practicamente consolidado ao 100%. O fronte sur ao que da fronte limita cun viario que pertence maioritariamente ao Dominio Público Marítimo Terrestre.</p> <p>SEGUNDO. Alúdese á ordenación contida no PXOU 2.002, reclamando que se conserve cos mesmos parámetros na ordenación proposta.</p> <p>Con respecto a isto, o PXOU de 2.002 recollía practicamente a parcela sobre a que se centra a alegación como solo urbano non consolidado (dentro do PERI 1.1.).</p> <p>En relación ao aproveitamento urbanístico asignado, débese sinalar que á área en cuestión correspóndelle segundo o PXOM 1,00 m²/m², superior aos 0,85 m²/m² que a lei 9/2002 fixa no seu artigo 46, apartado 2, liña c. Isto supón un aumento de máis do 12% respecto aos máximos legais, aumento que o PXOM xustifica nas necesidades de remate do rueiro, e que compensa no conxunto do distrito 3.</p> <p>TERCEIRO. Solicítase a incorporación do sistema local de espazos libres indicado na área APR3.3. ao sistema xeral de espazos libres, mediante expropiación, entendendo que se trata de solo urbano consolidado.</p> <p>Respecto a este punto da alegación, cabe sinalar que o sistema xeral de espazo libre corresponde a solo de Dominio Público Marítimo Terrestre.</p> <p>En relación á franxa definida como SLEL na área APR-D.3.3.(así denominada no PXOM aprobado inicialmente en 2.012), esta é a resultante de reservar un espazo suficiente para a edificación que permita o remate do rueiro, respectando os criterios de ordenación marcados polo Plan de Ordenación do Litoral, que asigna un grao de compatibilidade 2 ao PERI 1.1.:</p> <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/>ontención na ocupación do solo <input type="checkbox"/>aturalización no tratamento da urbanización <input type="checkbox"/>omento da conectividade e da permeabilidade <input type="checkbox"/>adecuación dos espazos libres <input type="checkbox"/>adecuación morfolóxica <input type="checkbox"/>tratamento de fachada marítima. <p>Posto que o ámbito en cuestión foi clasificado como solo urbano</p>

non consolidado non procede a expropiación, senón que o de obtención debe ser o de cesión.

CUARTO. Solicítase a eliminación da prohibición de sotos e semisotos na área.

A parcela obxecto de alegación ten natureza de terreo aluvial, pertencente aos depósitos detríticos da idade cuaternaria, segundo a información oficial dispoñible, e que foi plasmada no plano Litolóxico da colección de Información do Medio.

Con respecto á restrición imposta para a construción de sotos e semisotos, remitímonos ao exposto en relación á natureza húmida do terreo, e ás experiencias vividas no propio entorno, con graves problemas de estabilidade, e inundacións que aconsellan evitar os grandes movementos de terra, e que se recollen como risco no informe de sostibilidade ambiental que inclúe o PXOM.

Por todo isto non é posible aceptar a alegación.

NOTAS Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003296
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 7980105NH0877N0002TL, SITUADA EN PONTECESO, ESTRADA PONTECESO- CORME
CONTESTACIÓN	<p>O alegante solicita que se manteña a clasificación de solo rústico apto para urbanizar que figuraba no PXOM aprobado en 2.002. Dita clase de solo, que pertence a un marco legislativo hoxe extinto, equivale na actualidade a solo rústico, por tanto, non urbanizable. A clasificación que se propón para as propiedades en cuestión é tamén a de solo rústico, axustando a categoría de protección aos valores detectados nos terreos en cuestión, homoxéneos ao seu entorno.</p> <p>Esta decisión, tomada en base aos criterios de clasificación expresados na Memoria Xustificativa do PXOM, ben respaldada así mesmo polas proteccións que o Plan de Ordenación do Litoral estableceu nos terreos obxecto da alegación, e que é de "mellora ambiental e paisaxística", que textualmente di no seu artigo 12: "Constitúe, na maior parte dos casos, as áreas sometidas durante as últimas décadas á maior presión antrópica, nas que se fai necesario conservar e, no seu caso, recuperar a súa calidade ambiental e paisaxística, preservándoa de inadecuados procesos de ocupación edificatoria, especialmente aqueles dispersos, difusos e incoherentes co modelo territorial proposto."</p> <p>Por todo isto non é posible aceptar a alegación.</p>
NOTAS	Alegación denegada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003332
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A077002240000PZ
CONTESTACIÓN	<p>O alegante solicita que se manteña a clasificación de solo rústico apto para urbanizar que figuraba no PXOM aprobado en 2.002. Dita clase de solo, que pertence a un marco legislativo hoxe extinto, equivale na actualidade a solo rústico, por tanto, non urbanizable. A clasificación que se propón para as propiedades en cuestión é tamén a de solo rústico, axustando a categoría de protección aos valores detectados nos terreos en cuestión, homoxéneos ao seu entorno.</p> <p>Esta decisión, tomada en base aos criterios de clasificación expresados na Memoria Xustificativa do PXOM, ben respaldada así mesmo polas proteccións que o Plan de Ordenación do Litoral estableceu nos terreos obxecto da alegación, e que é de "mellora ambiental e paisaxística", que textualmente di no seu artigo 12: "Constitúe, na maior parte dos casos, as áreas sometidas durante as últimas décadas á maior presión antrópica, nas que se fai necesario conservar e, no seu caso, recuperar a súa calidade ambiental e paisaxística, preservándoa de inadecuados procesos de ocupación edificatoria, especialmente aqueles dispersos, difusos e incoherentes co modelo territorial proposto."</p> <p>Por todo isto non é posible aceptar a alegación.</p>
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003334
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A TRES FINCAS SITAS NO LUGAR DOS SEIXOS, TELLA
CONTESTACIÓN	<p>A alegación consiste na solicitude conxunta de recoller dentro de ordenación unha serie de parcelas no entorno do núcleo de Tella, a fin de que resulten edificables.</p> <p>Todas elas se atopan en contacto con delimitacións de solo de núcleo rural de tipo histórico.</p> <p>As regras de delimitación deste tipo de núcleos rurais, recóllense no artigo 13 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, entre as cales existe a condición de non superar os 50 metros medidos dende a última edificación tradicional, que resulta ser a máis restritiva no caso dos terreos aos que fai referencia o alegante.</p> <p>Seguindo os criterios de ordenación do PXOM e según o disposto no citado artigo, revisouse a delimitación proposta, mais foi imposible atender á solicitude en todos os casos.</p> <p>A continuación expónse textualmente o contido da lei 9/2002, artigo 13, parágrafo 3:</p> <p>3.ª delimitación dos núcleos rurais que o plan xeral estableza virá referida a algún ou algúns dos seguintes tipos básicos:</p> <p>a) Núcleo rural histórico-tradicional, caracterizado como tal en función das súas características morfolóxicas, da tipoloxía tradicional das edificacións, da vinculación coa explotación racional dos recursos naturais ou de circunstancias doutra índole que manifesten a imbricación tradicional do núcleo co medio físico no que se sitúa.</p> <p>A súa delimitación realizarase en atención á proximidade das edificacións, aos lazos de relación e coherencia entre lugares dun mesmo asentamento con topónimo diferenciado e á morfoloxía e ás tipoloxías propias dos devanditos asentamentos e da área xeográfica na que se atopan (casal, lugar, aldea, rueiro ou outro), de modo que o ámbito delimitado presente unha consolidación pola edificación de, polo menos, o 50%, de acordo coa ordenación proposta e trazando unha liña perimetral que encerre as edificacións tradicionais do asentamento seguindo o parcelario e as pegadas físicas existentes (camiños, ríos, regatos, cómaros e outros) e, como máximo, a 50 metros das devanditas edificacións tradicionais.</p> <p>A solicitude do alegante non puido ser aceptada totalmente.</p>
NOTAS	Alegación aceptada parcialmente



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003335
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN REFERENCIA A UNHA FINCA SITUADA NO LUGAR DE OUTELO, XORNES
CONTESTACIÓN	<p>As situacións de fora de ordenación quedan explicadas na normativa do PXOM, facendo referencia á compatibilidade dos usos e edificacións existentes cos permitidos segundo a clase de solo da que se trate.</p> <p>A alegación céntrase na solicitude de clasificación de núcleo rural común de varias parcelas apoiadas sobre a estrada AC421, próximas ao núcleo de Outelo Novo.</p> <p>A administración encargada da supervisión da coherencia entre este tipo de estradas de titularidade autonómica e as propostas de modificación do planeamento, é a Axencia Galega de Infraestruturas, a cal emitiu un informe desfavorable para o caso concreto de novos desenrols apoiados na estrada principal. Esta postura, que defende a seguridade da vía, e a súa correcta funcionalidade, vese respaldada polo disposto nas Directrices de Ordenación do Territorio, punto 3.1.5. "evitaranse os crecementos ao longo das vías de comunicación".</p> <p>Por esta razón descartouse a ampliación de núcleo solicitada sobre a estrada AC421.</p>
NOTAS	Alegación denegada.

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003336
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN REFERENCIA A UNHA VIVENDA UNIFAMILIAR CON REFERENCIA CATASTRAL: 9076112NH0887N0001KX
CONTESTACIÓN	<p>A alegación en cuestión ten por obxecto unha parcela xa edificada que obtivo a clasificación de solo urbano consolidado, baixo a ordenanza SU-4 de vivenda unifamiliar, no PXOM aprobado inicialmente en 2.012.</p> <p>A nova ordenación entra en conflito coa edificación existente en termos de aliñación, recuamento e edificabilidade.</p> <p>Admítase un erro de interpretación con respecto á aliñación proposta, o cal será corrixido, recoñecendo a titularidade privada do xardín en cuestión.</p> <p>En canto aos recuamentos, introdúcese na ordenanza a posibilidade de aplicar recuamentos menores en casos de liñas xa consolidadas pola edificación, pertencentes a un continuo homoxéneo.</p> <p>No que respecta á edificabilidade, a ordenanza non pode ser modificada con respecto a situacións puntuais, entendendo que a edificabilidade de 0,6 m²/m² á que alude o alegante é excesiva para unha tipoloxía de vivenda unifamiliar de carácter illado.</p> <p>Sen embargo, infórmase de que a incursión da vivenda en cuestión nunha situación de fora de ordenación sería de parcialmente incompatible, situación definida na normativa do PXOM, onde se indica que poderán executarse obras de conservación, reforma, e incluso ampliación e aumento de aproveitamento que non agraven a súa incompatibilidade co PXOM. O punto ao que se alude na alegación a este respecto (no que se di que o concello resérvase a posibilidade de proceder á súa demolición), corresponde a situacións de total incompatibilidade co plan, non sendo este o caso.</p> <p>Así pois, a solicitude do alegante considérase que foi aceptada parcialmente</p>
NOTAS	Alegación parcialmente aceptada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003337
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN Á UNHA FINCA SITUADA EN LESTIMOÑO
CONTESTACIÓN	O alegante solicita que se recolla dentro de ordenación, enténdese que incorporada ao núcleo rural de tipo histórico de Lestimoño, unha parcela apoiada nun viario local, no oeste do asentamento. Seguindo os criterios de ordenación do PXOM, e en vista de que cumpre coas condicións establecidas no artigo 13 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, así como que respecta a morfoloxía do asentamento, e xa tiña formado parte da delimitación de núcleo no anterior planeamento, acéptase a alegación incorporando a parcela en cuestión na delimitación de núcleo rural de tipo histórico.
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003338
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UN SOLAR CON REFERENCIA CATASTRAL: 8677205NH0887N0001XX, SITUADA EN PONTECESO
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación, recollendo a parcela como solo urbano consolidado, baixo a ordenanza de vivenda agrupada entre medianeiras, coa altura máxima de catro plantas (B+3). Con respecto ás condicións da ordenanza en planta baixa, non resulta coherente que na tipoloxía de vivenda agrupada con espazo libre se ocupe a totalidade da planta baixa. Con respecto á restrición imposta para a construción de sotos e semisotos, remitímonos á natureza húmida do terreo, e ás experiencias vividas no propio entorno, con graves problemas de estabilidade, e inundacións que aconsellan evitar os grandes movementos de terra, e que se recollen como risco no informe de sostibilidade ambiental que inclúe o PXOM. Así pois, a parcela obxecto de alegación atópase no marxe sur da Avenida de Pondal, un terreo de natureza aluvial, no límite entre os depósitos detríticos da idade cuaternaria, e rochas metamórficas de tipo gneis, segundo a información oficial dispoñible, e que foi plasmada no plano Litolóxico da colección de Información do Medio. Considérase así pois que a alegación foi parcialmente aceptada.
NOTAS	Alegación aceptada parcialmente

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003339
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA, SITUADA NA FEIRA, A TRABE
CONTESTACIÓN	Esta decisión non compete ao equipo redactor do PXOM, senón á Dirección General del Catastro, do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas.
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003340
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA, SITUADA NO LUGAR DE O VIMIEIRO, PAZOS
CONTESTACIÓN	Acéptase parcialmente a alegación, recollendo as edificacións existentes ao sur do núcleo rural histórico de Pazos como núcleo rural de tipo común, apoiándose no cumprimento das condicións establecidas ao caso no artigo 13 da lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Non se recolle sen embargo a superficie de terreo non edificada que suporía unha ampliación en baleiro cara ó sur, e que tamén no anterior plan posuía a clasificación de solo rústico. Enténdese como elemento condicionante a liña eléctrica de alta tensión, a cal contribúe a definir este límite. De todos modos, as situacións de fora de ordenación quedan explicadas na normativa do PXOM, facendo referencia á compatibilidade dos usos e edificacións existentes cos permitidos segundo a clase de solo da que se trate.
NOTAS	Alegación aceptada parcialmente.



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003341
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA, SITUADA EN PAZOS
CONTESTACIÓN	As situacións de fora de ordenación quedan explicadas na normativa do PXOM, facendo referencia á compatibilidade dos usos e edificacións existentes cos permitidos segundo a clase de solo da que se trate. As parcelas sinaladas polo alegante manteñen a clasificación que lles outorgaba o anterior planeamento, que era de solo rústico. De acordo aos criterios de delimitación do PXOM, expostos na Memoria Xustificativa, e ao estudo do entorno, conclúuse que os terreos en cuestión deben seguir formando parte do solo rústico en base ás súas propiedades e uso actuais, respectando a morfoloxía do asentamento. Non se entende que se solicite evitar o fóra de ordenación, posto que según o disposto na normativa para solo rústico, non se produce esa discordancia. Alegación denegada.
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003342
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL: 9885905NH0898N0001EB
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación, atendendo ás condicións dispostas no artigo 13 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e aos propios criterios de ordenación do PXOM expostos na Memoria Xustificativa. Replantéase así pois a delimitación do asentamento de núcleo rural, incluíndo a totalidade da parcela.
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003343
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL: 9882802NH0898S0001ET, SITUADA EN TELLA
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación, atendendo ás condicións dispostas no artigo 13 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e aos propios criterios de ordenación do PXOM expostos na Memoria Xustificativa. Replantéase así pois a delimitación do asentamento de núcleo rural, incluíndo a parcela.
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003344
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHAS PARCELAS CON REFERENCIAS CATASTRAIS: 15069A007004280000PB E 15069A007004290000PY, SITUADAS EN TELLA
CONTESTACIÓN	As parcelas sinaladas polo alegante manteñen a clasificación que lles outorgaba o anterior planeamento, que era de solo rústico. De acordo aos criterios de delimitación do PXOM, fundados no estudo do modelo de asentamento, e expostos na Memoria Xustificativa, así como dende o estudo do entorno, conclúuse que os terreos en cuestión deben seguir formando parte do solo rústico en base ás súas propiedades e uso actuais. Alegación denegada.
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003345
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL: 9885904NH0898N0001JB, SITUADA NOS CUÑARROS, EN TELLA
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación, atendendo ás condicións dispostas no artigo 13 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e aos propios criterios de ordenación do PXOM expostos na Memoria Xustificativa. Replantéase así pois a delimitación do asentamento de núcleo rural, incluíndo a totalidade da parcela.
NOTAS	Alegación aceptada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003346
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA, SITUADA NA VEREDA, EN TELLA
CONTESTACIÓN	<p>A parcela sinalada no plano adxunto á alegación presentada corresponde co fronte de dúas parcelas catastrais. Ambas con fronte á Rúa da Vereda.</p> <p>Estas parcelas posúen no planeamento vixente a clasificación de solo de núcleo rural.</p> <p>As condicións que este tipo de solo debe cumprir mudaron cos cambios introducidos na LOUGA no ano 2.010, e tamén a súa relación cos viarios e cos tecidos próximos, como se expresa nas Directrices de Ordenación do Territorio. Considérase así mesmo, que é preciso reservar un espazo de contacto entre as tramas de solo urbano e núcleo rural, que permita a conexión co novo sector urbanizable.</p> <p>Por estas razóns non é posible aceptar a alegación presentada.</p>
NOTAS	Alegación denegada.

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003347
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL; 15069A033000800001AF SITUADA EN FROXAN, XORNES
CONTESTACIÓN	<p>Acéptase a alegación, ampliando a liña delimitadora do asentamento dentro das posibilidades que permiten as condicións dispostas no artigo 13 da lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, para este tipo de núcleo rural histórico.</p> <p>En base á limitación de distancia máxima de 50 metros medidos dende a última edificación tradicional, non é posible aplicar a clasificación de núcleo rural á totalidade da parcela.</p>
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003348
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL; 15069A175003040000LU SITUADA EN LESTIMOÑO, A GRAÑA
CONTESTACIÓN	<p>Acéptase a alegación, ampliando a liña delimitadora do asentamento dentro das posibilidades que permiten as condicións dispostas no artigo 13 da lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, para este tipo de núcleo rural.</p> <p>En base á limitación de distancia máxima de 50 metros medidos dende a última edificación tradicional, non é posible aplicar a clasificación de núcleo rural á totalidade da parcela.</p>
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003349
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL; 15069A089000560000PP SITUADA EN CORES
CONTESTACIÓN	<p>Acéptase a alegación, ampliando a liña delimitadora do asentamento de solo de núcleo rural común, dentro das posibilidades que permiten as condicións dispostas no artigo 13 da lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.</p> <p>Sen embargo, a solicitude esixe a cualificación de tipo Histórico, non sendo isto posible, pois non existe asentamento deste tipo no entorno polo que non hai base legal que apoie a súa delimitación.</p> <p>Considerase pois aceptada parcialmente a alegación.</p>
NOTAS	Alegación aceptada parcialmente.




Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003350
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL; 15069A089000580001AY SITUADA EN CORES
CONTESTACIÓN	<p>Acéptase a alegación, ampliando a liña delimitadora do asentamento de solo de núcleo rural común, dentro das posibilidades que permiten as condicións dispostas no artigo 13 da lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.</p> <p>Sen embargo, a solicitude esixe a cualificación de tipo Histórico, non sendo isto posible, pois non existe asentamento deste tipo no entorno polo que non hai base legal que apoie a súa delimitación.</p> <p>Considerase pois aceptada parcialmente a alegación.</p>
NOTAS	Alegación aceptada parcialmente.

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003352
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL; 15069B502003520000EU, SITUADA NA BUGALLEIRA
CONTESTACIÓN	<p>Acéptase a alegación, na medida en que o permiten as condicións de delimitación de núcleos rurais fixadas pola lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, no seu artigo 13, parágrafo 3 que a continuación se expón textualmente "3.A delimitación dos núcleos rurais que o plan xeral estableza virá referida a algún ou algúns dos seguintes tipos básicos:</p> <p>a) Núcleo rural histórico-tradicional, caracterizado como tal en función das súas características morfolóxicas, da tipoloxía tradicional das edificacións, da vinculación coa explotación racional dos recursos naturais ou de circunstancias doutra índole que manifesten a imbricación tradicional do núcleo co medio físico no que se sitúa.</p> <p>A súa delimitación realizarase en atención á proximidade das edificacións, aos lazos de relación e coherencia entre lugares dun mesmo asentamento con topónimo diferenciado e á morfoloxía e ás tipoloxías propias dos devanditos asentamentos e da área xeográfica na que se atopan (casal, lugar, aldea, rueiro ou outro), de modo que o ámbito delimitado presente unha consolidación pola edificación de, polo menos, o 50%, de acordo coa ordenación proposta e trazando unha liña perimetral que encerre as edificacións tradicionais do asentamento seguindo o parcelario e as pegadas físicas existentes (camiños, ríos, regatos, cómaros e outros) e, como máximo, a 50 metros das devanditas edificacións tradicionais.</p> <p>B) Núcleo rural común, incluíranse neste tipo aqueles asentamentos de poboación recoñecibles como solo de núcleo rural pero que non presentan as características necesarias para a súa inclusión no tipo básico anterior. A súa delimitación deberá de facerse en función das previsións de crecemento que o plan xeral estableza para o núcleo e tendo en conta que o ámbito delimitado deberá presentar un grao de consolidación pola edificación, de acordo coa ordenación urbanística que para el se prevexa no plan, igual ou superior a un terzo da súa superficie.</p> <p>C) Núcleo rural complexo, incluíranse neste tipo aqueles asentamentos de poboación caracterizados por ser resultado da concorrencia e compatibilidade no seo dun mesmo asentamento rural dos dous tipos básicos precedentes; nese caso será obrigatorio diferenciar o correspondente ao tipo a) mediante a súa correspondente delimitación efectuada segundo as previsións contidas na alínea 3.a) deste artigo. "</p>
NOTAS	Alegación aceptada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003353
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA, SITUADA EN FROXÁN DE ARRIBA, XORNES
CONTESTACIÓN	<p>O alegante presenta a solicitude de que a ordenación contida no Plan aprobado inicialmente en 2.012 sexa corrixida, de xeito que unha parcela da súa propiedade que quede dentro de ordenación. As situacións de fora de ordenación quedan explicadas na normativa do PXOM, facendo referencia á compatibilidade dos usos e edificacións existentes cos permitidos segundo a clase de solo da que se trate.</p> <p>A parcela en cuestión foi clasificada como solo rústico de especial protección agropecuaria, o cal responde ao seu uso actual e ás súas características naturais. Non se coñece a existencia de ningún tipo de edificación nin uso que puidera entrar en conflito cos permitidos nesta clase de solo rústico, polo que non hai motivos que induzan a pensar que debido á ordenación proposta foi a incorrer nunha situación de fóra de ordenación.</p> <p>Por outro lado, confirmouse que no anterior plan, o aprobado en 2.002, esta parcela xa figuraba clasificada como solo rústico. Posto que non se modifica a ordenación con respecto ao documento aprobado inicialmente no que respecta á parcela obxecto de alegación, enténdese que a solicitude non foi aceptada.</p>
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003361
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN UN SOLAR CON REFERENCIA CATASTRAL: 8281235NH088850001KQ, SITUADA EN PONTECESO
CONTESTACIÓN	<p>A alegación fai referencia a unha parcela clasificada como SNRC no PXOM aprobado inicialmente en 2.012, aludindo que a parcela en cuestión resulta inedificable da aplicación das esixencias contidas na ordenanza asignada.</p> <p>A solicitude da alegante foi atendida corrixindo os seguintes aspectos da ordenanza SNRC:</p> <ul style="list-style-type: none"> -A parcela mínima só se aplicará a efectos de novas parcelacións, entendendo que as parcelas existentes con anterioridade á aprobación do PXOM en trámite será edificables aínda que contengan unha superficie menor (en tanto superen os 300m2 de superficie mínima establecida na lei 9/2002). -A porcentaxe de ocupación en planta mantense, aínda que incluíndo unha superficie mínima que poderá ser ocupada en calquera parcela baixo a ordenanza SNRC existente con anterioridade á aprobación do PXOM actualmente en trámite. Dita superficie ocupable foi considerada suficiente para as tipoloxías residenciais existentes no entorno. -O índice de edificabilidade mantense sen modificacións, mais garantindo un mínimo edificable ao que poderán chegar as parcelas existentes con anterioridade á aprobación do PXOM en trámite. Dita superficie mínima permite a construción dunha vivenda de características similares ás do entorno. -Con respecto aos recuamentos mínimos a lindeiros, estes foron corrixidos, diminuíndose ata 3m. <p>Deste xeito, considérase que a alegación foi aceptada.</p>
NOTAS	Alegación aceptada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003362
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA E INMOBLE SITUADOS NA VEREDA, TELLA
CONTESTACIÓN	<p>A alegante di ser propietaria da vivenda unifamiliar que foi incluída no ámbito de planeamento remitido PR-D3.12., en solo urbano non consolidado, según o Plan aprobado inicialmente en 2.012. Solicítase na alegación que a ordenación proposta sexa reconsiderada, clasificando dita propiedade como solo urbano consolidado.</p> <p>A exposición de motivos que apoian a solicitude non se axustan á realidade da parcela en cuestión, aludindo argumentos de carácter xenérico, algúns deles con mais contido político que urbanístico. De feito, manter a ordenación proposta no planeamento aprobado en 2.002 suporía o fora de ordenación da vivenda en cuestión, sen que quedase garantido o reparto de cargas e beneficios, ou mesmo a valoración da propia vivenda, resultando a superficie contida dentro das aliñacións inedificable. A solicitude da alegante é porén contraria aos seus intereses.</p> <p>Ao marxe disto, a vivenda existente entra en conflito coa regularización de aliñacións que se propón para a Rúa Vereda, así pois, aínda que se deixase ao marxe da área de planeamento remitido quedaría fóra de ordenación. A superficie de parcela resultante da aplicación das aliñacións resultaría por si mesma inedificable. Enténdese que a súa transformación debe ser planteada en conxunto coas propiedades colindantes, o cal nos leva á súa remisión a un PERI.</p> <p>A comparación que se fai na documentación gráfica adxunta con outra vivenda do entorno que si queda dentro de ordenación (axustada ás aliñacións de solo urbano consolidado), non é válida, en tanto que se están a comparar situacións totalmente diferentes. Doutra banda, o uso previsto para o aproveitamento do ámbito de solo urbano non consolidado é o residencial, sobre o que a cada un dos propietarios corresponderá unha porcentaxe. Así mesmo, a valoración da vivenda existente terase en conta no reparto de cargas e beneficios.</p> <p>A alegación non foi aceptada, en tanto que non se modifica a ordenación proposta, advírtese sen embargo de que se produciu un cambio de numeración na área PERI con respecto ao documento do PXOM aprobado inicialmente en 2.012.</p>
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003363
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHAS FINCAS CON REFERENCIA CATASTRAL 15069A199006960000LM. SITUADA NA SUBIDA O RONCUDO, 15069A199006890000LP, SITUADA EN CORME
CONTESTACIÓN	<p>Acéptase parcialmente a alegación, ampliando a delimitación de núcleo no seu marxe leste, conferindo a posibilidade de obter parcelas con maior fondo.</p> <p>Non se amplía sen embargo na dirección oeste, en función das cualidades topográficas do terreo.</p> <p>En canto á parcela mínima edificable en solo de núcleo rural, decidiuse incorporar na ordenanza un parágrafo complementario á condición de parcela mínima, de excepción para parcelacións anteriores ao presente Plan Xeral.</p>
NOTAS	Alegación aceptada
Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003364
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA SITUADA EN XORNES
CONTESTACIÓN	<p>As situacións de fora de ordenación quedan explicadas na normativa do PXOM, facendo referencia á compatibilidade dos usos e edificacións existentes cos permitidos segundo a clase de solo da que se trate.</p> <p>Os terreos obxecto de alegación atópanse situados a una distancia superior a 50 metros medidos dende as edificacións de orixe tradicional o antiga. Por este motivo non foron incluídos dentro da delimitación de núcleo rural histórico, xa que se incumpren as condicións fixadas na Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (artigo 13, parágrafo 3)</p> <p>Non existe, porén, argumento legal que xustifique o cambio de clasificación e non é posible aceptar a alegación.</p>
NOTAS	Alegación denegada



Nº REGISTRO DE ENTRADA	201200000003365
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓN AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHAS FINCAS CON REFERENCIAS CATASTRAIS:3507318NH0930N0001ZE E 3507326NH0930N0001BE, SITUADAS EN CORME PORTO
CONTESTACIÓN	<p>A alegación inclúe 6 solicitudes:</p> <p>1)Que se cambie a clasificación do solo das parcelas en cuestión a Solo de Núcleo Rural de tipo Histórico ou Tradicional. En base ao disposto no artigo 13 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural, resulta imposible atender á solicitude, pois nin os terreos en cuestión nin os seus adxacentes cumpren as condicións establecidas para este tipo de núcleos. Sen embargo, infórmase de que a ordenanza SNRC foi corrixida, especificando que a parcela mínima será de aplicación en caso de novas parcelacións, permitindo a edificación en parcelas preexistentes á aprobación do PXOM en trámite sempre que superen a superficie mínima de 300m2. Esta modificación considérase que atende ao fondo da cuestión que reclama o alegante, relacionado coa parcela mínima esixida en SNRC e SNRH.</p> <p>2)Que se teña en conta a clasificación de solo urbano no anterior planeamento. O anterior planeamento clasificaba maiormente as parcelas en cuestión como solo urbano non consolidado. Este desenvolvemento que se propuña entrou en conflito coa recente aprobación do Plan de Ordenación do Litoral, que establece unha protección de "corredor ecolóxico" que afecta á zona sur de dito desenvolvemento.</p> <p>3) Que se permita a máxima edificabilidade posible, acorde á ordenación que se propuña no anterior planeamento. A "máxima edificabilidade" ven representada polo índice de edificabilidade máximo fixado na ordenanza, o cal se considera que responde a unha densidade edificatoria coherente coa tipoloxía de SNRC, e que permite a construción das tipoloxías características. Sen embargo, establecerase unha superficie mínima edificable que poderán acadar as parcelas que polas súas reducidas dimensións non o consigan aplicando o índice de edificabilidade máximo establecida na ordenanza.</p> <p>4)Que se aumente a edificabilidade máxima. Esta cuestión considérase que foi respondida no punto anterior.</p> <p>5)Que se reduzan los recuamentos mínimos. Os recuamentos a lindeiros foron corrixidos, pasando da esixencia de 5 a 3 metros, tal e como demanda o alegante.</p> <p>6)Que se permita a construción en parcelas que no alcancen a dimensión mínima. Esta cuestión foi aceptada, considerando que as parcelas preexistentes á aprobación do PXOM en trámite poderán ser consideradas edificables en tanto superen os 300m2 de superficie. En calquera caso, apúntase que o exposto no punto 3 da alegación, onde se di que a parcela ten a clasificación de solo rústico de protección ordinaria é un erro, posto que o solo rústico en cuestión é de especial protección dos espazos naturais, de protección de costas, e de protección das augas.</p>

Infórmase tamén que a liña delimitadora do núcleo foi ampliada en dirección leste, recollendo unha porcentaxe maior do núcleo. O obxecto de alegación. Do exposto, considérase que as solicitudes efectuadas polo alegante foron aceptadas parcialmente.

NOTAS Alegación parcialmente aceptada.



Nº REGISTRO DE ENTRADA	201200000003366
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 3098701NH1839N0001KW, SITUADA NA BUGALLEIRA
CONTESTACIÓN	<p>A alegación inclúe 5 solicitudes que fan referencia a unha parcela situada en solo de núcleo rural histórico de tipo 1:</p> <p>1) Que se cambie a clasificación do solo das parcelas en cuestión a Solo de Núcleo Rural de tipo Histórico ou Tradicional con ordenanza NRH1.</p> <p>Do estudo do asentamento reflectido nos volumes de información do PXOM, conclúese que a densidade e tipoloxía deste asentamento ten mellor encaixe na ordenanza SNRH2. Sen embargo, infórmase de que a liña delimitadora do asentamento foi modificada incluíndo unha porcentaxe maior da parcela obxecto de alegación, e a ordenanza corrixida de xeito que a parcela mínima sexa aplicada en termos de novas parcelacións, resultando así edificables as parcelas preexistentes á aprobación do PXOM en trámite, en tanto superen o mínimo de 300m² fixado na lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Estas dúas correccións enténdese que responde ao fondo da solicitude no cambio de ordenanza SNRH2 a SNRH1, en tanto que a diferenza entrámbalas dúas reside na superficie esixida como parcela mínima.</p> <p>2) Que se teña en conta a clasificación de solo urbano no anterior planeamento. O planeamento aprobado en 2002 foi tido en conta, como non pode ser doutro xeito, mais infórmase á alegante de que a clasificación que a súa parcela posúe en tal documento non é de solo urbano, senón de núcleo rural.</p> <p>3) Que se permita a máxima edificabilidade posible, acorde á ordenación que se propuña no anterior planeamento. A "máxima edificabilidade" contemplada para o asentamento en cuestión ven fixada polo índice de edificabilidade máximo da ordenanza asignada. Ditos parámetros non perseguen que se poida construír o "máximo posible", senón que o resultado de aplicación da ordenanza sexa coherente coa estrutura do asentamento existente. Así pois, non se contempla elevar a edificabilidade, sen embargo, establecerase unha superficie mínima edificable que poderán acadar as parcelas que polas súas reducidas dimensións non o consigan aplicando o índice de edificabilidade máxima establecido na ordenanza.</p> <p>4) Que se aumente a edificabilidade máxima. Esta cuestión considérase que foi respondida no punto anterior</p> <p>5) Que se reduzan os recuamentos mínimos. Non se contempla a posibilidade de reducir os recuamentos a lindeiros, os cales quedaron fixados en 3 metros, mais si se introduce na ordenanza a posibilidade de reducir o recuamento con respecto a viario, para casos os que exista un entorno edificado que consolide recuamentos inferiores.</p> <p>A razón pola que non se incorpora a totalidade da parcela 3098701NH1839N0001KW responde á obriga de respectar a distancia máxima de 50 metros medidos dende a última edificación</p>

tradicional do núcleo. Dita condición fíxase pola lei 9/2002 ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, seu artigo 13, parágrafo 3, liña a), que a continuación se expón textualmente:

"a) Núcleo rural histórico-tradicional, caracterizado como tal en función das súas características morfolóxicas, da tipoloxía tradicional das edificacións, da vinculación coa explotación racional dos recursos naturais ou de circunstancias doutra índole que manifesten a imbricación tradicional do núcleo co medio físico no que se sitúa.

A súa delimitación realizarase en atención á proximidade das edificacións, aos lazos de relación e coherencia entre lugares dun mesmo asentamento con topónimo diferenciado e á morfoloxía e ás tipoloxías propias dos devanditos asentamentos e da área xeográfica na que se atopan (casal, lugar, aldea, rueiro ou outro), de modo que o ámbito delimitado presente unha consolidación pola edificación de, polo menos, o 50%, de acordo coa ordenación proposta e trazando unha liña perimetral que encerre as edificacións tradicionais do asentamento seguindo o parcelario e as pegadas físicas existentes (camiños, ríos, regatos, cómaros e outros) e, como máximo, a 50 metros das devanditas edificacións tradicionais. "

Con respecto á parcela con referencia catastral 15069A501003080000OU, esta foi clasificada no PXOM aprobado inicialmente en 2012 como solo rústico de especial protección agropecuaria. Cómpre apuntar que xa tiña a consideración de solo rústico no Plan aprobado en 2.002.

Non se contemplan cambios na ordenación proposta, entendendo que a clasificación é a axeitada, atendendo á natureza e usos actuais do terreo, así como a non conveniencia de incorporar o viario sobre o que se apoia como eixo de ampliación do asentamento.

A solicitude da alegante, que incorpora múltiples cuestións, enténdese que foi aceptada parcialmente.

NOTAS Alegación parcialmente aceptada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003367
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A051000720001AA
CONTESTACIÓN	<p>A alegación inclúe 5 solicitudes que fan referencia a unha parcela situada en solo rústico de especial protección agropecuaria.</p> <p>1)Que se cambie a clasificación do solo das parcelas en cuestión a Solo de Núcleo Rural de tipo Histórico ou Tradicional con ordenanza NRH1.</p> <p>Esta solicitude foi aceptada parcialmente, recolléndoa como solo de núcleo rural histórico, mais con ordenanza SNRH2.</p> <p>Do estudo do asentamento reflectido nos volumes de información do PXOM, conclúese que a densidade e tipoloxía deste asentamento ten mellor encaixe na ordenanza SNRH2 ca na SNRH1. Sen embargo, infórmase de que a ordenanza foi corrixida de xeito que a parcela mínima sexa aplicada en termos de novas parcelacións, resultando así edificables as parcelas preexistentes á aprobación do PXOM en trámite, en tanto superen o mínimo de 300m2 fixado na lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Esta corrección enténdese que responde ao fondo da solicitude no cambio de ordenanza SNRH2 a SNRH1, en tanto que a diferenza entrámbalas dúas reside na superficie esixida como parcela mínima.</p> <p>2)Que se teña en conta a clasificación de solo urbano no anterior planeamento. O planeamento aprobado en 2002 foi tido en conta, como non pode ser doutro xeito, mais infórmase ó alegante de que a clasificación que a súa parcela posúe en tal documento non é de solo urbano, senón de núcleo rural.</p> <p>3) Que se permita a máxima edificabilidade posible, acorde á ordenación que se propuña no anterior planeamento. A "máxima edificabilidade" contemplada para o asentamento en cuestión ven fixada polo índice de edificabilidade máximo da ordenanza asignada. Ditos parámetros non perseguen que se poida construír o "máximo posible", senón que o resultado de aplicación da ordenanza sexa coherente coa estrutura do asentamento existente.</p> <p>Así pois, non se contempla elevar a edificabilidade, sen embargo, establecerase unha superficie mínima edificable que poderán acadar as parcelas que polas súas reducidas dimensións non o consigan aplicando o índice de edificabilidade máxima establecido na ordenanza.</p> <p>4)Que se aumente a edificabilidade máxima. Esta cuestión considérase que foi respondida no punto anterior</p> <p>5)Que se reduzan os recuamentos mínimos. Non se contempla a posibilidade de reducir os recuamentos a lindeiros, os cales quedaron fixados en 3 metros, mais si se introduce na ordenanza a posibilidade de reducir o recuamento con respecto a viario, para casos os que exista un entorno edificado que consolide recuamentos inferiores.</p> <p>A razón pola que non se incorpora a totalidade da parcela 15069A051000720001AA responde á obriga de respectar a distancia máxima de 50 metros medidos dende a última edificación tradicional do núcleo. Dita condición fíxase pola lei 9/2002, de</p>

ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia seu artigo 13, parágrafo 3, liña a), que a continuación se recolle textualmente:

"a) Núcleo rural histórico-tradicional, caracterizado como tal en función das súas características morfolóxicas, da tipoloxía tradicional das edificacións, da vinculación coa explotación racional dos recursos naturais ou de circunstancias doutra índole que manifesten a imbricación tradicional do núcleo co medio físico no que se sitúa.

A súa delimitación realizarase en atención á proximidade das edificacións, aos lazos de relación e coherencia entre lugares dun mesmo asentamento con topónimo diferenciado e á morfoloxía e ás tipoloxías propias dos devanditos asentamentos e da área xeográfica na que se atopan (casal, lugar, aldea, rueiro ou outro), de modo que o ámbito delimitado presente unha consolidación pola edificación de, polo menos, o 50%, de acordo coa ordenación proposta e trazando unha liña perimetral que encerre as edificacións tradicionais do asentamento seguindo o parcelario e as pegadas físicas existentes (camiños, ríos, regatos, cómaros e outros) e, como máximo, a 50 metros das devanditas edificacións tradicionais. "

A solicitude do alegante, que inclúe múltiples cuestións, enténdese que foi aceptada parcialmente.

NOTAS Alegación aceptada parcialmente



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003368
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 3807102NH0930N0001PE, SITUADA EN CORME PORTO, FINCA SEGREGADA EN SETE LOTES
CONTESTACIÓN	<p>As aliñacións ás que se fai referencia atenden ao recoñecemento da consolidación de frontes urbanos, e ao respecto pola infraestrutura viaria, que consiste nunha estrada autonómica de categoría de rede primaria complementaria.</p> <p>A administración encargada da supervisión da coherencia entre este tipo de estradas de titularidade autonómica e as propostas de modificación do planeamento, é a Axencia Galega de Infraestruturas, a cal emitiu informe desfavorable á redución das aliñacións con respecto a distancia de 16 a 8 metros medidos dende o eixo do viario, en tanto que non se xustifique pola presenza de peches ou edificacións tradicionais, ou que estiveran consolidadas pola edificación.</p> <p>Esta postura, que defende a seguridade da vía, e a súa correcta funcionalidade, vese respaldada polo disposto nas Directrices de Ordenación do Territorio, punto 3.1.5. "evitaranse os crecementos ao longo das vías de comunicación".</p> <p>A parcela en cuestión atópase nunha franxa baleira de edificación, porén, non é posible xustificar a redución con respecto ás súas adxacentes.</p> <p>En base a isto non é posible aceptar a alegación</p>
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003369
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 9081128NH0888S0001UQ, SITUADA NA TRABE, TELLA
CONTESTACIÓN	<p>A alegación fai referencia a unha parcela que no Plan aprobado inicialmente en 2.012 se recolle como solo urbanizable delimitado. Cómpre informar dunha serie de imprecisións que se conteñen na exposición da alegación:</p> <p>-O PXOM aprobado inicialmente clasifica a parcela en cuestión como solo urbanizable delimitado, e non como solo urbano non consolidado, como se di na alegación.</p> <p>-A parcela posuía a mesma clasificación en canto a desenrolo que no Plan aprobado en 2.002, que a que lle está a conferir no Plan aprobado inicialmente en 2.012. Formaba parte dun sector de SRAU, solo rústico apto para urbanizar, e non era solo urbano consolidado, como afirma a alegante. É de supoñer que isto non está claro na alegación, en tanto que a solicitude inclúe como segunda opción que se manteña a clasificación do anterior Plan.</p> <p>-Na información facilitada pola compañía concesionaria do servizo de abastecemento e de saneamento, contrastada por técnicos municipais, non consta que a parcela en cuestión posúa os servizos de abastecemento de auga, a pesar do que se afirma na alegación. Partindo dos reais antecedentes urbanísticos da parcela, a solicitude non pode ser aceptada, pois resulta imposible a consideración da parcela como solo urbano consolidado, expresamente prohibida no artigo 95 da lei 9/2002 de ordenación do solo e protección do medio rural de Galicia, en tanto que sería un paso directo de solo rústico a solo urbano.</p>
NOTAS	Alegación denegada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003370
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 9083206NH0898S0001GT, SITUADA NA TRABE, TELLA
CONTESTACIÓN	<p>A alegación fai referencia a unha parcela que no Plan aprobado inicialmente en 2.012 se recollía como solo urbano non consolidado, quedando o seu desenvolvemento remitido a un PERI. (APR-D3.11).</p> <p>O fronte desta parcela que corresponde á Avenida de Bergantiños ten no Planeamento de 2.002 a clasificación de solo urbano consolidado, tal e como indica o alegante, mais o fondo leste forma parte dun SRAU, é dicir, solo rústico apto para urbanizar, mais ao fin e o cabo, solo rústico en tanto non se desenrolase o plan de sectorización correspondente</p> <p>Partindo dos antecedentes urbanísticos da parcela, o PXOM aprobado inicialmente en 2.012 prevía a incorporación da mesma nunha área de reparto en solo urbano non consolidado que comprendía dúas parcelas catastrais. A xestión deste solo como solo urbano non consolidado semellaba doada, beneficiosa para os propietarios, e tamén para a vila de Ponteceso, pois permitía completar infraestruturas e outorgarlle un remate axeitado á trama urbana evitando perpetuar o crecemento lineal desta Avenida. Sen embargo, á vista das dificultades de xestión que parece presentar dito ámbito de planeamento remitido a PERI, e según manifestaron os dous propietarios implicados, desbotouse esta posibilidade, decidindo manter a ordenación proposta no Plan de 2.002 para este entorno.</p> <p>Así pois, a parcela en cuestión será incorporada ao sector de solo urbanizable, de xeito similar a como o estaba no Plan de 2.002, conservando o fronte sobre a Avenida de Bergantiños como solo urbano consolidado.</p> <p>Considérase pois aceptada a solicitude do alegante.</p>
NOTAS	Alegación aceptada


Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003371
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 8982807NH0888S0001RQ, SITUADA NA TRABE, TELLA
CONTESTACIÓN	<p>A alegación fai referencia a unha parcela con fronte a un viario perpendicular á Avenida de Bergantiños, que conecta a esta coa Rúa Médico Antonio Longa. Dita parcela foi incluída nun ámbito de solo urbano non consolidado, no documento de Plan aprobado inicialmente en 2.012. A alegante solicita que se reconsidere esta proposta de ordenación, recoñecendo a condición de solo urbano consolidado para a súa parcela, tal e como figuraba no Plan aprobado en 2.002.</p> <p>A exposición de motivos que apoian a solicitude non se axustan á realidade da parcela en cuestión, aludindo argumentos de carácter xenérico, algúns deles con mais contido político que urbanístico, chegando incluso a falar dun inmovible que non existe.</p> <p>En primeiro lugar, se ben é certo que no Plan aprobado en 2.002 dita parcela tiña a consideración de solo urbano consolidado, tamén é verdade que o volume edificatorio proposto se apoiaba na Avenida de Bergantiños, pese a que a parcela obxecto de alegación se atopa en segunda liña con respecto a esta vía. Non se entende porén cómo sería posible a materialización da edificación permitida sen unha previa regularización do parcelario.</p> <p>O fronte da parcela obxecto de alegación corresponde realmente cun viario que conflúe na Avenida de Bergantiños, con deficiencias de urbanización, e sección insuficiente para acoller tipoloxía residencial de vivenda colectiva en altura.</p> <p>Faise notoria así pois a necesidade de levar a cabo cesións para completar a trama viaria, rematar a súa urbanización, e reorganizar o parcelario de xeito que a proposta de volumes resulte coherente co entorno, e factible de acordo ás esixencias legais.</p> <p>A solicitude da alegante non pode ser aceptada, polos motivos antes expostos.</p>
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003372
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 8982814NH0888S0001JQ, SITUADA EN TELLA
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación reconsiderando a parcela como solo urbano consolidado, baixo a ordenanza SU-3a, de edificación agrupada entre medianeiras con fronte a viario.
NOTAS	Alegación aceptada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003373
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A008001230000PQ
CONTESTACIÓN	<p>O alegante fai referencia a unha parcela que no PXOM aprobado inicialmente en 2.012 foi clasificada como SNRC. A súa solicitude é a de que se aumente a edificabilidade asignada pola ordenanza correspondente, pois de non ser así non se podería construír unha vivenda.</p> <p>Unha vez consultada a situación concreta desta parcela, observouse que ten unha superficie de máis de 1500 m², o cal permite a construción de máis de 300m², superficie máis que suficiente para a construción dunha vivenda coa tipoloxía das adxacentes.</p> <p>De todos modos, infórmase ao alegante de que se introduciron cambios nas ordenanzas de núcleo rural, entre os que se atopa un lixeiro aumento da edificabilidade.</p> <p>A solicitude do alegante non foi pois aceptada.</p>
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003374
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A008001120000PZ
CONTESTACIÓN	<p>A alegación fai referencia a unha parcela clasificada como SNRC no PXOM aprobado inicialmente en 2.012, aludindo que a parcela en cuestión resulta inedificable da aplicación das esixencias contidas na ordenanza asignada.</p> <p>A solicitude do alegante foi atendida corrixindo os seguintes aspectos da ordenanza SNRC:</p> <ul style="list-style-type: none"> -A parcela mínima só se aplicará a efectos de novas parcelacións, entendendo que as parcelas existentes con anterioridade á aprobación do PXOM en trámite será edificables aínda que contengan unha superficie menor (en tanto superen os 300m² de superficie mínima establecida na lei 9/2002). -A porcentaxe de ocupación en planta auméntase lixeiramente, aínda que incluíndo unha superficie mínima que poderá ser ocupada en calquera parcela baixo a ordenanza SNRC existente con anterioridade á aprobación do PXOM actualmente en trámite. Dita superficie considerada suficiente para as tipoloxías residenciais existentes no entorno. -O índice de edificabilidade incrementouse lixeiramente, mais sempre garantindo un mínimo de superficie edificable ao que poderán chegar as parcelas existentes con anterioridade á aprobación do PXOM en trámite. Dita superficie mínima permite a construción dunha vivenda de características similares ás do entorno. -Con respecto aos recuamentos mínimos a lindeiros, estes foron corrixidos, diminuíndose ata 3m. <p>Deste xeito, considérase que a alegación foi aceptada.</p>
NOTAS	Alegación aceptada.



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003375
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A174001030000LZ
CONTESTACIÓN	<p>A alegación fai referencia a unha parcela clasificada como SNRC no PXOM aprobado inicialmente en 2.012, aludindo que a parcela en cuestión resulta inedificable da aplicación das esixencias contidas na ordenanza asignada.</p> <p>A solicitude do alegante foi atendida corrixindo os seguintes aspectos da ordenanza SNRC:</p> <ul style="list-style-type: none"> -A parcela mínima só se aplicará a efectos de novas parcelacións, entendendo que as parcelas existentes con anterioridade á aprobación do PXOM en trámite será edificables aínda que contengan unha superficie menor (en tanto superen os 300m2 de superficie mínima establecida na lei 9/2002). -A porcentaxe de ocupación en planta auméntase lixeiramente, aínda que incluíndo unha superficie mínima que poderá ser ocupada en calquera parcela baixo a ordenanza SNRC existente con anterioridade á aprobación do PXOM actualmente en trámite. Dita superficie considerada suficiente para as tipoloxías residenciais existentes no entorno. -O índice de edificabilidade incrementouse lixeiramente, mais sempre garantindo un mínimo de superficie edificable ao que poderán chegar as parcelas existentes con anterioridade á aprobación do PXOM en trámite. Dita superficie mínima permite a construción vivenda de características similares ás do entorno. -Con respecto aos recuamentos mínimos a lindeiros, estes foron corrixidos, diminuíndose ata 3m. <p>Deste xeito, considérase que a alegación foi aceptada.</p>
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003376
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A008001050000PI
CONTESTACIÓN	<p>Acéptase a alegación, ampliando a superficie clasificada como solo de núcleo rural de tipo histórico.</p> <p>Non foi posible sen embargo incorporar a totalidade da parcela, atendendo aos frontes a viario e do incumprimento da distancia máxima de 50 metros medidos dende as últimas edificacións tradicionais, que dispón para a delimitación deste tipo de núcleos a lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.</p> <p>Tampouco se acepta a solicitude do alegante de aumentar a edificabilidade, entendendo que a asignada á ordenanza corresponde coa tipoloxía predominante, de vivenda unifamiliar de carácter illado.</p> <p>Considérase así pois, que a solicitude do alegante foi aceptada parcialmente</p>
NOTAS	Alegación aceptada parcialmente



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003377
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A007005430001AF, SITUADA EN TELLA
CONTESTACIÓN	<p>A documentación gráfica que compón a alegación non corresponde coa referencia catastral indicada no escrito.</p> <p>A alegación respóndese facendo referencia á parcela indicada graficamente, pois ten maior correspondencia segundo a descrición do alegante. A referencia desta parcela é 9081108NH0897N.</p> <p>A ordenanza que corresponde a dita parcela é a de SU-4, formando parte do solo urbano consolidado de Ponteceso. Esta ordenanza é de tipoloxía de vivenda unifamiliar illada, o cal corresponde coas edificacións do entorno. Así mesmo, permítense as tipoloxías pareadas en caso de parcelas con dimensión reducida (sempre por riba dos 300m2). Estas tipoloxías non requiren dun aumento do índice de edificabilidade, polo que a solicitude do alegante non pode ser aceptada.</p> <p>Sen embargo, infórmase de que a ordenanza en cuestión foi modificada en canto á parcela mínima edificable, que será esixida so en caso de novas parcelacións, admitindo parcelas menores preexistentes á aprobación do PXOM en trámite.</p> <p>Tamén se introduciu unha edificabilidade e ocupación mínima que poderán acadar as parcelas baixo esta ordenanza a pesares de que se superen eses porcentaxes máximos establecidos. Estas superficies mínimas ás que poderán optar estar parcelas, de xeito excepcional, garanten a posibilidade de construción de tipoloxía unifamiliar.</p> <p>Con estas modificacións considérase que o fondo da cuestión demandada polo alegante queda resolta, e porén, que a solicitude foi aceptada parcialmente.</p>
NOTAS	Alegación aceptada parcialmente

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003378
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA SITUADA EN LESTIMOÑO, A GRAÑA
CONTESTACIÓN	<p>O alegante solicita que os terreos en cuestión, localizados entre o canle do Río Pelamio e o núcleo rural histórico de Lestimoño, queden dentro de ordenación.</p> <p>As condicións de fora de ordenación quedan fixadas na normativa do PXOM, definindo os graos de compatibilidade dos usos existentes cos autorizados según a clase de solo asignada. Neste caso os terreos teñen a clasificación de solo rústico de especial protección dos espazos naturais, e de especial protección das augas, sen que exista construción algunha instalada neles, nin usos incompatibles.</p> <p>Non se entende porén que a solicitude sexa a de que se manteñan "dentro de ordenación". De tódolos xeitos, procédese a xustificar a clasificación proposta para os terreos en cuestión:</p> <p>Ditos terreos foron clasificados como solo rústico de especial protección dos espazos naturais, e especial protección das augas, debido á súa natureza húmida e proximidade á braña das Bouzas. Esta decisión, tomada en base aos criterios de clasificación expresados na Memoria Xustificativa do PXOM, ben respaldada así mesmo polas proteccións que o Plan de Ordenación do Litoral estableceu nos terreos obxecto da alegación, e que é de "mellora ambiental e paisaxística", para o que textualmente se di no seu artigo 12: "Constitúe, na maior parte dos casos, as áreas sometidas durante as últimas décadas á maior presión antrópica, nas que se fai necesario conservar e, no seu caso, recuperar a súa calidade ambiental e paisaxística, preservándoa de inadecuados procesos de ocupación edificatoria, especialmente aqueles dispersos, difusos e incoherentes co modelo territorial proposto."</p> <p>Ademais, inclúese dentro da "protección de corredor ecolóxico" do Plan de Ordenación do Litoral.</p> <p>Reforzando a decisión da súa clasificación como solo rústico de protección dos espazos naturais, o plan director da Rede Natura 2000, inclúe os terreos sinalados na ampliación da Zona de protección dos valores naturais (ZPVN), o cal supón a súa consideración como espazo protexido, implicando, segundo o artigo 32, apartado 2, liña f., a súa clasificación como solo de especial protección dos espazos naturais.</p> <p>A maiores de todo isto, o límite sur corresponde co Río Pelamio, e atendendo ao disposto na lei 9/2002, a clasificación deberá ser a de solo rústico de especial protección das augas, segundo o seu artigo 32, apartado 2, liña d.</p> <p>Por todo isto mantense a clasificación que fora proposta, entendendo que a alegación non foi aceptada.</p>
NOTAS	Alegación denegada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003379
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNAS FINCAS SITUADAS EN O CASTRO DE CORES
CONTESTACIÓN	<p>O alegante afirma ser propietario dunha serie de parcelas que se indican graficamente acompañando a súa solicitude de que queden dentro de ordenación.</p> <p>Ditas parcelas constitúen dúas franxas de terreo ao longo do viario que une o núcleo de O Castro e A Rocha, que no plan aprobado inicialmente en 2.012 foron clasificadas como solo rústico de especial protección agropecuaria.</p> <p>As situacións de fora de ordenación quedan explicadas na normativa do PXOM, facendo referencia á compatibilidade dos usos e edificacións existentes cos permitidos segundo a clase de solo da que se trate. Nas parcelas sinaladas non se atopa motivo que induza a pensar que fosen a quedar fóra de ordenación por mor dos plantexamentos do plan aprobado inicialmente en 2.012, pois non parece que existan usos incompatibles cos permitidos en solo rústico de especial protección agropecuaria.</p> <p>Sen embargo, procedeuse a revisar a ordenación destas áreas, concluíndo o seguinte:</p> <p>A primeira parcela situada máis ao norte, foi incluída na delimitación de núcleo rural histórico, entendendo que se cumpren a condicións legalmente establecidas ao respecto na lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Sen embargo a inclusión non pode comprender toda a superficie da parcela, en tanto que se incumpriría a distancia máxima de 50 metros medidos dende as últimas edificacións tradicionais.</p> <p>As demais parcelas que se atopan en dirección sur, ate chegar ao Camiño da Agra de Abaixo, incumpren as condicións anteditas (lei 9/2002, artigo 13, parágrafo 3, liña a.), polo que atendendo ás súas características naturais e uso actual, deben manter a clasificación de solo rústico de especial protección agropecuaria, polo que non se introducen modificacións con respecto á solución do documento aprobado inicialmente en 2.012.</p> <p>As parcelas situadas ao norte do núcleo de A Rocha atópanse ao pé do nacemento do Rego do Castro, e deben manter a clasificación de solo rústico de especial protección agropecuaria, en base ás súas características naturais, e uso actual. O equipo redactor entende que os terreos en cuestión deben conservar a súa natureza agrícola, e non se consideran aptos para o desenrolo do núcleo.</p> <p>En base ao exposto, enténdese que a solicitude foi parcialmente aceptada</p>
NOTAS	Alegación parcialmente aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003380
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 3105635NH0930N0001HE, SITUADA NA RUA NOVA, CORME PORTO
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación, delimitando un ámbito de solo urbano non consolidado remitido á redacción dun PERI, mediante o cal se salvarán as dificultades xeométricas e de confinamento do parcelario do entorno.
NOTAS	Alegación aceptada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003381
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHAS FINCAS CON REFERENCIAS CATASTRAIS: 3005604NH0930N0001PE E 3005605NH0930N0001LE, SITUADAS EN CORME PORTO
CONTESTACIÓN	<p>A alegación fai referencia a dúas parcelas pertencentes ao solo urbano de Corme Porto. Ditas parcelas foron incorporadas a un ámbito de planeamento remitido en solo urbano non consolidado. A parcela 3005605NH0930N0001LE vese afectada por unha nova traza de espazo público, que xa no planeamento aprobado en 2.002 se definía como rúa, aínda que sen especificar cales serían os instrumentos de xestión que se empregarían para a súa obtención. Non é posible definir o trazado dunha nova rúa sobre solo urbano consolidado, porque esta operación implica un reparto de cargas e beneficios en base á cesión viaria, sendo preciso ademais un deseño conxunto que permita aportar regularidade e continuidade á trama urbana.</p> <p>A parcela 3005604NH0930N0001PE non posúe o fronte preciso para ser edificada como solar, de acordo ás ordenanzas establecidas. Pese a que se contemplan excepcións que permiten o incumprimento do fronte mínimo, estas baséanse na existencia de edificacións que impidan ou condicionen a regularización parcelaria. O caso en cuestión non corresponde con este suposto de excepción, polo que non sería edificable por si mesma. Por esta razón resulta incorporada ao ámbito PERI no que se atopa incluída a parcela citada anteriormente, sendo ambas da mesma propiedade, segundo indica a alegante.</p> <p>No plan aprobado inicialmente, a concreción do deseño urbano e o reparto de cargas e beneficios queda remitido á redacción dun plan especial de reforma interior (PERI), polo que non procede a súa incorporación ao Plan como ordenación detallada.</p> <p>Só no caso de que o PERI en cuestión non se tivera aprobado no momento en que se redacte o PEPO Corme Porto (Plan especial de Protección e de Ordenación), este será o encargado de concretar a ordenación de dito ámbito.</p> <p>Por todo isto non é posible aceptar a alegación.</p>
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003382
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, RELATIVO AS REFERENCIAS CATASTRAIS: 3005605NH0930N0001LE E 3005604NH0930N0001PE, SITUADAS NA FONTIÑA, CORME PORTO
CONTESTACIÓN	<p>A alegación fai referencia a dúas parcelas pertencentes ao solo urbano de Corme Porto. Ditas parcelas foron incorporadas a un ámbito de planeamento remitido en solo urbano non consolidado. A parcela 3005605NH0930N0001LE vese afectada por unha nova traza de espazo público, que xa no planeamento aprobado en 2.002 se definía como rúa, aínda que sen especificar cales serían os instrumentos de xestión que se empregarían para a súa obtención. Non é posible definir o trazado dunha nova rúa sobre solo urbano consolidado, porque esta operación implica un reparto de cargas e beneficios en base á cesión viaria, sendo preciso ademais un deseño conxunto que permita aportar regularidade e continuidade á trama urbana.</p> <p>A parcela 3005604NH0930N0001PE non posúe o fronte preciso para ser edificada como solar, de acordo ás ordenanzas establecidas. Pese a que se contemplan excepcións que permiten o incumprimento do fronte mínimo, estas baséanse na existencia de edificacións que impidan ou condicionen a regularización parcelaria. O caso en cuestión non corresponde con este suposto de excepción, polo que non sería edificable por si mesma. Por esta razón resulta incorporada ao ámbito PERI no que se atopa incluída a parcela citada anteriormente, sendo ambas da mesma propiedade, segundo indica a alegante.</p> <p>No plan aprobado inicialmente, a concreción do deseño urbano e o reparto de cargas e beneficios queda remitido á redacción dun plan especial de reforma interior (PERI), polo que non procede a súa incorporación ao Plan como ordenación detallada.</p> <p>Só no caso de que o PERI en cuestión non se tivera aprobado no momento en que se redacte o PEPO Corme Porto (Plan especial de Protección e de Ordenación), este será o encargado de concretar a ordenación de dito ámbito.</p> <p>Por todo isto non é posible aceptar a alegación.</p>
NOTAS	Alegación denegada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003383
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA
CONTESTACIÓN	A parcela en cuestión, que non se atopa edificada, posúe fronte a viario local, e atópase en contacto con solo de núcleo rural de tipo histórico. Estas razóns levaríanos a clasificala como solo de núcleo rural, en tanto que se cumprirían as condicións legalmente esixidas, sen embargo, atópase afectada por un curso fluvial, que discorre no seu marxe norte. Consecuentemente, tanto a lei sectorial de augas como a 9/2002 (ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia), introducen proteccións incompatibles co desenrolo do asentamento nesta dirección, afectando á parcela obxecto de alegación. Mesmo o Plan de Ordenación do Litoral identifica dito canle, asignándolle a protección de Corredor Ecolóxico. Por estas razóns non foi posible aceptar a solicitude da alegante.
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003384
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UN SOLAR SITUADO NA AVDA. BERGANTIÑOS, A TRABE
CONTESTACIÓN	A alegación fai referencia a unha parcela con fronte á Avenida de Bergantiños, que foi incluída no documento aprobado inicialmente nun área de planeamento remitido a PERI, de solo urbano non consolidado. No Plan aprobado en 2.002 dita parcela figuraba como solo urbano consolidado, con edificación entre medianeiras. O alegante solicita que se recupere a consideración de solo urbano consolidado. Ao norte da parcela en cuestión atópase unha edificación existente de B+3 plantas, a cal non encaixa na tipoloxía de vivenda entre medianeiras, en tanto que abriu luces na súa fachada sur. Dita edificación non se respectaba no Plan de 2.002, mais si que se pretende respectar no Plan aprobado inicialmente en 2.012. Isto obriga a que se produza un recuamento lateral con respecto á parcela da edificación a conservar, que recaería en dúas parcelas que posúen un fronte reducido, razón pola cal é preciso que a edificación que se proxecte se faga en común, a fin de acadar unha solución volumétrica acorde ao entorno edificado, e ás esixencias legais en materia de calidade do espazo urbano, e mesmo do cumprimento coas condicións mínimas que se deben cumprir nas edificacións de uso residencial. Por esta razón a parcela en cuestión foi incluída nun área de reparto. Sen embargo, dadas as dificultades de xestión que puideran derivar da mestura de parcelas con diferentes características dentro do ámbito de planeamento delimitado, optouse por dividir este ámbito en dous, recollendo dunha banda a parcela obxecto de alegación e a súa inmediata en dirección norte, e doutra, as demais parcelas que integraban a área de planeamento remitido APR-D3.9 no documento aprobado inicialmente. Enténdese aínda así que a alegación non foi aceptada.
NOTAS	Alegación denegada


Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003385
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UN SOLAR SITUADO NA TRABE, TELLA
CONTESTACIÓN	Acéptase a solicitude do alegante, incorporando a parcela obxecto de alegación ao solo de núcleo rural.
NOTAS	Alegación aceptada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003386
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A032001760000PH, SITUADA EN FROXAN, XORNES
CONTESTACIÓN	<p>A alegación céntrase na solicitude de clasificación de núcleo rural común de unha parcela apoiada sobre a estrada AC421, próxima ao núcleo de Outelo Novo.</p> <p>A administración encargada da supervisión da coherencia entre este tipo de estradas de titularidade autonómica e as propostas de modificación do planeamento, é a Axencia Galega de Infraestruturas, a cal emitiu un informe desfavorable para o caso concreto de novos desenrols apoiados na estrada principal. Esta postura, que defende a seguridade da vía, e a súa correcta funcionalidade, vese respaldada polo disposto nas Directrices de Ordenación do Territorio, punto 3.1.5. "evitaranse os crecementos ao longo das vías de comunicación".</p> <p>Por este motivo non se incluíu o fronte oeste da estrada AC421, á altura de Outelo Novo, pois dito marxe non se atopa consolidado pola edificación.</p> <p>Non foi posible aceptar a alegación.</p>
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003387
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A032001820000PB, SITUADA EN FROXAN, XORNES
CONTESTACIÓN	<p>A alegación céntrase na solicitude de clasificación de núcleo rural común de unha parcela apoiada sobre a estrada AC421, próxima ao núcleo de Outelo Novo.</p> <p>A administración encargada da supervisión da coherencia entre este tipo de estradas de titularidade autonómica e as propostas de modificación do planeamento, é a Axencia Galega de Infraestruturas, a cal emitiu un informe desfavorable para o caso concreto de novos desenrols apoiados na estrada principal. Esta postura, que defende a seguridade da vía, e a súa correcta funcionalidade, vese respaldada polo disposto nas Directrices de Ordenación do Territorio, punto 3.1.5. "evitaranse os crecementos ao longo das vías de comunicación".</p> <p>Por este motivo non se incluíu o fronte oeste da estrada AC421, á altura de Outelo Novo, pois dito marxe non se atopa consolidado pola edificación.</p> <p>Non foi posible aceptar a alegación.</p>
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003388
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA VIVENDA UNIFAMILIAR, SITUADA NA TRABE, TELLA
CONTESTACIÓN	<p>A alegación en cuestión ten por obxecto unha parcela xa edificada que obtivo a clasificación de solo urbano consolidado, baixo a ordenanza SU-4 de vivenda unifamiliar, no PXOM aprobado inicialmente en 2.012.</p> <p>A nova ordenación entra en conflito coa edificación existente en termos de aliñación, recuamento e edificabilidade.</p> <p>Admítese un erro de interpretación con respecto á aliñación proposta, o cal será corrixido, recoñecendo a titularidade privada do xardín en cuestión.</p> <p>En canto aos recuamentos, introdúcese na ordenanza a posibilidade de aplicar recuamentos menores en casos de liñas xa consolidadas pola edificación, pertencentes a un continuo homoxéneo.</p> <p>No que respecta á edificabilidade, a ordenanza non pode ser modificada con respecto a situacións puntuais, entendendo que a edificabilidade de 0,6 m2/m2 á que alude o alegante é excesiva para unha tipoloxía de vivenda unifamiliar de carácter illado.</p> <p>Sen embargo, infórmase de que a incursión da vivenda en cuestión nunha situación de fora de ordenación sería de parcial incompatibilidade, situación definida na normativa do PXOM, onde se indica que poderán executarse obras de conservación, reforma, e incluso ampliación e aumento de aproveitamento que non agraven a súa incompatibilidade co PXOM. O punto ao que se alude na alegación a este respecto (no que se di que o concello resérvase a posibilidade de proceder á súa demolición), corresponde a situacións de total incompatibilidade co plan, non sendo este o caso.</p> <p>Así pois, a solicitude da alegante considérase que foi aceptada parcialmente</p>
NOTAS	Alegación aceptada parcialmente



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003389
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A TRES FINCAS , SITUADAS EN LESTIMOÑO, A GRAÑA
CONTESTACIÓN	<p>O alegante fai referencia a tres parcelas que no PXOM aprobado inicialmente obtiveron a clasificación de solo de núcleo rural de tipo común.</p> <p>Expón a complicación e o agravio que supón a aplicación desta ordenanza, debido a que os parámetros de parcela mínima esixida son excesivos para o entorno.</p> <p>A este respecto, infórmase de que a ordenanza SNRC foi corrixida, indicando que dita parcela mínima será aplicable só en caso de novas parcelacións, admitindo como edificables parcelas de menor superficie preexistentes á aprobación do PXOM, en tanto superen o mínimo legal fixado ao respecto na lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (300m2).</p> <p>Por outro lado, indica a existencia de agravios comparativos entre solos de núcleo rural de tipo común e de tipo histórico no caso concreto de Lestimoño. Ante isto, cómpre aclarar que a consideración do asentamento como histórico ou tradicional non é arbitraria, nin subxectiva, senón que responde aos criterios de identificación e delimitación fixados pola lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, no seu artigo 13.</p> <p>Considérase que a solicitude do alegante foi aceptada parcialmente.</p>
NOTAS	Alegación parcialmente aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003390
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHAS FINCAS, SITUADAS EN LESTIMOÑO, A GRAÑA
CONTESTACIÓN	<p>A alegación fai referencia a cinco parcelas situadas nas inmediacións do núcleo rural histórico de Lestimoño, solicitando que sexan incluídas na delimitación de núcleo adxacente.</p> <p>De norte a sur, coméntase a situación destas parcelas: As parcelas 1 e 5, adxacentes a solo de núcleo rural histórico tradicional atópanse a unha distancia superior a 50 metros, medidos dende as últimas construcións tradicionais, razón pola cal non é posible incluílas na clasificación de núcleo rural de tipo histórico, pois incumpriría a condición fixada ao respecto na lei 9/2002, artigo 13, parágrafo 3, liña a.</p> <p>Por esta razón non é posible aceptar a alegación.</p> <p>As parcelas 3 e 4, situadas no marxe leste do núcleo común, pertencen a un fronte libre de edificación, que actualmente teñen un uso agrícola. Os criterios de ordenación do Plan, expostos na Memoria Xustificativa leváronos a limitar o desenrolo sobre áreas baleiras, tentando recoller coa delimitación de núcleo todas as vivendas existentes posibles. É por esta razón, que o desenrolo permitido segundo o marco legal (limitado por motivo da obrigatoriedade de acadar un grao de consolidación mínimo- artigo 13, parágrafo 3, liña b), dirixiuse a áreas que xa conteñen algunha edificación.</p> <p>Así pois resulta a día de hoxe imposible incluír ditas parcelas na delimitación de núcleo.</p> <p>A parcela 2, adxacente á delimitación de núcleo histórico cumpre as condicións da lei 9/2002 alo menos en parte da súa superficie. Entendendo que a súa inclusión é ademais compatible cos criterios de ordenación do Plan, acéptase a alegación, incluíndo parte da superficie na delimitación de núcleo rural histórico.</p> <p>Considérase pois parcialmente aceptada a alegación.</p>
NOTAS	Alegación parcialmente aceptada.



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003391
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UN SOLAR CON REFERENCIA CATASTRAL 8677204NH0887N0001DX, SITUADA NA AVDA. EDUARDO PONDAL, A TRABE, TELLA
CONTESTACIÓN	<p>Acéptase a alegación, recollendo a parcela como solo urbano consolidado, baixo a ordenanza de vivenda agrupada entre medianeiras, coa altura máxima de catro plantas (B+3). Con respecto ás condicións da ordenanza en planta baixa, non resulta coherente que na tipoloxía de vivenda agrupada con espazo libre se ocupe a totalidade da planta baixa.</p> <p>Con respecto á restrición imposta para a construción de sotos e semisotos, remitímonos á natureza húmida do terreo, e ás experiencias vividas no propio entorno, con graves problemas de estabilidade, e inundacións que aconsellan evitar os grandes movementos de terra, e que se recollen como risco no informe de sostibilidade ambiental que inclúe o PXOM.</p> <p>Así pois, a parcela obxecto de alegación atópase no marxe sur da Avenida de Pondal, un terreo de natureza aluvial, no límite entre os depósitos detríticos da idade cuaternaria, e rochas metamórficas de tipo gneis, segundo a información oficial dispoñible, e que foi plasmada no plano Litolóxico da colección de Información do Medio.</p> <p>Considérase así pois que a alegación foi parcialmente aceptada.</p>
NOTAS	Alegación aceptada parcialmente

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003392
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UN SOLAR CON REFERENCIA CATASTRAL 8677204NH0887N0001DX, SITUADO NA AVDA. EDUARDO PONDAL, A TRABE, TELLA
CONTESTACIÓN	<p>Acéptase a alegación, recollendo a parcela como solo urbano consolidado, baixo a ordenanza de vivenda agrupada entre medianeiras, coa altura máxima de catro plantas (B+3). Con respecto ás condicións da ordenanza en planta baixa, non resulta coherente que na tipoloxía de vivenda agrupada con espazo libre se ocupe a totalidade da planta baixa.</p> <p>Con respecto á restrición imposta para a construción de sotos e semisotos, remitímonos á natureza húmida do terreo, e ás experiencias vividas no propio entorno, con graves problemas de estabilidade, e inundacións que aconsellan evitar os grandes movementos de terra, e que se recollen como risco no informe de sostibilidade ambiental que inclúe o PXOM.</p> <p>Así pois, a parcela obxecto de alegación atópase no marxe sur da Avenida de Pondal, un terreo de natureza aluvial, no límite entre os depósitos detríticos da idade cuaternaria, e rochas metamórficas de tipo gneis, segundo a información oficial dispoñible, e que foi plasmada no plano Litolóxico da colección de Información do Medio.</p> <p>Considérase así pois que a alegación foi parcialmente aceptada.</p>
NOTAS	Alegación aceptada parcialmente.



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003393
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓN AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UN SOLAR CON REFERENCIA CATASTRAL: 8881702NH0888S0001RQ, SITUADO NA TRABE, TELLA
CONTESTACIÓN	<p>O rueiro no que se inclúe a parcela obxecto da alegación pertence a solo urbano consolidado, e ten asignada a ordenanzaSU3a de vivenda entre medianeiras, cunha altura máxima de catro plantas (B+3). As liñas de recuamento indican que o fronte edificado é o da Avenida de Bergantiños, deixando libre o fronte leste, que corresponde a un viario de menos de dez metros de sección transversal, o cal soporta na beira oposta unha tipoloxía edificatoria unifamiliar.</p> <p>A convivencia neste viario (fronte leste da parcela), de dúas tipoloxías edificatorias, e sobre todo, o encontro de alturas máximas de catro e de dúas plantas (B+3, e B+1), non sería coherente cos principios de ordenación do Plan, sendo necesario reservar un espazo de transición, que é precisamente o que se propón, reservando unha área libre de edificación.</p> <p>Por esta razón non se acepta a alegación, que solicita edificar coa altura de catro plantas en ambos frontes.</p>
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003394
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓN AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UN SOLAR 8677204NH0887N0001DX, SITUADA NA AVDA. EDUARDO PONDAL, A TRABE, TELLA
CONTESTACIÓN	<p>Acéptase a alegación, recollendo a parcela como solo urbano consolidado, baixo a ordenanza de vivenda agrupada entre medianeiras, coa altura máxima de catro plantas (B+3). Con respecto ás condicións da ordenanza en planta baixa, non resulta coherente que na tipoloxía de vivenda agrupada con espazo libre se ocupe a totalidade da planta baixa.</p> <p>Con respecto á restrición imposta para a construción de sotos e semisotos, remitímonos á natureza húmida do terreo, e ás experiencias vividas no propio entorno, con graves problemas de estabilidade, e inundacións que aconsellan evitar os grandes movementos de terra, e que se recollen como risco no informe de sostibilidade ambiental que inclúe o PXOM.</p> <p>Así pois, a parcela obxecto de alegación atópase no marxe sur da Avenida de Pondal, un terreo de natureza aluvial, no límite entre os depósitos detríticos da idade cuaternaria, e rochas metamórficas de tipo gneis, segundo a información oficial dispoñible, e que foi plasmada no plano Litolóxico da colección de Información do Medio.</p> <p>Considérase así pois que a alegación foi parcialmente aceptada.</p>
NOTAS	Alegación aceptada parcialmente



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003395
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓN AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A081007450000PU, SITUADA NO LUGAR DE PERILLÁN, CORME ALDEA
CONTESTACIÓN	<p>A alegante fai referencia a unha parcela para a que solicita que se cambie a clasificación do solo, pasando de solo rústico de especial protección de espazos naturais, a solo rústico de especial protección forestal.</p> <p>A decisión de outorgar esta clasificación foi tomada atendendo ás propiedades naturais e ecolóxicas dun amplo marco que abarca a maioría da parroquia de Corme Aldea, e parte de Corme Porto, Brántuas, Niñóns e Cospindo.</p> <p>Neste contexto, considérase que a parcela en cuestión non posúe valores ou cualidades especiais que a diferencien do resto, e que a fagan merecedora dun trato especial.</p> <p>Respaldando esta decisión, e tamén certamente condicionándoa, o Plan de Ordenación do Litoral fixou para a parcela en cuestión proteccións de mellora ambiental e paisaxística, así como de corredor ecolóxico. Estas proteccións, reguladas na normativa do antedito Plan (P.O.L.), supoñen tamén unha restrición dos usos permitidos.</p> <p>Sen embargo, nin a clasificación de solo rústico de especial protección dos espazos naturais, nin as proteccións de área de mellora ambiental e de corredor ecolóxico son incompatibles coa explotación forestal, que se emprega como argumento respaldando a solicitude.</p> <p>Enténdese porén que non é preciso cambiar a clasificación do solo, e non se acepta a alegación.</p>
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003396
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓN AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A100001070000LZ, SITUADA EN CANDELAGO, CORME ALDEA
CONTESTACIÓN	<p>A alegante fai referencia a unha parcela para a que solicita que se cambie a clasificación do solo, pasando de solo rústico de especial protección de espazos naturais, a solo rústico de especial protección forestal.</p> <p>A decisión de outorgar esta clasificación foi tomada atendendo ás propiedades naturais e ecolóxicas dun amplo marco que abarca a maioría da parroquia de Corme Aldea, e parte de Corme Porto, Brántuas, Niñóns e Cospindo.</p> <p>Neste contexto, considérase que a parcela en cuestión non posúe valores ou cualidades especiais que a diferencien do resto, e que a fagan merecedora dun trato especial.</p> <p>Respaldando esta decisión, e tamén certamente condicionándoa, o Plan de Ordenación do Litoral fixou para a parcela en cuestión proteccións de mellora ambiental e paisaxística, Esta protección, regulada na normativa do antedito Plan (P.O.L.), supón unha restrición dos usos permitidos.</p> <p>Sen embargo, nin a clasificación de solo rústico de especial protección dos espazos naturais, nin as proteccións de área de mellora ambiental son incompatibles co uso de horta que se emprega como argumento respaldando a solicitude.</p> <p>Enténdese porén que non é preciso cambiar a clasificación do solo, e non se acepta a alegación.</p>
NOTAS	Alegación denegada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003397
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓN AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A100001860000LP, SITUADA NA REGADIÑA
CONTESTACIÓN	<p>A alegante fai referencia a unha parcela na que solicita que se cambie a clasificación do solo, pasando de solo rústico de especial protección de espazos naturais, a solo urbano.</p> <p>A decisión de outorgar esta clasificación foi tomada atendendo ás propiedades naturais e ecolóxicas dun amplo marco que abarca a maioría da parroquia de Corme Aldea, e parte de Corme Porto, Brántuas, Niñóns e Cospindo.</p> <p>Neste contexto, considérase que a parcela en cuestión non posúe valores ou cualidades especiais que a diferencien do resto, e que a fagan merecedora dun trato especial.</p> <p>Respaldo esta decisión, e tamén certamente condicionándoa, o Plan de Ordenación do Litoral fixou para a parcela en cuestión proteccións de mellora ambiental e paisaxística, Esta protección, regulada na normativa do antedito Plan (P.O.L.), supón unha restrición dos usos permitidos.</p> <p>Sen embargo, nin a clasificación de solo rústico de especial protección dos espazos naturais, nin as proteccións de área de mellora ambiental son incompatibles co uso de horta que se emprega como argumento respaldando a solicitude.</p> <p>De todos modos, resulta totalmente imposible cambiar a clasificación pasando de solo rústico (no anterior plan de 2.002) a solo urbano na proposta do PXOM, como queda reflectido na lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, no seu artigo 95, punto 1, que textualmente di: "1. Prohíbese toda modificación do planeamento urbanístico que implique a conversión ou inclusión directa de solo rústico na clase de solo urbano."</p> <p>En consecuencia, resulta imposible aceptar a alegación..</p>
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003398
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓN AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UN INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL: 3104510NH930S0001BA, SITUADO NA RUA REAL, 22 CORME PORTO
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación, cambiando a ordenanza de rueiro con patio a rueiro compacto, quedando este cambio xustificado na complexidade xeométrica que resultaría nese patio de rueiro.
NOTAS	Acéptase a alegación

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003399
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓN AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL: 3507321NH0930N0001ZE, SITUADA NA ESTRADA DO RONCUDO, CORME PORTO
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación, en tanto que se modifica a esixencia de parcela mínima en solo de núcleo rural de tipo común no entorno de Corme Porto.
NOTAS	Alegación aceptada.

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003400
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓN AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A100024880000LR, SITUADA NO LUGAR DA PAXARIÑA, CORME PORTO
CONTESTACIÓN	<p>Os terreos aos que fai referencia o alegante atópanse a unha distancia inferior aos 200 metros medidos dende a liña de ribeira, marcada pola Demarcación de Costas.</p> <p>A clasificación que lle corresponde é por lei, a de solo rústico de especial protección de costas, tal e como se di no artigo 32, parágrafo 2, liña e) da lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.</p> <p>Por todo isto resulta imposible aceptar a alegación.</p>
NOTAS	Alegación denegada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	20120000003401
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓN AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UN SOLAR CON REFERENCIA CATASTRAL: 3005612NH0930N0001OE, SITUADO NA RUA AGRA DE RODRÍGUEZ EN CORME PORTO
CONTESTACIÓN	<p>A alegante fai referencia a unha parcela que, á que maioritariamente lle foi outorgada a ordenanza de "área libre de edificación", impedindo pois calquera tipo de construción, e resultando porén sen edificabilidade. A alegante solicita para esta parcela o cambio á ordenanza SU-3a.</p> <p>Como argumento expónse a existencia de servizos urbanísticos nun dos frontes da parcela, e os antecedentes de planeamento xa que o Plan aprobado en 2.002 outorgáballe a clasificación de solo urbano consolidado pese a prever sobre dita propiedade un novo trazado viario, sobre o que se apoiaría a edificación.</p> <p>Efectivamente constátase a existencia de servizos urbanos, mais só no fronte oeste da parcela, de aproximadamente 8 metros, o cal resultaría insuficiente para atender á superficie total da parcela sen que se executasen novos trazados viarios.</p> <p>O Plan Aprobado en 2.002 consciente da situación antes exposta, recoñece a necesidade de trazar unha nova rúa, mais sorprendentemente este trazado prevése sobre solo urbano consolidado, sen plantexar ningún tipo de reparto de cargas e beneficios, polo que non queda claro quen deba facerse cargo da súa urbanización.</p> <p>O Viario proposto no Plan aprobado en 2.002 non só afecta á parcela obxecto da alegación, senón que precisa da colaboración doutros propietarios, malia a isto, plantéanse aliñacións sobre del sen que exista un proxecto conxunto. Este planteamento non responde ás solucións que aportan os instrumentos legais de xestión do solo, e non respalda a consideración de solo urbano consolidado, ou de "solar", en tanto que se está a recoñecer a necesidade dun novo viario, porén requírese completar a urbanización.</p> <p>A proposta de ordenación que incluía o Plan que se someteu a exposición pública en 2.012 recollía tres ámbitos de solo urbano non consolidado no entorno da parcela obxecto de alegación, sen que dita propiedade resultase incluída neles. Os obxectivos deste plans especiais eran o de acadar entre outros, a ordenación que propuña o anterior plan, establecendo para eles instrumentos de xestión de acordo á lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.</p> <p>A delimitación destes ámbitos foi modificada, recollendo un maior número de parcelas co fin de que se poida simplificar o deseño urbano que desenrole o plan especial. A parcela obxecto de alegación foi incluída nun destes ámbitos, acadando deste xeito, edificabilidade, mais non podendo materializala en tanto non se aprobe o correspondente PERI.</p> <p>A corrección que a alegante propuña non puido pois ser aceptada literalmente, pois a pesar de que si se lle recoñece edificabilidade quedará remitida á redacción dun PERI, así pois considérase que a alegación non foi aceptada</p>



Nº REXISTRO DE ENTRADA	20120000003402
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓN AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UN SOLAR CON REFERENCIA CATASTRAL: 3005603NH0930N0001QE, SITUADO NA RUA AGRA DE RODRIGUEZ EN CORME PORTO
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación, recoñecendo a parcela en cuestión como solo urbano consolidado, cunha ordenanza acorde ás establecidas na contorna, e fixando aliñacións con respecto aos viarios existentes. Con respecto á esixencia de parcela mínima, corríxese a ordenanza, especificando que dita condición só se aplicará a efectos de parcelacións, admitíndose porén como edificables parcelas inferiores sempre que existiran como tal con anterioridade á aprobación inicial do Plan.
NOTAS	Alegación aceptada



Nº REGISTRO DE ENTRADA	201200000003403
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓN AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UN SOLAR CON REFERENCIA CATASTRAL: 2905103NH0920S0001AU, SITUADO NO GAFOTE, CORME PORTO
CONTESTACIÓN	<p>O alegante fai referencia a unha parcela que no plan aprobado en 2.002 tiña a clasificación de solo urbano, e no plan aprobado inicialmente en 2.012 considérase solo de núcleo rural de tipo común. Dita modificación mermaba as posibilidades edificatorias das parcelas en cuestión, en tanto que as condicións esixidas pola nova ordenanza eran mais restritivas.</p> <p>En primeiro lugar, da análise do entorno e do crecemento dos asentamentos, a conclusión ao respecto do ámbito en cuestión é a de que forma parte dunha área de medra situada entre o casco urbano da Vila de Corme Porto, e os asentamentos tradicionais de Atalaia. A morfoloxía de viario, así como a tipoloxía predominante das edificacións (vivendas unifamiliares de tipoloxía illada), resulta máis próxima á de solo de núcleo rural que á do agregado urbano da vila mariñeira, moito máis compacta e continua. Así mesmo, a cota á que se sitúan as parcelas obxecto de alegación, elevada con respecto ao solo urbano, transfórmanas en telón de fondo, nun escenario de convivencia e proximidade con estruturas propias de asentamentos de núcleo rural, sendo a súa proximidade física ao núcleo denso do solo urbano insuficiente para mudar esta consideración. Non é posible, así pois, aceptar a solicitude inicial do alegante, que pretende o cambio de clasificación a solo urbano consolidado.</p> <p>Por outro lado, a ordenanza de SNRC foi modificada, incluíndo excepcións de cumprimento das condicións de parcela mínima edificable, e incorporando uns mínimos de ocupación e de superficie edificable que poderán ser alcanzados aínda que non se cumpra a porcentaxe ou índice fixado. Tamén os recuamentos mínimos foron corrixidos.</p> <p>Todas estas modificacións atenden á demanda do alegante, o cal, en resume argumentaba que a estrutura morfolóxica e parcelaria existente no entorno non respondía á ordenanza sinalada. A continuación exponse de modo sintético os cambios introducidos na ordenanza SNRC:</p> <ul style="list-style-type: none"> -A parcela mínima só se aplicará a efectos de novas parcelacións, entendendo que as parcelas existentes con anterioridade á aprobación do PXOM en trámite será edificables aínda que contengan unha superficie menor (en tanto superen os 300m² de superficie mínima establecida na lei 9/2002). -A porcentaxe de ocupación en planta auméntase lixeiramente, aínda que incluíndo unha superficie mínima que poderá ser ocupada en calquera parcela baixo a ordenanza SNRC existente con anterioridade á aprobación do PXOM actualmente en trámite. Dita superficie considerada suficiente para as tipoloxías residenciais existentes no entorno. -O índice de edificabilidade incrementouse lixeiramente, mais sempre garantindo un mínimo de superficie edificable ao que poderán chegar as parcelas existentes con anterioridade á

aprobación do PXOM en trámite. Dita superficie mínima pe
construción dunha vivenda de características similares ao
entorno.

Deste xeito, considérase que a alegación foi aceptada parcialmente

NOTAS Alegación aceptada parcialmente

Nº REGISTRO DE ENTRADA	201200000003404
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓN AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UN SOLAR CON REFERENCIA CATASTRAL: 3406330NH0930N0001OE, SITUADO NA PAXARIÑA, CORME PORTO
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación, recoñecendo a parcela obxecto de alegación integrada na malla urbana.
NOTAS	Alegación aceptada
Nº REGISTRO DE ENTRADA	201200000003405
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓN AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A199007150000LB, SITUADA NA PAXARIÑA, CORME PORTO
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación, recoñecendo a parcela oen cuestión integrada na malla urbana.
NOTAS	Alegación aceptada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	20120000003406
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓN AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UN SOLAR CON REFERENCIA CATASTRAL: 2905104NH0920S0001BU, SITUADO NO GAFOTE, CORME PORTO
CONTESTACIÓN	<p>O alegante fai referencia a unha parcela que no plan aprobado en 2.002 tiña a clasificación de solo urbano, e no plan aprobado inicialmente en 2.012 considérase solo de núcleo rural de tipo común. Dita modificación mermaba as posibilidades edificatorias das parcelas en cuestión, en tanto que as condicións esixidas pola nova ordenanza eran mais restritivas.</p> <p>En primeiro lugar, da análise do entorno e do crecemento dos asentamentos, a conclusión ao respecto do ámbito en cuestión é a de que forma parte dunha área de medra situada entre o casco urbano da Vila de Corme Porto, e os asentamentos tradicionais de Atalaia. A morfoloxía de viario, así como a tipoloxía predominante das edificacións (vivendas unifamiliares de tipoloxía illada), resulta máis próxima á de solo de núcleo rural que á do agregado urbano da vila mariñeira, moito máis compacta e continua. Así mesmo, a cota á que se sitúan as parcelas obxecto de alegación, elevada con respecto ao solo urbano, transfórmanas en telón de fondo, nun escenario de convivencia e proximidade con estruturas propias de asentamentos de núcleo rural, sendo a súa proximidade física ao núcleo denso do solo urbano insuficiente para mudar esta consideración. Non é posible, así pois, aceptar a solicitude inicial do alegante, que pretende o cambio de clasificación a solo urbano consolidado.</p> <p>De todos modos, dadas as características da edificación existente, tampouco cumpriría as condicións esixidas en solo urbano, quedando en situación de incompatibilidade parcial co PXOM. Por outro lado, a ordenanza de SNRC foi modificada, incluíndo excepcións de cumprimento das condicións de parcela mínima edificable, e incorporando uns mínimos de ocupación e de superficie edificable que poderán ser alcanzados aínda que non se cumpra a porcentaxe ou índice fixado. Tamén os recuamentos mínimos foron corrixidos.</p> <p>Estas modificacións atenden aos temas conflitivos aludidos na alegación, mais non garanten que a edificación en cuestión non incorra en situación de fora de ordenación, a cal se describe na normativa do PXOM como incompatibilidade parcial.</p> <p>A continuación exponse de modo sintético os cambios introducidos na ordenanza SNRC:</p> <p>-A parcela mínima só se aplicará a efectos de novas parcelacións, entendendo que as parcelas existentes con anterioridade á aprobación do PXOM en trámite serán edificables aínda que contengan unha superficie menor (en tanto superen os 300m² de superficie mínima establecida na lei 9/2002).</p> <p>-A porcentaxe de ocupación en planta auméntase lixeiramente, aínda que incluíndo unha superficie mínima que poderá ser ocupada en calquera parcela baixo a ordenanza SNRC existente con anterioridade á aprobación do PXOM actualmente en trámite. Dita superficie considerada suficiente para as tipoloxías residenciais</p>

existentes no entorno.

-O índice de edificabilidade incrementouse lixeiramente sempre garantindo un mínimo de superficie edificable ao que poderán chegar as parcelas existentes con anterioridade á aprobación do PXOM en trámite. Dita superficie mínima permite a construción dunha vivenda de características similares ás do entorno.

Considérase que a solicitude do alegante foi denegada

NOTAS Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	20120000003407
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓN AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A199007140000LA, SITUADA NA PAXARIÑA, CORME PORTO
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación, recoñecendo a parcela obxecto de alegación integrada na malla urbana.
NOTAS	Alegación aceptada
Nº REXISTRO DE ENTRADA	20120000003408
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓN AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UN SOLAR CON REFERENCIA CATASTRAL: 3204927NH0930S0001HA, SITUADA EN BARRIO GROSS, CORME PORTO
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación, excluindo a parcela en cuestión da área de planeamento remitido, xa que por si soa é quen de acadar a consideración de solar urbano. Asígnaselle a ordenanza SU1, con altura de tres plantas (B+2).
NOTAS	Alegación aceptada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003409
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓN AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A DOS EDIFICIOS CON REFERENCIAS CATASTRAIS: 3305808NH0930N0001UE E 3305809NH093N0001HE, SITUADOS NA RUA ARNELA, CORME PORTO
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación, homoxeneizando as alturas no cuarteirón a un máximo de catro (B+3), mais advírtese que estando afectado pola liña de servidume de costas, a substitución dos volumes edificadas quedará supeditada a informe favorable da Demarcación de Costas.
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003410
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓN AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UN EDIFICIO CON REFERENCIA CATASTRAL: 3305810NH0930S0001ZE, SITUADO NA RUA ARNELA, CORME PORTO
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación, homoxeneizando as alturas no cuarteirón a un máximo de catro (B+3), mais advírtese que estando afectado pola liña de servidume de costas, a substitución dos volumes edificadas quedará supeditada a informe favorable da Demarcación de Costas.
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003411
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓN AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UN EDIFICIO CON REFERENCIA CATASTRAL: 3204911NH0930S0001FA, SITUADO NA RÚA REAL, CORME PORTO
CONTESTACIÓN	A alegante solicita que se lle conceda un número máximo de plantas igual á do edificio colindante, co obxectivo de acadar un resultado homoxéneo. A homoxeneidade e o remate da trama urbana son obxectivos da ordenación proposta polo PXOM, así pois, analizando o cuarteirón no que se atopa o edificio ao que fai referencia a alegante, obsérvase que dos trece edificios existentes só dous superan as tres alturas, sendo un deles de cinco plantas, o edificio colindante ao obxecto de alegación. Así pois, a excepción son estes dous edificios aos cales se lles recoñeceu a altura existente a fin de que queden dentro de ordenación, e non o edificio obxecto de alegación. Non se acepta pois a solicitude.
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003412
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓN AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A100024850000LM, SITUADA NA PAXARIÑA, CORME PORTO
CONTESTACIÓN	Os terreos aos que fai referencia o alegante atópanse a unha distancia inferior aos 200 metros medidos dende a liña de ribeira, marcada pola Demarcación de Costas. Non forman parte da trama de núcleo rural (apoiada no viario principal), e tampouco da de solo urbano consolidado, pois atópase nun fronte libre de edificación, sen acceso ao viario principal debido á diferenza de cota existente no terreo. A clasificación que lle corresponde é por lei, a de solo rústico de especial protección de costas, tal e como se di no artigo 32, parágrafo 2, liña e) da lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. De todos modos, está prohibido explicitamente cambiar a clasificación pasando de solo rústico (no anterior plan de 2.002) a solo urbano na proposta do PXOM, como queda reflectido na citada lei, no seu artigo 95, punto 1, que textualmente di: "1. Prohíbese toda modificación do planeamento urbanístico que implique a conversión ou inclusión directa de solo rústico na clase de solo urbano." Por todo isto non é posible aceptar a alegación.
NOTAS	Alegación denegada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003413
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓN AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL: 3406349NH0930N0000FW, SITUADA NA PAXARIÑA, CORME PORTO
CONTESTACIÓN	Os terreos aos que fai referencia o alegante atópanse a unha distancia inferior aos 200 metros medidos dende a liña de ribeira, marcada pola Demarcación de Costas. Non forman parte da trama de núcleo rural (apoiada no viario principal), e tampouco da de solo urbano consolidado, pois o seu fronte sur non ten acceso a viario linda coas traseiras dos edificios existentes ao leste), e no seu marxe norte ten acceso mediante un viario con claras deficiencias de urbanización. A clasificación que lle corresponde é por lei, a de solo rústico de especial protección de costas, tal e como se di no artigo 32, parágrafo 2, liña e) da lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. De todos modos, está prohibido explicitamente cambiar a clasificación pasando de solo rústico (no anterior plan de 2.002) a solo urbano na proposta do PXOM, como queda reflectido na citada lei, no seu artigo 95, punto 1, que textualmente di: "1. Prohíbese toda modificación do planeamento urbanístico que implique a conversión ou inclusión directa de solo rústico na clase de solo urbano." Por todo isto non é posible aceptar a alegación.
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003414
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓN AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UN SOLAR CON REFERENCIA CATASTRAL: 3005618NH0930N0001JE, SITUADO NA RÚA AGRA DE RODRIGUEZ, CORME PORTO
CONTESTACIÓN	O alegante fai referencia a unha parcela edificada que se atopa no solo urbano de Corme Porto. Parte desta parcela foi incluída nun ámbito de planeamento remitido a PERI segundo dispón o PXOM aprobado inicialmente en 2.012. Na alegación solicítase que dita parcela pase a ser considerada na súa totalidade como solo urbano consolidado. O Plan Aprobado en 2.002 propuña neste ámbito o trazado dunha nova rúa, que afectaría á parcela obxecto de alegación, mais sorprendentemente este trazado prevíase sobre solo urbano consolidado, sen plantexar reparto de cargas e beneficios, polo que non queda claro quen debería facerse cargo da súa urbanización. O Viario proposto no Plan aprobado en 2.002 non só afecta á parcela en cuestión, senón que precisa da colaboración doutros propietarios, malia a isto, plantéanse aliñacións sobre del, sen que exista un proxecto conxunto. Este planteamento non responde ás solucións que aportan os instrumentos legais de xestión do solo, e non respalda a consideración de solo urbano consolidado, ou de "solar", en tanto que se está a recoñecer a necesidade dun novo viario, porén requírese completar a urbanización. Neste sentido, o Plan aprobado inicialmente en 2.012 retoma estes obxectivos do Plan 2.002, delimitando para elo un área de reparto en solo urbano non consolidado. Mantense porén o ámbito remitido a PERI, mais corrixindo o seu perímetro, e incorporando maior número de parcelas co fin de simplificar o deseño do novo viario. Así pois, a solicitude do alegante non pode ser atendida, en tanto que os obxectivos deste ámbito só poden acadarse por medio dunha área de reparto que aclare a xestión e o reparto de cargas e beneficios.
NOTAS	Alegación denegada




Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003415
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓN AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNA PARCELA CON REFERENCIA CATASTAL: 3406348NH0930N000TW
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación, recoñecendo a parcela obxecto de alegación integrada na malla urbana, no tramo que se atopa en contacto co viario existente. A maior parte da superficie dos terreos en cuestión non acadan esta clasificación de urbano, debido á falla de viarios intermedios que conecten coa trama existente, e que ofrezan un fronte sobre o que apoiar a consideración da parcela como solar. Considérase así pois, que a alegación foi aceptada só parcialmente.
NOTAS	Alegación aceptada parcialmente

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003416
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓN AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UN SOLAR CON REFERENCIA CATASTRAL: 3105403NH0930N0001IE, SITUADO NA RÚA AGRA DE RODRIGUEZ, CORME PORTO
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación, recoñecendo a parcela en cuestión como solo urbano consolidado, cunha ordenanza acorde ás establecidas na contorna, e fixando aliñacións con respecto aos viarios existentes que permitan regularizalos.
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003417
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓN AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UN SOLAR CON REFERENCIA CATASTRAL: 3406329NH0930N0001RE
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación, recoñecendo a parcela obxecto de alegación integrada na malla urbana, baixo a ordenanza SU-3a e unha altura máxima de dúas plantas (B+I)
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003418
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓN AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A100024860000LO, SITUADA NA PAXARIÑA, CORME PORTO
CONTESTACIÓN	Os terreos aos que fai referencia o alegante atópanse a unha distancia inferior aos 200 metros medidos dende a liña de ribeira, marcada pola Demarcación de Costas. Non forman parte da trama de núcleo rural (apoiada no viario principal), e tampouco da de solo urbano consolidado, pois atópase nun fronte libre de edificación, sen acceso ao viario principal debido á diferenza de cota existente no terreo. A clasificación que lle corresponde é por lei, a de solo rústico de especial protección de costas, tal e como se di no artigo 32, parágrafo 2, liña e) da lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. De todos modos, está prohibido explicitamente cambiar a clasificación pasando de solo rústico (no anterior plan de 2.002) a solo urbano na proposta do PXOM, como queda reflectido na citada lei, no seu artigo 95, punto 1, que textualmente di: "1. Prohíbese toda modificación do planeamento urbanístico que implique a conversión ou inclusión directa de solo rústico na clase de solo urbano." Por todo isto non é posible aceptar a alegación.
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003419
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓN AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UN EDIFICIO CON REFERENCIA CATASTRAL: 3305909NH0930N0001BE, SITUADO NA RUA ARNELA, CORME PORTO
CONTESTACIÓN	Acéptase parcialmente a alegación, regularizando tanto a aliñación como a liña de fondo da edificación.
NOTAS	Alegación parcialmente aceptada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003420
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UN EDIFICIO CON REFERENCIA CATASTRAL: 3205807NH0930S0001YA, SITUADO NA RÚA REAL, CORME PORTO
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación, corrixindo a liña de fondo que conforma o patio de rueiro.
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003421
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A097007950000PA, SITUADA NO LUGAR DE GUXIN, CORME ALDEA
CONTESTACIÓN	A parcela obxecto de alegación foi incluída na delimitación de núcleo co único propósito de recoller a edificación existente, mais sen pretender novos desenrols, que estarían apoiados na estrada AC421, de titularidade autonómica. A administración encargada da supervisión da coherencia entre este tipo de estradas de titularidade autonómica e as propostas de modificación do planeamento, é a Axencia Galega de Infraestruturas, a cal emitiu un informe desfavorable para o caso concreto de novos desenrols apoiados na estrada principal. Esta postura, que defende a seguridade da vía, e a súa correcta funcionalidade, vese respaldada polo disposto nas Directrices de Ordenación do Territorio, punto 3.1.5. "evitaranse os crecementos ao longo das vías de comunicación". A este respecto, non se considera que teña ningún beneficio para o titular ampliar o fondo da parcela, a cal foi dividida en dous aproveitando un pequeno desnivel no terreo.
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003422
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA VIVENDA UNIFAMILIAR CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A096000410000PI, SITUADA EN NIÑONS
CONTESTACIÓN	A alegación fai referencia a unha parcela edificada, ao oeste do núcleo rural histórico tradicional de Niñóns, ao pé da estrada de titularidade provincial DP6801 . O terreo en cuestión atópase a unha distancia superior a 50 metros medidos dende a última edificación tradicional do núcleo, que é a distancia máxima fixada na lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, no seu artigo 13, parágrafo 2, liña a). Non existe pois argumento legal que permita aceptar a alegación.
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003423
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UN SOLAR CON REFERENCIA CATASTRAL: 3204928NH0930S0001WA, SITUADO NO BARRIO GROSS, CORME
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación, excluindo a parcela en cuestión da área de planeamento remitido, xa que por si soa é quen de acadar a consideración de solar urbano. Asígnaselle a ordenanza SU1, con altura de tres plantas (B+2).
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003424
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A087006050000PW, SITUADA NO LUGAR DOS ANXELES, BRANTUAS
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación, unha vez comprobado o cumprimento das condicións legalmente establecidas na lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia para a delimitación de solos de núcleo rural.
NOTAS	Alegación aceptada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003425
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A080003970000PP, SITUADA NO LUGAR DE GUXÍN, CORME ALDEA
CONTESTACIÓN	<p>O alegante fai referencia a unha parcela situada no núcleo de Guxín, parroquia de Corme Aldea.</p> <p>Trátase dunha parcela moi extensa (máis de 5000 m2), que posúe fronte a viario só nos seus extremos norte e sur. O marxe sur desta propiedade xa se atopaba incorporado á delimitación de solo de núcleo rural histórico no documento aprobado inicialmente en 2.012, mais o marxe norte non reúne as condicións legalmente establecidas para a súa consideración como tal. En concreto, non cumpre a distancia máxima de 50 metros medida dende as derradeiras edificacións de tipo tradicional. Dita regra atópase recollida na lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, no seu artigo 13, parágrafo 3, liña a. Dita limitación impide tamén que se recolla un fondo maior de parcela no caso do marxe sur, xa clasificado como solo de núcleo rural.</p> <p>Por este motivo resulta imposible aceptar a solicitude do alegante, non habendo marco legal que a ampare.</p>
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003426
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL: 4509901NH0940N0000PY, SITUADA EN CORME ALDEA
CONTESTACIÓN	<p>Acéptase a alegación, na medida das posibilidades que permite o disposto no artigo 13, parágrafo 2, liña a), da lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Transcríbese a continuación dito texto, entre o que a distancia máxima de 50 metros medidos dende a última edificación tradicional do núcleo é a que impide que toda a parcela poida ser recollida na delimitación de núcleo rural Tradicional.</p> <p>"3.A delimitación dos núcleos rurais que o plan xeral estableza virá referida a algún ou algúns dos seguintes tipos básicos:</p> <p>a) Núcleo rural histórico-tradicional, caracterizado como tal en función das súas características morfolóxicas, da tipoloxía tradicional das edificacións, da vinculación coa explotación racional dos recursos naturais ou de circunstancias doutra índole que manifesten a imbricación tradicional do núcleo co medio físico no que se sitúa.</p> <p>A súa delimitación realizarase en atención á proximidade das edificacións, aos lazos de relación e coherencia entre lugares dun mesmo asentamento con topónimo diferenciado e á morfoloxía e ás tipoloxías propias dos devanditos asentamentos e da área xeográfica na que se atopan (casal, lugar, aldea, rueiro ou outro), de modo que o ámbito delimitado presente unha consolidación pola edificación de, polo menos, o 50%, de acordo coa ordenación proposta e trazando unha liña perimetral que encerre as edificacións tradicionais do asentamento seguindo o parcelario e as pegadas físicas existentes (camiños, ríos, regatos, cómaros e outros) e, como máximo, a 50 metros das devanditas edificacións tradicionais. "</p>
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003427
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UN SOLAR CON REFERENCIA CATASTRAL: 3506912NH0930N0001IW, SITUADO NA RÚA RIO DE ARRIBA, CORME PORTO
CONTESTACIÓN	<p>A alegación inclúe unha única solicitude, que é a de reconsiderar a delimitación dunha área de planeamento remitido en solo urbano non consolidado, para excluír dela a parcela obxecto de alegación, entendendo que resultaría un solar de solo urbano consolidado. Acéptase a solicitude, entendendo que a conexión aos servizos existentes precisa entra no concepto de obras accesorias, e a parcela non depende máis que de si mesma para levalas a cabo.</p>
NOTAS	Alegación aceptada



Nº REGISTRO DE ENTRADA	201200000003428
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓN A O PXOM-2012, EN RELACIÓN A DOUS SOLARES CON REFERENCIAS CATASTRAIS: 3506911NH0930N0001ME E 3506901NH0930N0001YE, SITUADOS NA RÚA RIO DE ARRIBA, CORME PORTO
CONTESTACIÓN	<p>A alegación inclúe unha solicitude e unha serie de propostas de ordenación para o caso de que dita solicitude non sexa aceptada. Así, o obxecto principal da alegación é a demanda da exclusión das parcelas en cuestión da delimitación de área de planeamento remitido en solo urbano non consolidado.</p> <p>Dita solicitude non pode ser aceptada, en tanto que é preciso urbanizar o viario ao que darían fronte, sen o cal non se cumpren as condicións esixidas legalmente para a consideración de solar. ademais, o linde sur das propiedades consiste no Rego dos Pulpos, que a pesares de ter pouca entidade, e atoparse parcialmente canalizado, existe. Dito Rego é o eixo do Corredor Ecolóxico que o Plan de Ordenación do Litoral contempla neste ámbito. Tanto dende as determinacións que no P.O.L. se fixan para esta área, como dende os criterios de ordenación do propio PXOM parece que non debera haber dúbida en que dita área precisa reforma e mesmo rexeneración.</p> <p>Á vista desto, resulta imposible aceptar a solicitude principal da alegación.</p> <p>En canto ás propostas que o alegante incorpora:</p> <p>a) O marxe oeste da área de reparto foi revisado, e decidiuse prescindir da parcela situada máis extrema, pois en efecto si conta cun viario pavimentado que mesmo inclúe beirarrúas. A segunda propiedade (con referencia catastral 3506912NH0930N), non pode ser considerada solar urbano, porén, debe permanecer na área de planeamento remitido.</p> <p>Dita proposta acéptase porén parcialmente.</p> <p>b) As aliñacións que o planeamento anterior prevía para esta área foron corrixiadas a fin de aportar unha mellor sección, e non invadir terreos de natureza rústica, protexidos como Corredor Ecolóxico no POL.</p> <p>Así pois, non se acepta a solicitude.</p> <p>c) Cando o alegante solicita o máximo coeficiente de edificabilidade permitido, e como mínimo o 1,50 m²/m², non está a ser consciente de que o aproveitamento máximo que a lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, segundo a poboación municipal, é de 0,85 m²/m². Dito coeficiente pode ampliarse en determinadas áreas en función das cesións esixidas, e da tipoloxía que requira o acabado da trama, mais resulta imposible acadar ese mínimo que demanda o alegante.</p> <p>Non é posible aceptar a solicitude.</p> <p>d) En canto á escisión do aproveitamento lucrativo dos terreos situados ao norte, do outro lado da rúa, infórmase de que decidiu excluír ditos terreos da área de planeamento remitido na que se inclúen as propiedades do alegante.</p> <p>Considérase aceptada a solicitude.</p> <p>e)A concreción dos volumes,e a localización do aproveitamento</p>

lucrativo da área de planeamento remitido precisarase no correspondente Plan Especial de Reforma Interior, MONTOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P. determinacións contidas na ficha da área en cuestión, que se inclúe como Anexo á Normativa do PXOM.

Non se acepta a solicitude.

f)A reserva de vivendas de protección oficial será a regulamentaria, no momento en que se aprobe o PXOM.

Non se acepta a solicitude.

g)A cesión do 10% do aproveitamento lucrativo ao concello é unha condición legalmente establecida para solo urbano non consolidado.

Non se acepta a alegación.

Analizada a alegación presentada, enténdese que foi parcialmente aceptada.

NOTAS Alegación parcialmente aceptada

Nº REGISTRO DE ENTRADA	201200000003429
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓN A O PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A007009840001AG
CONTESTACIÓN	<p>A referencia catastral achegada é un código catastral erróneo, segundo a Dirección General de Catastro.</p> <p>Pola descrición achegada, interprétase que a referencia correcta sería 15069A007009840001SG.</p> <p>Acéptase a alegación, recollendo parte da parcela en cuestión como solo urbano consolidado, e asignándolle a ordenanza SU-4, de vivenda unifamiliar.</p>
NOTAS	Alegación aceptada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003430
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓN AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A5010053500000H, SITUADA NO LUGAR DE AGRA DA CANCELA, PAZOS DE ARRIBA
CONTESTACIÓN	<p>Os terreos obxecto de alegación non reúnen os requisitos legalmente establecidos para seren considerados como solo de núcleo rural.</p> <p>Sobre o concepto de núcleo rural e a súa zona de expansión, o artigo 13 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, establece textualmente:</p> <p>"Artigo 13º.-Solo de núcleo rural.</p> <p>1.Constitúen o solo de núcleo rural as áreas do territorio que serven de soporte a un asentamento tradicional de poboación singularizado, identificable e diferenciado administrativamente nos censos e padróns oficiais, que o plan xeral defina e delimite como tales tendo en conta, polo menos, a súa inclusión como tal ou na da súa área de influencia en plans anteriores, o número de edificacións, a densidade de vivendas, o seu grao de consolidación pola edificación e, de ser o caso, a tipoloxía histórico-tradicional da súa armazón e das edificacións existentes nel.</p> <p>2.Os plans xerais, en congruencia co modelo de asentamento poboacional que incorporen no estudo do medio rural, delimitarán o ámbito dos núcleos rurais do seu termo municipal en atención aos parámetros anteriores; significadamente, os antecedentes existentes de delimitacións anteriores, as súas peculiaridades urbanísticas e morfolóxicas e a súa capacidade de acollida da demanda previsible do uso residencial no medio rural. A definición do seu perímetro realizarase en función das condicións topográficas e da estrutura da propiedade e do seu nivel de integración nas dotacións e servizos existentes nel nos termos previstos nos artigos 24º e 172º.1 desta lei, e axustaranse ás infraestruturas e pegadas físicas dos elementos naturais existentes, sendo necesario, se é o caso, prever a total urbanización e suficiencia das redes de dotacións, comunicacións e servizos.</p> <p>3.A delimitación dos núcleos rurais que o plan xeral estableza virá referida a algún ou algúns dos seguintes tipos básicos:</p> <p>a) Núcleo rural histórico-tradicional, caracterizado como tal en función das súas características morfolóxicas, da tipoloxía tradicional das edificacións, da vinculación coa explotación racional dos recursos naturais ou de circunstancias doutra índole que manifesten a imbricación tradicional do núcleo co medio físico no que se sitúa.</p> <p>A súa delimitación realizarase en atención á proximidade das edificacións, aos lazos de relación e coherencia entre lugares dun mesmo asentamento con topónimo diferenciado e á morfoloxía e ás tipoloxías propias dos devanditos asentamentos e da área xeográfica na que se atopan (casal, lugar, aldea, rueiro ou outro), de modo que o ámbito delimitado presente unha consolidación pola edificación de, polo menos, o 50%, de acordo coa ordenación proposta e trazando unha liña perimetral que encerre as edificacións tradicionais do asentamento seguindo</p>

o parcelario e as pegadas físicas existentes (camiños, ríos, lógaros, cósidos e outros) e, como máximo, a 50 metros das edificacións tradicionais.

B) Núcleo rural común, incluíranse neste tipo aqueles asentamentos de poboación recoñecibles como solo de núcleo rural pero que non presentan as características necesarias para a súa inclusión no tipo básico anterior. A súa delimitación deberá de facerse en función das previsións de crecemento que o plan xeral estableza para o núcleo e tendo en conta que o ámbito delimitado deberá presentar un grao de consolidación pola edificación, de acordo coa ordenación urbanística que para el se prevexa no plan, igual ou superior a un terzo da súa superficie."

Así pois, non é posible a incorporación ao solo de núcleo rural histórico debido a que se atopa a unha distancia superior a 50 metros medidos dende a última edificación tradicional do núcleo. Non existe tampouco trama nin conxunto edificado que poida ser identificado como núcleo rural común.

Porén, non existe argumento legal que permita aceptar a alegación.

NOTAS Alegación denegada.



Nº REGISTRO DE ENTRADA	201200000003431
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓN AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A TRES FINCAS CON REFERENCIAS CATASTRAIS: 15069A501005240000OD, 15069A501006200000OR E 15069A501005250000OX, SITUADAS NO LUGAR DO CASERÍO DE TORRADO, PAZOS
CONTESTACIÓN	Os terreos obxecto de alegación non reúnen os requisitos legalmente establecidos para seren considerados como solo de núcleo rural. Sobre o concepto de núcleo rural e a súa zona de expansión, o artigo 13 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, establece textualmente: "Artigo 13º.-Solo de núcleo rural. 1.Constitúen o solo de núcleo rural as áreas do territorio que serven de soporte a un asentamento tradicional de poboación singularizado, identificable e diferenciado administrativamente nos censos e padróns oficiais, que o plan xeral defina e delimite como tales tendo en conta, polo menos, a súa inclusión como tal ou na da súa área de influencia en plans anteriores, o número de edificacións, a densidade de vivendas, o seu grao de consolidación pola edificación e, de ser o caso, a tipoloxía histórico-tradicional da súa armazón e das edificacións existentes nel. 2.Os plans xerais, en congruencia co modelo de asentamento poboacional que incorporen no estudo do medio rural, delimitarán o ámbito dos núcleos rurais do seu termo municipal en atención aos parámetros anteriores; significadamente, os antecedentes existentes de delimitacións anteriores, as súas peculiaridades urbanísticas e morfolóxicas e a súa capacidade de acollida da demanda previsible do uso residencial no medio rural. A definición do seu perímetro realizarase en función das condicións topográficas e da estrutura da propiedade e do seu nivel de integración nas dotacións e servizos existentes nel nos termos previstos nos artigos 24º e 172º.1 desta lei, e axustaranse ás infraestruturas e pegadas físicas dos elementos naturais existentes, sendo necesario, se é o caso, prever a total urbanización e suficiencia das redes de dotacións, comunicacións e servizos. 3.A delimitación dos núcleos rurais que o plan xeral estableza virá referida a algún ou algúns dos seguintes tipos básicos: a) Núcleo rural histórico-tradicional, caracterizado como tal en función das súas características morfolóxicas, da tipoloxía tradicional das edificacións, da vinculación coa explotación racional dos recursos naturais ou de circunstancias doutra índole que manifesten a imbricación tradicional do núcleo co medio físico no que se sitúa. A súa delimitación realizarase en atención á proximidade das edificacións, aos lazos de relación e coherencia entre lugares dun mesmo asentamento con topónimo diferenciado e á morfoloxía e ás tipoloxías propias dos devanditos asentamentos e da área xeográfica na que se atopan (casal, lugar, aldea, rueiro ou outro), de modo que o ámbito delimitado presente unha consolidación pola edificación de, polo menos, o 50%, de acordo coa ordenación proposta e trazando unha liña perimetral que encerre as


edificacións tradicionais do asentamento seguindo o parcelario e as pegadas físicas existentes (camiños, muros, cómetros e outros) e, como máximo, a 50 metros das devanditas edificacións tradicionais.

B) Núcleo rural común, incluíranse neste tipo aqueles asentamentos de poboación recoñecibles como solo de núcleo rural pero que non presentan as características necesarias para a súa inclusión no tipo básico anterior. A súa delimitación deberá de facerse en función das previsións de crecemento que o plan xeral estableza para o núcleo e tendo en conta que o ámbito delimitado deberá presentar un grao de consolidación pola edificación, de acordo coa ordenación urbanística que para el se prevexa no plan, igual ou superior a un terzo da súa superficie."

Así pois, non é posible a incorporación ao solo de núcleo rural histórico debido a que se atopa a unha distancia superior a 50 metros medidos dende a última edificación tradicional do núcleo. Non existe tampouco trama nin conxunto edificado que poida ser identificado como núcleo rural común.
Porén, non existe argumento legal que permita aceptar a alegación.

NOTAS Alegación denegada

Nº REGISTRO DE ENTRADA	201200000003432
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓN AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA VIVENDA E UNHA PARCELA ANEXA CON REFERENCIA CATASTRAL: 0186304NH1808N0001YL, SITUADA NOS SEIXOS, TELLA
CONTESTACIÓN	A alegante fai referencia a dúas parcelas, sobre as cales solicita se amplíe a delimitación de núcleo rural histórica incluída no plan aprobado inicialmente en 2.012. Tras revisar a ordenación proposta advírtese que as parcelas en cuestión xa foran incluídas parcialmente como solo de núcleo rural. A delimitación do núcleo en cuestión foi revisada, mais non é posible incluír a totalidade da parcela nela, en tanto que isto suporía o incumprimento das condicións legalmente esixidas ao respecto na lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (artigo 13, parágrafo3, liña a.). Dita delimitación foi ampliada, segundo a solicitude da alegante, cos límites legais antes expostos.
NOTAS	Alegación aceptada parcialmente



Nº REXISTRO DE ENTRADA	20120000003433
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A100003900000LR, SITUADA EN CORME PORTO
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación, reducindo a esixencia de parcela mínima edificable e ampliando o fondo da parcela en cuestión clasificada como solo de núcleo rural.
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	20120000003436
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL:828094NH0888S0001RQ, SITUADA EN PONTECESO
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación, recollendo a parcela en cuestión como solo urbano consolidado, e asignando ao espazo ocupado pola vivenda a ordenanza SU-4. Faise sen embargo unha reserva no seu fronte sur, que será destinada a aparcamento público de sistema local, cuxo sistema de obtención será a expropiación.
NOTAS	Alegación aceptada.

Nº REXISTRO DE ENTRADA	20120000003438
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA PARCELA SITUADA NA CAMPARA
CONTESTACIÓN	Os terreos en cuestión non encaixan da definición nin nas condicións de solo de núcleo rural Tradicional ou Histórico que se definen na lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. A continuación expónse textualmente o texto da mencionada lei a este respecto: "Artigo 13º.-Solo de núcleo rural. (Parágrafo 3.) <input checked="" type="checkbox"/> delimitación dos núcleos rurais que o plan xeral estableza virá referida a algún ou algúns dos seguintes tipos básicos: a) Núcleo rural histórico-tradicional, caracterizado como tal en función das súas características morfolóxicas, da tipoloxía tradicional das edificacións, da vinculación coa explotación racional dos recursos naturais ou de circunstancias doutra índole que manifesten a imbricación tradicional do núcleo co medio físico no que se sitúa. A súa delimitación realizarase en atención á proximidade das edificacións, aos lazos de relación e coherencia entre lugares dun mesmo asentamento con topónimo diferenciado e á morfoloxía e ás tipoloxías propias dos devanditos asentamentos e da área xeográfica na que se atopan (casal, lugar, aldea, rueiro ou outro), de modo que o ámbito delimitado presente unha consolidación pola edificación de, polo menos, o 50%, de acordo coa ordenación proposta e trazando unha liña perimetral que encerre as edificacións tradicionais do asentamento seguindo o parcelario e as pegadas físicas existentes (camiños, ríos, regatos, cómaros e outros) e, como máximo, a 50 metros das devanditas edificacións tradicionais. " Por esta razón non é posible aceptar a alegación
NOTAS	Alegación denegada




Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003439
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012 EN RELACIÓN A UN INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 8677246NH0001UX NA AVDA. EDUARDO PONDAL
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación, recollendo a parcela como solo urbano consolidado, baixo a ordenanza de vivenda agrupada entre medianeiras, coa altura máxima de catro plantas (B+3). Pese a que o fronte a viario non corresponde á Avenida de Eduardo Pondal, senón a unha rúa perpendicular a esta, o volume edificado encaixa no resultante nas parcelas con fronte á Avenida de Eduardo Pondal, completándoo e regularizándoo.
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003440
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012 EN RELACIÓN A UN EDIFICIO CON REFERENCIA CATASTRAL 8778710NH0887N0001AX
CONTESTACIÓN	Non se entende a alegación, pois o edificio en cuestión segundo o plano que se adxunta non respecta a liña de fondo fixada polo planeamento vixente. A intención da liña de fondo debuxada nos planos do PXOM é a de respectar o edificio existente, porén revisouse e foi corrixida absorbendo posibles erros da cartografía. Tampouco se entende a referencia que o alegante fai ás delimitacións de núcleos rurais. Por outra banda, o Plan Xeral nada ten que ver coa suba dos impostos. Considérase aceptada a alegación.
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003446
CONTIDO DA ALEGACIÓN	CONCEPCION 26/09/12 12:09 PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012 POR UNHA PARCELA CALIFICADA BAIXO ORDENZA SU-4, SITUADA NO ALTO DA FEIRA
CONTESTACIÓN	Alegación parcialmente aceptada. A ordenanza SU-4 de solo urbano en tipoloxía de vivenda unifamiliar foi modificada, cos seguintes matices: -A parcela mínima edificable será aplicada en termos de novas parcelacións, aceptando como edificables parcelas de superficie inferior, preexistentes á aprobación do PXOM en trámite sempre que acaden os 300m2. -Os recuamentos a aliñacións aceptarán a súa redución e mesmo anulación, en casos nos que o entorno edificado teña consolidado un recuamento inferior. -Permítese unha ocupación de 150 m2 para parcelas que teñan a consideración de edificables, a pesares de que se supere a porcentaxe de ocupación máxima indicada. -Permítese unha edificabilidade de 120m2 que poderá acadarse en parcelas consideradas edificables, a pesares de que se exceda o índice de edificabilidade. Aplicando estas correccións, recóllese a maioría das parcelas existentes, polo que se considera que a solicitude do alegante foi aceptada parcialmente.
NOTAS	Alegación aceptada parcialmente

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003447
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL: 9486404NH0898N0001AB, SITUADA NA CALLE, TELLA
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación, incluíndo a parcela na delimitación de solo de núcleo rural histórico, entendendo que con elo se seguen a respectar os criterios de ordenación do PXOM, e as condicións ao respecto fixadas pola lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.
NOTAS	Alegación aceptada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	20120000003448
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012 POR UNHA PARCELA CALIFICADA BAIXO ORDENZA SU-4, SITUADA NO ALTO DA FEIRA. REFª CAT.: 9176907NH0887N0001QX
CONTESTACIÓN	Alegación parcialmente aceptada. A ordenanza SU-4 de solo urbano en tipoloxía de vivenda unifamiliar foi modificada, cos seguintes matices: -A parcela mínima edificable será aplicada en termos de novas parcelacións, aceptando como edificables parcelas de superficie inferior, preexistentes á aprobación do PXOM en trámite sempre que acaden os 300m2. -Os recuamentos a aliñacións aceptarán a súa redución e mesmo anulación, en casos nos que o entorno edificado teña consolidado un recuamento inferior. -Permítese unha ocupación de 150 m2 para parcelas que teñan a consideración de edificables, a pesares de que se supere a porcentaxe de ocupación máxima indicada. -Permítese unha edificabilidade de 120m2 que poderá acadarse en parcelas consideradas edificables, a pesares de que se exceda o índice de edificabilidade. Aplicando estas correccións, considérase que a solicitude do alegante foi aceptada
NOTAS	Alegación aceptada parcialmente

Nº REXISTRO DE ENTRADA	20120000003449
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL: 8281238NH0888S0001XQ, SITUADA NA ZONA DO CUARTEL
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación, efectivamente cometeuse un erro no plano de estrutura xeral e orgánica do territorio (EX11), que será corrixido, quedando a parcela á que fai referencia o alegante desafectada polo equipamento, con uso residencial, e ordenanza SU-4.
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	20120000003450
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012 POR UNHA PARCELA CALIFICADA BAIXO ORDENZA SU-4, SITUADA NO ALTO DA FEIRA. REFª CAT.: 8979612NH0887N0001FX
CONTESTACIÓN	Alegación parcialmente aceptada. A ordenanza SU-4 de solo urbano en tipoloxía de vivenda unifamiliar foi modificada, cos seguintes matices: -A parcela mínima edificable será aplicada en termos de novas parcelacións, aceptando como edificables parcelas de superficie inferior, preexistentes á aprobación do PXOM en trámite sempre que acaden os 300m2. -Os recuamentos a aliñacións aceptarán a súa redución e mesmo anulación, en casos nos que o entorno edificado teña consolidado un recuamento inferior. -Permítese unha ocupación de 150 m2 para parcelas que teñan a consideración de edificables, a pesares de que se supere a porcentaxe de ocupación máxima indicada. -Permítese unha edificabilidade de 120m2 que poderá acadarse en parcelas consideradas edificables, a pesares de que se exceda o índice de edificabilidade. Aplicando estas correccións, considérase que a solicitude da alegante foi aceptada
NOTAS	Alegación parcialmente aceptada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003451
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012 POR UNHA PARCELA CALIFICADA BAIXO ORDENZA SU-4, SITUADA NO ALTO DA FEIRA. REFª CAT.: 9176911NH0887N0001PX
CONTESTACIÓN	<p>Alegación parcialmente aceptada.</p> <p>A ordenanza SU-4 de solo urbano en tipoloxía de vivenda unifamiliar foi modificada, cos seguintes matices:</p> <ul style="list-style-type: none"> -A parcela mínima edificable será aplicada en termos de novas parcelacións, aceptando como edificables parcelas de superficie inferior, preexistentes á aprobación do PXOM en trámite sempre que acaden os 300m2. -Os recuamentos a aliñacións aceptarán a súa redución e mesmo anulación, en casos nos que o entorno edificado teña consolidado un recuamento inferior. -Permítese unha ocupación de 150 m2 para parcelas que teñan a consideración de edificables, a pesares de que se supere a porcentaxe de ocupación máxima indicada. -Permítese unha edificabilidade de 120m2 que poderá acadarse en parcelas consideradas edificables, a pesares de que se exceda o índice de edificabilidade. <p>Aplicando estas correccións, considérase que a solicitude do alegante foi aceptada</p>
NOTAS	Alegación aceptada parcialmente

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003452
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012 POR UNHA PARCELA CALIFICADA BAIXO ORDENZA SU-4, SITUADA NO ALTO DA FEIRA. REFª CAT.: 9176939NH0887N0001QX
CONTESTACIÓN	<p>Alegación parcialmente aceptada.</p> <p>A ordenanza SU-4 de solo urbano en tipoloxía de vivenda unifamiliar foi modificada, cos seguintes matices:</p> <ul style="list-style-type: none"> -A parcela mínima edificable será aplicada en termos de novas parcelacións, aceptando como edificables parcelas de superficie inferior, preexistentes á aprobación do PXOM en trámite sempre que acaden os 300m2. -Os recuamentos a aliñacións aceptarán a súa redución e mesmo anulación, en casos nos que o entorno edificado teña consolidado un recuamento inferior. -Permítese unha ocupación de 150 m2 para parcelas que teñan a consideración de edificables, a pesares de que se supere a porcentaxe de ocupación máxima indicada. -Permítese unha edificabilidade de 120m2 que poderá acadarse en parcelas consideradas edificables, a pesares de que se exceda o índice de edificabilidade. <p>Aplicando estas correccións, considérase que a solicitude do alegante foi aceptada</p>
NOTAS	Alegación parcialmente aceptada




Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003454
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012 POR UNHA PARCELA CALIFICADA BAIXO ORDENZA SU-4, SITUADA NO ALTO DA FEIRA. REFª CAT.: 9176940NH0887N0001YX
CONTESTACIÓN	<p>Alegación parcialmente aceptada.</p> <p>A ordenanza SU-4 de solo urbano en tipoloxía de vivenda unifamiliar foi modificada, cos seguintes matices:</p> <ul style="list-style-type: none"> -A parcela mínima edificable será aplicada en termos de novas parcelacións, aceptando como edificables parcelas de superficie inferior, preexistentes á aprobación do PXOM en trámite sempre que acaden os 300m2. -Os recuamentos a aliñacións aceptarán a súa redución e mesmo anulación, en casos nos que o entorno edificado teña consolidado un recuamento inferior. -Permítese unha ocupación de 150 m2 para parcelas que teñan a consideración de edificables, a pesares de que se supere a porcentaxe de ocupación máxima indicada. -Permítese unha edificabilidade de 120m2 que poderá acadarse en parcelas consideradas edificables, a pesares de que se exceda o índice de edificabilidade. <p>Aplicando estas correccións, considérase que a solicitude do alegante foi aceptada</p>
NOTAS	Alegación parcialmente aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003455
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012 POR UNHA PARCELA CALIFICADA BAIXO ORDENZA SU-4, SITUADA NO ALTO DA FEIRA. REFª CAT.: 9176941NH0887N0001GX
CONTESTACIÓN	<p>Acéptase a alegación, corrixindo a ordenanza asignada, a cal pasará a ser SU-3a, con altura máxima de dúas plantas, de acordo ao contexto e á propia edificación contida na parcela en cuestión. Esta ordenanza, é a de edificación entre medianeiras aliñada a viario, que permite vivenda unifamiliar e plurifamiliar. Corríxese así mesmo a descrición da correspondente ficha do catálogo de patrimonio, na que se especifica que os espazos libres que dan valor ao conxunto son os de carácter público, é dicir, fóra de aliñación. Non se fai referencia porén aos espazos libres de carácter privado.</p> <p>Non se acepta sen embargo a anulación da protección como elemento destacado do patrimonio construído, mais o grado de protección rebaixarase, restrinxindo a protección estrutural á fachada oeste na que se recoñecen os ocos e a galería, deixando o resto do conxunto baixo o grao de protección ambiental ou tipolóxica.</p> <p>Con respecto ás suxerencias emitidas sobre a ordenanza SU-4, infórmase á alegante de que foron introducidas modificacións que afectan á parcela mínima, a cal será aplicada só a efectos de parcelacións, considerando edificables as parcelas preexistentes en tanto superen a superficie mínima de 300m2. Tamén se modifican a ocupación e edificabilidade máximas, onde se establecen uns valores mínimos que poderán alcanzarse en caso de parcelas inferiores á mínima, a pesares de que excedan do resultado de aplicación dos índices e porcentaxes que fixa a ordenanza.</p> <p>Considérase así pois, que as solicitudes da alegante foron aceptadas parcialmente.</p>
NOTAS	Alegación aceptada parcialmente




Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003458
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A008001190000PG, SITUADA EN TELLA
CONTESTACIÓN	<p>O alegante solicita que se reduza a superficie mínima de parcela edificable na ordenanza SNRC ao valor mínimo permitido na lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural (300m2).</p> <p>Se ben é certo que a lei permite esa dimensión, é o planeamento o que, logo do estudo das tipoloxías e do parcelario, así como da análise da densidade dos asentamentos, debe establecer os parámetros das ordenanzas que regulen cada tipo de solo. No caso da parcela obxecto de alegación, existe unha gran irregularidade no parcelario, o cal sufriu unha fragmentación excesiva, propiciada pola alta densidade e edificabilidade que permitía o plan aprobado en 2.002. Os cambios legislativos acontecidos dende a aprobación dese plan esixen do planeamento un estudo máis profundo da realidade construída dos asentamentos. O PXOM aprobado inicialmente en 2012 realiza esta análise, evidenciando a existencia dunha gran heteroxeneidade parcelaria, na que se ben é certo que existen moitas parcelas no rango de 300m2, tamén o é que outras moitas posúen unha superficie maior, e máis aínda, que a consolidación dos asentamentos non responde á xeneralización destas parcelas tan reducidas.</p> <p>Dada a problemática que isto supón, decidiuse corrixir as ordenanzas de solo de núcleo rural, indicando que o parámetro de parcela mínima edificable só será aplicable en termos de novas parcelacións, recoñecendo a edificabilidade de parcelas inferiores preexistentes á aprobación do PXOM sempre que superen o mínimo de 300m2 fixado na lei 9/2002.. Establecéronse así mesmo un valores mínimos de ocupación e de edificabilidade que permiten a construción da tipoloxía predominante (vivenda unifamiliar), estes valores de mínimos, poderán ser alcanzados polas parcelas que, polo seu reducido tamaño non os puidesen acadar como resultado da aplicación dos índices e dos porcentaxes fixados na ordenanza.</p> <p>Así pois, non se admite a solicitude do alegante, mais enténdese que coas correccións aplicadas se consegue o mesmo obxectivo, polo que a alegación considérase aceptada parcialmente.</p>
NOTAS	Alegación parcialmente aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003461
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA SITUADA NA RÚA ADUANA, PONTECESO
CONTESTACIÓN	<p>As situacións de fora de ordenación quedan explicadas na normativa do PXOM, facendo referencia á compatibilidade dos usos e edificacións existentes cos permitidos segundo a clase de solo da que se trate.</p> <p>Non entendendo a solicitude da alegación, pois non parece haber razón para que sexa considerada fora de ordenación, procédese a xustificar a ordenación proposta:</p> <p>A parcela en cuestión atópase afectada pola Rede Natura, sendo considerada Zona de Especial Valor Natural, e Zona de Especial Protección das Aves na ampliación da Rede Natura 2000, dentro do Lugar de Interese Comunitario ES1110005. Ademais, o Plan do Litoral de Galicia inclúea na protección de Corredor Ecolóxico. Todas estas proteccións, que exceden o alcance do PXOM, obrigan , segundo o disposto no artigo 32.2.f) da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, á súa clasificación como solo rústico de especial protección dos valores naturais.</p> <p>Así mesmo, a proximidade ao canle, implica a súa especial protección de solo rústico das augas.</p> <p>De tódolos xeitos, a parcela en cuestión non reúne as condicións esixidas na citada lei, artigo 11 para a súa clasificación de solo urbano, por non estar integrada na malla urbana.</p> <p>Por todo isto é imposible aceptar a alegación.</p>
NOTAS	Alegación denegada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003462
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA SITUADA NOS SEIXOS, TELLA
CONTESTACIÓN	<p>As situacións de fora de ordenación quedan explicadas na normativa do PXOM, facendo referencia á compatibilidade dos usos e edificacións existentes cos permitidos segundo a clase de solo da que se trate.</p> <p>Non entendendo a solicitude da alegación, pois non parece haber razón para que sexa considerada fora de ordenación, Procedeuse a revisar a ordenación proposta, advertindo que era posible ampliar a delimitación de núcleo rural histórico tradicional de Os Seixos, recollendo parte da parcela obxecto de alegación.</p> <p>Non é posible recoller a totalidade da área á que fai referencia a solicitude, posto que se incumpriría a distancia máxima de 50 metros medidos dende a última edificación tradicional, segundo o disposto na lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, artigo 13, parágrafo 3, liña a), que a continuación se expón:</p> <p>A delimitación dos núcleos rurais que o plan xeral estableza virá referida a algún ou algúns dos seguintes tipos básicos:</p> <p>a) Núcleo rural histórico-tradicional, caracterizado como tal en función das súas características morfolóxicas, da tipoloxía tradicional das edificacións, da vinculación coa explotación racional dos recursos naturais ou de circunstancias doutra índole que manifesten a imbricación tradicional do núcleo co medio físico no que se sitúa.</p> <p>A súa delimitación realizarase en atención á proximidade das edificacións, aos lazos de relación e coherencia entre lugares dun mesmo asentamento con topónimo diferenciado e á morfoloxía e ás tipoloxías propias dos devanditos asentamentos e da área xeográfica na que se atopan (casal, lugar, aldea, rueiro ou outro), de modo que o ámbito delimitado presente unha consolidación pola edificación de, polo menos, o 50%, de acordo coa ordenación proposta e trazando unha liña perimetral que encerre as edificacións tradicionais do asentamento seguindo o parcelario e as pegadas físicas existentes (camiños, ríos, regatos, cómaros e outros) e, como máximo, a 50 metros das devanditas edificacións tradicionais. "</p> <p>Considérase así pois, aceptada parcialmente a alegación.</p>
NOTAS	Alegación aceptada.

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003463
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A TRES PARCELAS SITUADAS EN PARDIÑAS, TALLO
CONTESTACIÓN	<p>Acéptase a alegación, ampliando o fondo da delimitación do núcleo, mais non de xeito literal a como se solicita.</p> <p>No caso da parcela sinalada graficamente na alegación como número 2, dado a ampliación solicitada incumpriría a distancia máxima de 50m. medidos dende as últimas edificacións tradicionais, segundo o disposto no artigo 13, parágrafo3, liña a. da lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, decidiuse cambiar a clasificación de núcleo rural histórico a núcleo rural de tipo común, en tanto que este cambio non implica modificacións en espazos consolidados de construcións tradicionais, senón que responde ao límite de transición entre o asentamento orixinario e o seu desenvolvemento posterior.</p>
NOTAS	Alegación aceptada parcialmente



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003464
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA SITUADA EN BARDAIO
CONTESTACIÓN	<p>As situacións de fora de ordenación quedan explicadas na normativa do PXOM, facendo referencia á compatibilidade dos usos e edificacións existentes cos permitidos segundo a clase de solo da que se trate.</p> <p>Non entendendo a solicitude da alegación, pois non parece haber razón para que sexa considerada fora de ordenación, procedeuse a revisar a ordenación proposta, que lle confire a clasificación de solo rústico de especial protección das infraestruturas, especial protección das augas e especial protección forestal.</p> <p>Os terreos en cuestión posúen unha forte pendente, que remata no Rego da Chanca. O viario ao que da fronte consiste na estrada de titularidade provincial DP-6805, que foi considerada como sistema xeral viario. O uso actual destes terreos é forestal.</p> <p>Debido á forte pendente considerouse xa de partida que estes terreos non eran aptos para a súa inclusión na delimitación de núcleo rural de Bardaio.</p> <p>A súa proximidade ao Rego da Chanca, implica, segundo o disposto no artigo 32, parágrafo 2, liña d), da lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, correspóndelle a clasificación de solo rústico de especial protección das augas.</p> <p>O seu uso forestal, e a existencia dunha masa arbórea, implica segundo o disposto no artigo 32, parágrafo 2, liña b), da lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, correspóndelle a clasificación de solo rústico de especial protección forestal.</p> <p>A franxa inmediata á estrada provincial está afectada pola distancia límite de edificación, definida na lexislación sectorial na materia, e deberá ser considerado solo rústico de especial protección das infraestruturas segundo o disposto no artigo 32, parágrafo 2, liña c), da lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.</p> <p>Ademais, nas determinacións das Directrices de Ordenación do Territorio faise referencia aos desenvolvementos apoiados sobre vías de carácter xeral no seu punto 3.1.5. "evitaranse os crecementos ao longo das vías de comunicación".</p> <p>Por todo isto considérase axeitada a ordenación proposta, e porén non se acepta a alegación.</p>
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003465
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A063001450000PP, SITUADA EN BARREIRO, CORES
CONTESTACIÓN	<p>Os terreos obxecto da alegación atópanse a unha distancia superior ós 50 metros medidos dende a última edificación tradicional contida na delimitación de núcleo rural. Por este motivo non é posible incorporalo á delimitación de núcleo rural histórico, segundo o disposto no artigo 13, parágrafo 3, liña a), da lei 9/2002 de ordenación do territorio e protección do medio rural de Galicia. Dito punto expónse textualmente a continuación:</p> <p>"3a) Núcleo rural histórico-tradicional, caracterizado como tal en función das súas características morfolóxicas, da tipoloxía tradicional das edificacións, da vinculación coa explotación racional dos recursos naturais ou de circunstancias doutra índole que manifesten a imbricación tradicional do núcleo co medio físico no que se sitúa.</p> <p>A súa delimitación realizarase en atención á proximidade das edificacións, aos lazos de relación e coherencia entre lugares dun mesmo asentamento con topónimo diferenciado e á morfoloxía e ás tipoloxías propias dos devanditos asentamentos e da área xeográfica na que se atopan (casal, lugar, aldea, rueiro ou outro), de modo que o ámbito delimitado presente unha consolidación pola edificación de, polo menos, o 50%, de acordo coa ordenación proposta e trazando unha liña perimetral que encerre as edificacións tradicionais do asentamento seguindo o parcelario e as pegadas físicas existentes (camiños, ríos, regatos, cómaros e outros) e, como máximo, a 50 metros das devanditas edificacións tradicionais. "</p> <p>Sen embargo, infórmase da posibilidade amparada pola "Disposición transitoria cuarta. Réxime de autorizacións e licencias outorgadas en solo rústico e solo de núcleo rural.", que no seu punto 3, alude a excepcións permitidas para as construcións que aínda atopándose en solo rústico, foran executadas con licenza urbanística.</p> <p>Non existe marco legal que ampare a solicitude do alegante, sendo denegada.</p>
NOTAS	Alegación denegada




Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003466
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA SITUADA NO SANTO ANTONIO, XORNES
CONTESTACIÓN	<p>O alegante presenta a solicitude de que a ordenación contida no Plan aprobado inicialmente en 2.012 sexa corrixida, de xeito que unha parcela da súa propiedade que dentro de ordenación.</p> <p>As situacións de fora de ordenación quedan explicadas na normativa do PXOM, facendo referencia á compatibilidade dos usos e edificacións existentes cos permitidos segundo a clase de solo da que se trate.</p> <p>A parcela en cuestión foi clasificada como solo rústico de especial protección agropecuaria, o cal responde ao seu uso actual e ás súas características naturais. Non se coñece a existencia de ningún tipo de edificación nin uso que puidera entrar en conflito cos permitidos nesta clase de solo rústico, polo que non hai motivos que induzan a pensar que debido á ordenación proposta foi a incorrer nunha situación de fóra de ordenación.</p> <p>Por outro lado, confirmouse que no anterior plan, o aprobado en 2.002, esta parcela xa figuraba clasificada como solo rústico.</p> <p>Posto que non se modifica a ordenación con respecto ao documento aprobado inicialmente no que respecta á parcela obxecto de alegación, enténdese que a solicitude non foi aceptada.</p>
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003467
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069B502000560000EI, SITUADA NA PARDIÑAS, TALLO
CONTESTACIÓN	<p>Os terreos aos que fai referencia o alegante atópanse a unha distancia superior aos 50 metros, medidos dende a última edificación tradicional, por este motivo, incumpre as condicións de delimitación de núcleos rurais de tipo histórico fixadas na lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, que a continuación se expón textualmente no relativo a este caso: Artigo 13</p> <p>"3a) Núcleo rural histórico-tradicional, caracterizado como tal en función das súas características morfolóxicas, da tipoloxía tradicional das edificacións, da vinculación coa explotación racional dos recursos naturais ou de circunstancias doutra índole que manifesten a imbricación tradicional do núcleo co medio físico no que se sitúa.</p> <p>A súa delimitación realizarase en atención á proximidade das edificacións, aos lazos de relación e coherencia entre lugares dun mesmo asentamento con topónimo diferenciado e á morfoloxía e ás tipoloxías propias dos devanditos asentamentos e da área xeográfica na que se atopan (casal, lugar, aldea, rueiro ou outro), de modo que o ámbito delimitado presente unha consolidación pola edificación de, polo menos, o 50%, de acordo coa ordenación proposta e trazando unha liña perimetral que encerre as edificacións tradicionais do asentamento seguindo o parcelario e as pegadas físicas existentes (camiños, ríos, regatos, cómaros e outros) e, como máximo, a 50 metros das devanditas edificacións tradicionais. "</p>
NOTAS	Alegación denegada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003468
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A TRES PARCELAS, SITUADAS EN TALLO
CONTESTACIÓN	<p>A parcela obxecto de alegación atópase desligada dos tecidos de núcleo rural, apoiada na estrada de titularidade autonómica AC419, que forma parte da rede primaria complementaria. A administración encargada da supervisión da coherencia entre este tipo de estradas de titularidade autonómica e as propostas de modificación do planeamento, é a Axencia Galega de Infraestruturas, a cal emitiu un informe desfavorable para o caso concreto de novos desenros apoiados na estrada principal. Esta postura, que defende a seguridade da vía, e a súa correcta funcionalidade, vese respaldada polo disposto nas Directrices de Ordenación do Territorio, punto 3.1.5. "evitaranse os crecementos ao longo das vías de comunicación".</p> <p>De todos modos, a parcela en cuestión atópase a unha distancia superior aos douscentos metros das delimitacións de núcleo propostas, e non cumpriría as condicións dispostas no artigo 13, parágrafo 3 da lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural.</p> <p>Non existindo marco legal que ampare a solicitude do alegante, debe ser denegada.</p>
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003469
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UN SOLAR PONDAL, PLANTA BAIXA, UNHA ENTREPLANTA COMERCIAL E UN EDIFICIO NA AVDA. EDUARDO PONDAL
CONTESTACIÓN	<p>As alegantes solicitan modificacións nas ordenanzas SU-2 e SU-3a que afectan a parcelas da súa propiedade, nas que se definiron liñas de fondo da edificación que delimitan o espazo edificable. Ditas ordenanzas non poden ser redactadas en base a circunstancias concretas, senón que deben ter un carácter xeral e único para todos aqueles soares nos que resulten de aplicación.</p> <p>No referente ás parcelas obxecto de alegación, en ambas foron grafados fondos de edificación superiores aos fixados pola ordenanza (normativa do PXOM), co obxecto de recoller as edificacións existentes. No se considera pois que estas liñas de fondo deban ser ampliadas de novo.</p> <p>En relación ás áreas que na alegación se denominan "áreas espazos libres", estas son en realidade áreas libres de edificación, que non fan mais que aclarar onde se debe edificar segundo di a liña de fondo da edificación. Seguen a ser pois áreas de titularidade privada, mais nelas non está permito edificar.</p> <p>No tramo en que solicita unha distribución homoxénea das cesións de viario, advírtese que a sección desta rúa foi deseñada en 12 metros. Corrixirase parcialmente ate equilibrar as cesións dambos marxes.</p> <p>Considérase aínda así que a alegación non foi aceptada.</p>
NOTAS	Alegación denegada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003470
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA EN ANLLONS GRANDE
CONTESTACIÓN	<p>En primeiro lugar debe aclararse que a parcela obxecto de alegación estaba clasificada no anterior Plan de 2.002 como solo rústico apto para urbanizar, e non como solo urbanizable, como se di na alegación.</p> <p>Dita clase de solo, (SRAU) que pertence a un marco legislativo hoxe extinto, equivale na actualidade a solo rústico, por tanto, non urbanizable.</p> <p>A clasificación que se propuxo na fase do PXOM aprobada inicialmente en 2.012 para a propiedade á que fai referencia a alegación é tamén a de solo rústico, axustando a categoría de protección aos valores detectados nos terreos en cuestión, homoxéneos ao seu entorno.</p> <p>Sen embargo, dada a súa situación con respecto ao solo de núcleo rural delimitado como histórico, é posible incorporar parte da parcela en cuestión ao mesmo, en tanto que aporta regularidade e non difire da estrutura orixinal do asentamento.</p> <p>A razón pola que non toda a parcela obxecto de alegación pode ser incorporada a núcleo, debendo manter unha parte clasificada como solo rústico, é que se incumpriría coa distancia máxima de 50 metros medidos dende a derradeira edificación tradicional do asentamento fixada na lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia no seu artigo 13, parágrafo 3, liña a), que a continuación se expón textualmente:</p> <p>"3a) Núcleo rural histórico-tradicional, caracterizado como tal en función das súas características morfolóxicas, da tipoloxía tradicional das edificacións, da vinculación coa explotación racional dos recursos naturais ou de circunstancias doutra índole que manifesten a imbricación tradicional do núcleo co medio físico no que se sitúa.</p> <p>A súa delimitación realizarase en atención á proximidade das edificacións, aos lazos de relación e coherencia entre lugares dun mesmo asentamento con topónimo diferenciado e á morfoloxía e ás tipoloxías propias dos devanditos asentamentos e da área xeográfica na que se atopan (casal, lugar, aldea, rueiro ou outro), de modo que o ámbito delimitado presente unha consolidación pola edificación de, polo menos, o 50%, de acordo coa ordenación proposta e trazando unha liña perimetral que encerre as edificacións tradicionais do asentamento seguindo o parcelario e as pegadas físicas existentes (camiños, ríos, regatos, cómaros e outros) e, como máximo, a 50 metros das devanditas edificacións tradicionais."</p> <p>Considérase que a alegación foi aceptada parcialmente.</p>
NOTAS	Alegación aceptada parcialmente

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003471
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL: 3003501NH0930S0001GA, SITUADA EN CORME PORTO
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación, eliminando a previsión de Sistema Xeral de Espazos Libres, e definindo o cuarteirón en condicións similares ás existentes na súa contorna.
NOTAS	Alegación aceptada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003472
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA SITUADA EN SAN ANTONIO, XORNES
CONTESTACIÓN	<p>As situacións de fora de ordenación quedan explicadas na normativa do PXOM, facendo referencia á compatibilidade dos usos e edificacións existentes cos permitidos segundo a clase de solo da que se trate.</p> <p>Non entendendo a solicitude, procédese a describir e xustificar a ordenación proposta:</p> <p>Parte dos terreos sinalados no plano adxunto á alegación atópanse incluídos na delimitación de núcleo rural histórico de San Antonio. A existencia de edificacións de orixe tradicional motivou esta clasificación, que se axusta ás condicións fixadas pola lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, no seu artigo 13, parágrafo 3, liña a).</p> <p>Os terreos situados máis ao sur comprenden unha vivenda existente, de construción non tradicional, que se atopa a unha distancia superior aos 50 metros medidos dende a derradeira edificación tradicional. Por esta razón non foi posible a súa inclusión no solo de núcleo, xa que dita distancia é fixada no antedito artigo 13 da lei 9/2002 como máxima nas delimitacións de solo de núcleo rural histórico ou tradicional.</p> <p>A continuación, expónse textualmente o contido deste artigo ao que se fai referencia:</p> <p>"3a) Núcleo rural histórico-tradicional, caracterizado como tal en función das súas características morfolóxicas, da tipoloxía tradicional das edificacións, da vinculación coa explotación racional dos recursos naturais ou de circunstancias doutra índole que manifesten a imbricación tradicional do núcleo co medio físico no que se sitúa.</p> <p>A súa delimitación realizarase en atención á proximidade das edificacións, aos lazos de relación e coherencia entre lugares dun mesmo asentamento con topónimo diferenciado e á morfoloxía e ás tipoloxías propias dos devanditos asentamentos e da área xeográfica na que se atopan (casal, lugar, aldea, rueiro ou outro), de modo que o ámbito delimitado presente unha consolidación pola edificación de, polo menos, o 50%, de acordo coa ordenación proposta e trazando unha liña perimetral que encerre as edificacións tradicionais do asentamento seguindo o parcelario e as pegadas físicas existentes (camiños, ríos, regatos, cómaros e outros) e, como máximo, a 50 metros das devanditas edificacións tradicionais."</p> <p>Sen embargo, infórmase da posibilidade amparada pola "Disposición transitoria cuarta. Réxime de autorizacións e licencias outorgadas en solo rústico e solo de núcleo rural.", que no seu punto 3, alude a excepcións permitidas para as construcións que aínda atopándose en solo rústico, foran executadas ao amparo de licenza urbanística.</p> <p>Posto que non se modifica a ordenación proposta, considérase a alegación non aceptada.</p>

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003473
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A501050050000OH, SITUADA EN REBORDÁNS, PAZOS
CONTESTACIÓN	<p>Acéptase a solicitude, incluíndo a parcela obxecto de alegación na delimitación de solo de núcleo rural, entendendo que se seguen a respectar tanto os criterios de ordenación do PXOM como as condicións fixadas ao caso na lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.</p> <p>Advírtese sen embargo que non procede a clasificación do núcleo de tipo común, senón que debe ser núcleo rural de tipo histórico ou tradicional, integrándose na trama existente de Rebordáns.</p>
NOTAS	Alegación aceptada
Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003474
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHAS FINCAS CON REFERENCIAS CATASTRAIS: 0288301NH1808N0001RL E 0087404NH1808N0001ML, SITUADAS NO LUGAR DO ORATORIO, TELLA
CONTESTACIÓN	<p>A alegación fai referencia a dúas parcelas situadas no entorno de Oratorio, as cales foron clasificadas como solo rústico de especial protección agropecuaria, e ademais a situada ao leste (0288301NH1808N0001RL), tamén como solo rústico de especial protección das augas.</p> <p>Ningunha destas parcelas se atopa edificada.</p> <p>Logo de revisar a ordenación proposta, decidiuse modificar a clasificación da parcela oeste (0087404NH1808N0001ML), tras comprobar que se cumpren as condicións legalmente esixidas na lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (artigo 13, parágrafo 3, liña a.), quedando incluída no solo de núcleo rural de tipo histórico.</p> <p>Sen embargo, a parcela leste (0288301NH1808N0001RL), estando afectada polas afeccións derivadas do pequeno curso fluvial que supón o seu marxe norte e leste, non foi considerada apta para o desenvolvemento do asentamento, e debe conservar a súa clasificación de solo rústico.</p> <p>Considérase así pois que a alegación foi aceptada parcialmente.</p>
NOTAS	Alegación aceptada parcialmente



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003475
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL 15069A022001000000PF, SITUADA EN PAZOS DE ABAIXO
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación, ampliando lixeiramente o límite de solo de núcleo rural, a fin de que resulte incorporada a parcela obxecto de alegación. Comprobouse que se cumpren as condicións legalmente esixidas para a delimitación de núcleos rurais na lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural, así como que se respectan os criterios de ordenación expostos na memoria do PXOM aprobado inicialmente.
NOTAS	Alegación aceptada.

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003476
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 4698407NH1849N0000QT, SITUADA EN PAZOS DE ABAIXO
CONTESTACIÓN	<p>A parcela obxecto de alegación atópase parcialmente incluída en solo de núcleo rural histórico tradicional. A delimitación desta clase de solo ven acoutada pola lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, establecendo como distancia máxima 50 metros, medidos dende as últimas construcións de orixe tradicional. A solicitude de ampliación que defende o alegante incumpriría esta regra.</p> <p>Doutra banda, non tería amparo legal a delimitación de solo de núcleo rural común para a parcela, non existindo en contacto trama algunha con estas características.</p> <p>Exponse a continuación o parágrafo do artigo 13 da citada lei, que fai referencia ás condicións esixidas nas delimitacións de núcleo rural:</p> <p>"3.A delimitación dos núcleos rurais que o plan xeral estableza virá referida a algún ou algúns dos seguintes tipos básicos:</p> <p>a) Núcleo rural histórico-tradicional, caracterizado como tal en función das súas características morfolóxicas, da tipoloxía tradicional das edificacións, da vinculación coa explotación racional dos recursos naturais ou de circunstancias doutra índole que manifesten a imbricación tradicional do núcleo co medio físico no que se sitúa.</p> <p>A súa delimitación realizarase en atención á proximidade das edificacións, aos lazos de relación e coherencia entre lugares dun mesmo asentamento con topónimo diferenciado e á morfoloxía e ás tipoloxías propias dos devanditos asentamentos e da área xeográfica na que se atopan (casal, lugar, aldea, rueiro ou outro), de modo que o ámbito delimitado presente unha consolidación pola edificación de, polo menos, o 50%, de acordo coa ordenación proposta e trazando unha liña perimetral que encerre as edificacións tradicionais do asentamento seguindo o parcelario e as pegadas físicas existentes (camiños, ríos, regatos, cómaros e outros) e, como máximo, a 50 metros das devanditas edificacións tradicionais.</p> <p>B) Núcleo rural común, incluíranse neste tipo aqueles asentamentos de poboación recoñecibles como solo de núcleo rural pero que non presentan as características necesarias para a súa inclusión no tipo básico anterior. A súa delimitación deberá de facerse en función das previsións de crecemento que o plan xeral estableza para o núcleo e tendo en conta que o ámbito delimitado deberá presentar un grao de consolidación pola edificación, de acordo coa ordenación urbanística que para el se prevexa no plan, igual ou superior a un terzo da súa superficie.</p> <p>C) Núcleo rural complexo, incluíranse neste tipo aqueles asentamentos de poboación caracterizados por ser resultado da concorrencia e compatibilidade no seo dun mesmo asentamento rural dos dous tipos básicos precedentes; nese caso será obrigatorio diferenciar o correspondente ao tipo a) mediante a súa</p>



NOTAS Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA **20120000003477**

CONTIDO DA ALEGACIÓN PRESENTA ALEGACIÓN AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 4597201NH1849N0001SY, SITUADA EN PAZOS DE ABAIXO

CONTESTACIÓN Acéptase a alegación, incluíndo a parcela na delimitación de solo de núcleo rural histórico, entendendo que se seguen a respectar tanto os criterios de ordenación do PXOM como as condicións fixadas ao caso na lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Advírtese sen embargo que non procede a clasificación do núcleo de tipo común, senón como núcleo rural de tipo tradicional ou histórico, de acordo ao seu contexto inmediato.

NOTAS Alegación aceptada


Nº REXISTRO DE ENTRADA **20120000003478**

CONTIDO DA ALEGACIÓN PRESENTA ALEGACIÓN AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A048000880000PS, SITUADA EN PAZOS

CONTESTACIÓN Acéptase a alegación, incluíndo parte da parcela na delimitación de solo de núcleo rural histórico, entendendo que se seguen a respectar tanto os criterios de ordenación do PXOM como as condicións fixadas ao caso na lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Advírtese sen embargo que non procede a clasificación do núcleo de tipo común, senón como núcleo rural de tipo tradicional ou histórico, de acordo ao seu contexto inmediato.

NOTAS Alegación aceptada



Nº REXISTRO DE ENTRADA **20120000003479**

CONTIDO DA ALEGACIÓN PPRESENTA ALEGACIÓN AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 4801912NH1904S0001LP, SITUADA EN PAZOS

CONTESTACIÓN A parcela obxecto de alegación atópase no PXOM aprobado inicialmente en 2.012 en parte como solo de núcleo rural, e en parte como solo rústico, do mesmo xeito a como o estaba no Plan aprobado en 2.002.

Os parámetros da ordenanza SNRC foron corrixiados con respecto a aos do documento aprobado inicialmente con respecto, entre outros á esixencia de parcela mínima edificable, edificabilidade e ocupación máximas, así como no punto relativo a recuamentos:
-A parcela mínima será aplicable só a efectos de novas parcelacións, razón pola cal se entende que poderán ser edificables parcelas menores en caso de que existisen como tal con anterioridade á aprobación do PXOM, sendo este o caso da parcela en cuestión.
-Fixáronse uns parámetros mínimos de superficie edificable e de ocupación en planta, de xeito que parcelas que non cumpran coa parcela mínima a efectos de parcelacións poidan acadar eses límites, a pesares de que non chegase a eles por medio da aplicación dos correspondentes índices sobre a súa superficie.
-Axustáronse así mesmo os recuamentos mínimos, quedando todos eles reducidos a 3m.

Do exposto anteriormente conclúese que a alegación foi aceptada parcialmente.

NOTAS Alegación parcialmente aceptada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003480
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 4801905NH1904S0001YP, SITUADA EN PAZOS
CONTESTACIÓN	<p>A parcela obxecto de alegación atópase no PXOM aprobado inicialmente en 2.012 en parte como solo de núcleo rural, e en parte como solo rústico, do mesmo xeito a como o estaba no Plan aprobado en 2.002.</p> <p>Os parámetros da ordenanza SNRC foron corrixidos con respecto a aos do documento aprobado inicialmente con respecto, entre outros á esixencia de parcela mínima edificable, edificabilidade e ocupación máximas, así como no punto relativo a recuamentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -A parcela mínima será aplicable só a efectos de novas parcelacións, razón pola cal se entende que poderán ser edificables parcelas menores en caso de que existisen como tal con anterioridade á aprobación do PXOM, sendo este o caso da parcela en cuestión. -Fixáronse uns parámetros mínimos de superficie edificable e de ocupación en planta, de xeito que parcelas que non cumpran coa parcela mínima a efectos de parcelacións poidan acadar eses límites, a pesares de que non chegase a eles por medio da aplicación dos correspondentes índices sobre a súa superficie. -Axustáronse así mesmo os recuamentos mínimos, quedando todos eles reducidos a 3m. <p>Do exposto anteriormente conclúese que a alegación foi aceptada parcialmente.</p>
NOTAS	Alegación aceptada parcialmente.

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003481
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A5010048600000F, SITUADA EN PAZOS DE ARRIBA
CONTESTACIÓN	<p>A parcela obxecto de alegación atópase en solo rústico de especial protección agropecuaria, a unha distancia de alo menos 60 metros con respecto á liña delimitadora de solo de núcleo rural de tipo común máis próximo.</p> <p>Conforme ós criterios de delimitación de solo de núcleo rural, que se expoñen na Memoria Xustificativa, e conforme ás últimas modificacións introducidas na Lei 9/2002, os núcleos rurais deben acadar un grao de consolidación mínimo para ser clasificados como tales. A este respecto, no caso dos Solos de Núcleo Rural de tipo Común, o grao de consolidación será como mínimo do 33%.</p> <p>O aumento sistemático da superficie dun núcleo rural conleva a unha redución do grao de consolidación.</p> <p>É por isto que nesta caso particular non se pode aumentar a superficie do núcleo rural, xa que non se acadaría o grao de consolidación mínimo esixido pola Lei 9/2002.</p> <p>Por todo isto, non é posible aceptar a solicitude.</p>
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003482
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL 4397307NH1849N0001JY, SITUADA EN PAZOS DE ABAIXO
CONTESTACIÓN	<p>Acéptase a alegación, regularizando a liña delimitadora de solo de núcleo rural común, en relación ao fondo de parcela recollido no seu contexto máis inmediato.</p> <p>Non se adopta sen embargo literalmente a solución proposta, considerando que non se corresponde coa morfoloxía parcelaria existente no núcleo rural.</p>
NOTAS	Alegación aceptada parcialmente



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003483
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓN AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A50100104000000, SITUADA NA LANDEIRA, SITUADA EN PAXOS
CONTESTACIÓN	<p>A parcela á que se fai referencia na alegación atópase totalmente desvinculada dos tecidos de núcleo rural. Na propia solicitude dise que dista uns 250 metros do solo de núcleo rural histórico máis próximo.</p> <p>Considérase que non se cumpren as condicións esixidas pola lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia para a delimitación de núcleos rurais, contidas no seu artigo 13, e que a continuación se inclúen textualmente:</p> <p>Artigo 13º.-Solo de núcleo rural.</p> <p>1.Constitúen o solo de núcleo rural as áreas do territorio que serven de soporte a un asentamento tradicional de poboación singularizado, identificable e diferenciado administrativamente nos censos e padróns oficiais, que o plan xeral defina e delimite como tales tendo en conta, polo menos, a súa inclusión como tal ou na da súa área de influencia en plans anteriores, o número de edificacións, a densidade de vivendas, o seu grao de consolidación pola edificación e, de ser o caso, a tipoloxía histórico-tradicional da súa armazón e das edificacións existentes nel.</p> <p>2.Os plans xerais, en congruencia co modelo de asentamento poboacional que incorporen no estudo do medio rural, delimitarán o ámbito dos núcleos rurais do seu termo municipal en atención aos parámetros anteriores; significadamente, os antecedentes existentes de delimitacións anteriores, as súas peculiaridades urbanísticas e morfolóxicas e a súa capacidade de acollida da demanda previsible do uso residencial no medio rural. A definición do seu perímetro realizarase en función das condicións topográficas e da estrutura da propiedade e do seu nivel de integración nas dotacións e servizos existentes nel nos termos previstos nos artigos 24º e 172º.1 desta lei, e axustaranse ás infraestruturas e pegadas físicas dos elementos naturais existentes, sendo necesario, se é o caso, prever a total urbanización e suficiencia das redes de dotacións, comunicacións e servizos.</p> <p>3.A delimitación dos núcleos rurais que o plan xeral estableza virá referida a algún ou algúns dos seguintes tipos básicos:</p> <p>a) Núcleo rural histórico-tradicional, caracterizado como tal en función das súas características morfolóxicas, da tipoloxía tradicional das edificacións, da vinculación coa explotación racional dos recursos naturais ou de circunstancias doutra índole que manifesten a imbricación tradicional do núcleo co medio físico no que se sitúa.</p> <p>A súa delimitación realizarase en atención á proximidade das edificacións, aos lazos de relación e coherencia entre lugares dun mesmo asentamento con topónimo diferenciado e á morfoloxía e ás tipoloxías propias dos devanditos asentamentos e da área xeográfica na que se atopan (casal, lugar, aldea, rueiro ou outro), de modo que o ámbito delimitado presente unha consolidación pola edificación de, polo menos, o 50%, de acordo coa ordenación</p>

proposta e trazando unha liña perimetral que encerre as edificacións tradicionais do asentamento seguindo o parcelario e as pegadas físicas existentes (camiños, ríos, regatos, cómaros e outros) e, como máximo, a 50 metros das devanditas edificacións tradicionais.

B) Núcleo rural común, incluíranse neste tipo aqueles asentamentos de poboación recoñecibles como solo de núcleo rural pero que non presentan as características necesarias para a súa inclusión no tipo básico anterior. A súa delimitación deberá de facerse en función das previsións de crecemento que o plan xeral estableza para o núcleo e tendo en conta que o ámbito delimitado deberá presentar un grao de consolidación pola edificación, de acordo coa ordenación urbanística que para el se prevexa no plan, igual ou superior a un terzo da súa superficie.

C) Núcleo rural complexo, incluíranse neste tipo aqueles asentamentos de poboación caracterizados por ser resultado da concorrencia e compatibilidade no seo dun mesmo asentamento rural dos dous tipos básicos precedentes; nese caso será obrigatorio diferenciar o correspondente ao tipo a) mediante a súa correspondente delimitación efectuada segundo as previsións contidas na alínea 3.a) deste artigo.

Non existe, porén, marco legal que ampare a solicitude, non podendo ser aceptada.

NOTAS Alegación denegada.

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003484
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓN AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA SITUADA NA TRABE, TELLA
CONTESTACIÓN	<p>Acéptase a solicitude.</p> <p>A parcela obxecto de alegación será reconsiderada como solo urbano consolidado, excluíndoa do ámbito remitido a PERI que se definía sobre ela no documento de Plan aprobado inicialmente en 2,012.</p>
NOTAS	Alegación aceptada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003485
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 8982812NH0888S0001XQ, SITUADA EN TELLA
CONTESTACIÓN	A parcela con referencia catastral 8982812NH0888S0001XQ, obxecto da alegación, non se atopa incluída a APR-3.10, como indica o alegante. Foi considerada solo urbano consolidado baixo a ordenanza SU-3a, cunha altura máxima de catro plantas (B+3), e un fondo e contorno da edificación que é o grafado nos planos de ordenación. O obxectivo de dita parcela é o de cubrir a medianeira existente no seu marxe suroeste cunha edificación de características similares á anexa. Considérase que houbo un malentendido, xa que a solicitude do alegante correspóndese coa ordenación proposta.
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003487
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN AUN INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL: 8479502NH0887N0001PX, SITUADA NA AVDA. EDUARDO PONDAL
CONTESTACIÓN	A parcela en cuestión contén unha edificación en planta baixa, entre a braña das Bouzas e a Avenida de Pondal, ao marxe do Río de Ponteceso, que drena a Braña desaugando ao Río Anllóns. Este terreo, é un recheo que foi levado a cabo sobre unha área natureza aluvial, composto por depósitos detríticos da idade cuaternaria, segundo a información oficial dispoñible, e que foi plasmada no plano Litolóxico da colección de Información do Medio. Esta natureza húmida do solo está relacionada coa desembocadura das Brañas formadas polos Río das Bouzas e o Río de Ponteceso, ao esteiro do Río Anllóns; Brañas que foron sinaladas como ampliación da Rede Natura 2000, como Zona de especial Valor da Natureza e Zona de Especial Protección das Aves, dentro do Lugar de Interese Comunitario ES1110005. Este recoñecemento da súa febleza, e tamén do seu valor ecolóxico e medioambiental, foi respaldado pola súa consideración como Corredor Ecolóxico no Plan de Ordenación do Litoral. Se ben é certo que a parcela en cuestión foi, e segue a estar clasificada como solo urbano consolidado, dende o PXOM enténdese que a edificabilidade proposta polo PXOM de 2.002 é excesiva, e non é coherente coa capacidade de acollida do terreo, nin respectuosa coas múltiples proteccións naturais do seu entorno. O acceso dende a Avenida de Pondal é asemade claramente deficiente, consistindo nun paso de aproximadamente 4 metros, confinado entre o Río antes mencionado e as edificacións existentes. Logo da análise da situación conxunta da situación na Avenida de Eduardo Pondal, e en xeral, nos marxes urbanos das citadas Brañas, decidíronse dende o PXOM unha serie de actuacións encamiñadas á rexeneración de dito marxe. En coherencia, estableceuse para a parcela obxecto de alegación, unha ordenanza cuxo obxectivo é unicamente recoller a edificación existente. Estas decisións foron tomadas pensando no conxunto urbano, na seguridade individual e colectiva, fundadas no coñecemento das características físicas, da realidade construída e das posibilidades de desenvolvemento, consolidación e mellora da trama urbana e do seu entorno. Por todo isto non é posible aceptar a alegación.
NOTAS	Alegación denegada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003491
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UN INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A100002180000LT, SITUADA NO LUGAR DE BARREIRO, CORME PORTO
CONTESTACIÓN	<p>A alegante fai referencia a unha parcela da súa propiedade situada en O barreiro, que no planeamento de 2.002 tiña a consideración de solo urbano, e no PXOM aprobado inicialmente en 2.012 foi clasificado como solo de núcleo rural común.</p> <p>En primeiro lugar, afirma que a parcela en cuestión conta con acceso rodado, abastecemento de auga e eléctrico, e rede de saneamento. Este último servizo non consta na información facilitada pola compañía concesionaria e a administración municipal. Independentemente disto, o estudo da trama en cuestión conclúe na existencia de características e tipoloxías máis propias dos asentamentos de núcleo rural de tipo común que da trama urbana de Corme Porto. A este respecto, o que no anterior planeamento se identificaba como "barrio" urbano de Corme Porto, e que constitúe a conexión da trama urbana apoiada en tecidos de orixe tradicional como A Atalaia, foi considerada solo de núcleo rural.</p> <p>Como tecido urbano presentaríanse deficiencias que deberan ser corrixiadas mediante plans especiais de difícil consenso, dada a elevada colmatación do entorno, mentres que baixo a clasificación de solo de núcleo rural pódese artellar un desenrolo equilibrado e coherente á tipoloxía existente.</p> <p>En segundo termo, expón a problemática que supón o cambio de ordenanza con respecto ao planeamento vixente, aumentando parámetros de esixencia (parcela mínima, ocupación máxima) e diminuíndo a edificabilidade máxima.</p> <p>Para corrixir dito conflito, propón a adopción da parcela mínima de 300m², acudindo aos mínimos legalmente esixidos na lei 9/2002. Infórmase, de que dito parámetro foi modificado, indicando que será aplicable só a efectos de novas parcelacións, recoñecendo como edificables as parcelas preexistentes á aprobación do PXOM, sempre que superen os 300m² legalmente esixidos pola lei 9/2002. Nesta ordenanza tamén foron matizados os puntos de edificabilidade e ocupación máximas, establecendo uns parámetros de mínimos que poderán ser alcanzados en parcelas que sendo inferiores á mínima esixida a efectos de parcelacións, lles correspondería unha ocupación e edificabilidades menores.</p> <p>Do anteriormente exposto, conclúese que pese a non poder aceptar literalmente a solicitude da alegación, os obxectivos expostos na mesma si poden ser acadados grazas aos cambios introducidos na ordenanza SNRC, polo que se considera que a solicitude foi aceptada parcialmente.</p>
NOTAS	Alegación aceptada parcialmente

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003492
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UN INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A100024910000LR, SITUADA NO LUGAR DO BARREIRO, CORME PORTO
CONTESTACIÓN	<p>O alegante fai referencia a unha parcela da súa propiedade situada en O barreiro, que no planeamento de 2.002 tiña a consideración de solo urbano, e no PXOM aprobado inicialmente en 2.012 foi clasificado como solo de núcleo rural común.</p> <p>En primeiro lugar, afirma que a parcela en cuestión conta con acceso rodado, abastecemento de auga e eléctrico, e rede de saneamento. Este último servizo non consta na información facilitada pola compañía concesionaria e a administración municipal. Independentemente disto, o estudo da trama en cuestión conclúe na existencia de características e tipoloxías máis propias dos asentamentos de núcleo rural de tipo común que da trama urbana de Corme Porto. A este respecto, o que no anterior planeamento se identificaba como "barrio" urbano de Corme Porto, e que constitúe a conexión da trama urbana apoiada en tecidos de orixe tradicional como A Atalaia, foi considerada solo de núcleo rural.</p> <p>Como tecido urbano presentaríanse deficiencias que deberan ser corrixiadas mediante plans especiais de difícil consenso, dada a elevada colmatación do entorno, mentres que baixo a clasificación de solo de núcleo rural pódese artellar un desenrolo equilibrado e coherente á tipoloxía existente.</p> <p>En segundo termo, expón a problemática que supón o cambio de ordenanza con respecto ao planeamento vixente, aumentando parámetros de esixencia (parcela mínima, ocupación máxima) e diminuíndo a edificabilidade.</p> <p>Para corrixir dito conflito, propón a adopción da parcela mínima de 300m², acudindo aos mínimos legalmente esixidos na lei 9/2002. Infórmase, de que dito parámetro foi modificado, indicando que será aplicable só a efectos de novas parcelacións, recoñecendo como edificables as parcelas preexistentes á aprobación do PXOM, sempre que superen os 300m² legalmente esixidos pola lei 9/2002. Nesta ordenanza tamén foron matizados os puntos de edificabilidade e ocupación máximas, establecendo uns parámetros de mínimos que poderán ser alcanzados en parcelas que sendo inferiores á mínima esixida a efectos de parcelacións, lles correspondería unha ocupación e edificabilidades menores.</p> <p>Estas modificacións introducidas na ordenanza fan que non sexa preciso aumentar a superficie de parcela clasificada como solo de núcleo rural, o cal se considera pouco apropiado dadas as características en pendente da parcela, e a súa repercusión paisaxística como fondo da área urbana. Considérase que non se debe contribuír a un desorde maior do tecido existente ampliando o fondo de parcela, que por outro lado, recolle o mesmo límite que no planeamento de 2.002 dividía a parcela en cuestión en solo rústico e solo urbano.</p> <p>Do anteriormente exposto, conclúese que pese a non poder aceptar literalmente a solicitude da alegación, os obxectivos expostos na</p>



Así como si poden ser acadados grazas aos cambios introducidos na ordenanza SNRC, polo que se considera que a solicitude foi aceptada parcialmente.

NOTAS Alegación parcialmente aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA **20120000003493**

CONTIDO DA ALEGACIÓN PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UN INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL: 8677263NH0887N0001FX, SITUADA EN ANLLONS

CONTESTACIÓN Acéptase a solicitude.
A parcela obxecto de alegación será reconsiderada como solo urbano consolidado, excluíndoa do ámbito remitido a PERI que se definía sobre ela no documento de Plan aprobado inicialmente en 2,012.

NOTAS Alegación aceptada


Nº REXISTRO DE ENTRADA **20120000003494**

CONTIDO DA ALEGACIÓN PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UN INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL: 3706801NH0930N0001OE, SITUADA NO OSMO, CORME PORTO

CONTESTACIÓN O alegante fai referencia a unha parcela non edificada, pertencente ao solo urbano de Corme. Dita parcela tiña a clasificación de solo urbano no Plan de 2.002, e foi clasificada como solo urbano de ordenanza SU-4 no PXOM aprobado inicialmente en 2.012. Posúe fronte sobre a estrada de titularidade autonómica que desemboca no solo urbano de Corme, e sobre un viario de titularidade municipal. O entorno desta parcela é de tipoloxía de vivenda unifamiliar illada predominantemente. O alegante advirte do conflito que xurde neste ámbito debido ao cambio na ordenanza, pois a nova asignada é moito máis restritiva en termos de superficie edificable. Os parámetros da ordenanza aplicada responden á tipoloxía de vivendas existentes no entorno da parcela, considerando porén que non deben aumentar o seu marxe de edificabilidade ou ocupación.

Así pois, non é posible aceptar a solicitude do alegante.

NOTAS Alegación denegada



Nº REXISTRO DE ENTRADA **20120000003495**

CONTIDO DA ALEGACIÓN PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UN INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL: 3706826NH0930N0001LE, SITUADO NO OSMO, CORME PORTO

CONTESTACIÓN O alegante fai referencia a unha parcela non edificada, pertencente ao solo urbano de Corme. Dita parcela tiña a clasificación de solo urbano no Plan de 2.002, e foi clasificada como solo urbano de ordenanza SU-4 no PXOM aprobado inicialmente en 2.012. Atópase sen embargo, afectada en boa medida pola servidume de protección de costas, pois sitúase a menos de 20m de distancia medidos dende a liña de ribeira do mar, a cal ven fixada pola Demarcación de Costas, e non é competencia do PXOM de Pontevedra. Advírtese que dentro desta distancia estarase ao disposto ao respecto na lei de costas, non estando permitido o uso de vivenda ou habitación. O alegante expón o conflito que xurde neste ámbito debido ao cambio na ordenanza, pois a nova asignada é moito máis restritiva en termos de superficie edificable. Os parámetros da ordenanza aplicada responden á tipoloxía de vivendas existentes no entorno da parcela, considerando porén que non deben aumentar o seu marxe de edificabilidade ou ocupación.

Así pois, non é posible aceptar a solicitude do alegante.

NOTAS Alegación denegada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003496
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UN INMOBLE CON REFERENCIA CATASTAL: 3406304NH0930N0001JE, SITUADA EN CORME PORTO
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNS INMOBLES CON RERENCIAS SCATASTRAIS: 8677202NH0887N0001KX E 8677202NH0887N0000JZ, NA AVDA. EDUARDO
CONTESTACIÓN	<p>Acéptase a alegación, recollendo a parcela como solo urbano consolidado, baixo a ordenanza de vivenda agrupada entre medianeiras, coa altura máxima de catro plantas (B+3). Advírtese sen embargo que o réxime da metade sur da parcela en cuestión é o correspondente ao de solo rústico según o Plan aprobado en 2.002, que a clasificaba como solo rústico apto para urbanizar.</p> <p>Con respecto a ese Plan de 2.002, os cambios normativos e as proteccións de espazos naturais que se foron sucedendo dende o mesmo, fixeron inviable o desenrolo de solo urbanizable que chegaba cunha nova rúa ao fronte sur da parcela en cuestión, e mesmo a súa simple clasificación como tal, pois correspóndelle maioritariamente, segundo a lei 9/2002 a especial protección de espazos naturais e de costas.</p> <p>Dende o PXOM decidiuse incorporar esta metade sur como solo urbano consolidado, entendendo que forma parte do espazo libre privado asociado á edificación con fronte á Avenida de Eduardo Pondal.</p> <p>A consideración da parcela obxecto de alegación como solo urbano non a exime sen embargo do cumprimento según o T.R. da Ley de Aguas, da servidume de tránsito en paralelo ao canle, de uso público e cunha distancia mínima de cinco metros.</p>
NOTAS	Alegación aceptada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003551
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA VIVENDA UNIFAMILIAR SITUADA EN CORME PORTO
CONTESTACIÓN	<p>A solicitude do alegante fai referencia ás parcelas limítrofes coa súa propiedade, solicitando o cambio de tipoloxía proposta (vivenda agrupada entre medianeiras) a vivenda unifamiliar.</p> <p>Argumenta na defensa dos seus intereses que a tipoloxía orixinaria na zona é a de vivenda unifamiliar, mais o Plan Xeral ademais de ter en conta estas orixes debe atender á realidade construída do momento en que se redacta.</p> <p>Esta realidade é a de solo urbano, con tipoloxías de vivenda plurifamiliar e familiar, mais sempre agrupadas con fronte a viario e construción entre medianeiras.</p> <p>A parcela propiedade do alegante é a única que contén unha vivenda unifamiliar de tipoloxía exenta, e non só non está aliñada a viario, senón que a xeometría da parcela fai que poda definirse como vivenda en segunda liña.</p> <p>As outras vivendas unifamiliares ás que fai referencia a alegación, forman parte do solo de núcleo rural de tipo común, lindante co solo urbano en cuestión, pero con desenrolo cara ó norte. Trátase esta dunha trama totalmente diferente á urbana sobre a que o alegante apoia as súas solicitudes.</p> <p>Así pois, non se acepta a alegación, entendendo que o remate do solo urbano debe atender ao contexto inmediato no que se atopa.</p>
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003552
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UN SOLAR SITUADO EN CORME PORTO
CONTESTACIÓN	<p>A alegación fai referencia a una parcela que no PXOM aprobado inicialmente en 2.012 foi incluída na APR-D1.4. de solo urbano non consolidado, remitida á redacción dun PERI, no que se estudara a consolidación do fronte marítimo, en cumprimento do disposto na Lei de Costas, en tanto que se ve afectado pola Servidume de protección definida nesa lei.</p> <p>En primeiro lugar, solicítase a exclusión de dita área de planeamento remitido, o cal resulta imposible, pois a parcela en cuestión forma parte dun todo susceptible de reforma, e ao que se debe dar un tratamento homoxéneo. Advírtese sen embargo, que pese á obriga de redactar un PERI en conxunto, a lei do solo contempla a posibilidade de que a execución poida levarse a cabo en fases, ou polígonos diferentes.</p> <p>O resto de observacións emitidas ao respecto das directrices de ordenación fixadas para o ámbito en cuestión, non corresponden cos criterios de ordenación do PXOM, e a súa modificación frustraría os obxectivos de reformulación do solo urbano non consolidado.</p> <p>En canto á reserva de vivenda sometida a algún réxime de protección pública, acéptase a alegación, e elimínase esta esixencia para a área de reparto en cuestión.</p>
NOTAS	Alegación aceptada parcialmente

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003553
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A069003720000PJ, SITUADA EN NEMEÑO
CONTESTACIÓN	Cóidase que debeu haber algún malentendido, pois a parcela obxecto de alegación xa se atopa incluída totalmente como solo de núcleo rural, tal e como solicita o alegante.
NOTAS	Alegación aceptada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003554
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL 15069A088001520000PO, SITUADA EN NEMEÑO
CONTESTACIÓN	<p>A solicitude foi aceptada.</p> <p>A alegante solicita que unha parcela, xa edificada, sexa recollida como solo de núcleo rural, modificando a ordenación proposta no PXOM aprobado inicialmente en 2.012, que a clasifica como solo rústico de especial protección agropecuaria.</p> <p>Cómpre apuntar que a alegación contén certas imprecisións ou erros de partida, en tanto que asegura que dita parcela goza da clasificación de solo urbano consolidado no plan aprobado en 2.002, sendo isto incorrecto, pois realmente trátase de solo rústico nese planeamento.</p> <p>Así mesmo, advírtese que o planeamento non é competente á hora de facer xustiza, senón que debe garantir o cumprimento da lei, en base ao cal se establecen pautas de desenrolo territorial. Neste sentido, orientarase o crecemento dos núcleos atendendo á coherencia territorial e equilibrio do medio no que se inxiren, e non ao favorecemento duns veciños en contra dos outros.</p> <p>A proposta de ordenación que inclúe a alegante non responde ás condicións legalmente establecidas na lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia para a delimitación de núcleos rurais (artigo 13, parágrafo 3), polo que resulta inaceptable.</p> <p>A pesares do antedito, a ordenación proposta no PXOM aprobado inicialmente en 2.012 foi corrixida en atención á existencia de vivendas de orixe tradicional, recolléndoas como solo de núcleo rural de tipo histórico. Nesta nova delimitación de solo de núcleo rural queda incluída a parcela obxecto de alegación, polo que se entende que a solicitude foi, en realidade aceptada.</p>
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003555
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA VIVENDA UNIFAMILIAR CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A070000070001AJ, SITUADA NA CAMPARA
CONTESTACIÓN	<p>Conforme ós criterios de delimitación de solo de núcleo rural, que se expoñen na Memoria Xustificativa, o núcleo rural esténdese seguindo o tramado viario que serve de soporte e acceso ás futuras edificacións. É por isto que non se encontra sentido á ampliación das delimitacións outorgando máis fondo de parcela, xa que non se apoia en viario algún e non reverte ningún beneficio para o titular. Por este motivo, as parcelas con un fondo excesivo, medido sempre perpendicular ao viario ó que da fronte, poden ser cortadas pola liña delimitadora do núcleo.</p> <p>Infórmase de que a clasificación de solo rústico aplicado á parcela é de especial protección forestal, e non especial protección agropecuaria, como se di na alegación.</p> <p>Non é posible aceptar a solicitude.</p>
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003556
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNA PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL.: 15069A174001300000LX
CONTESTACIÓN	<p>Acéptase a alegación, incluíndo parte da parcela na delimitación de solo de núcleo rural histórico, na medida en que o permiten as condicións fixadas ao caso pola lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, no seu artigo 13, parágrafo 3, liña a). Dita inclusión admítase debido á existencia dun viario alternativo á estrada de titularidade autonómica, e ao apoio nas edificacións tradicionais, mantendo os criterios de ordenación do PXOM.</p> <p>Non é posible sen embargo clasificar a totalidade da parcela como solo de núcleo rural histórico, pois excederíase a distancia máxima de 50 metros medidos dende as últimas edificacións tradicionais.</p> <p>Considérase aceptada parcialmente a solicitude</p>
NOTAS	Alegación aceptada parcialmente



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003557
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA EIRA SITUADA EN ANLLÓNS GRANDE
CONTESTACIÓN	Boa parte do núcleo de Anllóns foi incluído no catálogo de patrimonio, como conxunto de alto valor etnográfico e arquitectónico con valiosos exemplos de arquitectura popular, incluído o elemento ao que fai referencia o alegante. Considérase aceptada a alegación.
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003558
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN Á INCOMPLETA CATALOGACIÓN SOBRE OS MUIÑOS DO CONCELLO
CONTESTACIÓN	Nos traballos previos á elaboración do PXOM levouse a cabo unha toma de datos in situ, na que se identificaron aqueles elementos que polas súas características arquitectónicas ou etnográficas destacan sobre os demais, co obxecto de asignarlles un grado de protección. Non quere isto dicir que se estudasen todos os elementos do Concello, pois ben é certo que o PXOM non ten capacidade para levar a cabo un estudo minucioso de investigación. Por esta razón, o Catálogo de Patrimonio contido no Plan ten carácter aberto, a fin de que poida ser completado sen necesidade de tramitar unha Modificación do PXOM. Así pois, non se puido satisfacer a solicitude do alegante, pois os elementos aos que alude non foron atopados no traballo de campo realizado durante a redacción do PXOM.
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003559
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA SITUADA EN ANLLÓNS GRANDE
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación, incluíndo parte da parcela na delimitación de solo de núcleo rural histórico, na medida en que o permiten as condicións fixadas ao caso pola lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, no seu artigo 13, parágrafo 3, liña a).
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003560
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UN INMOBLE DEDE DA EMPRESA SITUADA NAS CANAVEIRAS
CONTESTACIÓN	Os terreos obxecto da alegación non cumpren as condicións fixadas pola lei 9/2002 para a delimitación de núcleos rurais. A continuación expónse o contido que fala destas condicións do artigo 13, parágrafo 3: "3.A delimitación dos núcleos rurais que o plan xeral estableza virá referida a algún ou algúns dos seguintes tipos básicos: a) Núcleo rural histórico-tradicional, caracterizado como tal en función das súas características morfolóxicas, da tipoloxía tradicional das edificacións, da vinculación coa explotación racional dos recursos naturais ou de circunstancias doutra índole que manifesten a imbricación tradicional do núcleo co medio físico no que se sitúa. A súa delimitación realizarase en atención á proximidade das edificacións, aos lazos de relación e coherencia entre lugares dun mesmo asentamento con topónimo diferenciado e á morfoloxía e ás tipoloxías propias dos devanditos asentamentos e da área xeográfica na que se atopan (casal, lugar, aldea, rueiro ou outro), de modo que o ámbito delimitado presente unha consolidación pola edificación de, polo menos, o 50%, de acordo coa ordenación proposta e trazando unha liña perimetral que encerre as edificacións tradicionais do asentamento seguindo o parcelario e as pegadas físicas existentes (camiños, ríos, regatos, cómaros e outros) e, como máximo, a 50 metros das devanditas edificacións tradicionais. B) Núcleo rural común, incluíranse neste tipo aqueles asentamentos de poboación recoñecibles como solo de núcleo rural pero que non presentan as características necesarias para a súa inclusión no tipo básico anterior. A súa delimitación deberá de facerse en función das previsións de crecemento que o plan xeral estableza para o núcleo e tendo en conta que o ámbito delimitado deberá presentar un grao de consolidación pola edificación, de acordo coa ordenación urbanística que para el se prevexa no plan, igual ou superior a un terzo da súa superficie. C) Núcleo rural complexo, incluíranse neste tipo aqueles asentamentos de poboación caracterizados por ser resultado da concorrencia e compatibilidade no seo dun mesmo asentamento rural dos dous tipos básicos precedentes; nese caso será obrigatorio diferenciar o correspondente ao tipo a) mediante a súa correspondente delimitación efectuada segundo as previsións contidas na alínea 3.a) deste artigo. " A proposta de solo urbanizable de tipo industrial non se considera axeitada, seguindo os criterios de ordenación do PXOM. Os desenrols de actividade segundo as necesidades detectadas deberán ubicarse en continuidade ao solo empresarial existente, no polígono de A Mezquita. Isto permite aforrar recursos e compartir servizos, algo moi importante, por exemplo, en relación á funcionalidade e seguridade da vía de titularidade autonómica. De feito, os desenrols propostos de carácter industrial levan implícita




condición fixada pola Axencia Galega de Infraestruturas, de non xerar novos accesos á vía en cuestión, senón aproveitar os existentes.

A clasificación de solo rústico de especial protección forestal atende ás características e usos maioritarios no entorno, segundo o disposto ao caso na lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (artigo 32, parágrafo 2, liña b). Con respecto á estrada de titularidade autonómica, non é posible suprimir a franxa de solo rústico de especial protección das infraestruturas, pois é regulada pola lei sectorial na materia. Doutra banda, non se contempla a posibilidade de propoñer un novo solo urbanizable terciario durante a vixencia do PXOM, ademais dos xa contemplados. De todos modos a ubicación proposta polo alegante implicaría unha sobrecarga da estrada autonómica, sobre a cal xa advertiu a súa Administración Titular, os novos desenrols en solo rústico, desligados dos tecidos urbanos ou de núcleo rural, deberán servirse dos accesos xa existentes. Por este motivo se deseña a ampliación do solo industrial en continuidade ao xa existente.

Infórmase sen embargo, das posibilidades contempladas pola lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, na Disposición Transitoria Cuarta "Réxime de autorizacións e licencias outorgadas en solo rústico e solo de núcleo rural", que no seu punto 3 establece unha serie de excepcións aplicables a edificacións construídas con licenza en solo rústico.

A solicitude non puido ser aceptada.

NOTAS Alegación denegada



Nº REXISTRO DE ENTRADA **201200000003561**

CONTIDO DA ALEGACIÓN PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA VIVENDA UNIFAMILIAR CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A022001260000PP, SITUADA EN PAZOS DE ABAIXO

CONTESTACIÓN Os terreos obxecto da alegación non cumpren as condicións fixadas pola lei 9/2002 para a delimitación de núcleos rurais. A continuación expónse o contido que fala destas condicións do artigo 13, parágrafo 3:

"3.A delimitación dos núcleos rurais que o plan xeral estableza virá referida a algún ou algúns dos seguintes tipos básicos:

a) Núcleo rural histórico-tradicional, caracterizado como tal en función das súas características morfolóxicas, da tipoloxía tradicional das edificacións, da vinculación coa explotación racional dos recursos naturais ou de circunstancias doutra índole que manifesten a imbricación tradicional do núcleo co medio físico no que se sitúa.

A súa delimitación realizarase en atención á proximidade das edificacións, aos lazos de relación e coherencia entre lugares dun mesmo asentamento con topónimo diferenciado e á morfoloxía e ás tipoloxías propias dos devanditos asentamentos e da área xeográfica na que se atopan (casal, lugar, aldea, rueiro ou outro), de modo que o ámbito delimitado presente unha consolidación pola edificación de, polo menos, o 50%, de acordo coa ordenación proposta e trazando unha liña perimetral que encerre as edificacións tradicionais do asentamento seguindo o parcelario e as pegadas físicas existentes (camiños, ríos, regatos, cómaros e outros) e, como máximo, a 50 metros das devanditas edificacións tradicionais.

B) Núcleo rural común, incluíranse neste tipo aqueles asentamentos de poboación recoñecibles como solo de núcleo rural pero que non presentan as características necesarias para a súa inclusión no tipo básico anterior. A súa delimitación deberá de facerse en función das previsións de crecemento que o plan xeral estableza para o núcleo e tendo en conta que o ámbito delimitado deberá presentar un grao de consolidación pola edificación, de acordo coa ordenación urbanística que para el se prevexa no plan, igual ou superior a un terzo da súa superficie.

C) Núcleo rural complexo, incluíranse neste tipo aqueles asentamentos de poboación caracterizados por ser resultado da concorrencia e compatibilidade no seo dun mesmo asentamento rural dos dous tipos básicos precedentes; nese caso será obrigatorio diferenciar o correspondente ao tipo a) mediante a súa correspondente delimitación efectuada segundo as previsións contidas na alínea 3.a) deste artigo. "

A proposta de solo urbanizable de tipo industrial non se considera axeitada, seguindo os criterios de ordenación do PXOM. Os desenrols de actividade segundo as necesidades detectadas deberán ubicarse en continuidade ao solo empresarial existente, no polígono de A Mezquita. Isto permite aforrar recursos e compartir servizos, algo moi importante, por exemplo, en relación á funcionalidade e seguridade da vía de titularidade autonómica. De




...no, os desenrols propostos de carácter industrial levan implícita a condición fixada pola Axencia Galega de Infraestruturas, de non xerar novos accesos á vía en cuestión, senón aproveitar os existentes.

A clasificación de solo rústico de especial protección forestal atende ás características e usos maioritarios no entorno, segundo o disposto ao caso na lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (artigo 32, parágrafo 2, liña b). Con respecto á estrada de titularidade autonómica, non é posible suprimir a franxa de solo rústico de especial protección das infraestruturas, pois é regulada pola lei sectorial na materia. Doutra banda, non se contempla a posibilidade de propoñer un novo solo urbanizable terciario durante a vixencia do PXOM, ademais dos xa contemplados. De todos modos a ubicación proposta polo alegante implicaría unha sobrecarga da estrada autonómica, sobre a cal xa advertiu a súa Administración Titular, os novos desenrols en solo rústico, desligados dos tecidos urbanos ou de núcleo rural, deberán servirse dos accesos xa existentes. Por este motivo se deseña a ampliación do solo industrial en continuidade ao xa existente.

Infórmase sen embargo, das posibilidades contempladas pola lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, na Disposición Transitoria Cuarta "Réxime de autorizacións e licencias outorgadas en solo rústico e solo de núcleo rural", que no seu punto 3 establece unha serie de excepcións aplicables a edificacións construídas con licenza en solo rústico.


A solicitude non puido ser aceptada.

NOTAS Alegación denegada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003562
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA VIVENDA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A077005700000PD, SITUADA EN PONTECESO
CONTESTACIÓN	De acordo aos criterios de ordenación de núcleos rurais expostos na Memoria Xustificativa do PXOM, as condicións indicadas polo alegante non xustifican a delimitación de núcleo. Esíxese que o asentamento conte alo menos con tres vivendas, de outro modo estaríase a falar dun Casal, e non dun asentamento, pois unha única vivenda non é quen de dar lugar a unha trama rural. Tampouco cumprirían as condicións legalmente establecidas pola lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, no seu artigo 13. Infórmase sen embargo, das posibilidades que ofrece o artigo 40 "Edificacións existentes de carácter tradicional ou de singular valor arquitectónico", da citada lei 9/2002, no cal se permite, logo de autorización autonómica, a reconstrución e rehabilitación das edificacións tradicionais, podendo ser destinadas a vivenda e usos residenciais, actividades turísticas e artesanais ou equipamentos de interese público. Resulta pois imposible aceptar a alegación.
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003563
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL: 8679404NH0888S0001IQ, SITUADA EN PONTECESO
CONTESTACIÓN	A altura das edificacións é un factor de gran influencia dentro da configuración urbana, por esta razón estúdase na colección de planos de Información Urbana, a fin de extraer conclusións que permitan a regulación homoxénea do conxunto. Así pois, observouse que no núcleo urbano de Pontevedra o número de edificacións que superan as catro plantas é minoritario. Entendendo que establecer un número de alturas maior só contribuiría a aumentar o desorde volumétrico, asígnase de forma xeral como altura máxima catro plantas (B+3), que é a que figura no rúeiro da parcela obxecto de alegación. Dado que só se permitiu excepcionalmente un número de alturas superior a catro plantas nos casos de remate de medianeiras existentes, e posto que ese non é o caso do rúeiro en cuestión, non é posible aceptar a solicitude.
NOTAS	Alegación denegada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003564
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A083004760000PH, SITUADA EN PONTECESO
CONTESTACIÓN	Conforme ós criterios de delimitación de solo de núcleo rural, que se expoñen na Memoria Xustificativa, o núcleo rural esténdese seguindo o tramado viario que serve de soporte e acceso ás futuras edificacións. É por isto que non se encontra sentido á ampliación das delimitacións outorgando máis fondo de parcela, xa que non se apoia en viario algún e non reverte ningún beneficio para o titular. Por este motivo, as parcelas con un fondo excesivo, medido sempre perpendicular ao viario ó que da fronte, poden ser cortadas pola liña delimitadora do núcleo.
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003565
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A100003720000LA, SITUADA EN CORME PORTO
CONTESTACIÓN	O alegante fai referencia a unha parcela da súa propiedade situada en O barreiro, que no planeamento de 2.002 tiña a consideración de solo urbano, e no PXOM aprobado inicialmente en 2.012 foi clasificado como solo de núcleo rural común. Expón ao respecto a problemática que supón o cambio de ordenanza con respecto ao planeamento vixente, aumentando parámetros de esixencia (parcela mínima, ocupación máxima) e diminuindo a edificabilidade. Para corrixir dito conflito, propón o mantemento da parcela mínima de 300m2 segundo as ordenanzas do planeamento aprobado en 2.002. Sen embargo, infórmase ao alegante, de que o punto que na ordenanza SNRC fai referencia á parcela mínima edificable foi modificado, recoñecendo como edificables as parcelas existentes previa aprobación do PXOM, pese a que non se acade a parcela mínima, que se empregará só a efectos de novas parcelacións. Deste modo, a problemática aludida polo alegante enténdese que queda resolta, pois a parcela pode considerarse edificable (parcela mínima edificable a efectos de novas parcelacións). Nesta ordenanza tamén foron matizados os puntos de edificabilidade e ocupación máximas, establecendo uns parámetros de mínimos que poderán ser alcanzados en parcelas que sendo inferiores á mínima esixida a efectos de parcelacións, lles correspondería unha ocupación e edificabilidades menores. Do anteriormente exposto, conclúese que pese a non poder aceptar literalmente a solicitude da alegación, os obxectivos expostos na mesma si poden ser acadados grazas aos cambios introducidos na ordenanza SNRC, polo que se considera que a solicitude foi aceptada parcialmente.
NOTAS	Alegación parcialmente aceptada




Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003566
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 4310503NH0941S0000KI, SITUADA NA ESCOBIA, CORME ALDEA
CONTESTACIÓN	<p>Acéptase a alegación, ampliando o límite de solo de núcleo rural de tipo histórico ou tradicional, segundo as posibilidades fixadas ao respecto no artigo 13 da lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.</p> <p>Non é posible incluír a totalidade da parcela nesta clasificación debido a que se excede os 50 metros establecidos na citada lei como distancia máxima medida dende as última edificacións tradicionais para a delimitación desta clase de núcleo rural.</p> <p>Os parámetros que compoñen a ordenanza asignada son acordes á tipoloxía de vivenda unifamiliar de núcleo rural, polo que non se acepta a solicitude de que sexan ampliados en termos de edificabilidade ou ocupación máxima.</p> <p>Do exposto, considérase que a alegación en cuestión foi aceptada parcialmente.</p>
NOTAS	Alegación parcialmente aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003567
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A100024870000LK, SITUADA EN CORME PORTO
CONTESTACIÓN	<p>A liña grafada no Plan de Ordenación do Litoral, concretamente, no plano de "Modelo de Xestión", que é o que achega o alegante, é a de Servidume de Costas. Esta distancia está regulada na lexislación sectorial de costas, (Real Decreto 1471/1989 de 1 de decembro e lei 22/1988 de 28 de xullo) e acada unha distancia de 100 metros medidos dende a liña de Ribeira, que poderá ser reducida en ámbitos urbanos a un mínimo de 20 metros, tal e como di o artigo 43 do citado RD 1471/1989. Esta liña é fixada pola Demarcación de Costas, polo tanto non é competencia do Plan a súa modificación.</p> <p>Doutra banda, a lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, no seu artigo 32, parágrafo 2, liña e), indícase que os terreos situados fora dos núcleos rurais ou de solo urbano que se atopen a unha distancia inferior a 200 metros do límite interior da ribeira do mar deben ser clasificados como solo rústico de especial protección de costas. Só excepcionalmente, logo de informe favorable da Comisión superior de Urbanismo de Galicia, o plan poderá reducir esta distancia ate 100 metros, mais este non é o caso do ámbito en cuestión.</p> <p>Procedeuse a revisar esta distancia nos planos de ordenación do PXOM, verificando que a liña delimitadora do solo rústico de especial protección de costas se sitúa a 200 metros, englobando pois a parcela obxecto de alegación.</p> <p>Así pois, non é a liña de servidume de costas a que afecta á parcela (100 metros, ou 20 en caso de solo urbano), senón a distancia de 200 metros dende a liña de ribeira que marca a lei do solo 9/2002, definindo o solo rústico de especial protección de costas.</p> <p>Doutra banda, o pago da contribución urbana non ten competencias urbanísticas senón só tributarias.</p> <p>Con respecto á protección de vistas, regulada na normativa do Plan, a parcela en cuestión reúne as cualidades de amplitude, lonxitude e profundidade de vistas que a fan merecedora de dita protección.</p> <p>Por todo isto, non hai marco legal que ampare a solicitude de cambio de clasificación, non podendo ser aceptada.</p>
NOTAS	Alegación denegada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003568
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN AUNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 2904432NH0920S0001FU, SITUADA EN CORME PORTO
CONTESTACIÓN	<p>A alegante fai referencia a unha parcela pertencente ao solo urbano de Corme Porto, que no PXOM de 2.012 foi incluída nunha área de solo urbano non consolidado, remitida a un Plan Especial de Reforma Interior.</p> <p>A alegante expón que este supón a perda total do valor urbanístico da súa propiedade.</p> <p>Na Memoria Xustificativa, e na ficha correspondente a dita área indícanse as razóns que motivaron esta ordenación, e que responden á necesidade de rematar uns muros medianeiros existentes no seu linde oeste.</p> <p>Esta decisión non supón sen embargo a perda total de valor dos terreos en cuestión, senón que require dunha solución que debe ser estudada en detalle, mellorando o emprazamiento das novas edificacións, e porén engadindo maior valor urbanístico ás mesmas.</p>
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003569
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 2805701NH0920N0001WX, SITUADA EN CORME PORTO
CONTESTACIÓN	<p>A alegante fai referencia a unha parcela da súa propiedade situada en O barreiro, que no planeamento de 2.002 tiña a consideración de solo urbano, e no PXOM aprobado inicialmente en 2.012 foi clasificado como solo de núcleo rural común.</p> <p>Ao respecto, expón a problemática que supón o cambio de ordenanza con respecto ao planeamento vixente, aumentando o parámetro de esixencia de parcela mínima. Ante o cal, solicita que se reduza ate 300m2.</p> <p>Dita solicitude non pode ser aceptada, en tanto que non respondería á tipoloxía edificatoria predominante, que é de vivenda unifamiliar illada.</p> <p>Sen embargo, infórmase á alegante, de que dito punto foi modificado, recoñecendo como edificables as parcelas existentes previa aprobación do PXOM, pese a que non acade a parcela mínima, que se empregará a efectos de novas parcelacións, sempre que superen os 300m2 legalmente esixidos pola lei 9/2002. Deste modo, a problemática aludida pola alegante enténdese que queda resolta, pois a parcela pode considerarse edificable pese a non acadar a superficie de parcela mínima (parcela mínima edificable a efectos de novas parcelacións).</p> <p>Nesta ordenanza tamén foron matizados os puntos de edificabilidade e ocupación máximas, establecendo uns parámetros de mínimos que poderán ser alcanzados en parcelas que sendo inferiores á mínima esixida a efectos de parcelacións, lles correspondería unha ocupación e edificabilidades menores.</p> <p>Do anteriormente exposto, conclúese que pese a non poder aceptar literalmente a solicitude da alegación, os obxectivos expostos na mesma si poden ser acadados grazas aos cambios introducidos na ordenanza SNRC, polo que se considera que a solicitude foi aceptada parcialmente.</p>
NOTAS	Alegación aceptada parcialmente



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003570
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A DUAS FINCAS CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A100024810000LP E 2905105NH0920S0001YU, SITUADAS EN CORME PORTO
CONTESTACIÓN	<p>A alegante solicita que se reduza a parcela mínima esixida en SNRC, atendendo á que fixaba o plan aprobado en 2.002, de 300m2. A este respecto, infórmase de que a ordenanza SNRC foi modificada especificando que dita parcela mínima será esixible so a efectos de novas parcelacións, mais poderán ter a consideración de edificables parcelas menores, sempre que existisen como parcela con anterioridade á aprobación do PXOM, e que superen o mínimo esixido na lei 9/2002 de ordenación urbanística e de protección do medio rural de Galicia, que é de 300m2.</p> <p>De todos modos, obsérvase que as parcelas indicadas pola alegante non acadan esta superficie, polo que non poden ser consideradas edificables, de acordo ao disposto na lei 9/2002 anteriormente citada.</p> <p>Por todo o exposto a solicitude da alegante non pode ser aceptada.</p>
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003571
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A100003970000LZ, SITUADA EN ATALAIA, CORME PORTO
CONTESTACIÓN	<p>Os terreos obxecto de alegación non reúnen os requisitos legalmente establecidos para seren considerados como solo de núcleo rural.</p> <p>Sobre o concepto de núcleo rural e a súa zona de expansión, o artigo 13 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, establece textualmente: Artigo 13º.-Solo de núcleo rural.</p> <p>1.Constitúen o solo de núcleo rural as áreas do territorio que serven de soporte a un asentamento tradicional de poboación singularizado, identificable e diferenciado administrativamente nos censos e padróns oficiais, que o plan xeral defina e delimite como tales tendo en conta, polo menos, a súa inclusión como tal ou na da súa área de influencia en plans anteriores, o número de edificacións, a densidade de vivendas, o seu grao de consolidación pola edificación e, de ser o caso, a tipoloxía histórico-tradicional da súa armazón e das edificacións existentes nel.</p> <p>2.Os plans xerais, en congruencia co modelo de asentamento poboacional que incorporen no estudo do medio rural, delimitarán o ámbito dos núcleos rurais do seu termo municipal en atención aos parámetros anteriores; significadamente, os antecedentes existentes de delimitacións anteriores, as súas peculiaridades urbanísticas e morfolóxicas e a súa capacidade de acollida da demanda previsible do uso residencial no medio rural. A definición do seu perímetro realizarase en función das condicións topográficas e da estrutura da propiedade e do seu nivel de integración nas dotacións e servizos existentes nel nos termos previstos nos artigos 24º e 172º.1 desta lei, e axustaranse ás infraestruturas e pegadas físicas dos elementos naturais existentes, sendo necesario, se é o caso, prever a total urbanización e suficiencia das redes de dotacións, comunicacións e servizos.</p> <p>3.A delimitación dos núcleos rurais que o plan xeral estableza virá referida a algún ou algúns dos seguintes tipos básicos: a) Núcleo rural histórico-tradicional, caracterizado como tal en función das súas características morfolóxicas, da tipoloxía tradicional das edificacións, da vinculación coa explotación racional dos recursos naturais ou de circunstancias doutra índole que manifesten a imbricación tradicional do núcleo co medio físico no que se sitúa.</p> <p>A súa delimitación realizarase en atención á proximidade das edificacións, aos lazos de relación e coherencia entre lugares dun mesmo asentamento con topónimo diferenciado e á morfoloxía e ás tipoloxías propias dos devanditos asentamentos e da área xeográfica na que se atopan (casal, lugar, aldea, rueiro ou outro), de modo que o ámbito delimitado presente unha consolidación pola edificación de, polo menos, o 50%, de acordo coa ordenación proposta e trazando unha liña perimetral que encerre as edificacións tradicionais do asentamento seguindo</p>



parcelario e as pegadas físicas existentes (camiños, ríos, regatos, cómaros e outros) e, como máximo, a 50 metros das devanditas edificacións tradicionais.

B) Núcleo rural común, incluíranse neste tipo aqueles asentamentos de poboación recoñecibles como solo de núcleo rural pero que non presentan as características necesarias para a súa inclusión no tipo básico anterior. A súa delimitación deberá de facerse en función das previsións de crecemento que o plan xeral establece para o núcleo e tendo en conta que o ámbito delimitado deberá presentar un grao de consolidación pola edificación, de acordo coa ordenación urbanística que para el se prevexa no plan, igual ou superior a un terzo da súa superficie.

C) Núcleo rural complexo, incluíranse neste tipo aqueles asentamentos de poboación caracterizados por ser resultado da concorrencia e compatibilidade no seo dun mesmo asentamento rural dos dous tipos básicos precedentes; nese caso será obrigatorio diferenciar o correspondente ao tipo a) mediante a súa correspondente delimitación efectuada segundo as previsións contidas na alínea 3.a) deste artigo.

O tecido máis próximo é o de núcleo rural histórico, do que a parcela en cuestión dista máis de 50 metros, que é a distancia máxima medida dende a última edificación tradicional, según se di no artigo antes exposto.

Doutra banda, non existe trama recoñecible, nin topónimo singular que motiven a delimitación dun novo núcleo rural común no entorno obxecto de alegación.

Por todo isto resulta imposible aceptar a alegación.

NOTAS Alegación denegada


Nº REXISTRO DE ENTRADA **20120000003572**

CONTIDO DA ALEGACIÓN PRESENTA ALEGACIÓN AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A100003910000LD, SITUADA EN ATALAIA, CORME PORTO

CONTESTACIÓN O Pxom non contempla ampliacións ou medras do solo de núcleo rural histórico ao que fai referencia a alegante, senón que simplemente foron recoñecidas como tal os terreos xa ocupados por edificacións tradicionais. Entendendo que o asentamento en cuestión era e debe seguir a ser o límite do conxunto de solo urbano e núcleo rural de Corme Porto, e que non debe continuar a tendencia de medra lineal en dirección á costa. De todos modos, a parcela obxecto de alegación non cumpriría as condicións mínimas establecidas nas ordenanzas da normativa, debido á súa reducida dimensión (56 metros cadrados segundo a ficha catastral adxunta á alegación.

Porén, non se acepta a alegación.

NOTAS Alegación denegada



Nº REXISTRO DE ENTRADA **201200000003573**

CONTIDO DA ALEGACIÓN PRESENTA ALEGACIÓN AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A100004060000LQ, SITUADA EN ATALAIA, CORME PORTO

CONTESTACIÓN Acéptase a alegación, corrixindo a delimitación de núcleo que incorrectamente excluía parte da parcela.

NOTAS Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA **201200000003574**

CONTIDO DA ALEGACIÓN PRESENTA ALEGACIÓN AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHAS FINCAS EN CORME PORTO

CONTESTACIÓN As alegantes fan referencia a catro parcelas situadas en O Barreiro, parroquia de Corme Porto, que no plan de 2.002 tiñan a clasificación de solo rústico, e que no PXOM aprobado inicialmente en 2.012 foron clasificadas como solo de núcleo rural de tipo común. Indícase a imposibilidade de que estas parcelas cumpran coa superficie mínima edificable esixida na ordenanza asignada (SNRC), debido á súa reducida dimensión. Ante esta problemática, decidiuse modificar o punto en cuestión dentro da ordenanza, especificando que esta parcela mínima será esixida a efectos de novas parcelacións, mais que serán consideradas edificables as parcelas existentes con anterioridade á aprobación do PXOM, sempre que estas superen o mínimo de 300m2 fixados na lei 9/2002 para os solos de núcleo rural como parcela mínima edificable. Pese a isto, algunhas das parcelas en cuestión non acadan este mínimo de 300 m2 legalmente esixido na lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, ante o que o PXOM carece de ferramentas para mellorar tal situación.

Por esta razón, considérase que a alegación en cuestión foi aceptada só parcialmente.

NOTAS Alegación aceptada parcialmente.



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003575
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 3105101NH0930N0001QE, SITUADA EN CORME PORTO
CONTESTACIÓN	<p>O alegante fai referencia a unha parcela que se atopa no solo urbano de Corme Porto, con fronte a viario, e ocupada na actualidade por unha edificación non tradicional de planta baixa, adicada a usos non residenciais.</p> <p>Dita parcela foi incluída según o Plan aprobado inicialmente en 2.012, nun ámbito de solo urbano non consolidado remitido a PERI. O alegante solicita a reconsideración da ordenación proposta, defendendo a parcela en cuestión como solo urbano consolidado. Como argumento alude á clasificación que dita parcela recibía no Plan aprobado en 2.002, que a pesares de recoñecelo como solo urbano consolidado planteaba tipoloxías edificatorias que non son compatibles coa parcela en cuestión, de feito, proponse un fondo máximo de 14 metros, dos cales a parcela en cuestión cubre aproximadamente a metade. estes desaxustes de orden parcelario dificultarían a materialización da edificación, chegando a facela inviable.</p> <p>Precísase así mesmo da cesión de espazo de cara ao viario, o cal diminúe tamén as posibilidades de materializar individualmente a edificación que correspondería a dita parcela.</p> <p>O feito de que exista unha construción nesta propiedade non implica que se poida considerar consolidada pola edificación, en tanto que dita edificación non corresponde coa que definiría a ordenanza en canto a uso, altura e fondo.</p> <p>Así pois, a parcela en cuestión debe ser incluída no ámbito remitido a PERI, sen que sexa posible a súa consideración como solo urbano consolidado.</p>
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003576
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHAS FINCAS EN CORME PORTO
CONTESTACIÓN	<p>As alegantes fan referencia a unha parcela que en 2.003 foi segregada en catro partes, atendendo á superficie mínima edificable que marcaba o Plan de 2.002, de 300m2.</p> <p>Ditas parcelas foron no PXOM aprobado en 2.012 clasificadas como solo de núcleo rural, en parte de tipo común e en parte, de tipo histórico.</p> <p>Expoñen na alegación a problemática que isto supón ao aplicar o parámetro de parcela mínima edificable que fixan as novas ordenanzas asignadas, de superficie superior á resultante da segregación.</p> <p>Solicítase porén que se reduza dita esixencia ate chegar á parcela mínima de 300m2 do Plan de 2.002.</p> <p>A solicitude das alegantes non se acepta en tanto que resulta unha parcela excesivamente pequena para a tipoloxía de vivenda unifamiliar illada predominante no entorno.</p> <p>Sen embargo, infórmase de que tanto en solo de núcleo rural de tipo histórico, como no de tipo común, o punto correspondente á esixencia de parcela mínima edificable foi modificado, indicando que dita parcela só será esixida a efectos de novas parcelacións, podendo así pois, resultar edificables as parcelas de superficie inferior sempre que existisen como tal con anterioridade á aprobación do PXOM, e que acaden a superficie mínima esixida de 300m2 fixada na lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.</p> <p>Así pois, pese a que a solicitude non foi aceptada de xeito literal, considérase que os obxectivos da mesma si foron satisfeitos, polo que se considera que a alegación foi aceptada.</p>
NOTAS	Alegación aceptada.



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003577
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 9081113NH0898S0001FT, SITUADA EN TELLA
CONTESTACIÓN	<p>O contexto edificado da parcela obxecto de alegación responde á tipoloxía predominante de vivenda unifamiliar illada. En resposta a isto, e na procura de homoxeneidade, o PXOM aprobado inicialmente en 2.012 asigna a este entorno a ordenanza SU-4, de vivenda unifamiliar.</p> <p>Os parámetros de edificabilidade máxima desta ordenanza responden ás necesidades desta tipoloxía, para a cal resulta excesivo o índice de edificabilidade 0,60 m2/m2 que lle asignaba o Plan de 2.002. Así mesmo, a parcela de 500 m2 é axeitada ao seu carácter illado.</p> <p>De acordo aos criterios de ordenación do PXOM, e á súa coherencia entre os parámetros reguladores e os obxectivos de homoxeneidade perseguidos, resulta imposible aceptar a solicitude do alegante.</p>
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003578
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA URBANA CON REFERENCIA CATASTRAL: 8778703NH0887N0001ZX, SITUADA NA TRABE
CONTESTACIÓN	<p>Infórmase á alegante de que o fondo grafado na proposta de ordenación do PXOM é superior ao fondo previsto polo Plan aprobado en 2.002, e non ao revés, como se di na alegación. Con respecto á altura das edificacións, este é un factor de gran influencia dentro da configuración urbana, razón pola cal se estuda na colección de planos de Información Urbana, a fin de extraer conclusións que permitan a regulación homoxénea do conxunto. Así pois, observouse que no núcleo urbano de Ponteceso o número de edificacións que superan as catro plantas é minoritario. Entendendo que establecer un número de alturas maior só contribuiría a aumentar o desorde volumétrico, asignouse de forma xeral como altura máxima catro plantas (B+3), que é a que figura no rueiro da parcela obxecto de alegación. Dado que só se permitiu excepcionalmente un número de alturas superior a catro plantas nos casos de remate de medianeiras existentes, e posto que ese non é o caso do rueiro en cuestión, non é posible aceptar a solicitude.</p>
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003579
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UN CERRE DE FINCA EN ANLLÓNS GRANDE, LICENZA SOLICITADA POR EUGENIO ROMERO SENANDE
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación, revisando a correspondencia das aliñacións planteadas e o estado actual da área en cuestión.
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003580
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 8381711NH0887N0001YX, SITUADA EN AVDA. EDUARDO PONDAL, PONTECESO
CONTESTACIÓN	<p>Acéptase a alegación, corrixindo a ordenación detallada en canto a liñas de fondo, recuamentos e ordenanza.</p> <p>A parcela obxecto de alegación posúe unha edificación de tipoloxía vivenda tradicional urbana, en contacto coa capela de Santa Mariña. Tanto a edificación existente como a capela forman parte do inventario de elementos arquitectónicos de interese no catálogo da Consellería de Cultura. A este respecto, o Plan inclúeos no seu propio catálogo.</p> <p>Admítase un aumento de altura ata catro plantas (B+3) no fronte á Avenida de Eduardo Pondal, e permítese a posibilidade de edificar con fronte á Rúa Aduana ata tres plantas (B+2), en consonancia coas alturas existentes no cuarteirón.</p> <p>Regúlanse recuamentos laterais de respecto tanto ao equipamento relixioso, como ao edificio lindante no marxe leste coa Rúa Aduana. A concesión de licenza quedará supeditada á emisión de informe favorable por parte da Consellería de Cultura.</p>
NOTAS	Alegación aceptada parcialmente



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003581
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 0087402NH1808N0001TL, SITUADA EN TELLA
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación, incluíndo o marxe norte da parcela á que fai referencia a alegación na clasificación de solo de núcleo rural de tipo común, non sendo imposible incluír a totalidade da parcela por tratarse dun fondo excesivo. Infórmase de o marxe surleste da parcela en cuestión, ocupada por edificacións tradicionais, xa foi incluído como solo de núcleo rural de tipo histórico.
NOTAS	Alegación aceptada


Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003582
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 9076111NH0887N0001OX, SITUADA EN TELLA
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación, asignando á parcela en cuestión a ordenanza SU-3a, cunha altura máxima de tres plantas. Este solar constitúe a transición entre a ordenanza de vivendas unifamiliares e de edificación entre medianeira, polo que deberá gardar un recuamento de 3m no seu lindeiro leste, aplicando porén neste pano un tratamento de fachada.
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003583
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA SITUADA NO CASTRO EN CORES
CONTESTACIÓN	De acordo aos criterios de ordenación de núcleos rurais expostos na Memoria Xustificativa do PXOM, as condicións indicadas polo alegante non xustifican a delimitación de núcleo. Esíxese que o asentamento conte alo menos con tres vivendas, de outro modo estaríase a falar dun Casal, e non dun asentamento, pois unha única vivenda non é quen de dar lugar a unha trama rural. Tampouco cumpriría as condicións legalmente establecidas pola lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, no seu artigo 13, a distancia que separa a parcela obxecto de alegación do núcleo rural de O Castro impide que poida ser incluída nesa delimitación. Infórmase sen embargo, das posibilidades que ofrece o artigo 40 "Edificacións existentes de carácter tradicional ou de singular valor arquitectónico", da citada lei 9/2002, no cal se permite, logo de autorización autonómica, a reconstrución e rehabilitación das edificacións tradicionais, podendo ser destinadas a vivenda e usos residenciais, actividades turísticas e artesanais ou equipamentos de interese público. Resulta pois imposible aceptar a alegación.
NOTAS	Alegación denegada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003584
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 0189703NH1808N0001TL, SITUADA EN TELLA
CONTESTACIÓN	<p>A parcela en cuestión ten fronte sobre unha estrada de titularidade autonómica, sendo este o seu único acceso, e estando afectada tamén por un curso de auga que discorre no seu marxe sur. Estas dúas razóns motivaron que a parcela en cuestión non fose incluída dentro da delimitación de núcleo rural.</p> <p>A administración encargada da supervisión da coherencia entre este tipo de estradas de titularidade autonómica e as propostas de modificación do planeamento, é a Axencia Galega de Infraestruturas, a cal emitiu un informe desfavorable para o caso concreto de novos desenros apoiados na estrada principal. Esta postura, que defende a seguridade da vía, e a súa correcta funcionalidade, vese respaldada polo disposto nas Directrices de Ordenación do Territorio, punto 3.1.5. "evitaranse os crecementos ao longo das vías de comunicación".</p> <p>Así pois, a solicitude non puido ser aceptada. Infórmase de que existen razóns para que a ordenación de núcleos proposta sexa substancialmente diferente á do Plan aprobado en 2.002, pois o marco legislativo é outro.</p>
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003585
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A007000740001AI, SITUADA EN TELLA
CONTESTACIÓN	<p>A parcela en cuestión atópase no marxe da estrada autonómica, e afectada por un curso fluvial.</p> <p>No caso da estrada, a administración encargada da supervisión da coherencia entre este tipo de estradas de titularidade autonómica e as propostas de modificación do planeamento, é a Axencia Galega de Infraestruturas, a cal emitiu un informe desfavorable para o caso concreto de novos desenros apoiados na estrada principal. Esta postura, que defende a seguridade da vía, e a súa correcta funcionalidade, vese respaldada polo disposto nas Directrices de Ordenación do Territorio, punto 3.1.5. "evitaranse os crecementos ao longo das vías de comunicación".</p> <p>No que respecta ao curso fluvial, este foi identificado no Plan de Ordenación do Litoral, asignándolle a protección de Corredor Ecolóxico.</p> <p>Por estas dúas razóns resulta imposible aceptar a solicitude de alegante de incorporar a parcela en cuestión a solo de núcleo rural.</p> <p>Infórmase de que existen razóns para que a ordenación de núcleos proposta sexa substancialmente diferente á do Plan aprobado en 2.002, pois o marco legislativo é outro.</p>
NOTAS	Alegación denegada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003586
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A069000030001AA, SITUADA EN CORES
CONTESTACIÓN	<p>Infórmase de que existen razóns para que a ordenación de núcleos proposta sexa substancialmente diferente á do Plan aprobado en 2.002, pois o marco legislativo é outro.</p> <p>Conforme ós criterios de delimitación de solo de núcleo rural, que se expoñen na Memoria Xustificativa, o núcleo rural esténdese seguindo o tramado viario que serve de soporte e acceso ás futuras edificacións. É por isto que non se encontra sentido á ampliación das delimitacións outorgando máis fondo de parcela, xa que non se apoia en viario algún e non reverte ningún beneficio para o titular. Por este motivo, as parcelas con un fondo excesivo, medido sempre perpendicular ao viario ó que da fronte, poden ser cortadas pola liña delimitadora do núcleo.</p> <p>Por outra banda, infórmase de que a parcela en cuestión se atopa sobre a estrutura do xacemento arqueolóxico dun castro, razón pola cal lle corresponde a categoría de solo rústico de especial protección de patrimonio, ademais do grao de protección indicado na correspondente ficha do Catálogo de Patrimonio contido no PXOM.</p> <p>Resulta pois, imposible aceptar a solicitude do alegante.</p>
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003587
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL: 8882511NH0888S0001OQ, SITUADA NA TRABE
CONTESTACIÓN	<p>A parcela obxecto de alegación atópase no marxe oeste da Avenida Bergantiños, entre esta e o canle fluvial do Río de Ponteceso, un terreo de natureza aluvial, no límite entre os depósitos detríticos da idade cuaternaria, e as rochas metamórficas de tipo gneis e xistos, segundo a información oficial dispoñible, e que foi plasmada no plano Litolóxico da colección de Información do Medio.</p> <p>Se ben é certo que a parcela en cuestión foi, e segue a estar clasificada como solo urbano consolidado (e non solo urbano non consolidado, como erroneamente se di na alegación) ,dende o PXOM enténdese que a edificabilidade proposta polo PXOM de 2.002 é excesiva, e non é coherente coa capacidade de acollida do terreo, nin respectuosa coas múltiples proteccións naturais do seu entorno.</p> <p>Logo da análise da situación conxunta da situación na Avenida de Eduardo Pondal e de Bergantiños, na súa fronte con respecto á Braña das Bouzas, decidíronse dende o PXOM unha serie de actuacións encamiñadas á rexeneración de dito marxe. En coherencia, estableceuse para a parcela obxecto de alegación, e para as súas colindantes, unha ordenanza de vivenda plurifamiliar agrupada, cun fondo máximo que é o grafado nos planos de ordenación.</p> <p>O fronte noroeste da parcela linda directamente co canle fluvial antedito, tanto os recoñecementos ás especiais características naturais do entorno da Braña, como as proteccións que a amparan, parecen argumentos suficientes como para considerar este fronte solo rústico, e non solo urbano, en tanto que os desenvolvementos que o Plan anterior prevía en paralelo ao canle (e mesmo por riba del) foron desbotados polos principios de ordenación que o POL esixe para o P-4.1. (así denominado no Plan de 2.002).</p> <p>A este respecto, o prezo por metro cadrado aplicado aos custos de expropiación, é o correspondente ao solo rústico, e non ao de solo urbano, que como di a alegante, sería moito maior.</p> <p>Con respecto á restrición imposta para a construción de sotos e semisotos, esta foi eliminada na Avenida de Bergantiños.</p> <p>Estas decisións foron tomadas pensando no conxunto urbano, na seguridade individual e colectiva, fundadas no coñecemento das características físicas, da realidade construída e das posibilidades de desenvolvemento, consolidación e mellora da trama urbana e do seu entorno.</p> <p>Por todo isto non é posible aceptar a alegación.</p> <p>Infórmase sen embargo, de que as situacións de fora de ordenación quedan explicadas na normativa do PXOM, facendo referencia á compatibilidade dos usos e edificacións existentes cos permitidos segundo a clase de solo da que se trate.</p>
NOTAS	Alegación denegada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003588
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL: 4801907NH1904S0001QP, SITUADA EN PAZOS
CONTESTACIÓN	<p>Os terreos obxecto de alegación non cumpren as condicións legalmente establecidas na lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, no seu artigo 13, parágrafo 3, liña a), para as delimitacións de núcleos rurais de tipo histórico ou tradicional.</p> <p>A continuación expónse textualmente dito apartado: "3.A delimitación dos núcleos rurais que o plan xeral estableza virá referida a algún ou algúns dos seguintes tipos básicos: a) Núcleo rural histórico-tradicional, caracterizado como tal en función das súas características morfolóxicas, da tipoloxía tradicional das edificacións, da vinculación coa explotación racional dos recursos naturais ou de circunstancias doutra índole que manifesten a imbricación tradicional do núcleo co medio físico no que se sitúa.</p> <p>A súa delimitación realizarase en atención á proximidade das edificacións, aos lazos de relación e coherencia entre lugares dun mesmo asentamento con topónimo diferenciado e á morfoloxía e ás tipoloxías propias dos devanditos asentamentos e da área xeográfica na que se atopan (casal, lugar, aldea, rueiro ou outro), de modo que o ámbito delimitado presente unha consolidación pola edificación de, polo menos, o 50%, de acordo coa ordenación proposta e trazando unha liña perimetral que encerre as edificacións tradicionais do asentamento seguindo o parcelario e as pegadas físicas existentes (camiños, ríos, regatos, cómaros e outros) e, como máximo, a 50 metros das devanditas edificacións tradicionais. "</p> <p>As edificacións do entorno, salvo a situada ao leste da parcela obxecto de alegación non foron consideradas tradicionais, razón pola cal a clasificación de solo de núcleo rural axeitada é a de tipo común.</p> <p>Non é posible aceptar a solicitude do alegante.</p>
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003589
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UN INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A501000970000OQ, SITUADA EN PAZOS
CONTESTACIÓN	<p>A parcela obxecto de alegación xa se atopa clasificada como solo de núcleo rural de tipo común na proposta de ordenación do PXOM. Non se entende o que quere dicir con que sexa incorporada "dentro de la alineación". As aliñacións quedan fixadas nos planos de Ordenación Detallada de núcleos rurais, tamén para o caso da parcela en cuestión. O criterio seguido para o seu trazado é como no resto dos viarios locais sen frontes consolidados o de respectar a distancia de 4 metros medidos dende o eixo do viario.</p> <p>Unha vez revisada a ordenación proposta considérase que é axeitada, e mantense sen modificacións.</p>
NOTAS	Alegación aceptada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003590
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA CASA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A057003090001AA, E UN CAMIÑO: 15069A057003100000PG, SITUADOS EN BARDAIO, CORES
CONTESTACIÓN	<p>O alegante solicita o recoñecemento dun camiño público, de orixe antigo, que no Plan aprobado inicialmente en 2.012, non foi contemplado.</p> <p>A alegación presentada aporta a testemuña do propietario, e un esquema gráfico de elaboración propia. Dita documentación foi contrastada coa información catastral actual, e mesmo co catastro elaborado en 1.956 en base ao voo americano, non atopando coincidencia coa información aportada polo alegante.</p> <p>Así pois, da análise da información oficial dispoñible, extráese que: a parcela propiedade do alegante, contrario ao que este manifesta, posúe outros frontes a viario público, e a súa orixe é tradicional, como se desprende da consulta da documentación de 1.956</p> <p>A vivenda localizada sobre a parcela na que se incorporaría dito camiño tamén posúe unha orixe tradicional, pese a que claramente sufriu unha transformación posterior.</p> <p>O camiño obxecto de alegación non figura na información catastral de 1956 nin na vixente a día de hoxe.</p> <p>O plan aprobado en 2.002 non deixa tampouco constancia da existencia de dito camiño.</p> <p>Así pois, logo de revisar a ordenación proposta, esta non será corrixida, pois non se atopou argumento oficial que respalde a solicitude do alegante.</p> <p>De todos modos, as cuestións relativas á división da propiedade non é competencia do PXOM, senón da Dirección Xeral de Catastro, ante a que se deberá presentar a solicitude de corrección en caso de que se advirta algún erro ao respecto.</p> <p>Infórmase asemade, que o inventario de camiños públicos municipal poderá ser modificado, se así fose preciso, sen que isto implique a necesidade de modificación do PXOM.</p> <p>A solicitude do alegante non puido ser aceptada.</p>
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003591
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL:8882513NH0888S0001RQ, SITUADA NA TRABE
CONTESTACIÓN	<p>A parcela obxecto de alegación atópase no marxe oeste da Avenida Bergantiños, entre esta e o canle fluvial do Río de Ponteceso, un terreo de natureza aluvial, no límite entre os depósitos detríticos da idade cuaternaria, e as rochas metamórficas de tipo gneis e xistos, segundo a información oficial dispoñible, e que foi plasmada no plano Litolóxico da colección de Información do Medio.</p> <p>Se ben é certo que a parcela en cuestión foi, e segue a estar clasificada como solo urbano consolidado (e non solo urbano non consolidado, como erroneamente se di na alegación) ,dende o PXOM enténdese que a edificabilidade proposta polo PXOM de 2.002 é excesiva, e non é coherente coa capacidade de acollida do terreo, nin respectuosa coas múltiples proteccións naturais do seu entorno.</p> <p>Logo da análise da situación conxunta da situación na Avenida de Eduardo Pondal e de Bergantiños, na súa fronte con respecto á Braña das Bouzas, decidíronse dende o PXOM unha serie de actuacións encamiñadas á rexeneración de dito marxe. En coherencia, estableceuse para a parcela obxecto de alegación, e para as súas colindantes, unha ordenanza de vivenda plurifamiliar agrupada, cun fondo máximo que é o grafado nos planos de ordenación.</p> <p>O fronte noroeste da parcela linda directamente co canle fluvial antedito, tanto os recoñecementos ás especiais características naturais do entorno da Braña, como as proteccións que a amparan, parecen argumentos suficientes como para considerar este fronte solo rústico, e non solo urbano, en tanto que os desenvolvementos que o Plan anterior prevía en paralelo ao canle (e mesmo por riba del) foron desbotados polos principios de ordenación que o POL esixe para o P-4.1. (así denominado no Plan de 2.002).</p> <p>A este respecto, o prezo por metro cadrado aplicado aos custos de expropiación, é o correspondente ao solo rústico, e non ao de solo urbano, que como di a alegante, sería moito maior.</p> <p>Con respecto á restrición imposta para a construción de sotos e semisotos, esta foi eliminada na Avenida de Bergantiños.</p> <p>Estas decisións foron tomadas pensando no conxunto urbano, na seguridade individual e colectiva, fundadas no coñecemento das características físicas, da realidade construída e das posibilidades de desenvolvemento, consolidación e mellora da trama urbana e do seu entorno.</p> <p>Por todo isto non é posible aceptar a alegación.</p> <p>Infórmase sen embargo, de que as situacións de fora de ordenación quedan explicadas na normativa do PXOM, facendo referencia á compatibilidade dos usos e edificacións existentes cos permitidos segundo a clase de solo da que se trate.</p>
NOTAS	Alegación denegada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003592
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A099008180000PT, SITUADA NAS FORCADAS, CORME PORTO
CONTESTACIÓN	<p>A parcela obxecto de alegación apóiase nun viario de titularidade autonómica, o cal segundo a lei sectorial en materia de estradas implica servidumes, afeccións e limitacións ao uso. A administración encargada da supervisión da coherencia entre este tipo de estradas de titularidade autonómica e as propostas de modificación do planeamento, é a Axencia Galega de Infraestruturas, a cal emitiu un informe desfavorable para o caso concreto de novos desenrols apoiados na estrada principal. Esta postura, que defende a seguridade da vía, e a súa correcta funcionalidade, vese respaldada polo disposto nas Directrices de Ordenación do Territorio, punto 3.1.5. "evitaranse os crecementos ao longo das vías de comunicación".</p> <p>Por outro lado,este fronte atópase en parte, a unha distancia inferior a 200 metros, medidos dende a liña de ribeira do mar, porén, correspóndelle segundo a Lei 9/2002 artigo 32, a clasificación de solo rústico de protección de costas.</p> <p>De todos modos non se cumprirían as condicións legalmente establecidas pola lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, no seu artigo 13, para a delimitación de núcleos. Non existe no seu entorno inmediato tecido de orixe tradicional, nin común, e non é posible a clasificación de núcleo rural sobre superficies non edificadas..</p>
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003593
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL: 8979626NH0887N0001ZX, SITUADA NA VEREDA, A TRABE
CONTESTACIÓN	<p>O alegante fai referencia a unha parcela situada no entorno da Rúa da Vereda, sobre a que ten un fronte de apenas 6 metros, sendo a superficie total da finca superior a 3.000 m2. Pódese entender pois, que se trata dunha parcela en segunda liña con respecto á Rúa Vereda.</p> <p>Dita parcela foi incluída na área de planeamento remitido a PERI en solo urbano non consolidado APR-D3.12, según o plan aprobado inicialmente en 2.012. Na alegación, solicítase que a proposta de ordenación sexa reconsiderada, incluíndo a parcela como solo urbano consolidado, ampliando o fronte da parcela en cuestión ao outorgarlle ás parcelas situadas por diante desta a cualificación de viario, todo elo sen ningún tipo de reparto de cargas e beneficios. Dita solicitude vai en contra da lóxica urbanística, e tamén da lexislación vixente, en tanto que se propón a clasificación dunha parcela en segunda liña como solo urbano consolidado, a costa da perda de dereitos das parcelas que si dan fronte a viario.</p> <p>Como xustificación da solicitude, arguméntase a inviabilidade económica do Plan Especial en Solo Urbano non Consolidado (PERI), dado que inclúe unha parcela xa edificada. Advírtese que a valoración efectuada da vivenda contempla o valor de repercusión do solo, cando en realidade o solo xa se inclúe no reparto de cargas e beneficios do Plan Especial. Atendendo só á valoración da construción, a repercusión sería moito menor (un 50% segundo a valoración axuntada á alegación).</p> <p>Cómpre ademais advertir que a estimación de gasto na urbanización para esa área é de 10€/m2, e non 16€/m2, como se indica na alegación. Este valor, que o alegante considera insuficiente, é en realidade excesivo tendo en conta que se aplica a toda a superficie do ámbito, e que a urbanización prevista consiste unicamente en ensanchar un viario existente, e resolver o acceso ás novas edificacións segundo dispoña o plan especial.</p> <p>Non é posible aceptar a proposta por non existir marco legal que a ampare.</p>
NOTAS	Alegación denegada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003594
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓN AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL:15069A014002880000PD, SITUADA NO REGUEIRO, TALLO
CONTESTACIÓN	<p>A parcela obxecto de alegación non reúne os requisitos legalmente establecidos para seren considerada solo de núcleo rural</p> <p>Sobre o concepto de núcleo rural e a súa zona de expansión, o artigo 13 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, establece textualmente:</p> <p>Artigo 13º.-Solo de núcleo rural.</p> <p>1.Constitúen o solo de núcleo rural as áreas do territorio que serven de soporte a un asentamento tradicional de poboación singularizado, identificable e diferenciado administrativamente nos censos e padróns oficiais, que o plan xeral defina e delimite como tales tendo en conta, polo menos, a súa inclusión como tal ou na da súa área de influencia en plans anteriores, o número de edificacións, a densidade de vivendas, o seu grao de consolidación pola edificación e, de ser o caso, a tipoloxía histórico-tradicional da súa armazón e das edificacións existentes nel.</p> <p>2.Os plans xerais, en congruencia co modelo de asentamento poboacional que incorporen no estudo do medio rural, delimitarán o ámbito dos núcleos rurais do seu termo municipal en atención aos parámetros anteriores; significadamente, os antecedentes existentes de delimitacións anteriores, as súas peculiaridades urbanísticas e morfolóxicas e a súa capacidade de acollida da demanda previsible do uso residencial no medio rural. A definición do seu perímetro realizarase en función das condicións topográficas e da estrutura da propiedade e do seu nivel de integración nas dotacións e servizos existentes nel nos termos previstos nos artigos 24º e 172º.1 desta lei, e axustaranse ás infraestruturas e pegadas físicas dos elementos naturais existentes, sendo necesario, se é o caso, prever a total urbanización e suficiencia das redes de dotacións, comunicacións e servizos.</p> <p>3.A delimitación dos núcleos rurais que o plan xeral estableza virá referida a algún ou algúns dos seguintes tipos básicos:</p> <p>a) Núcleo rural histórico-tradicional, caracterizado como tal en función das súas características morfolóxicas, da tipoloxía tradicional das edificacións, da vinculación coa explotación racional dos recursos naturais ou de circunstancias doutra índole que manifesten a imbricación tradicional do núcleo co medio físico no que se sitúa.</p> <p>A súa delimitación realizarase en atención á proximidade das edificacións, aos lazos de relación e coherencia entre lugares dun mesmo asentamento con topónimo diferenciado e á morfoloxía e ás tipoloxías propias dos devanditos asentamentos e da área xeográfica na que se atopan (casal, lugar, aldea, rueiro ou outro), de modo que o ámbito delimitado presente unha consolidación pola edificación de, polo menos, o 50%, de acordo coa ordenación proposta e trazando unha liña perimetral que encerre as edificacións tradicionais do asentamento seguindo o parcelario e as pegadas físicas existentes (camiños, ríos, regatos,</p>

cómaros e outros) e, como máximo, a 50 metros das devar edificacións tradicionais.

B) Núcleo rural común, incluíranse neste tipo aqueles asentamentos de poboación recoñecibles como solo de núcleo rural pero que non presentan as características necesarias para a súa inclusión no tipo básico anterior. A súa delimitación deberá de facerse en función das previsións de crecemento que o plan xeral estableza para o núcleo e tendo en conta que o ámbito delimitado deberá presentar un grao de consolidación pola edificación, de acordo coa ordenación urbanística que para el se prevexa no plan, igual ou superior a un terzo da súa superficie.

C) Núcleo rural complexo, incluíranse neste tipo aqueles asentamentos de poboación caracterizados por ser resultado da concorrencia e compatibilidade no seo dun mesmo asentamento rural dos dous tipos básicos precedentes; nese caso será obrigatorio diferenciar o correspondente ao tipo a) mediante a súa correspondente delimitación efectuada segundo as previsións contidas na alínea 3.a) deste artigo.

Os tecidos de núcleo máis próximos á parcela atópanse a unha distancia superior a 50 metros, sendo por isto imposible a inclusión nos mesmos, da parcela obxecto de alegación.

NOTAS Alegación denegada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003595
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UN INMOBLEREFERENCIA CATASTRAL: 15069A036000060001AM, SITUADO EN FROXÁN, XORNES
CONTESTACIÓN	<p>A alegación fai referencia a unha parcela situada en Froxán de Arriba, a cal foi parcialmente clasificada como solo de núcleo rural de tipo histórico.</p> <p>Dita parcela, ten unha superficie de máis de 5.000 m2, e atópase dividida catastralmente en dúas subparcelas. A división en subparcelas a e b que efectúa o catastro coincide coa liña de solo de núcleo rural contida no planeamento aprobado en 2.002. Así pois, é certo que a parcela tiña a clasificación de núcleo rural, mais non na subparcela correspondente a edificación tradicional, que a alegante identifica cunha antiga escola.</p> <p>A proposta de planeamento aprobada inicialmente en 2.012 reproduce literalmente o límite de núcleo rural do anterior planeamento (aprobado en 2.002).</p> <p>Aclarado isto, procédese a revisar a ordenación proposta, advertindo que é posible ampliar o límite de solo de núcleo rural histórico, recollendo unha superficie maior da parcela obxecto de alegación.</p> <p>Sen embargo, non é posible incorporar a totalidade da parcela, posto que se incumprirían as condicións legalmente esixidas ao efecto na lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (artigo 13, parágrafo 3, liña a). En concreto, vulneraríase a distancia máxima de 50 metros medidos dende as últimas edificacións tradicionais.</p> <p>Así pois, acéptase a solicitude, aínda que non pode ser literalmente.</p>
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003596
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 8381708NH0887N0001YX, SITUADA EN PONTECESO
CONTESTACIÓN	<p>A parcela en cuestión atópase afectada pola Rede Natura, sendo considerada Zona de Especial Valor Natural, e Zona de Especial Protección das Aves na ampliación da Rede Natura 2000, dentro do Lugar de Interese Comunitario ES1110005. Ademais, o Plan do Litoral de Galicia inclúea na protección de Corredor Ecolóxico. Todas estas proteccións, que exceden o alcance do PXOM, obrigan , segundo o disposto no artigo 32.2.f) da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, á súa clasificación como solo rústico de especial protección dos valores naturais.</p> <p>Por outra banda, o Plan aprobado en 2.002 xa consideraba parte de dita parcela como solo urbano non consolidado, incluíndoa na área de planeamento P-2.1, ámbito considerado no Plan de Ordenación do Litoral con grao 2 de compatibilidade. O POL condiciona o seu desenrolo ao cumprimento dunha serie de condicións, conceptualmente opostas ao desenrolo edificatorio planteado no ano 2.002.</p> <p>Os recoñecementos ao valor ecolóxico da Braña anteditos, e a súa protección (que excede ao alcance do PXOM) motivaron a proposta do Parque das Bouzas, como única alternativa real de desenrolo desta área.. Con respecto á liña "quebrada que resulta claramente artificiosa" segundo di o alegante, esta encárgase de excluír aquelas parcelas xa edificadas, atendendo á realidade existente.</p> <p>Así mesmo, a proximidade ao canle, que constitúe o marxe leste, implica a súa especial protección de solo rústico das augas.</p> <p>Por todo isto é imposible aceptar a alegación.</p>
NOTAS	Alegación denegada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003597
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A199007020000LX, SITUADA EN ARNELA, CORME PORTO
CONTESTACIÓN	Os terreos en cuestión non forman parte da malla dos asentamentos existentes no entorno. Apóianse sobre un viario de características rústicas, e sobre topografía de forte pendente. Por esta razón non foron considerados como edificables, senón como solo rústico, atendendo a os seus valores naturais. Dita parcela obtivo xa a clasificación de solo rústico no anterior Plan, o aprobado en 2.002. A súa categorización como solo rústico de protección de costas atende ao disposto na lei 9/2002 de ordenación urbana e protección do medio rural de Galicia, artigo 32, liña e). Por todo isto non é posible aceptar a alegación.
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003598
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA SITUADA NA OURADA, CORES
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación de acordo ao uso actual dos terreos obxecto da alegación, cambiando a clasificación de solo rústico de especial protección forestal polo de solo rústico de especial protección agropecuaria.
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003599
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA SITUADA NAS REGADIÑAS EN CORME PORTO
CONTESTACIÓN	A parcela obxecto de alegación apóiase sobre unha estrada de titularidade supramunicipal, debendo asumir porén as limitacións ao uso e afeccións que derivan desta estrada. Dita estrada sepáraa da trama urbana existente. Atópase tamén dentro da área de respecto arqueolóxico dun xacemento que figura nas listas oficiais da Consellería de Cultura. A clasificación desta parcela en planeamentos anteriores é a de solo rústico. A proposta de ordenación deste PXOM é continuísta, entendendo que ditos terreos, polas súas condicións topográficas, afeccións e situación con respecto á trama existente, non deben ser edificables, e porén serán clasificados como solo rústico. tiña a clasificación de solo rústico no Plan aprobado en 2.002.
NOTAS	Alegación denegada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003600
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA, ACTUALMENTE 3 PARCELAS CON REFERENCIA CATASTRAL: 4610514NH0941S0001ZO
CONTESTACIÓN	<p>O alegante fai referencia a unha parcela que obtivo a clasificación de solo de núcleo rural de tipo histórico no PXOM aprobado inicialmente en 2.012.</p> <p>Solicita que sexa clasificada como SNRH1. Ao respecto cabe apuntar que dita parcela xa se atopa baixo esa ordenanza.</p> <p>Solicita tamén que se lle asigne a máxima edificabilidade posible. Ante isto, cabe apuntar que os parámetros que contén a ordenanza responden á tipoloxía de vivenda unifamiliar, non precisando aumentos de edificabilidade.</p> <p>Solicítase tamén que se permita edificar en parcelas que non acaden a parcela mínima esixida.</p> <p>Infórmase ao alegante de que as ordenanzas en solo de núcleo rural foron modificadas, indicando que a parcela mínima edificable será de aplicación só a efectos de novas parcelacións, entendendo porén que as parcelas existentes con anterioridade á aprobación do PXOM serán consideradas edificables en tanto superen a superficie mínima (300m²) fixada pola lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.</p> <p>Redúcense tamén, tal e como solicita o alegante os recuamentos a lindeiros, que pasarán a ser en núcleo rural de 3m.</p> <p>Con respecto ao aumento do índice de edificabilidade, decídese non introducir cambios, pois a fixada na ordenanza corresponde axeitadamente coa tipoloxía predominante de vivenda unifamiliar. Sen embargo, fíxanse unhas superficies mínimas edificables que poderán ser aplicadas a parcelas inferiores á parcela mínima preexistentes á aprobación do PXOM.</p> <p>Do exposto, conclúese que a alegación foi aceptada parcialmente.</p>
NOTAS	Alegación parcialmente aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003601
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL: 0388302NH1808N0001TL, SITUADA EN TELLA
CONTESTACIÓN	<p>Procedeuse a revisar a ordenación proposta, advertindo que era posible ampliar a delimitación de núcleo rural histórico tradicional de Os Seixos, recollendo parte da parcela obxecto de alegación. Non é posible recoller a totalidade da área á que fai referencia a solicitude, posto que se incumpriría a distancia máxima de 50 metros medidos dende a última edificación tradicional, segundo o disposto na lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, artigo 13, parágrafo 3, liña a), que a continuación se expón:</p> <p>"a) Núcleo rural histórico-tradicional, caracterizado como tal en función das súas características morfolóxicas, da tipoloxía tradicional das edificacións, da vinculación coa explotación racional dos recursos naturais ou de circunstancias doutra índole que manifesten a imbricación tradicional do núcleo co medio físico no que se sitúa.</p> <p>A súa delimitación realizarase en atención á proximidade das edificacións, aos lazos de relación e coherencia entre lugares dun mesmo asentamento con topónimo diferenciado e á morfoloxía e ás tipoloxías propias dos devanditos asentamentos e da área xeográfica na que se atopan (casal, lugar, aldea, rueiro ou outro), de modo que o ámbito delimitado presente unha consolidación pola edificación de, polo menos, o 50%, de acordo coa ordenación proposta e trazando unha liña perimetral que encerre as edificacións tradicionais do asentamento seguindo o parcelario e as pegadas físicas existentes (camiños, ríos, regatos, cómaros e outros) e, como máximo, a 50 metros das devanditas edificacións tradicionais. "</p> <p>Considérase así pois, aceptada parcialmente a alegación.</p>
NOTAS	Alegación aceptada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	20120000003602
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA
CONTESTACIÓN	<p>Os terreos obxecto de alegación consisten nunha franxa de terreo de aproximadamente 300 metros de lonxitude, sen edificacións, ao longo do viario que une Ameixenda e Pazos.</p> <p>Non reúnen pois os requisitos legalmente establecidos para seren considerados como solo de núcleo rural, pois as ampliacións sobre baleiro repercuten negativamente no grado de consolidación do asentamento.</p> <p>Sobre o concepto de núcleo rural e a súa zona de expansión, o artigo 13 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, establece textualmente: Artigo 13º.-Solo de núcleo rural.</p> <p>1.Constitúen o solo de núcleo rural as áreas do territorio que serven de soporte a un asentamento tradicional de poboación singularizado, identificable e diferenciado administrativamente nos censos e padróns oficiais, que o plan xeral defina e delimite como tales tendo en conta, polo menos, a súa inclusión como tal ou na da súa área de influencia en plans anteriores, o número de edificacións, a densidade de vivendas, o seu grao de consolidación pola edificación e, de ser o caso, a tipoloxía histórico-tradicional da súa armazón e das edificacións existentes nel.</p> <p>2.Os plans xerais, en congruencia co modelo de asentamento poboacional que incorporen no estudo do medio rural, delimitarán o ámbito dos núcleos rurais do seu termo municipal en atención aos parámetros anteriores; significadamente, os antecedentes existentes de delimitacións anteriores, as súas peculiaridades urbanísticas e morfolóxicas e a súa capacidade de acollida da demanda previsible do uso residencial no medio rural. A definición do seu perímetro realizarase en función das condicións topográficas e da estrutura da propiedade e do seu nivel de integración nas dotacións e servizos existentes nel nos termos previstos nos artigos 24º e 172º.1 desta lei, e axustaranse ás infraestruturas e pegadas físicas dos elementos naturais existentes, sendo necesario, se é o caso, prever a total urbanización e suficiencia das redes de dotacións, comunicacións e servizos.</p> <p>3.A delimitación dos núcleos rurais que o plan xeral estableza virá referida a algún ou algúns dos seguintes tipos básicos:</p> <p>a) Núcleo rural histórico-tradicional, caracterizado como tal en función das súas características morfolóxicas, da tipoloxía tradicional das edificacións, da vinculación coa explotación racional dos recursos naturais ou de circunstancias doutra índole que manifesten a imbricación tradicional do núcleo co medio físico no que se sitúa.</p> <p>A súa delimitación realizarase en atención á proximidade das edificacións, aos lazos de relación e coherencia entre lugares dun mesmo asentamento con topónimo diferenciado e á morfoloxía e ás tipoloxías propias dos devanditos asentamentos e da área xeográfica na que se atopan (casal, lugar, aldea, rueiro ou outro), de modo que o ámbito delimitado presente unha consolidación pola</p>

edificación de, polo menos, o 50%, de acordo coa ordenación proposta e trazando unha liña perimetral que encerre as edificacións tradicionais do asentamento seguindo o parcelario e as pegadas físicas existentes (camiños, ríos, regatos, cómaros e outros) e, como máximo, a 50 metros das devanditas edificacións tradicionais.

B) Núcleo rural común, incluíranse neste tipo aqueles asentamentos de poboación recoñecibles como solo de núcleo rural pero que non presentan as características necesarias para a súa inclusión no tipo básico anterior. A súa delimitación deberá de facerse en función das previsións de crecemento que o plan xeral estableza para o núcleo e tendo en conta que o ámbito delimitado deberá presentar un grao de consolidación pola edificación, de acordo coa ordenación urbanística que para el se prevexa no plan, igual ou superior a un terzo da súa superficie.

C) Núcleo rural complexo, incluíranse neste tipo aqueles asentamentos de poboación caracterizados por ser resultado da concorrencia e compatibilidade no seo dun mesmo asentamento rural dos dous tipos básicos precedentes; nese caso será obrigatorio diferenciar o correspondente ao tipo a) mediante a súa correspondente delimitación efectuada segundo as previsións contidas na alínea 3.a) deste artigo.


Doutra banda, o Equipo Redactor entende que os terreos obxecto de alegación non son susceptibles de clasificación como núcleo rural ao encontrarse nunha zona sobre a que é preciso establecer un réxime de protección en base aos seus valores inherentes, que se puxeron de manifesto no traballo de información urbanística e no estudo do medio rural.

No caso particular dos terreos de referencia detectouse un valor agrícola que motiva a protección dos mesmos.

Por todo isto non é posible aceptar a alegación

NOTAS Alegación denegada


Nº REXISTRO DE ENTRADA	20120000003603
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA SITUADA NO PETÓN, TELLA
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación, incluíndo as parcelas ás que fai referencia, na clasificación de solo de núcleo rural común.
NOTAS	Alegación aceptada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	20120000003604
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA VIVENDA SITUADA EN PONTECESO
CONTESTACIÓN	<p>A inclusión do inmoble no catálogo de patrimonio, non se debe so ao criterio do PXOM, senón tamén ao da Consellería de Cultura que incluíu a edificación en cuestión no seu propio listado de elementos de interese.</p> <p>O nivel de protección que debe fixarse para dito elemento, segundo expresa o informe da Consellería de Cultura emitido ao respecto da aprobación inicial do PXOM, é o de estrutural (que se atopa definido na normativa). O aumento de alturas non sería coherente con este nivel de protección, razón pola cal non se admite a solicitude do alegante.</p> <p>Resulta porén imposible aceptar a alegación.</p>
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	20120000003605
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL:15069A097008040001AG, SITUADA EN GUXÍN,CORME ALDEA
CONTESTACIÓN	<p>A alegación fai referencia a unha parcela situada no entorno do núcleo de Guxín, parroquia de Corme Aldea. Dita finca presenta fronte a viario público, mais non pertence á trama de núcleo existente, sendo a súa urbanización acorde a uso de tipo rústico. Na actualidade soporta unha masa arbórea de tipo forestal.</p> <p>Dadas as características de dita parcela en canto a relación co asentamento, coa trama viaria que o sustenta, e o seu uso actual, a clasificación outorgada no Plan aprobado inicialmente en 2.012 de solo rústico de especial protección forestal, é a apropiada, segundo se dispón na lei 9/2002, artigo 32, parágrafo 2, liña b.</p> <p>Doutra banda, a administración encargada da supervisión da coherencia entre este tipo de estradas de titularidade autonómica e as propostas de modificación do planeamento, é a Axencia Galega de Infraestruturas, a cal emitiu un informe desfavorable para o caso concreto de novos desenrols apoiados na estrada principal. Esta postura, que defende a seguridade da vía, e a súa correcta funcionalidade, vese respaldada polo disposto nas Directrices de Ordenación do Territorio, punto 3.1.5. "evitaranse os crecementos ao longo das vías de comunicación".</p> <p>Porén, non existe marco legal que ampare a solicitude, non sendo posible a súa aceptación.</p>
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	20120000003606
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A063000050001AI, SITUADA EN CASTRO DA COTALEIR EN CORES
CONTESTACIÓN	<p>O alegante fai referencia a unha parcela situada en Cores, e que foi clasificada en parte como solo de núcleo rural de tipo histórico, e en parte como solo rústico de especial protección agropecuaria.</p> <p>Entre os seus argumentos alude a unha modificación con respecto ao planeamento aprobado en 2.002, que prexudica á súa propiedade.</p> <p>Dita parcela ten unha superficie de case 14.000 m2; se comparamos este dato coa superficie do asentamento de Cores (aproximadamente 18.000 m2), entenderase que resulta imposible incorporar totalmente a finca á clasificación de solo de núcleo rural. Así pois, delimitábase como tal o fronte a viario, quedando a área restante baixo a clasificación de solo rústico de especial protección agropecuaria, correspondendo coas súas aptitudes naturais, e co seu uso actual.</p> <p>O marco legal establece unha serie de condicións que se deben cumprir na delimitación de núcleos rurais de tipo histórico, e que quedan fixadas na lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, no seu artigo 13, parágrafo 3, liña a. En concreto, os puntos que fan referencia á consolidación mínima do 50%, implican que parcelas de gran extensión, só poidan clasificarse como núcleo rural parcialmente, primando para elo a superficie con fronte a viario público. Este é precisamente o caso da parcela obxecto de alegación.</p> <p>Cómpre apuntar que esta división entre solo de núcleo e solo rústico xa se producía no Plan aprobado en 2.002, polo que a ordenación proposta no Plan aprobado inicialmente en 2.012 non introduce cambios significativos, senón que é continuista, ao contrario do que se expón na alegación presentada.</p> <p>Dado que non se introducen cambios de clasificación con respecto ao documento exposto ao público en 2.012, considérase que a solicitude do alegante non foi aceptada.</p>
NOTAS	Alegación denegada.



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003607
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL: 8982813NH0888S0001IQ, SITUADA NA TRABE
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación reconsiderando a parcela como solo urbano consolidado, baixo a ordenanza SU-3a, de edificación agrupada entre medianeiras con fronte a viario.
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003608
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A DUAS PARCELAS CON REFERENCIAS CATASTRAIS: 9686403NH0898N0001OB, SITUADA NO FONTAN E 15069A174001210000LF, SITUADA EN TELLA
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación que fai referencia á parcela situada en Fontán, incluíndoa na delimitación de solo de núcleo rural de tipo histórico, logo de comprobar que se seguen a respectar as condicións legalmente establecidas na lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, tamén de acordo aos criterios de ordenación do PXOM. Non é posible sen embargo aceptar a solicitude de incorporación en solo de núcleo rural da parcela con fronte á estrada autonómica, por formar parte dun fronte sen consolidar, con dita estrada como viario único. A administración encargada da supervisión da coherencia entre este tipo de estradas de titularidade autonómica e as propostas de modificación do planeamento, é a Axencia Galega de Infraestruturas, a cal emitiu un informe desfavorable para o caso concreto de novos desenros apoiados na estrada principal. Esta postura, que defende a seguridade da vía, e a súa correcta funcionalidade, vese respaldada polo disposto nas Directrices de Ordenación do Territorio, punto 3.1.5. "evitaranse os crecementos ao longo das vías de comunicación". Considérase pois, que a alegación foi parcialmente aceptada
NOTAS	Alegación aceptada parcialmente

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003609
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A DUAS PARCELAS CON REFERENCIAS CATASTRAIS: VIVENDA: 15069A174015840000LE E 15069A174014000000LA, SITUADAS NO PETÓN, TELLA
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación, incluíndo as parcelas ás que fai referencia, na clasificación de solo de núcleo rural común.
NOTAS	Alegación aceptada


Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003610
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL:15069A089002280000PI, SITUADA NA CAMPARA
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación, incluíndo a parcela na delimitación de solo de núcleo rural de tipo común, logo de comprobar que se seguen a respectar as condicións legalmente establecidas na lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, tamén de acordo aos criterios de ordenación do PXOM.
NOTAS	Alegación aceptada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003611
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA PARCELA SITUADA EN PAZOS DE ARRIBA
CONTESTACIÓN	<p>O alegante sinala graficamente unha franxa ao sur do núcleo de Pazos, a cal quedou excluída da delimitación do asentamento. Solicita que se modifique a ordenación, de xeito que resulte dentro de ordenación.</p> <p>As situacións de fora de ordenación quedan explicadas na normativa do PXOM, facendo referencia á compatibilidade dos usos e edificacións existentes cos permitidos segundo a clase de solo da que se trate.</p> <p>Unha vez revisada a proposta do PXOM aprobado inicialmente en 2.012, conclúese que existe unha discordancia entre a realidade física e a súa representación na cartografía, e que a franxa en cuestión pertence en realidade ás parcelas con fronte á estrada autonómica. Así pois, decidiuse ampliar o límite de núcleo a fin de regularizar o límite sur co plantexado nas súas proximidades, incluíndo parte da área sinalada polo alegante.</p> <p>A solicitude considérase parcialmente aceptada.</p>
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003612
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA PARCELA SITUADA EN ANLLÓNS GRANDE
CONTESTACIÓN	<p>Conforme ós criterios de delimitación de solo de núcleo rural, que se expoñen na Memoria Xustificativa, o núcleo rural esténdese seguindo o tramado viario que serve de soporte e acceso ás futuras edificacións. As parcelas en cuestión non se relacionan coa trama viaria que da soporte ao asentamento, porén non foron incluídas na delimitación.</p>
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003613
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHAS FINCAS SITUADAS NA AVDA, EDUARDO PONDAL
CONTESTACIÓN	<p>A alegación estruturase en 3 solicitudes:</p> <p>1)O alegante indica erroneamente que se atopa incorporado a un PERI en solo urbano non consolidado, mais en realidade as parcelas obxecto de alegación foron consideradas solo urbano consolidado, coa excepción do fondo da parcela 8679429NH0887N0001KX, que ten a clasificación de solo rústico, e queda incorporada á actuación de sistema xeral de espazo libre SXEL-13-05(Pb), Parque das Bouzas I. A obtención de dito sistema xeral de espazo libre é mediante expropiación.</p> <p>2)Solicítase o recoñecemento dunha servidume permanente de paso como camiño público. Mais non corresponde ao PXOM decidir sobre a titularidade do solo. Unha vez comprobada a información dispoñible de catastro, na que se reflexa como privado, e a do Plan aprobado en 2.002, que non fai mención de dita servidume, decidiuse non introducir cambios na ordenación proposta no documento de PXOM aprobado inicialmente en 2.012.</p> <p>3)Respectar as previsións e o límite do PERI P-4.1. que contiña o Plan aprobado en 2.002.</p> <p>A braña das Bouzas que foi sinalada como ampliación da Rede Natura 2000, como Zona de especial Valor da Natureza e Zona de Especial Protección das Aves, dentro do Lugar de Interese Comunitario ES1110005. Este recoñecemento da súa febleza, e tamén do seu valor ecolóxico e medioambiental, foi respaldado pola súa consideración como Corredor Ecolóxico no Plan de Ordenación do Litoral. Precisamente o POL, considera que o P-4.1. do anterior plan debería respectar unha serie de criterios de ordenación e deseño cuxo obxectivo é a contención na ocupación do solo, e o mantemento da súa naturalidade e permeabilidade.</p> <p>Á luz destas esixencias decidíronse unha serie de actuacións rexeneradoras (Parque das Bouzas), asignáronse ordenanzas cunha menor ocupación de solo de cara á Braña.</p> <p>A alegación considérase que non foi aceptada</p>
NOTAS	Alegación non aceptada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003614
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA SITUADAS EN REBORDÁNS, PAZOS
CONTESTACIÓN	<p>A alegación fai referencia a varias parcela situadas en contacto co asentamento de Rebordáns, ou próximas ao mesmo. Solicítase que non queden fóra de ordenación, a este respecto, as situacións de fora de ordenación quedan explicadas na normativa do PXOM, facendo referencia á compatibilidade dos usos e edificacións existentes cos permitidos segundo a clase de solo da que se trate.</p> <p>A franxa sinalada consiste nun fronte de máis de 200 metros, no que só unha pequena parte está ocupada por edificación, apoiado fundamentalmente na estrada de titularidade provincial DP-1405. Como principio de ordenación, evítanse os desenvolvementos sobre estradas de sistema xeral, ao fío do disposto nas directrices de ordenación do territorio (DOT punto 3.1.5. "evitaranse os crecementos ao longo das vías de comunicación")</p> <p>A este respecto, non se considera que a s estrada en cuestión forme parte da trama de núcleo rural de Rebordáns.</p> <p>Doutra banda, incumpriríase as condicións legalmente establecidas pola lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, no seu artigo 13, parágrafo 3, liña a.), que a continuación se expón:</p> <p>"a) Núcleo rural histórico-tradicional, caracterizado como tal en función das súas características morfolóxicas, da tipoloxía tradicional das edificacións, da vinculación coa explotación racional dos recursos naturais ou de circunstancias doutra índole que manifesten a imbricación tradicional do núcleo co medio físico no que se sitúa.</p> <p>A súa delimitación realizarase en atención á proximidade das edificacións, aos lazos de relación e coherencia entre lugares dun mesmo asentamento con topónimo diferenciado e á morfoloxía e ás tipoloxías propias dos devanditos asentamentos e da área xeográfica na que se atopan (casal, lugar, aldea, rueiro ou outro), de modo que o ámbito delimitado presente unha consolidación pola edificación de, polo menos, o 50%, de acordo coa ordenación proposta e trazando unha liña perimetral que encerre as edificacións tradicionais do asentamento seguindo o parcelario e as pegadas físicas existentes (camiños, ríos, regatos, cómaros e outros) e, como máximo, a 50 metros das devanditas edificacións tradicionais. "</p> <p>Supérase de forma xenérica, a distancia máxima de 50 metros dende as últimas edificacións tradicionais incorporadas ao núcleo. Por todo isto, decídese de forma xenérica, manter a clasificación de solo rústico de especial protección agropecuaria.</p> <p>Existe sen embargo o caso dunha agrupación de vivendas cara o sur da franxa sinalada, para as cales se incorporou unha nova delimitación de núcleo, entendendo que se trata dun crecemento "satélite" do núcleo de Rebordáns, apoiado nun viario local. Así pois, as edificacións existentes quedan incorporadas a solo de núcleo rural.</p>

NOTAS Alegación parcialmente aceptada


Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003615
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A00800118000PY SITUADA EN TELLA
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación, incorporando parte da parcela obxecto de alegación ao solo clasificado como solo de núcleo rural de tipo común.
NOTAS	Alegación aceptada
Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003616
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A008001480000PA SITUADA EN TELLA
CONTESTACIÓN	Cóidase que houbo algún malentendido, posto que a parcela á que fai referencia a alegación xa se atopa incluída na delimitación de solo de núcleo rural, como solicita o alegante.
NOTAS	Alegación aceptada
Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003617
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 7981770NH087850001GB SITUADA NA BOUZA
CONTESTACIÓN	<p>En primeiro lugar cómpre advertir que os terreos obxecto de alegación non posúen a clasificación de solo urbano no PGOU de Ponteceso aprobado en 2.002, como indica o alegante, senón que forman parte do solo rústico.</p> <p>Nesta revisión do planeamento, os terreos en cuestión non cumpren coas esixencias marcadas pola LOUGA 9/2002, no seu artigo 13, para a delimitación dos núcleos rurais. Tampouco forma parte do tecido de asentamento, en tanto que se sustenta nun viario secundario desligado da estrutura existente, apoiada no viario principal.</p> <p>Non foi posible aceptar a solicitude.</p>
NOTAS	Alegación non aceptada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003618
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 4499401NH1849N0001GY SITUADA EN PAZOS DE ABAIXO
CONTESTACIÓN	<p>A alegante solicita unhas modificación na ordenación proposta polo PXOM aprobado inicialmente en 2.012 con respecto a un parcela que foi clasificada como solo de núcleo rural de tipo común. Acéptase a alegación en canto ao cambio a tipo histórico ou tradicional de núcleo rural na parcela obxecto de alegación. Acéptase a alegación no que respecta aos recuamentos a lindeiros, que se reducen a 3m.</p> <p>Non se acepta manter a parcela mínima edificable do Plan aprobado en 2.002, mais sen embargo indícase que esta parcela será aplicable só a efectos de parcelacións, polo que as parcelas existentes con anterioridade á aprobación do PXOM poderán ser consideradas edificables en tanto superen a superficie de 300m2 mínima esixida pola lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.</p> <p>Do exposto anteriormente conclúese que as solicitudes das alegantes foron aceptadas.</p>
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003619
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHAS FINCAS SITUADAS EN TELLA
CONTESTACIÓN	<p>As situacións de fora de ordenación quedan explicadas na normativa do PXOM, facendo referencia á compatibilidade dos usos e edificacións existentes cos permitidos segundo a clase de solo da que se trate.</p> <p>Non entendendo a solicitude, procédese a describir e xustificar a ordenación proposta:</p> <p>As parcelas obxecto de alegación atópanse apoiadas sobre unha estrada de titularidade autonómica, nun fronte de aproximadamente 150 metros non consolidado pola edificación. A administración encargada da supervisión da coherencia entre este tipo de estradas de titularidade autonómica e as propostas de modificación do planeamento, é a Axencia Galega de Infraestruturas, a cal emitiu un informe desfavorable para o caso concreto de novos desenrols apoiados na estrada principal. Esta postura, que defende a seguridade da vía, e a súa correcta funcionalidade, vese respaldada polo disposto nas Directrices de Ordenación do Territorio, punto 3.1.5. "evitaranse os crecementos ao longo das vías de comunicación".</p> <p>Por esta razón descartouse a ampliacións de núcleo solicitada</p>
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003620
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UN INMOBLE SITUADO EN PONTECESO
CONTESTACIÓN	Co fin de acadar un mellor axuste á heteroxénea realidade construída foron modificadas as liñas configuradoras do volume edificable no seu fronte sur.
NOTAS	Alegación aceptada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003621
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A DÚAS FINCAS SITUADAS EN: UNHA EN COVAS DO CARBÓN E OUTRA E LEXAS, PONTECESO
CONTESTACIÓN	As situacións de fora de ordenación quedan explicadas na normativa do PXOM, facendo referencia á compatibilidade dos usos e edificacións existentes cos permitidos segundo a clase de solo da que se trate. A parcela situada en Covas do Carbón foi clasificada como solo rústico de especial protección forestal, e a de Lexas como solo rústico de especial protección agropecuaria. Ningunha delas alberga edificacións, e os seus usos actuais encaixan cos permitidos nesta clase de solo, polo que non se advirten motivos que induzan a pensar que a ordenación proposta puidera deixalas en situación de fóra de ordenación.
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003622
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A DÚAS FINCAS SITUADAS EN: UNHA EN COSTA DE BRANTUAS E OUTRA NO LUGAR DE CABANAS
CONTESTACIÓN	As situacións de fora de ordenación quedan explicadas na normativa do PXOM, facendo referencia á compatibilidade dos usos e edificacións existentes cos permitidos segundo a clase de solo da que se trate. A parcelas obxecto de alegación foron clasificadas como solo rústico, de especial protección agropecuaria a situada ao sur, e especial protección dos espazos naturais a do norte. Non se advirten motivos polos que deberan ser consideradas fora de ordenación
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003623
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS A PXOM-2012, EN RELACIÓN A SOLICITUDE DE BUSQUEDA DE APOIO DAS ADMINISTRACIÓNS PARA O SANEAMENTO INTEGRAL DE PONTECESO
CONTESTACIÓN	A crítica á ordenación proposta para o núcleo urbano de Ponteceso basease en primeiro termo na denuncia da creación de vías sen saída e falla de prazas de aparcamento. Estas vías sen saída comunican en realidade con diferentes zonas verdes, nas que se prevén prazas de aparcamento que permitirán liberar o eixo principal da Avenida de Eduardo Pondal de coches estacionados. Por outra banda, a solución que propoñen os alegantes é a recuperación de dúas vías que, a modo de dique discorrian paralelas á Avenida de Eduardo Pondal ao Norte, e ao Sur. estes viarios, que invadían incluso zonas de dominio público, van en contra das proteccións naturais ZPVN, ZEPA e LIC ES1110005 da Rede Natura 2.000, así como dos principios de desenvolvemento marcados expresamente polo Plan de Ordenación do Litoral, e as proteccións de "Corredor ecolóxico, Mellora Ambiental e Paisaxística, Protección Costeira e Protección Intermareal". Por todo isto considéranse inviables. Por estas razón non se acepta a alegación
NOTAS	Alegación denegada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003624
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A DÚAS FINCAS SITUADAS EN: UNHA NO LUGAR DO CRUCEIRO E OUTRA EN LEXAS
CONTESTACIÓN	<p>A alegante solicita que queden dentro de ordenación dúas fincas das que afirma ser propietaria.</p> <p>As situacións de fora de ordenación quedan explicadas na normativa do PXOM, facendo referencia á compatibilidade dos usos e edificacións existentes cos permitidos segundo a clase de solo da que se trate.</p> <p>Tras revisar a ordenación proposta, observouse o seguinte:</p> <p>A parcela situada en Lexas (polígono 174, parcela 460), foi clasificada no documento aprobado inicialmente como solo rústico de especial protección agropecuaria. Non consta que albergue ningún tipo de edificación, e o seu uso actual encaixa coa clasificación asignada, polo que non hai motivos para pensar que a ordenación proposta a puidera deixar en situación de fora de ordenación.</p> <p>A parcela situada en Cruceiro (polígono 175, parcela 50), foi clasificada como solo rústico de especial protección forestal, sen embargo, neste ámbito decidiuse reconsiderar a ordenación proposta incorporando o asentamento de Cruceiro como solo de núcleo rural histórico. A parcela en cuestión atópase parcialmente afectada por esta nova inclusión, é dicir, que pasará a estar clasificada como solo de núcleo rural histórico.</p> <p>As condicións legalmente esixidas na lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia permiten esta modificación, mais non foi posible recoller toda a parcela debido a que se excedería a distancia máxima de 50 metros medidos dende as últimas edificacións tradicionais, polo que resultará maioritariamente clasificada como solo de núcleo rural, quedando a área máis afastada de ditas edificacións tradicionais como solo rústico.</p> <p>Considérase que a solicitude da alegante foi aceptada</p>
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003625
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PPRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 9885903NH0898N0001IB, SITUADA NOS SEIXOS, TELLA
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación, atendendo ás condicións dispostas no artigo 13 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e aos propios criterios de ordenación do PXOM expostos na Memoria Xustificativa. Replantease así pois a delimitación do asentamento de núcleo rural, incluíndo a totalidade da parcela.
NOTAS	Alegación aceptada
Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003626
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UN INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A096000340001AL, SITUADO EN NIÑONS
CONTESTACIÓN	Conforme ós criterios de delimitación de solo de núcleo rural, que se expoñen na Memoria Xustificativa, o núcleo rural esténdese seguindo o tramado viario que serve de soporte e acceso ás futuras edificacións. É por isto que non se encontra sentido á ampliación das delimitacións outorgando máis fondo de parcela, xa que non se apoia en viario algún e non reverte ningún beneficio para o titular. Por este motivo, as parcelas con un fondo excesivo, medido sempre perpendicular ao viario ó que da fronte, poden ser cortadas pola liña delimitadora do núcleo.
NOTAS	Alegación denegada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003627
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UN INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL: 3197307NH1839N0001BW, SITUADA NA BUGALLEIRA, TALLO
CONTESTACIÓN	Alegación aceptada, incorporando as parcelas obxecto de alegación como solo de núcleo rural de tipo común. Non é posible aceptar a solicitude da alegante de forma literal (clasificándoas como solo de núcleo rural histórico, debido a que se incumprirían as condicións legalmente esixidas na lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. En concreto, incumpriríase a distancia máxima de 50 metros, medidos dende as últimas edificacións de tipo tradicional (artigo 13, parágrafo3, liña a.)
NOTAS	Alegación parcialmente aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003628
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 3197307NH1839N0001BW, SITUADA NA BUGALLEIRA, TALLO
CONTESTACIÓN	Alegación aceptada, incorporando as parcelas obxecto de alegación como solo de núcleo rural de tipo común. Non é posible aceptar a solicitude da alegante de forma literal (clasificándoas como solo de núcleo rural histórico, debido a que se incumprirían as condicións legalmente esixidas na lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. En concreto, incumpriríase a distancia máxima de 50 metros, medidos dende as últimas edificacións de tipo tradicional (artigo 13, parágrafo3, liña a.)
NOTAS	Alegación parcialmente aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003629
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A501004740000OW, SITUADA EN PAZOS DE ARRIBA
CONTESTACIÓN	Os terreos obxecto de alegación non reúnen os requisitos legalmente establecidos para seren considerados como solo de núcleo rural. Sobre o concepto de núcleo rural e a súa zona de expansión, o artigo 13 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, establece textualmente: Artigo 13º.-Solo de núcleo rural. 1.Constitúen o solo de núcleo rural as áreas do territorio que serven de soporte a un asentamento tradicional de poboación singularizado, identificable e diferenciado administrativamente nos censos e padróns oficiais, que o plan xeral defina e delimite como tales tendo en conta, polo menos, a súa inclusión como tal ou na da súa área de influencia en plans anteriores, o número de edificacións, a densidade de vivendas, o seu grao de consolidación pola edificación e, de ser o caso, a tipoloxía histórico-tradicional da súa armazón e das edificacións existentes nel. 2.Os plans xerais, en congruencia co modelo de asentamento poboacional que incorporen no estudo do medio rural, delimitarán o ámbito dos núcleos rurais do seu termo municipal en atención aos parámetros anteriores; significadamente, os antecedentes existentes de delimitacións anteriores, as súas peculiaridades urbanísticas e morfolóxicas e a súa capacidade de acollida da demanda previsible do uso residencial no medio rural. A definición do seu perímetro realizarase en función das condicións topográficas e da estrutura da propiedade e do seu nivel de integración nas dotacións e servizos existentes nel nos termos previstos nos artigos 24º e 172º.1 desta lei, e axustaranse ás infraestruturas e pegadas físicas dos elementos naturais existentes, sendo necesario, se é o caso, prever a total urbanización e suficiencia das redes de dotacións, comunicacións e servizos. 3.A delimitación dos núcleos rurais que o plan xeral estableza virá referida a algún ou algúns dos seguintes tipos básicos: a) Núcleo rural histórico-tradicional, caracterizado como tal en función das súas características morfolóxicas, da tipoloxía tradicional das edificacións, da vinculación coa explotación racional dos recursos naturais ou de circunstancias doutra índole que manifesten a imbricación tradicional do núcleo co medio físico no que se sitúa. A súa delimitación realizarase en atención á proximidade das edificacións, aos lazos de relación e coherencia entre lugares dun mesmo asentamento con topónimo diferenciado e á morfoloxía e ás tipoloxías propias dos devanditos asentamentos e da área xeográfica na que se atopan (casal, lugar, aldea, rueiro ou outro), de modo que o ámbito delimitado presente unha consolidación pola edificación de, polo menos, o 50%, de acordo coa ordenación proposta e trazando unha liña perimetral que encerre as edificacións tradicionais do asentamento seguindo



parcelario e as pegadas físicas existentes (camiños, ríos, regatos, cómaros e outros) e, como máximo, a 50 metros das devanditas edificacións tradicionais.

B) Núcleo rural común, incluíranse neste tipo aqueles asentamentos de poboación recoñecibles como solo de núcleo rural pero que non presentan as características necesarias para a súa inclusión no tipo básico anterior. A súa delimitación deberá de facerse en función das previsións de crecemento que o plan xeral establece para o núcleo e tendo en conta que o ámbito delimitado deberá presentar un grao de consolidación pola edificación, de acordo coa ordenación urbanística que para el se prevexa no plan, igual ou superior a un terzo da súa superficie.

C) Núcleo rural complexo, incluíranse neste tipo aqueles asentamentos de poboación caracterizados por ser resultado da concorrencia e compatibilidade no seo dun mesmo asentamento rural dos dous tipos básicos precedentes; nese caso será obrigatorio diferenciar o correspondente ao tipo a) mediante a súa correspondente delimitación efectuada segundo as previsións contidas na alínea 3.a) deste artigo.

O tecido de núcleo máis próximo é o de tipo histórico, e a parcela dista del unha distancia superior á distancia máxima de 50 metros medidos dende as últimas edificacións tradicionais.

Non existe marco legal que ampare a aceptación da solicitude.


NOTAS Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA **20120000003630**

CONTIDO DA ALEGACIÓN PRESENTA ALEGACIÓN AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A085001590000PR, SITUADA EN BRANTUAS

CONTESTACIÓN Conforme ós criterios de delimitación de solo de núcleo rural, que se expoñen na Memoria Xustificativa, o núcleo rural esténdese seguindo o tramado viario que serve de soporte e acceso ás futuras edificacións. A parcela en cuestión non ten acceso a este viario estruturante do núcleo, porén foi excluída da delimitación.

NOTAS Alegación denegada



Nº REXISTRO DE ENTRADA **20120000003631**

CONTIDO DA ALEGACIÓN PRESENTA ALEGACIÓN AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 9282201NH0898S0001KT, SITUADA NA VEREDA, TELLA

CONTESTACIÓN Acéptase a alegación, excluindo as parcelas en cuestión do ámbito de sector urbanizable delimitado. En lugar da clasificación de solo de núcleo rural que a alegante propón, asígnase a de solo urbano, entendendo que cumpre as condicións legalmente esixidas para elo.

NOTAS Alegación aceptada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003632
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓN AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A043000230000PB, SITUADA EN FROXÁN, XORNES
CONTESTACIÓN	<p>A alegación fai referencia a catro parcelas non edificadas, tres de elas ubicadas no entorno de Froxán e unha en O Quente. Solicítase para as catro a clasificación de solo de núcleo rural de tipo común.</p> <p>1) Parcela denominada "Agro de Ramallal" Dita parcela, de grandes dimensións, posúe un fronte de aproximadamente 120 metros sobre a estrada AC-421, de titularidade autonómica.</p> <p>A administración encargada da supervisión da coherencia entre este tipo de estradas de titularidade autonómica e as propostas de modificación do planeamento, é a Axencia Galega de Infraestruturas, a cal emitiu un informe desfavorable para o caso concreto de novos desenros apoiados na estrada principal. Esta postura, que defende a seguridade da vía, e a súa correcta funcionalidade, vese respaldada polo disposto nas Directrices de Ordenación do Territorio, punto 3.1.5. "evitaranse os crecementos ao longo das vías de comunicación".</p> <p>Por este motivo descartouse a inclusión de parcelas que non se atopen nun fronte consolidado pola edificación, no caso da parcela "Agro de Ramallal", as propias dimensións da parcela fan inxustificable a súa inclusión, nun tramo da estrada na que as parcelas edificadas máis próximas acceden dende viarios alternativos (de carácter local).</p> <p>Con respecto ao fronte que dita parcela ten cara o noroeste, suporía unha ampliación do núcleo en dirección ao solo rústico, de tipo agropecuario e forestal. O aumento sistemático da superficie de solo de núcleo rural de tipo común vai en detrimento do grado de consolidación do propio asentamento, razón pola cal como criterio xeral non se delimitan ampliacións sobre baleiro, senón que se trata de recoller a maior cantidade de parcelas edificadas posibles, a fin de que se completen os espazos intersticiais da trama. Por este motivo decidiuse aplicar un réxime de protección á parcela como solo rústico, acorde aos seus valores naturais, entendendo que a situación actual non permite a expansión do núcleo nesa dirección, tal e como solicita o alegante.</p> <p>Así pois, non é posible aceptar a solicitude.</p> <p>2) Parcela denominada "Jufre". Dita parcela ten como único acceso a estrada AC-421, de titularidade autonómica.</p> <p>A administración encargada da supervisión da coherencia entre este tipo de estradas de titularidade autonómica e as propostas de modificación do planeamento, é a Axencia Galega de Infraestruturas, a cal emitiu un informe desfavorable para o caso concreto de novos desenros apoiados na estrada principal. Esta postura, que defende a seguridade da vía, e a súa correcta funcionalidade, vese respaldada polo disposto nas Directrices de Ordenación do Territorio, punto 3.1.5. "evitaranse os crecementos ao longo das vías de comunicación".</p>

Por este motivo descartouse a inclusión de parcelas que non se atopen nun fronte consolidado pola edificación, como é o caso da parcela "Jufre", que suporía unha ampliación sobre baleiro. Así pois, non é posible aceptar a solicitude.

3) "Parcela denominada "Ledosas"
Trátase dunha parcela situada ao norte de O Quente, con acceso directo dende a estrada AC-421 de titularidade autonómica. A administración encargada da supervisión da coherencia entre este tipo de estradas de titularidade autonómica e as propostas de modificación do planeamento, é a Axencia Galega de Infraestruturas, a cal emitiu un informe desfavorable para o caso concreto de novos desenros apoiados na estrada principal. Esta postura, que defende a seguridade da vía, e a súa correcta funcionalidade, vese respaldada polo disposto nas Directrices de Ordenación do Territorio, punto 3.1.5. "evitaranse os crecementos ao longo das vías de comunicación".

Por este motivo descartouse a inclusión de parcelas que non se atopen nun fronte consolidado pola edificación, como é o caso da parcela "Ledosas", que suporía unha ampliación sobre baleiro. A xeometría complexa da parcela, cun estreito acceso (edificación en segunda liña), obrigaría á inclusión doutras, resultando unha delimitación de núcleo con fondo excesivo sobre terreos de propiedades agropecuarias.


Así pois, non é posible aceptar a solicitude.

4) "Parcela denominada "Cortiña do Campo". Atópase inmersa en solo rústico de protección agropecuaria, estando tamén afectada polas afeccións derivadas dun canle paralelo ao seu marxe surleste. Os tecidos máis próximos de núcleo rural existentes son de tipo histórico, mais a distancia que separa a esta parcela das edificacións tradicionais contidas neles é superior á distancia máxima de 50 metros fixada pola lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, no seu artigo 13, parágrafo 3, liña a).

Por esta razón non é posible a súa incorporación a solo de núcleo rural de tipo histórico. O alegante solicita para ela a clasificación de núcleo rural de tipo común, sendo este totalmente imposible, non existindo tecidos deste tipo nos que apoiarse, pois as condicións establecidas na antedita lei, no seu artigo 13, parágrafo 3, liña b) impiden a clasificación de parcelas illadas, limitando a delimitación de núcleo ao recoñecemento de estruturas xa existentes, e ás súas respectivas medras.

Por este motivo resulta imposible aceptar a alegación.

NOTAS Alegación denegada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003633
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL: 9176937NH0887S0001YU, SITUADA NA PESQUEIRA, A TRABE
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación, recollendo a parcela en cuestión como solo urbano consolidado, e asignándolle a ordenanza SU-4, de vivenda unifamiliar.
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003634
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL: 9176912NH0887N0001LX, SITUADA NA FEIRA, A TRABE
CONTESTACIÓN	<p>A alegante solicita a clasificación de solo urbano consolidado para unha parcela denominada "Chousa da Trabe", que foi clasificada como solo rústico de protección forestal, en contacto co límite de solo urbano.</p> <p>En primeiro lugar, existe unha contradición entre os planos axuntados, que non fan referencia á mesma parcela. Ante a discordancia, optouse por entender como válida a referencia catastral aportada.</p> <p>Nos antecedentes de planeamento pode comprobarse que o Plan aprobado en 2.002 clasificaba dita parcela como solo urbano, mais remitíndoa á redacción dun PERI, e previndo sobre ela o trazado dunha nova rúa.</p> <p>As circunstancias desta área remitida a PERI non mudaron en canto á súa urbanización, pois segue a apoiarse en viarios de características rústicas, carente de servizos urbanos.</p> <p>Por outra banda, a elevada pendente do terreo impediría a continuación dos viarios propostos no Plan de 2.002, e mesmo a execución do equipamento previsto.</p> <p>Así pois, a inviabilidade da continuación da trama, a falla de servizos, e a renuncia ao equipamento, fixeron que se reconsiderase a ordenación proposta polo Plan 2.002, entendendo que as características do solo non o fan apto para a urbanizar e por tanto debe ser clasificado como rústico.</p> <p>Dentro desta categoría, a parcela en cuestión alberga usos forestais, o cal motivou a súa consideración de especial protección de tipo forestal.</p> <p>Resulta porén imposible aceptar a solicitude.</p>
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003635
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UN INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A088012000000PU, SITUADO NA CAMPARA
CONTESTACIÓN	<p>A parcela obxecto de alegación atópase clasificada como núcleo rural de tipo común. A alegante solicita o cambio ao tipo tradicional ou histórico.</p> <p>A decisión entre os tipos de núcleo rural non é arbitraria, senón que ven condicionada pola realidade existente de contexto. No caso da parcela obxecto de alegación, aínda que existen algunhas edificacións tradicionais, predominan as construcións de tipo máis recente, con tipoloxías propias dos asentamentos de tipo común. Por esta razón no é posible aceptar a solicitude.</p>
NOTAS	Alegación denegada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003636
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA SITUADA EN ANLLONS GRANDE
CONTESTACIÓN	<p>A solicitude fai referencia a unha parcela de solo rústico colindante a solo de núcleo rural común. Reclámase o mesmo trato, incluíndo dita parcela na delimitación de solo de núcleo rural común.</p> <p>As parcelas entre as que a alegante establece comparación son en realidade moi diferentes, debido á súa propia xeometría. A parcela en cuestión non acadaría a superficie mínima esixida pola ordenanza de núcleo común, en tanto que a fin de non incorporar un fondo excesivo á delimitación, a parcela quedaría cortada pola liña delimitadora.</p> <p>Se ben é certo que esta situación pode producirse noutros lugares, tratarase de parcelas intersticiais imposibles de illar no interior do asentamento, mais non nos seus confíns, como é o caso da parcela obxecto de alegación.</p> <p>Non foi posible aceptar a solicitude.</p>
NOTAS	Alegación denegada



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003637
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A CINCO REFERENCIAS CATASTRAIS SITUADAS NA ESTRADA BUÑO- LAXE, A TRABE
CONTESTACIÓN	<p>O alegante presenta un escrito de alegación estruturado en distintos puntos, aos que se da resposta a continuación, mais antes cabe apuntar que os propósitos do PXOM son aqueles que se recollen na Memoria Xustificativa do mesmo, e non a privación dos dereitos e do patrimonio dos veciños, tal e como indica o alegante. Existen así mesmo un bo número de normas e de leis que co paso do tempo se incorporan ou modifican, condicionando a decisión do PXOM, e que impiden que se poidan executar, xustificar ou tan sequera respectar os propósitos do planeamento non adaptados ao marco lexislativo actual, como é o caso. Evitarase así mesmo responder ás acusacións que o alegante verte sobre o PXOM, nas que o tilda de arbitrario, caprichoso e fomentador do "anti-urbanismo".</p> <p>Acéptase a alegación no que respecta ao fondo da parcela, recoñecendo a edificación en planta baixa.</p> <p>Acéptase a alegación en canto ao número de plantas, o cal será tratado como problema puntual a resolver no cuarteirón en cuestión, recoñecendo a altura existente no edificio obxecto de alegación e no contacto cos solares inmediatos a el.</p> <p>Non se acepta a solicitude de mantemento do viario que prevía o Plan de 2.002 ao norte da parcela en cuestión, entorno ao cal se debuxaba unha nova liña de edificacións, por entender que este plantexamento vai contra os obxectivos da Rede Natura 2000 e do Plan de Ordenación do Litoral, os cales recoñecen na Braña das Bouzas un alto valor ecolóxico, presionado xa en exceso polo desenrolo urbanístico das última décadas. A natureza deste terreo desaconsella así mesmo a súa aptitude como solo sobre o que se deban promover novas edificacións, composto por depósitos detríticos da idade cuaternaria, e cun nivel freático de escasa profundidade que condiciona as técnicas construtivas a empregar.</p> <p>En ningún momento se propuxo, nin se pretende propoñer un ámbito de solo urbano non consolidado remitido a PERI afectando ao inmovible en cuestión, o cal non é unha obriga para todos aqueles casos nos que unha edificación quede en situación de fora de ordenación. Porén non se entende a exposición do punto cuarto do escrito de alegación.</p> <p>Finalmente, nin as correccións aceptadas, nin tan sequera as solicitadas polo alegante afectan á estrutura xeral do PXOM, polo que non é preciso acudir a unha nova exposición pública do PXOM, como solicita o alegante.</p> <p>Do exposto, conclúese en considerar que a alegación foi parcialmente aceptada.</p>
NOTAS	Alegación parcialmente aceptada.

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003638
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A PRESENTACIÓN DUN TRÁMITE PROXECTO PARA UN PLAN DE SECTORIZACIÓN SOBRE UNS TERREOS CLASIFICADOS COMO SOLO RÚSTICO,SITUADA NA MEZQUITA, TALLO
CONTESTACIÓN	Acéptase a alegación, adaptando o PXOM ás modificacións que sufriu, previa á súa aprobación definitiva, o Plan de Sectorización de A Mezquita. Dito planeamento de desenrolo incorpórase ao PXOM como planeamento subsistente.
NOTAS	Alegación aceptada
Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003639
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A ALEGACIÓN PARA A PRESERVACIÓN E IMPULSO DA ACTIVIDADE MARIÑEIRA E SOLICITAN UN CAMBIO NAS ORDENANZAS UNIFAMILIARES E DE SOLO DE NÚCLEO RURAL
CONTESTACIÓN	<p>Acéptase a alegación, eliminando a porcentaxe máxima de ocupación nas ordenanzas de núcleo rural, para os volumes anexos á edificación principal. Deste xeito, a única condición ao respecto será a de dar cumprimento á porcentaxe total da ordenanza, sen especificar cómo debe repartirse entre a edificación principal ou as anexas. Sen embargo non é posible eliminar estas restrición na ordenanza SU-4 de solo urbano, onde se entende que as necesidades espaciais dos volumes anexos non son as mesmas que nos tecidos de núcleo rural. Auméntase sen embargo a superficie máxima destinada a estes volumes, pasando de 15m2 a 25m2.</p> <p>Acéptase tamén a alegación respecto á mellora do acceso ao Porto de Corme, de feito, inclúese na documentación do PXOM un ámbito de ordenación pormenorizada na que se prevé a demolición parcial dunha das edificacións no punto que sinala o alegante como "curva de acceso á rúa da igrexa".</p> <p>Considérase porén que as solicitudes do alegante foron aceptadas.</p>
NOTAS	Alegación aceptada parcialmente



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003640
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA SITUADA NA AVDA. BERGANTIÑOS, A TRABE
CONTESTACIÓN	<p>A alegación fai referencia a unha parcela que no Plan aprobado inicialmente en 2.012 se recollía como solo urbano non consolidado, quedando o seu desenvolvemento remitido a un PERI. (APR-D3.11).</p> <p>O fronte desta parcela que corresponde á Avenida de Bergantiños ten no Planeamento de 2.002 a clasificación de solo urbano consolidado, tal e como indica a alegante, mais o fondo leste forma parte dun SRAU, é dicir, solo rústico apto para urbanizar, mais ao fin e o cabo, solo rústico en tanto non se desenrolase o plan de sectorización correspondente</p> <p>Partindo dos antecedentes urbanísticos da parcela, o PXOM aprobado inicialmente en 2.012 prevía a incorporación da mesma nunha área de reparto en solo urbano non consolidado que comprendía dúas parcelas catastrais. A xestión deste solo como solo urbano non consolidado semellaba doada, beneficiosa para os propietarios, e tamén para a vila de Ponteceso, pois permitía completar infraestruturas e outorgarlle un remate axeitado á trama urbana evitando perpetuar o crecemento lineal desta Avenida. Sen embargo, á vista das dificultades de xestión que parece presentar dito ámbito de planeamento remitido a PERI, e según manifestaron os dous propietarios implicados, desbotouse esta posibilidade, decidindo manter a ordenación proposta no Plan de 2.002 para este entorno.</p> <p>Así pois, a parcela en cuestión será incorporada ao sector de solo urbanizable, de xeito similar a como o estaba no Plan de 2.002, conservando o fronte sobre a Avenida de Bergantiños como solo urbano consolidado.</p> <p>Con respecto á franxa de solo urbano consolidado resultante sobre a Avenida de Bergantiños, establécense aliñacións con respecto ao viario co que limita a parcela no seu marxe sur, considerado de sistema xeral, e que terá unha sección de 8 metros dende o eixo. Fíxanse así mesmo liñas de recuamento e de fondo que deberan respectar as edificacións que se propoñan.</p> <p>Considérase pois aceptada a solicitude da alegante.</p>
NOTAS	Alegación aceptada

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003641
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A GRAVES DEFECTOS NA EXPOSICIÓN DO PLAN XERAL E FALTA DE TRANSPARENCIA
CONTESTACIÓN	<p>O escrito de alegación presentado estrutúrase en 6 puntos:</p> <p>1) En primeiro lugar, relátase o modo en que se levou a cabo a exposición pública do PXOM, denunciando defectos acontecidos na mesma.</p> <p>Sen embargo, o certo é que o Plan foi exposto durante o período regulamentario, en formato papel e na web do Concello. O persoal da administración municipal encargado da atención ao público contou en todo momento co asesoramento do equipo redactor, tanto no referente a dúbidas puntuais como en termos xerais, en canto ao contido do PXOM.</p> <p>A comparación do PXOM aprobado inicialmente en 2.012 co Plan de 2.002 está tamén a libre disposición, de feito o PXOM de 2.002 pódese consultar tanto no Concello como na web de planeamento urbanístico da Xunta de Galicia. Por outro lado tamén se inclúe o Plan de 2.002 entre os planos de información do novo PXOM. Así pois, non se advirten erros que puideran motivar unha nova exposición ao público do documento.</p> <p>2) En segundo lugar advírtese da inviabilidade económica do PXOM, do cal se di erroneamente que precisa de 12.570.320,56€ de inversión por cuadrinio. Na páxina 14 da Estratexia de Actuación e estudo Económico do PXOM inclúese esa cifra, que é o resultado de estender a media anual de gastos, no capítulo 6 de "inversións" do historial do Concello, á vixencia do Plan, que é de 16 anos. Así pois, esta cifra é unha estimación do volume de inversións do Concello de acordo aos datos actuais, sen ter en conta o PXOM. De feito, no mesmo punto da memoria do PXOM se achega unha táboa na que se describen as inversións que require o PXOM por cuadrinio, e que en total, para os dezaseis anos de vixencia do Plan, suman aproximadamente 1.007.000 €. A capacidade de mantemento da urbanización analízase comparando os gastos correntes e os ingresos correntes do Concello, dos que se extraen valores positivos, tamén para os procesos de urbanización previstos no PXOM.</p> <p>No obstante, a situación cambiante no que respecta á economía da administración municipal debe ser analizada consonte se avanza na tramitación do PXOM, e así se fará, levando a cabo as correccións que sexan precisas, incluíndo por suposto o Plan de Axuste.</p> <p>En relación ao cálculo de custos da urbanización, a comparación que o alegante fai entre un aparcamento e un sistema de espazos libres non ten sentido, en tanto que os requirimentos dun e doutro son totalmente diferentes.</p> <p>O valor das expropiacións será revisado, atendendo á actualización dos valores oficiais de repercusión.</p> <p>3) O alegante fai neste punto unha análise do mercado actual de vivenda, e do funcionamento das áreas de reparto de cargas e beneficio dos ámbitos de solo urbano non consolidado que no PXOM quedan remitidos a un PERI. Extrae de dito análise que a</p>



...venda plurifamiliar non ten cabida no Concello de Ponteceso, onde só ten futuro a vivenda unifamiliar. Así mesmo, asegura que as áreas de reparto condenan a seguir padecendo o gran déficit de espazos libres e de aparcamento patente, sendo así mesmo un perigo enorme para o Concello, indicando que abocará a rueiros incompletos.

Ante tales manifestacións, cómpre apuntar que tanto a definición de solo urbano non consolidado como a dos obxectivos dos Plans Especiais atópanse contidas na lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Así mesmo, cómpre lembrar que a ordenación proposta no PXOM que se aprobou inicialmente en 2.012 conta coa supervisión da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, o cal é de relevada importancia cando se verten acusacións que aluden a unha "man negra" que delimita áreas de reparto en Ponteceso.

A negativa ante as áreas de reparto en solo urbano non consolidado é a renuncia á construción dun espazo urbano de colectividade, o cal moi probablemente responde á falta de coñecemento do trámite en cuestión, e dende o punto de vista do equipo redactor, subestima a capacidade de xestión e de comprensión dos propietarios de solo de Ponteceso.

As áreas de reparto serán revisadas, de acordo ás alegacións presentadas de forma individual.

4)O Estudo da problemática na Praza do Recheo, con respecto aos problemas de estabilidade si foi analizado no PXOM, contrario ao que expón o alegante, introducindo ao caso determinacións na ordenación que reducen e condicionan a edificación no entorno, con respecto ao Plan de 2.002.

O PXOM si fomenta rehabilitación de vivendas en Corme, de feito, remítese o Distrito 1 Corme Porto e o seu entorno máis próximo a un PEPRI, e aplícanse de modo transitorio ordenanzas de conservación. Así mesmo, cómpre consultar o catálogo de patrimonio que se inclúe no PXOM, no cal se recollen un bo número de elementos na Vila de Corme Porto, destacando o seu valor individual e de conxunto. Mais alá destes contidos urbanísticos, a solicitude do alegante ten un carácter de xestión política ao que non corresponde resposta por parte do equipo redactor do PXOM, por exceder ás súas competencias.

5)No que respecta ás ordenanzas en solo de núcleo rural, introducíronse correccións en relación á parcela mínima edificable, a cal será aplicable só en caso de novas parcelacións, polo que as parcelas existentes con anterioridade á aprobación do PXOM poderán ser consideradas edificables en tanto superen o mínimo de 300m² establecido na lei 9/2002. Así mesmo introdúcese valores mínimos de ocupación e de edificabilidade que as parcelas edificables poderán acadar aínda que superen os que corresponderían da aplicación das porcentaxes e índices establecidos ao efecto.

Amplíase tamén a porcentaxe máxima de ocupación dos anexos en solo de núcleo rural (10%).

6)O alegante acusa ao PXOM de perseguir aos Concelleiros da oposición. Os casos aos que se alude no escrito da alegación presentaron as súas alegacións individualmente, e así foron contestadas, de xeito técnico, imparcial e de acordo á lei, como corresponde á redacción do PXOM.



Anexo I. Neste anexo, axúntase unha comparativa entre a : clasificada como solo de núcleo rural no Plan de 2.002, e a aprobada inicialmente en 2.012, subraiaando só os casos nos que a nova delimitación reduce a de 2.002.

Cómpre informar de que dende a entrada en vigor do Plan de 2.002 foron aprobados e modificados algúns dos instrumentos que con maior forza guían e condicionan a redacción do Planeamento. Ao novo marco legislativo introdúcese a lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, as Directrices de Ordenación do Territorio, o Plan de Ordenación do Litoral, os procesos de avaliación ambiental, e a tendencia xeneralizada a perseguir un desenrolo sostible en termos ecolóxicos e económicos. As expansións de núcleo sen restricións e sobre ámbitos de alto valor natural ou ao longo de estradas, remataron, á contra, perséguese a consolidación do terreo xa alterado, os desenrols con baixo consumo de solo, e o fomento da rehabilitación de estruturas existentes. Estes valores (que son os mesmos que defende o alegante no escrito presentado) non corresponden ao modelo de ordenación do Plan de 2.002.

Posto que o escrito de alegación invoca á revisión completa do PXOM, e esta levouse a cabo ao longo do traballo de análise das alegacións individuais e colectivas presentadas durante a exposición pública, así como da adaptación aos requirimentos dos informes recibidos, considérase que a alegación foi aceptada, aínda que só parcialmente, en tanto que nela se alude a cuestións que escapan das competencias urbanísticas do PXOM.

NOTAS Alegación aceptada parcialmente.

Nº REXISTRO DE ENTRADA **20120000003642**

CONTIDO DA ALEGACIÓN PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN AUNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 9176943NH0887N0001PX, SITUADA NA FEIRA, A TRABE


CONTESTACIÓN O alegante solicita o cambio de tipoloxía unifamiliar a tipoloxía plurifamiliar, tal e como figuraba no Plan aprobado en 2.002. As ordenanzas aplicadas polo equipo redactor atenden ao contexto da parcela obxecto de alegación, a cal se atopa nun cuarteirón onde todas as edificacións sen excepción son de tipoloxía unifamiliar. Sen embargo si se admite o cambio de ordenanza a edificación entre medianeiras, SU-3a, con altura máxima de dúas plantas, dita ordenanza permite a súa materialización en vivenda unifamiliar ou plurifamiliar. Considérase así pois que a alegación foi aceptada parcialmente, recoñecendo a posibilidade de vivenda plurifamiliar.

NOTAS Alegación aceptada parcialmente



Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003643
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN A UNHA FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL: 15069A100024920000LD, SITUADA NO LUGAR DE BARREIRO, CORME PORTO
CONTESTACIÓN	<p>O alegante fai referencia a unha parcela da súa propiedade situada en O Barreiro, que no planeamento de 2.002 tiña a consideración de solo urbano, e no PXOM aprobado inicialmente en 2.012 foi clasificado como solo de núcleo rural común.</p> <p>En primeiro lugar, afirma que a parcela en cuestión conta con acceso rodado, abastecemento de auga e eléctrico, e rede de saneamento. Este último servizo non consta na información facilitada pola compañía concesionaria e a administración municipal. Independentemente disto, o estudo da trama en cuestión conclúe na existencia de características e tipoloxías máis propias dos asentamentos de núcleo rural de tipo común que da trama urbana de Corme Porto. A este respecto, o que no anterior planeamento se identificaba como "barrio" urbano de Corme Porto, e que constitúe a conexión da trama urbana apoiada en tecidos de orixe tradicional como A Atalaia, foi considerada solo de núcleo rural.</p> <p>Como tecido urbano presentaríanse deficiencias que deberan ser corrixiadas mediante plans especiais de difícil consenso, dada a elevada colmatación do entorno, mentres que baixo a clasificación de solo de núcleo rural pódese artellar un desenrolo equilibrado e coherente á tipoloxía existente.</p> <p>En segundo termo, expón a problemática que supón o cambio de ordenanza con respecto ao planeamento vixente, aumentando parámetros de esixencia (parcela mínima, ocupación máxima) e diminuíndo a edificabilidade de 0,70 m²/m² a 0,20m²/m².</p> <p>Para corrixir dito conflito, propón a adopción da parcela mínima de 300m², acudindo aos mínimos legalmente esixidos na lei 9/2002. Infórmase, de que dito parámetro foi modificado, indicando que será aplicable só a efectos de novas parcelacións, recoñecendo como edificables as parcelas preexistentes á aprobación do PXOM, sempre que superen os 300m² legalmente esixidos pola lei 9/2002. Nesta ordenanza tamén foron matizados os puntos de edificabilidade e ocupación máximas, establecendo uns parámetros de mínimos que poderán ser alcanzados en parcelas que sendo inferiores á mínima esixida a efectos de parcelacións, lles correspondería unha ocupación e edificabilidades menores.</p> <p>Do anteriormente exposto, conclúese que pese a non poder aceptar literalmente a solicitude da alegación, os obxectivos expostos na mesma si poden ser acadados grazas aos cambios introducidos na ordenanza SNRC, polo que se considera que a solicitude foi aceptada parcialmente.</p>
NOTAS	Alegación aceptada parcialmente.

Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003644
CONTIDO DA ALEGACIÓN	PRESENTA ALEGACIÓNS AO PXOM-2012, EN RELACIÓN AUNHAS FINCAS CON REFERENCIAS CATASTRAIS: 15069A088012190000PD E 15069A088000780000PQ, SITUADAS NA CAMPARA
CONTESTACIÓN	<p>A alegante fai referencia a tres parcelas que no Plan aprobado en 2.002 figuraban como solo de núcleo rural, e que no PXOM aprobado inicialmente en 2.012 se clasifican como solo de núcleo rural de tipo común.</p> <p>En primeiro lugar, expón a problemática que supón o cambio de ordenanza con respecto ao planeamento vixente, aumentando parámetros de esixencia (parcela mínima, ocupación máxima) e diminuíndo a edificabilidade de 0,50 m²/m²</p> <p>Para corrixir dito conflito, propón a adopción da parcela mínima de 300m², acudindo aos mínimos legalmente esixidos na lei 9/2002. Infórmase, de que dito parámetro foi modificado, indicando que será aplicable só a efectos de novas parcelacións, recoñecendo como edificables as parcelas preexistentes á aprobación do PXOM, sempre que superen os 300m² legalmente esixidos pola lei 9/2002. Nesta ordenanza tamén foron matizados os puntos de edificabilidade e ocupación máximas, establecendo uns parámetros de mínimos que poderán ser alcanzados en parcelas que sendo inferiores á mínima esixida a efectos de parcelacións, lles correspondería unha ocupación e edificabilidades menores.</p> <p>Así pois, considérase que a solicitude foi parcialmente aceptada, en tanto que se acadan os obxectivos apuntados pola alegante, mais non de xeito literal a como se solicita.</p>
NOTAS	Alegación aceptada parcialmente.
Nº REXISTRO DE ENTRADA	201200000003645
